



VALEDOR DO CIDADAN

# INFORME AO PLENO DO CONCELLO 2013

ACTUACIÓN S A INSTANCIA DE PARTE  
ACTUACIÓN S DE OFICIO

CONCELLO  
DE VIGO







**Valedor do Cidadán**

# Informe ao Pleno do Concello 2013

Actuacións a Instancia de Parte

Actuación de Oficio

**Edita:** Valedor do Cidadán  
**Fotografía da capa:** Diego Durán  
**Maquetación:** Diego Durán  
**Imprime:** Roel Artes Gráficas  
**Depósito Legal:** VG 240-2014  
**ISBN:** 978-84-697-0149-2

**Oficina do Valedor do Cidadán**

R. Policarpo Sanz, 15 4º  
(Casa das Artes) - 36202 Vigo  
Telefone: 986 430 047  
e-mail: [valedordocidadan@vigo.org](mailto:valedordocidadan@vigo.org)  
web: <http://hoxe.vigo.org/oconcello/valedor>

# Índice

<b>PRESENTACIÓN .....</b>	<b>9</b>
<b>INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>11</b>
<b>PARTE I</b>	
<b>ACTUACIÓN A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2006 CON INCIDENCIAS NO ANO 2013.....</b>	<b>13</b>
INTRODUCCIÓN.....	13
EXPEDIENTES .....	13
CAPÍTULO I – MEDIO AMBIENTE.....	13
CAPÍTULO II: MOBILIDADE E SEGURIDADE .....	16
CAPITULO III-URBANISMO E VIVENDA.....	18
RESUMO ESTATÍSTICO.....	68
<b>PARTE II</b>	
<b>ACTUACION A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2007 CON INCIDENCIAS NO ANO 2013.....</b>	<b>69</b>
INTRODUCCIÓN.....	69
EXPEDIENTES .....	69
CAPITULO I- MEDIO AMBIENTE.....	69
CAPITULO II- MOBILIDADE E SEGURIDADE.....	91
CAPÍTULO III: URBANISMO E VIVENDA.....	102
RESUMO ESTATÍSTICO.....	105
<b>PARTE III</b>	
<b>ACTUACIÓN A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2008 CON INCIDENCIAS NO ANO 2013.....</b>	<b>107</b>
INTRODUCCIÓN.....	107
EXPEDIENTES .....	107
CAPITULO I- MEDIO AMBIENTE.....	107
CAPITULO II- MOBILIDADE E SEGURANZA.....	109
CAPITULO III- PATRIMONIO.....	121
CAPITULO IV- SERVIZOS XERAIS.....	124
CAPITULO V- ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA.....	125
RESUMO ESTATÍSTICO.....	173
<b>PARTE IV</b>	
<b>ACTUACIÓN A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2009 CON INCIDENCIAS NO ANO 2013.....</b>	<b>175</b>
INTRODUCCIÓN.....	175
EXPEDIENTES .....	175
CAPITULO I- MEDIO AMBIENTE.....	175
CAPITULO II- MOBILIDADE E SEGURANZA.....	180
CAPITULO III.- URBANISMO E VIVENDA.....	190
RESUMO ESTATÍSTICO.....	193



**PARTE V**

<b>ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2010 CON INCIDENCIAS NO ANO 2013.....</b>	<b>195</b>
INTRODUCCIÓN.....	195
EXPEDIENTES.....	195
CAPITULO I.- MOBILIDADE E SEGURANZA.....	195
CAPITULO III.- URBANISMO E VIVENDA .....	200
RESUMO ESTADISTICO .....	220

**PARTE VI**

<b>ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2011 CON INCIDENCIAS NO ANO 2013.....</b>	<b>221</b>
INTRODUCCIÓN.....	221
EXPEDIENTES.....	221
CAPÍTULO I- MOBILIDADE E SEGURANZA.....	221
CAPÍTULO IV- URBANISMO E VIVENDA.....	233
RESUMO ESTADÍSTICO.....	241

**PARTE VII**

<b>ACTUACIONES A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2012 CON INCIDENCIAS NO ANO 2013.....</b>	<b>243</b>
INTRODUCCIÓN.....	243
EXPEDIENTES.....	243
CAPITULO I.- DISTRITOS.....	243
CAPITULO II.- MOBILIDADE E SEGURANZA.....	244
CAPITULO III.- PATRIMONIO .....	262
CAPITULO IV.- URBANISMO E VIVENDA .....	264
CAPITULO VI.- FOMENTO .....	273
RESUMO ESTADÍSTICO.....	278

**PARTE VIII**

<b>ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DURANTE O ANO 2013.....</b>	<b>281</b>
CAPITULO I – BENESTAR SOCIAL.....	282
CAPITULO II- DISTRITOS .....	287
CAPITULO III- EDUCACIÓN.....	288
CAPITULO IV- PARTICIPACIÓN CIDADÁ .....	290
CAPITULO V- MEDIO AMBIENTE .....	291
CAPITULO VI- TRÁFICO E TRANSPORTES.....	294
CAPITULO VII - URBANISMO E VIVEND.....	309
CAPITULO VIII – XESTIÓN MUNICIPAL .....	315
CAPITULO IX – FOMENTO .....	320
CAPITULO X – COMERCIO .....	321
REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS DURANTE O ANO 2013 .....	322

<b>PARTE IX</b>	
<b>ENTREVISTAS E CONSULTAS POR CORREO ELECTRÓNICO .....</b>	<b>329</b>
ENTREVISTAS E CONSULTAS ANO 2013 .....	329
CONSULTAS POR CORREO ELECTRÓNICO ANO 2013 .....	329
<b>PARTE X</b>	
<b>ACTUACIÓNS DE OFICIO .....</b>	<b>331</b>
HÁBITOS DE CONSUMO .....	331
SEGURANZA CIDADÁ .....	334
<b>ANEXOS.....</b>	<b>345</b>
EXPEDIENTES ACTUALIZADOS ATÉ MARZO DE 2014 .....	347
RESUMO DAS ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO NO ANO 2013.....	349





## PRESENTACIÓN

O presente Informe Anual describe pormenorizadamente as actuacións levadas a cabo pola Valedoría do Cidadán ao longo do ano 2013. As actuacións a Instancia de parte (consultas diarias, entrevistas persoais que deron lugar a intervencións e mediacións) ascenderon a 1488, un 12% máis que no ano 2012, das que 194 o foron por correo electrónico. As Actuacións de Oficio centráronse na publicación de dúas monografías (Hábitos de consumo. Perspectiva comparada e estudo específico no municipio de Vigo e Seguranza Cidadá. Aplicación ao municipio de Vigo e perspectiva comparada), rexistrándose, na páxina web do Valedor do Cidadán, un total 18.998 de visitas e descargas de documentos.

Por outra parte, alén das Actuacións a Instancia de parte de 2013, descríbense aquelas relacionadas fundamentalmente con expedientes que estaban sen resolver e que se corresponden con incidencias analizadas e concluídas desde o ano 2006 a 2012. O número de expedientes resolvidos neste período foi de 48, diminuíndo así notabelmente a cifra de aqueles que estaban aínda sen concluír.

Ao igual que o observado no ano 2012, as consultas e entrevistas que se engloban dentro do apartado "outros" (503) non están estritamente vinculadas con conflitos relacionados co Concello de Vigo, aínda que estas foron igualmente tratadas, orientado ao/á recorrente sobre os trámites posteriores a seguir.

Coa esperanza e o desexo de que o contido deste Informe sexa de utilidade para a cidadanía viguesa, fica esta institución do Valedor do Cidadán dispoñíbel para calquera consulta adicional que se formule.

Luis Espada Recarey



# INTRODUCCIÓN

A xestión pública pode entenderse fundamentalmente desde dúas perspectivas.

Unha, sempre activa e en actualización permanente, de tipo funcional e, outra, orgánica. Este é un concepto dinámico que se contrapón as outras formas de manifestación do Poder Público.

Cando se falar de Administración recóllense paralelamente dúas ideas: xestión e subordinación. A actividade xestora implica e obriga por natureza a realización de fins mediante un axeitado emprego de medios pertinentes.

Esta actividade exerceuse, case sempre, respecto de bens ou intereses que lle son alleos, no caso da xestión pública eses intereses serán os da comunidade política concreta, ou dito de outra maneira, serán os que se están a chamar como “ben común”, que se identifica co interese público ou xeral.

Este fin ou obxectivo, para ser alcanzábel, require unha situación de prevalencia por parte da Administración, isto é, require un conxunto de prerrogativas, deixando, non se esqueza, a salvo e como dereito ineludíbel as garantías para o administrado/a. Dito de outro xeito: nada de cláusulas en branco.

Desde esta óptica resulta fundamental acomodarse a definición de Rivero, que sinala o seguinte:

“A Administración pública é a actividade mediante a cal as autoridades provén a satisfacción das necesidades públicas, facendo uso no seu caso das prerrogativas do Poder Público”.

Todos os conceptos que do dereito administrativo se teñen dado veñen impostos por unha dupla estimación:

- o dereito administrativo é esencialmente a rama xurídica reguladora da organización e funcionamento da Administrativo Pública.
- non toda a normativa aplicábel con fin de organizar ou facer actuar a Administración Pública é Dereito Administrativo.

Non se esqueza que case todas as definicións de Dereito Administrativo son definicións “descriptivas”, existindo teorías que se negan a refundir as súas notas nunha definición estrita.



# PARTE I

## ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2006 CON INCIDENCIAS NO ANO 2013

### INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de 10 expedientes correspondentes a solicitudes formuladas no ano 2006 con incidencias durante o 2013, e que corresponden a:

MEDIO AMBIENTE .....	1
MOBILIDADE E SEGURANZA.....	1
URBANISMO .....	8
<b>TOTAL .....</b>	<b>10</b>

### EXPEDIENTES

#### CAPÍTULO I – MEDIO AMBIENTE //////////////////////////////////////

#### EXPEDIENTE 16/2006

##### ASUNTO

Queixa en relación cos ruídos que soportan os veciños da rúa Vía Norte, tanto de día como de noite, pola actividade duns talleres. O promotor da queixa solicitou a protección á que ten dereito no Concello, tentando que se sometese dita actividade a un procedemento de avaliación da incidencia ambiental e se lle aplicasen, de ser o caso, as medidas correctoras necesarias.

##### SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/03/2006. Con data 16/03/2006 solicítase á Concellería de Medio Ambiente o preceptivo informe, pedimento que tivo que reiterarse o 17/04/2006, o 18/05/2006 e o 12/06/2006.

Con data 16/06/2006 recíbese escrito do Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, no que informa o seguinte: *“Con data 6/06/2006 solicítase información ao enxeñeiro técnico de Licenzas e Actividades das actuacións a seguir con respecto ás zonas consideradas de servidume, como rectores do territorio*

*afectado por servidumes sonoras a favor de sistemas xerais de infraestruturas viarias, ferroviarias ou outros equipos públicos que as reclamen.”*

Do anterior dáse cumprida información ao interesado o 19/06/2006 indicándolle que, en datas vindeiras, instarase información actualizada en relación co contido do informe antes citado, o que se fai nas seguintes datas: 13/07/2006, 22/08/2006 e 25/09/2006.

Con data 6/10/2006 recíbese o informe, no que se reflite que se procede a aplicar o disposto na ordenanza municipal e na Lei de ruídos da Xunta de Galicia, polo que se están a realizar as actuacións previas para determinar se concorren circunstancias que xustifiquen a iniciación do expediente.

O anterior trasládase ao promotor da queixa, quen, o 6/11/2006, remite escrito no que proporciona nova información, que se traslada ao Concelleiro Delegado de Medio Ambiente o 8/11/2006, interesando, ademais, información actualizada con respecto ao expediente. Con data 5/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

## REFLEXIÓNS

Coñecido é o dilema entre descansar ou durmir, fronte a determinadas actividades (lecer, dereitos empresariais, servidumes, etc.), dilema que é totalmente falso, xa que o dereito ao descanso é máis primario, máis fundamental. O debate está falseado, o vieiro de integración europea non pode reducirse ao estritamente político-económico.

Hai que lembrar, unha vez máis, a introdución da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións que, en realidade, ten que considerarse como algo máis cunha mera lenda. Nela indícase claramente que: *“O ruído é unha das perturbacións ambientais que de xeito máis importante afectan ás persoas, proba diso é o aumento de denuncias por parte das e dos cidadáns.”*

A ordenanza pretende protexer ás persoas e ós bens contra este tipo de agresión, e abrangue a todo tipo de actividades, instalacións e comportamentos que xeren ruídos ou vibracións susceptíbeis de producir molestias, lesións ou danos materiais ás persoas ou bens situados no municipio.

Sabido é que o ruído pode producir efectos fisiolóxicos non desexados, e que a actividade aludida neste expediente é unha das principais fontes de contaminación, non só pola actividade de circulación ou tráfico, senón tamén pola actividade sectorial dos talleres, polo que é preciso cuantificar a intensidade do ruído e ter en conta, ademais, a duración do mesmo, de aí que sexa preciso actuar sobre as vías de transmisión e nas zonas de recepción.

Hoxe existen decisións xurídicas que obrigan a realizar medicións dos ruídos xerados por actividades similares á que nos ocupa, xa que, en virtude do principio de subsidiariedade proclamado pola Carta Europea de Autonomía Local, os Concellos terán que velar para que os veciños gocen dun medio ambiente axeitado e para que as molestias que producen os aeroportos (ou actividades similares) se reduzan ao máximo.



## RECOMENDACIÓN

Cómpre tomar exemplo da rama laboral do dereito que cada día está concedendo máis importancia ós trastornos que produce a contaminación acústica, pasar de ser o convidado de pedra e adoptar con realismo medidas serias e concluíntes, cortando unha problemática que cada vez se lle vai máis das mans, como se descoñecéndoa fose a desaparecer. A administración, en especial a local, ten que actuar e evitar que o cidadán se converta a cotío en xustizábel para poder resolver as situacións anómalas que na súa existencia e paz social provocan os ruídos e todos os seus condicionantes (Izquierdo Carbonero).

Durante o ano 2008, déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2008 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo o 19/02/2008, 27/03/2008, 05/05/2008, 21/05/2008, 26/06/2008, 24/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 29/10/2008.

Non recibéndose información algunha durante o ano 2008.

Con data 20/05/2009, retómase o pedimento informativo e de novo o 22/06/2009, 27/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009, 27/10/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2010 reitéranse de novo a petición de informe, e, de novo o 02/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 03/06/2010, 05/07/2010, 03/08/2010, 02/09/2010, 04/10/2010, 02/11/2010, 09/12/2010.

Durante o ano 2011, déronse as actuacións seguintes:

Con data 04/01/2011 reiterase a petición de informe, e, de novo o 01/02/2011, 02/03/2011, 01/04/2011, 02/05/2011, 01/06/2011, 04/07/2011, 03/08/2011,

Durante o ano 2012, déronse as actuacións seguintes:

Con data 09/01/2012 reiterase a petición de informe, e, de novo o 09/02/2012, 09/03/2012, 09/04/2012, 08/05/2012, 31/05/2012, 29/06/2012, 01/08/2012, 03/09/2012, 02/10/2012, 02/11/2012, 03/12/2012.

Durante o ano 2013, déronse as actuacións seguintes:

Con data 02/01/2013 reiterase, por cincuenta e catro veces o pedimento informativo anterior, e de novo, o 01/02/2013, 04/03/2013, 04/04/2013, 02/05/2013, 03/07/2013, 01/08/2013, 08/09/2013, 01/10/2013.

## **CAPÍTULO II: MOBILIDADE E SEGURIDADE //////////////////////////////////////**

### **EXPEDIENTE 48/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación coa retirada dun vehículo da vía pública por aparente abandono do mesmo. O automóbil atopábase correctamente estacionado na rúa debido ás obras que se estaban a realizar no garaxe do promotor da queixa e este non recibeu notificación ningunha no seu domicilio ao respecto.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/08/2006. Solicítase o preceptivo informe o 19/07/2006, petición que se reitera o 22/08/2006, o 25/09/2006, o 23/10/2006, o 22/11/2006 e o 20/12/2006.

#### REFLEXIÓNS

O vehículo non estaba en situación de abandono e a notificación efectuada non foi correcta, xa que existen probas mediante documentos oficiais de que o enderezo do interesado non é o que figura na notificación que se indica en relación co expediente de abandono. Este feito supón unha situación de indefensión do promotor da queixa por un erro da Administración municipal.

#### RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que no seu artigo 10.2 establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto de reclamación.

A declaración da nulidade do expediente, xa que os datos non son verdadeiros por erro imputábel ao Concello, o arquivo do mesmo e a corrección dos danos ocasionados.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2007, recíbese escrito de Seguridade no que se informa que a interesada solicita a declaración de nulidade das actuacións do expediente, cuxa resolución está este en trámite.

Con data 22/02/2007, instase información o respecto e de novo o 21/03/2007, 27/03/2007, 19/04/2007, 18/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007, 22/08/2007, 23/10/2007, 22/11/2007, 20/12/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/02/2008, reitérase por oitava vez, o pedimento informativo, é, de novo, o 11/06/2008, tras diversas xestións ante o Tribunal Económico-Administrativo e diversas actuacións da interesada ante a Policía de Tráfico e a Policía Municipal, instando unha solución urxente, do tema, trala exposición das irregularidades por parte do Concello que poderían dar lugar a responsabilidades ante outras instancias, tras facer as seguintes puntualizacións:

"Con data 19 de xullo de 2006, iníciase a solicitude de D<sup>a</sup>. ..., con domicilio na rúa ....., en Vigo o expediente de referencia por retirada da vía pública do vehículo, marca Mercedes, modelo 190D, matrícula ..., alegando pola Policía Local que o mesmo estaba abandonado, estimando a interesada que o vehículo estaba correctamente estacionado, e que o motivo de estar estacionado na vía pública, de xeito correcto, debíase a circunstancia de que o seu garaxe estaba sometido a obras de acondicionamento.

A interesada non recibiu notificación oficial algunha con respecto a retirada do vehículo, xa que as notificacións enviadas polo Concello non eran correctas, tal como consta nos arquivos municipais, polo que solicitou a anulación de expediente sancionador e a devolución do vehículo no estado en que estaba no momento da retirada do mesmo.

A tal fin, a interesada acreditou, no seu día, ante o Concello e segundo certificación que se adxunta o seu domicilio correcto.

Esta puntualización foi reiteradamente presentada no Concello, coas probas correspondentes, sen que lle foxe tido en conta en ningún momento.

Como é posíbel que o 23/02/2006, desde Seguridade e Transportes se lle comunique á interesada no seu domicilio correcto que as notificacións enviadas en 2005, a dirección incorrecta, resulten negativas, e obvio, xa que tal domicilio no é o mesmo.

Con data 22/02/2007, en escrito nº 213, documento 70025916, solicítase informe en relación coa solicitude de D<sup>a</sup> .....interesando a nulidade das actuacións polos defectos de forma (errónea identificación de domicilio).

Con data 09/01/2007, a interesada solicita ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello, a anulación do imposto de circulación, alegando a destrución do vehículo por orde de Mobilidade e Seguridade, da que se fai cargo esta oficina do Valedor do Cidadán ante dito Tribunal, sen deixar por iso a Xestión ante Mobilidade e Seguridade, a quen nos diriximos por última vez o 18 de febreiro de 2008, n/s 148, documento 80020857, aínda sen resposta.

Con data 09/04/2008, recíbese resposta do Tribunal Económico Administrativo, indicándonos que o 11/04/2007 (é dicir un ano antes) foi resolta a solicitude formulada por D<sup>a</sup> .....

Con data 07/05/2008, a interesada fainos entrega dunha copia da devandita resolución co resultado negativo, toda vez que se alegan cuestións sobre as débedas apresadas, as cales deberan ser alegadas no intre oportuno.

O 20/05/2008, a interesada comparece no Concello (Seguridade) onde se lle indica que non aparece parte algún; e na Policía de Tráfico indícaselle que solicite unha exención de imposto de rodaxe, xa que nesa dependencia carecese de datos e polo tanto non o poden dar de baixa. O vehículo foi despezado por Orde do Concello baseándose en datos erróneos, o vehículo non estaba abandonado, as pescudas non foron axeitadas, a Policía Local tería que esgotar todos os medios o seu alcance, certificación veciñal, seguimento nas direccións operantes e diferentes (dentro do mesmo edificio) etc., etc.

A interesada non foi atendida nos seus dereitos a ser informada, a ser asesorada convenientemente, o Concello como as demais administracións públicas no seu réxime xurídico debe transcender as regras de funcionamento interno, para integrarse na sociedade a que serve como o instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.

Estamos ante un suposto en que a obxectividade non se albisca por ningunha parte, así como os criterios de eficiencia e Servizo os cidadáns, sen esquecer o principio de transparencia.

A Policía de Tráfico informa a interesada que (19/05/2008) o papel ou documento da Policía Local non sirve para nada, xa que no mesmo no figura a empresa de despece.

A Policía Local ten a obriga de notificar a Policía de Tráfico o despeze do vehículo e a empresa encargada de tal operación, trámite que non se fixo axeitadamente, de tal modo que aínda hoxe o vehículo figura de alta.

O vehículo despezase o mesmo día en que se retirou, achégase parte do mesmo, como ANEXO-4.

O 20/05/2008, a interesada presenta nova solicitude no rexistro de entrada, documento nº 80063070, sobre o tema en cuestión en relación coas obrigas do Concello.

A baixa temporal que lle suxire Tráfico non é realmente satisfactoria, e que o Concello ten un número significativo de vehículos na mesma situación, e dicir carecen da baixa de oficio." Reiterase o pedimento o 24/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 29/10/2008, 25/11/2008.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 23/01/2009 reitéranse os pedimentos anteriores e, de novo, o 18/02/2009 e o 24/03/2009. Con data 13/04/2009 recíbese informe da Concellería de Mobilidade e Seguridade no que indica unha serie de actuacións en relación co vehículo afectado. Do que se dá cumprida información ao interesado o 14/04/2009.

Datas despois recíbese, chamada telefónica da interesada que manifesta o seu desacordo co informe da Concellería e comunica que presentará por escrito as obxeccións correspondentes.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 27/01/2010 recíbese escrito de alegacións da interesada no que indica que esta a padecer un agravio comparativo porque ten noticia dun suposto caso idéntico o seu e solicita devolución do imposto cobrado por vía executiva e indemnización polo despezamento do vehículo, o que se comunica a Mobilidade e Seguridade o 28/01/2010, solicitando información ao respecto, achegando documentación achegada pola interesada; pedimento que se reitera o 24/02/2010, 30/03/2010, 22/04/2010, 22/05/2010, 24/06/2010, 26/07/2010, 25/08/2010, 23/09/2010, 21/10/2010, 18/11/2010, 09/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 04/01/2011 reitérase a petición de informe, e, de novo, o 01/02/2011, 03/03/2011, 01/04/2011, 02/05/2011, 01/06/2011, 04/07/2011, 03/08/2011

Durante o ano 2012, déronse as actuacións seguintes:

Con data 09/01/2012 reiterase a petición de informe, e, de novo o 09/02/2012, 09/03/2012, 09/04/2012, 08/05/2012, 31/05/2012, 29/06/2012, 01/08/2012, 03/09/2012, 02/10/2012, 02/11/2012, 03/12/2012.

Durante o ano 2013, déronse as actuacións seguintes:

Con data 02/01/2013 reiterase, por trinta e catro veces o pedimento informativo anterior, e de novo, o 01/02/2013, 04/03/2013, 04/04/2013, 02/05/2013, 04/06/2013, 09/07/2013, 01/03/2013, 02/09/2013, 01/10/2013, 01/10/2013, 04/11/2013, 02/12/2013.

### **CAPITULO III-URBANISMO E VIVENDA//**

#### **EXPEDIENTE 25/2006**

##### ASUNTO

Queixa en relación coas obras efectuadas nun local con actividade de bar con música na zona vella de Vigo que provoca contaminación acústica.

Indica o interesado que non está de acordo coa comunicación efectuada pola X.M.U. o 1/03/2006 en relación cun expediente, polos motivos seguintes:

*"1.- Que o local en cuestión realizou reformas interiores e obras sen a preceptiva licenza, segundo comprobacións e notificación oficial, o que se considera unha aldraxe.*

2.- *Que estima lamentábel que nunha zona "residencial e de servizos" (PERI/2002), como é a zona en cuestión, se outorguen licenzas para "bar con música", o que favorece incomodidades pola contaminación acústica até altas horas da madrugada, confundindo a citada actividade coa de discoteca, tal como se acreditou nas medicións sonométricas feitas pola Policía local, segundo consta no expediente do departamento de Medio Ambiente.*

*O local en cuestión incumpriu reiteradamente a Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica.*

3.- *O local carece de insonorización, o que debe conducir, cando menos, a unha suspensión cautelar da actividade, interesando unha revisión da licenza, así como a redefinición do Casco Vello como zona habitábel sen ruidos. Subliñase, ademais, que a ... é zona BIC, polo que non entende que coa Lei de patrimonio cultural español e galego se produzan na zona actividades dese tipo que só carrexan prexuízos patrimoniais e culturais."*

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 27/04/2006. Con data 2/05/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 5/06/2006 e o 3/07/2006.

Con data 8/08/2006 recíbese escrito do servizo de Participación Cidadá, no que indica que achega copia da resposta remitida ao Valedor do Pobo e que ten relación coa solicitude desta oficina do Valedor do Cidadán. Ademais, remite copia das respostas dadas polos servizos de Medio Ambiente, Policía local e Licenza de actividades e instalacións, relativas ao mesmo concepto. De todo o anterior dáse cumprida información ao interesado o 18/08/2006.

Con data 18/09/2006 solicítase ao servizo de Participación Cidadá información actualizada, sinalando que a recibida do departamento de Licenza de actividades e instalacións, indica que *"a denuncia, ao igual que o informe de inspección evacuado, foi remitido ao departamento de Inspección de obras: infraccións, para a incoación, se procede, do correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística. En todo caso cómpre subliñar, sen prexuízo do exposto, que a insonorización exixida para a actividade de restaurante (sen música) é menor que a exixida para a actividade de bar con música que está autorizada no local."*

Con data 29/09/2006 recíbese escrito do servizo de Participación Cidadá, co que se achega copia dos informes da Inspección de obras da X.M.U., da Inspección técnica de obras, no que inclúe o do Inspector xefe da Policía local, e do arquitecto municipal.

Con data 2/10/2006 dáse cumprida información ao interesado do contido dos escritos anteriores, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase información actualizada, especialmente en relación coa execución de obras de adaptación do local sen previa licenza e coa cheminea para a saída de fumes, petición que se formula ao servizo de Participación Cidadá o 26/10/2006, o 22/11/2006 e o 12/12/2006.

Con respecto á contaminación acústica, sublíñase que a Policía local, en informe de 15/09/2006, indica que o interesado manifestou que non é necesario levar a cabo máis medicións sonométricas, xa que non é tanto un problema de ruídos como das vibracións producidas pola música e a xente que se atopa no local, ademais dos fumes e cheiros que saen da cociña do local.

## REFLEXIÓNS

Da proliferación de informes e inspeccións realizadas dedúcese que non se aclaran os distintos aspectos formulados polo interesado na súa queixa, destacando que na mesma indica que se fixeron reformas interiores sen licenza.

En canto ás medicións sonométricas, xa o Valedor do Pobo indica que non é preciso solicitar que se realicen expresamente por escrito, e as realizadas non se corresponden cos tempos actuais.

Pódese dicir que, unha vez máis, a resposta do Concello é lenta e, polo tanto, carente de eficacia.

## RECOMENDACIÓN

A adopción de medidas coherentes, áxiles e eficaces en temas de urbanismo, seguindo a pauta constitucional, que indica que a Administración pública serve con obxectividade os intereses xerais, e actúa (debería) de acordo cos principios de eficacia, ..., con sometemento pleno á lei e ao dereito.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/02/2008 reiterouse o pedimento informativo, e, de novo, o 01/04/2008, 05/05/2008, 04/06/2008, 04/07/2008, 18/08/2008, 17/09/2008, 17/10/2008, 17/11/2008, 15/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2009, reiterouse, por onceava vez, o pedimento anterior, e, de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 11/05/2009, 08/06/2009, 21/07/2009, 21/08/2009, 21/09/2009, 22/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 27/01/2010 recébase escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

En relación co asunto de referencia, comunícolle que co número 13756/423 tramitouse expediente de protección da legalidade urbanística a polas obras realizadas no local situado no número X da Praza da Constitución.

- Con data 24 de agosto de 2007, a delegada da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu declarar como realizadas sen licenza as obras obxecto do presente expediente, executadas na, sendo legalizábeis as obras de adaptación de local para exercer a actividade de tapería-restaurante e ilegalizábeis as



da cheminea para saída de fumes e requirir a para que presente a solicitude da oportuna licenza para as obras de adaptación de local para exercer a actividade de tapería-restaurante e para que proceda voluntariamente á desinstalación da cheminea para saída de fumes existente. Achego copia da resolución.

- Con data 13 de decembro de 2007, a delegada da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu desestimar o recurso de reposición interposto por contra a resolución de data 24/08/2007. Achego copia da resolución.

- O expediente de protección da legalidade urbanística núm. 13756/423 atópase finalizado e arquivado.

- Co número 15007/423 estase a tramitar o procedemento de execución forzosa para dar cumprimento o ordenado na resolución da delegada da Área de Urbanismo e Vivenda de data 24 de agosto de 2007.

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos procedentes.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 28/01/2010, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase información actualizada ao respecto o que se fai o 24/02/2010, 30/03/2010, 19/04/2010, 21/06/2010, 21/07/2010, 24/08/2010, 22/09/2010.

18/10/2010, 18/11/2010, 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 05/01/2011 reitérase a petición de informe, e, de novo, o 08/02/2011.

Con data 21/02/2011 recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo-Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios no que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (ref. expte: 25/2006) infórmolle do seguinte:*

*Como comunicámoslle con anterioridade mediante dilixencia con data 19/01/2010, sendo notificada con data 27/01/2010, o expediente número 15007/423 atópase en trámite de procedemento de execución forzosa para dar cumprimento o ordenado na resolución da delegada da Área de Urbanismo e Vivenda de data 24 de agosto de 2007.*

*Actualmente atópase en espera de que se presente solicitude da oportuna licenza para as obras de adaptación de local para exercer de tapería-restaurante.*

*Remítolle copia da dilixencia mencionada."*

Con data 22/02/2011 dáse cumprida información á interesada indicándolle que, en datas vindeiras, instarase nova información actualizada de que se lle dará oportuna notificación.

Con data 17/03/2011 solicitase a información actualizada, que se reitera o 19/04/2011, 18/05/2011, 17/06/2011, 14/07/2011.

Durante o ano 2012, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2012 reiterase a petición de informe, e, de novo o 14/02/2012, 12/03/2012, 12/04/2012, 09/05/2012, 05/06/2012, 09/07/2012, 09/08/2012, 12/09/2012, 10/10/2012, 09/11/2012, 07/12/2012.

Durante o ano 2013, déronse as actuacións seguintes:

Con data 07/01/2013 reiterase o pedimento informativo anterior, e de novo, o 05/02/2013, 05/03/2013.

Con data 02/04/2013 recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo no que informa o seguinte:

*"En resposta á súa solicitude de información sobre a queixa formulada por dona .....en relación á actividade desenvolvida no local situado na planta baixa do edificio sinalado .....da praza da Constitución, infórmase o seguinte:*

*Por resolución da delegada da Área de Urbanismo do 24 de agosto de 2007 incoouse procedemento de reposición da legalidade urbanística a don....., expediente 13756/423, pola execución de obras de adaptación do citado local para exercer a actividade de tapería-restaurante sen a preceptiva licenza municipal, sendo legalizábeis as obras de adaptación e o exercicio da actividade, e ilegalizábeis as da cheminea executada para saída de fumes.*

*Con data 13 de novembro de 2007 e no expediente 13756/423, a delegada da Área de Urbanismo resolve desestimar o recurso de reposición interposto por don ....., en relación ao requirimento de desmontaxe da cheminea para saída de fumes existente.*

*Pola documentación obrante no expediente, o local leva varios anos sen exercer actividade.*

*Como actuacións máis recentes con respecto ao local de referencia, consta un novo expediente de consulta previa, número 1229/426, no que a Comisión técnica de seguimento do PEPRI CASCO VELLO acordou informar favorablemente a consulta presentada pola mercantil ....., para a execución de obras no local do número 8 da praza da Constitución.*

*En data 26 de decembro de 2012 o anteproxecto foi remitido á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia co obxecto de obter a autorización previa e preceptiva, por tratarse dun inmovible declarado BIC (ben de interese cultural)."*

Do que se deu cumprida información á interesada.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 33/2006**

### ASUNTO:

Queixa en relación co estreitamento dun camiño público mediante postes de madeira e rede de plástico que afecta a unha curva moi pechada, o que supón un elevado risco para os cidadáns. Esta situación denunciouse reiteradamente polo interesado.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 1/06/2006. Con data 5/06/2006 solicítase o preceptivo informe ao servizo de Vías e Obras, desde onde, o 20/06/2006, nos indican que trasladaron o expediente á Concellería de Urbanismo, por ser da súa competencia. Con esa mesma data solicítase a esa concellería o preceptivo informe, que se reitera nas seguintes datas: 18/07/2006, 22/08/2006, 26/09/2006, 26/10/2006, 27/11/2006 e 21/12/2006.

### REFLEXIÓNS:

Trátase dun suposto denunciado en xuño de 2005 e que afecta a un vial público de titularidade municipal, con numerosas intervencións da Policía local desde o ano 2004. A pesar de todo, a finais do ano 2006 seguen as mesmas circunstancias, coma se fose un asunto descoñecido.

Neste suposto obviase claramente a función que corresponde á Administración municipal, que debe servir ós intereses xerais con obxectividade e actuar de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito. Este mandato, imposto polo artigo 103 da Constitución española, confirma, xunto co artigo 106, a concepción constitucional dunha administración eficaz e controlada, con implicacións de diversa índole; concluíndo, polo tanto, coa falta de racionalización dunha actividade pública, tal como pretende a Lei 57/2003, de modernización dos gobernos locais, ao facer caso omiso da obriga de actuar en defensa da legalidade urbanística.

### RECOMENDACIÓN:

O cumprimento da legalidade que dimana do artigo 12 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

O cumprimento axeitado da protección da legalidade urbanística.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 12/02/2007, 22/03/2007, 19/04/2007, 18/05/2007, 18/06/2007, 30/07/2007, 28/08/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 13/02/2008, reitérase por décimo terceira vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 01/04/2008, o 05/05/2008, 04/06/2008, 04/07/2008, 18/08/2008, 17/09/2008, 17/10/2008, 17/11/2008, 15/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2009 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 11/05/2009, 08/06/2009, 21/07/2009, 21/08/2009, 21/09/2009, 22/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 03/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 03/06/2010, 05/07/2010, 03/08/2010, 02/09/2010, 04/10/2010, 02/11/2010, 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 05/01/2011 reitérase a petición de informe que se repite o 08/02/2011, e o 09/03/2011 e o 07/04/2011.

Con data 11/04/2011 recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo-Disciplina Urbanística no que se informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (ref. expte: 33/2006) infórmolle do seguinte:*

*· 12600/423 tramitado pola construción dunha planta sobre un galpón existente sen licenza en solo non urbanizábel especialmente protexido de paisaxe e masas forestais (SNU4).*

*O citado expediente foi remitido a Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda en data 29/09/2004, por ser esta administración a competente para a protección da legalidade urbanística en solo rústico de especial protección conforme co artigo 214 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*

*· 13711/423 tramitado pola realización dun peche de parcela con fronte a vial público non amparadas en licenza, que estase a tramitar nesta administración.*

· 13091/423 tramitado pola realización de obras de vivenda unifamiliar e dous galpóns sen licenza en solo non urbanizábel de protección agrícola (SNU 5).

O citado expediente foi remitido a Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda en data 27/07/2004, por ser esta administración a competente para a protección da legalidade urbanística en solo rústico de especial protección conforme co artigo 214 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A vista do exposto anteriormente limítome a informarlle do expediente 13711/423 por ser da nosa competencia, sendo os dous restantes competencia da Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

Con data 23/06/04 presenta escrito de alegacións no que denuncia que o camiño público foi reducido por un veciño de 4,60 metros a 2,80 metros.

Con data 06/07/04 xírase visita de inspección onde compróbase que:

"existe unha malla plástica nuns 7,65 m de longo e 1 de alto, suxeita por uns paos de madeira.

Dista entre 3 e 3,85 m do peche existente enfronte conformando así a anchura do camiño nese lugar.

Non atopei a ninguén no lugar que me puidera informar da titularidade do peche e/ou da parcela onde se sitúa"

Con data 30/05/05 o interesado presenta escrito de alegacións no que denuncia o estreitamento do camiño mediante postes de madeira e rede plástica.

Con data 14/06/05 Outorgouse Licenza de obras menores para "limpeza e encintado de muro" e "restauración de muro de pedra", respectivamente. Coas solicitudes achegáronse fotografías dun muro de pedra tradicional, que en principio parece que non se corresponde co peche obxecto deste expediente, se non co que está ao outro lado do camiño.

Con data 01/07/05 o Servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo, emitiu informe (expte. nº 44.796/250), no que aclara que dito muro non invade o camiño, que consta como público.

Con data 06/07/05 A unidade de Patrimonio emitiu informe no que fai constar que a titularidade do camiño, na data de emisión do informe, é municipal.

Na dilixencia remitida a este departamento, con data de 08/07/2005, comunica a existencia de indicios de que se construíron edificacións ilegais no entorno. O inspector de urbanismo informou con data de 04/11/2005, que todas as edificacións que se atopan no entorno e que poderían ser causa de infraccións urbanísticas, xa se inspeccionaron e se corresponden cos expedientes nos 12.600/423, 12.769/423 e 13.091/423, que foron remitidos á Xunta de Galicia nas remesas 23º (Outubro de 2004) e 29º (Xullo 2005).

*Con data 31/05/06 a arquitecta municipal emite o seguinte informe:*

*PRESUNTA INFRACCIÓN: Obras de peche de parcela con fronte a vial público non amparadas por Licenza Municipal. En principio estas obras poderían ser legalizábeis sempre que se axusten ás condicións que determinan as normas urbanísticas, o artigo 42.1.c) da Lei 9/2002, modificada pola Lei 15/2004, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e á preceptiva Acta de Aliñación e Rasante.*

*VALORACIÓN: O presuposto de execución material das obras excluídos o beneficio empresarial, honorarios profesionais e impostos considérase en: 200 euros.*

*Con data 24/02/09 o inspector municipal informa:*

*En relación coa Dilixencia da Técnica da Arquitecta municipal de data 20 de xaneiro de 2.009 e xirada visita de inspección. Púidose comprobar que o muro de peche mantense nas mesmas condicións que as comprobadas en anteriores inspeccións, sen que o mesmo foro derrubado.*

*Con data 17/03/09 a arquitecta municipal emite o seguinte informe:*

*NOVAS CONDICIÓN S URBANÍSTICAS: o vixente PXOM, con aprobación definitiva parcial en data 16/05/2008 (DOG 03/06/2008 e BOP 06/08/2008), clasifica a parcela como solo urbanizábel delimitado incluído dentro do ámbito, pendente de desenvolvemento. A parcela está cualificada como sistema xeral de zonas verdes. Plano 21-B.*

*PRESUNTA INFRACCIÓN:*

*Obras de peche de parcela con fronte a vial público non amparado por licenza municipal.*

*Co PXOM vixente estas obras poderían ser legalizábeis como peches provisionais. A parcela está situada nun ámbito pendente de desenvolvemento, e segundo o art. 2.6.5., en zonas pendentes de planeamento de desenvolvemento, ou en sistemas Xerais Viarios ou dotacionais, e con anterioridade ao inicio da xestión correspondente poderanse autorizar usos ou obras de carácter provisional. Entre os usos provisionais inclúense os valados de obras e soares.*

*Con data 21/05/09 incóase procedemento de protección da legalidade urbanística. A devandita resolución foi notificada ao interesado con data 25/06/2009.*

*Concedido trámite de audiencia ao interesado, este non presentou alegacións.*

*Con data 22/12/09 prodúcese a seguinte resolución municipal que lle remitimos*

*PRIMEIRO.- Declarar como realizadas sen licenza e compatíbeis co planeamento vixente e, xa que logo, ordenar a solicitude da correspondente licenza, as obras obxecto do presente expediente, consistentes na realización de peche de parcela con fronte a vial público.*

*SEGUNDO.- Requirir para que, no prazo de TRES MESES a contar da data de notificación da presente resolución, solicite a oportuna licenza respecto ás obras referidas no apartado anterior, co apercibimento de que, se transcorrido o prazo o interesado non solicitase a oportuna licenza, por este concello acordarase a derruba das obras a costa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos a que deran lugar. De igual xeito se procederá no suposto de que a licenza fose denegada por ser o seu outorgamento contrario á legalidade.*

*TERCEIRO.- Proceder á notificación ao interesado da presente resolución, advertíndolle que contra a mesma poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a contar desde a recepción da presente, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen dítarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ordenado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación. Isto sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente interpoñer e sexa conforme a Dereito.*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 11/04/2011, indicándolle que, en datas vindeiras, instarase información actualizada en relación cos prazos que se citan no informe anterior o que se fai o 11/05/2011, e o 07/06/2011, 07/07/2011, 04/08/2011,

Durante o ano 2012, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2012 reiterase a petición de informe, e, de novo o 14/02/2012, 12/03/2012, 12/04/2012, 09/05/2012, 05/06/2012, 09/07/2012, 09/08/2012, 12/09/2012, 10/10/2012, 09/11/2012, 07/12/2012.

Durante o ano 2013, déronse as actuacións seguintes: Con data 07/01/2013 reitérase, por décimo nona vez, o pedimento anterior, e de novo o 05/02/2013, 05/03/2013.

Con data 05/03/2013 recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo (Disciplina Urbanística) escrito no que informa do seguinte:

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa información actualizada sobre as denuncias efectuadas por D. ..., pola realización dun peche de parcela con fronte a vial público, no Camiño....., infórmolle o seguinte:*

*As denuncias efectuadas polo señor .... deron lugar á apertura de tres expedientes de disciplina urbanística por parte desta Administración municipal, cuxo estado de tramitación é o seguinte:*

*. Expediente 12.600/423: Por Resolución do Director Xeral de Urbanismo de data 29.01.2007:*

*1º. Declaráronse que as obras de construción dunha estrutura en planta baixa duns 40m2 executadas sobre un galpón preexistente nunha finca sita no Camiño ....., no termo municipal de Vigo, das que é promotor....., sen licenza urbanística municipal, son ilegalizábeis, por resultar incompatíbeis co ordenamento urbanístico (...).*

*2º. Ordenouse a demolición das obras a custo do interesado e prohibíndose definitivamente os usos ós que desen lugar (...)-*



*Localización das obras: lindeiro sur da parcela con referencia catastral ...*

*As actuacións de execución forzosa da indicada resolución autonómica correspóndelle á Axencia Galega de Protección da Legalidade Urbanística da Xunta de Galicia.*

*. Expediente 13.711/423: Por Resolución do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo de data 22.12.2009 declaráronse como realizadas sen licenza e compatíbeis co planeamento vixente e, xa que logo, ordenar a solicitude da correspondente licenza (...) as obras executadas no ....., consistentes na realización de peche de parcela con fronte a vial público.*

*Localización das obras: Na parcela con referencia catastral ... situada fronte o número*

*...do Camiño .....*

*Con data 28.01.2010, Don ..... presentou no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo (Documento 100011881) un escrito no que manifesta que o peche en postes de madeira e malla plástica foi retirado. Xunto co escrito adxunta fotografías como proba.*

*. Expediente 16.065/423: Con data 16.11.2012 abriuse expediente de restauración da legalidade urbanística pola execución de obras de construción de dous muros de bloques prefabricados de formigón duns 4ml e 11,60ml nun Sistema Xeral de Espazos Libres e Zonas Verdes, incluído no sector de solo urbanizábel delimitado S-56-R SAIANS.*

*Unha vez informado tecnicamente o expediente, mediante oficio do Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 23.01.2013, remitiuse o expediente á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, de conformidade co establecido no artigo 213 da LOUGA, o ca atribúe ao Conselleiro competente en materia de urbanismo a competencia para a protección da legalidade urbanística en zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos.*

*Localización das obras: lindeiro sueste da parcela con referencia catastral ...."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 06/03/2013, indicándolle que, en datas vindeiras instarase nova información ao respecto, o que se formaliza o 05/04/2013, o 06/05/2013, 03/06/2013, 04/07/2013, 02/03/2013, 03/09/2013, 07/10/2013, 11/11/2013, 02/12/2013.

## **EXPEDIENTE 43/2006.**

### ASUNTO:

Queixa en relación coa instalación dunha estación de telefonía móbil sen licenza, feito denunciado repetidamente.

O interesado indica que existe unha notificación da X.M.U., de 24/04/2006, na que se reflite unha resolución pola que se ordena a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística pola execución de obras sen licenza e non legalizábeis, en principio; así como a concesión do trámite de audiencia ao interesado. Ademais, hai outra notificación da mesma xerencia, de 3/02/2006, na que se indica a suspensión do procedemento para o outorgamento de licenza de obras e instalacións.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 26/06/2006. Con data 29/06/2006 solicítase o preceptivo informe, que se reitera nas seguintes datas: 19/07/2006, 23/08/2006, 26/09/2006, 26/10/2006, 27/11/2006 e 21/12/2006.

#### REFLEXIÓN:

Estamos, unha vez máis, ante unha falta de accións decididas, áxiles e eficaces, en canto á protección da legalidade urbanística se refire.

Non é clarificador indicar só que se ordena a incoación dun expediente de protección da legalidade urbanística cando o prioritario sería o precinto e a interrupción da subministración eléctrica, tal como se reflite na lexislación ao respecto (Decreto 28/1999, de Disciplina urbanística de Galicia).

O promotor da queixa achega informes dun centro de investigación médica, nos que se fan precisións sobre os efectos deste tipo de instalación: alteración do sono, cefaleas, perdas de memoria, alteracións cardiovasculares e formación de tumores; e conclúe dicindo que parece que o que se intenta é non danar os intereses económicos das empresas provedoras, máis que protexer a saúde dos cidadáns.

¿Que pasa entre a instalación e o funcionamento do equipo até que se produza un acordo definitivo?  
¿Que pasa no suposto contemplado na Lei 38/1972, modificada pola Lei 16/2002, de Prevención e control integrados da contaminación, no caso de que haxa presenza de formas de enerxía no aire que impliquen risco, dano u molestias graves para as persoas e bens de calquera natureza?

Na memoria do ano 2004 xa se indicaba que a planificación estratéxica das cidades cobra unha dimensión prioritaria debido a que o desenvolvemento futuro depende, en gran medida, dunha axeitada identificación das súas vantaxes comparativas e da posta en práctica de actuacións orixinais e específicas. Isto ten que basearse en compromisos nos que a imaxinación, a planificación e a produción condúzan a xestionar as cidades dun xeito máis transparente, eficiente e eficaz.

Noutros expedientes de denuncia destas instalacións acordouse suspender os outorgamentos de licenza en toda a área territorial do municipio nos casos en que a nova ordenación, inicialmente aprobada, resultase incompatíbel coa establecida no ordenamento vixente.

## RECOMENDACIÓN.

O exercicio eficaz das competencias que teñan por finalidade a preservación de dereitos constitucionais dos cidadáns e a incoación dos expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2007 reiterouse o pedimento anterior e, de novo, o 22/02/2007, 22/03/2007, 19/04/2007, 18/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007. Con data 28/08/2007, recíbese escrito de Urbanismo no que se indica que se resolveu ordenar a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística o 19/04/2006, caducado o procedemento procederase a incoación de novo expediente, o que se comunica á interesada o 19/09/2005 e coa mesma fecha instase a Urbanismo información actualizada o respecto.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 13/04/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e de novo, o 01/04/2008, o 05/05/2008, o 04/06/2008, 04/07/2008, 18/08/2008, 17/09/2008, 17/10/2008, 17/11/2008, 15/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2009 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 11/05/2009, 08/06/2009, 21/07/2009, 27/08/2009, 21/09/2009, 22/10/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2010 reitéranse os pedimentos anteriores, e, de novo, o 03/03/2010, 03/04/2010, 07/05/2010, 03/06/2010, 05/07/2010, 03/08/2010, 02/09/2010, 04/10/2010, 02/11/2010, 10/12/2010.

Durante o ano 2011, déronse as actuacións seguintes:

Con data 05/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 08/02/2011, 09/03/2011, 07/04/2011.

Con data 11/04/2011 recíbese escrito de Urbanismo e Vivenda no que se informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas pola comunidade de veciños (ref. expte: 43/2006) infórmolle do seguinte :*

*Con data 28/01/2005, a entidade mercantil. Solicitou licenza para a instalación dunha estación base de telefonía móbil na cuberta do edificio (expte. 28984/422).*

*Coa mesma data, solicitou licenza de obras para a instalación da actividade (expte: 53811/412).*

*Con datas do 21/07/05, 4/08/05, 9/08/2005, 28/09/05, preséntase escritos de alegacións pola comunidade de veciños opoñéndose as instalacións.*

*Con data 11/10/2005 acórdase a suspensión do procedemento para o outorgamento de licenzas de obra e instalación de actividade solicitadas.*

*Con data 29/03/2006, preséntase escritos de alegacións pola comunidade de veciños, opoñéndose á instalacións.*

*Con data 24/04/06 incóase procedemento de protección da legalidade urbanística.*

*Informe da inspección: o inspector municipal con relación á obra con data de 16.03.2006 informou: "... que no tellado de dito inmobile hai instalada unha antena presumibelmente de telefonía..."*

*Licenza de obras: Expte. nº 53.811/421): Solicitouse con data de 28.01.2005 Licenza de Obras para instalación dunha estación base de telefonía móbil. Dita solicitude tramitouse conxuntamente coa solicitude de Licenza de Actividades para a mesma. Segundo informe técnico que consta no expediente, de data de 25.08.2005 a instalación non cumpre coas condicións urbanísticas que fixa a ordenanza 1.1.B do vixente PXOM que lle resulta de aplicación. Así mesmo incumpe as condicións que fixa o novo PXOM, aprobado inicialmente con data de 30.12.2004, por non estar permitida a instalación de antenas nas cubertas de edificacións residenciais. Incumpe, así mesmo, a ordenanza municipal de Telecomunicacións ao non achegar, coa documentación achegada xunto coa solicitude, Proxecto Técnico aprobado polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.*

*Licenza de actividade (Expte. nº 28.984/421): con data de 20.10.2005 resolveuse declárala suspensión do procedemento de outorgamento de Licenza de Obras e Instalación de Actividade para Estación Base de Telefonía Móbil.*

*Con data 17/09/07 acórdase nova incoación debido a caducidade do procedemento de protección da legalidade urbanística, sendo notificada o 11/01/08.*

*Con data 6/03/08 interponse recurso contencioso-administrativo polas comunidades de propietarios.*

*Con data 10/07/08 ditouse sentenza estimando recurso contencioso administrativo interposto pola representación das comunidades de propietarios no que se condena a Administración municipal demandada a:*

*1.ordenar e executar no prazo máximo de dez días a suspensión inmediata da actividade desenvolvida pola estación base de telefonía móbil instalada na azotea do edificio onde pertencen as Comunidades recorrentes.*

2. tramitar e resolver até o fin, no prazo máximo de seis meses, o expediente de reposición da legalidade urbanística incoado polo concello de Vigo seguido como expediente número 13613/423 de 2006, debendo ditar algunha das resolucións previstas no artigo 209.3º da LOUGA.

*Actualmente o expediente 13613-423 atópase pendente de execución.*

Do que se dá cumprida información á interesada o 18/04/2011, indicándolle que, en datas vindeiras solicitarase información actualizada con respecto a execución do expediente municipal citado no informe, o que se fai o 05/05/2011, 07/06/2011, 07/07/2011, 04/08/2011

Durante o ano 2012, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2012 reiterase a petición de informe, e, de novo o 14/02/2012, 12/03/2012, 12/04/2012, 09/05/2012, 05/06/2012, 09/07/2012, 09/08/2012, 12/09/2012, 10/10/2012, 09/11/2012, 07/12/2012.

Durante o ano 2013, déronse as actuacións seguintes:

Con data 07/01/2006 reiterase por décimo oitava vez o pedimento anterior, e de novo, o 05/02/2013, 05/03/2013.

Con data 05/03/2013, recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo (Disciplina Urbanística) no que informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información actualizada sobre as denuncias efectuadas por Dona....., en relación á antena de telefonía móbil instalada por XX, S.A....., infórmolle do seguinte:*

*Con data 30.07.2008 procedeuse á apertura de expediente de execución forzosa co núm. 14823/423.*

*Con data 23.11.2012 o inspector municipal de urbanismo xirou vista de inspección á edificación .....e comprobou que na súa cuberta se observa unhas instalacións de telecomunicacións.*

*Con data 14.04.2011 o delegado da Área de Urbanismo e Vivenda, nos expedientes nº 53811/421 e 28984/422, resolveu:*

*"PRIMEIRO.- DESESTIMAR as alegacións formuladas por ....., en ..... , o 4/08/05 (doc. 50149380), e o 9/08/2005 (doc. 50150648/05), 28/09/05 (doc. 50165262/05), en base aos fundamentos de feito e dereito enunciados na parte expositiva.*

*SEGUNDO.- (expte. 53811/421): AUTORIZAR a empresa de telefonía para realizar conforme ao proxecto técnico de obras e actividade redactado polo enxeñeiro técnico industrial,....., e visado polo colexio profesional en data 30./07/09, proxecto de instalacións de telecomunicacións, ..... visado polo colexio profesional o 29/07/09 así como documentación técnica redactada polo enxeñeiro ....., ....., visado*

en data 1/05/10, cun orzamento de execución material segundo proxecto de 3.564.00 euros e informes favorábeis obrantes no expediente núm. 53811/421, OBRAS consistentes en:

*"Obras para a instalación dunha estación base de servizos de telecomunicacións situada no tellado da edificación sita en .....*

*A edificación está situada en solo clasificado como urbano consolidado no PXOM.08 vixente e cualificado coa ordenanza 3 de edificación en couzada pechada, onde a actividade proposta de infraestrutura básica consonte co art. 5.9.3 é permisíbel..*

*TERCEIRO (expte. 28984/422): CONCEDER á Empresa de Telefonía, conforme ao técnico de obras a actividade redactado polo enxeñeiro técnico industrial, ....., e visado polo colexio profesional en data 30/07/09, proxecto de instalacións de telecomunicacións redactado polo enxeñeiro de telecomunicacións, ....., visado polo colexio profesional o 29/07/09 así como documentación técnica redactada polo enxeñeiro de telecomunicacións, ....., visado en data 1/05/10, e informes favorábeis obrantes no expediente 28984/422, LICENZA municipal de ACTIVIDADE E INSTALACIÓN para ESTACIÓN BASE TELEFONÍA MÓBIL situada en .....*"

*Posto que a presente licenza só autoriza a instalación da actividade e non a súa posta en funcionamento, se deu traslado do expediente de execución forzosa á arquitecta municipal para que lle asigne grado de prioridade na tramitación segundo Plan de inspección do Concello de Vigo.*

*Segundo o dito Plan, a presunta infracción urbanística denunciada ten un grao 8 de prioridade na tramitación, toda vez que, con posterioridade ás actuacións practicadas, a Disposición Adicional Terceira da Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización de comercio e de determinados servizos, actualmente en vigor, exceptúa do procedemento de concesión de licenza municipal: "ás estacións e instalacións radioeléctricas utilizadas para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñíbeis para o público, a excepción daquelas nas que concorran as circunstancias referidas no artigo 2.2. desta Lei, ocupen unha superficie superior a 300 m<sup>2</sup>, computándose a tal efecto toda a superficie incluída dentro do valado da estación ou instalación ou, tratándose de instalacións de nova construción, teñan impacto en espazos naturais protexidos".*

*Por este motivo, a tramitación do procedemento de disciplina urbanística pasou a ter a menor prioridade outorgada polo Plan de Inspección urbanística do Concello de Vigo. Das seguintes actuacións que se practiquen segundo os medios persoais e materiais dispoñíbeis neste departamento, darase oportuna conta a oficina do Valedor do Cidadán."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 07/03/2013.

Con data 05/04/2013, solicitouse información actualizada, e de novo, o 06/05/2013, 07/06/2013, 04/07/2013, 02/08/2013, 03/09/2013, 07/10/2013, 11/11/2013, 02/12/2013.

## **EXPEDIENTE 62/2006**

### ASUNTO:

Queixa en relación coa situación de abandono na que se atopa o edificio no que reside o interesado. Indica que desde o 15/11/2001 presentou catro denuncias na X.M.U., sen recibir resposta.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 13/10/2006. Con data 18/10/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 17/11/2006 e o 11/12/2006.

### REFLEXIÓNS:

O interesado sente desprotexidos os seus dereitos ao non obter información nin orientación en relación coas solicitudes presentadas. As súas queixas son obxecto de demora, o que implica unha manifesta desatención por non ser orientado sobre a natureza e o modo de exercer o seu dereito e, incluso, sobre as institucións e órganos ós que se ten que dirixir se a denuncia presentada non é competencia do Concello. Todo isto de acordo co previsto no artigo 35 da Lei 30/1992 e co contido do Real Decreto 208/1996.

Desde outra perspectiva, a Constitución impón ós poderes públicos a obriga de garantir a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade dos mesmos. Do mesmo xeito, o cidadán ten dereito á protección da saúde de forma específica e da súa dignidade como persoa.

### RECOMENDACIÓN:

Unhas actuacións puntuais, áxiles e eficaces en relación coas peticións que se formulan, que son facilmente contrastábeis con visitas de inspección.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e , de novo, o 19/02/2007, 15/03/2007, 17/04/2007, 16/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007, 30/08/2007.

Con data 14/09/2007, recíbese escrito da X. M. de Urbanismo no que se informa que o 18/07/2007 se resolveu ordenar a Comunidade de Propietarios par que proceda de inmediato, e baixo dirección técnica competente a adoptar as medidas de seguridade que procederan no contorno do edificio, debendo presentar o correspondente proxecto técnico, oficio de dirección, e estudio de seguridade e saúde visados polo correspondente colexio profesional e garantindo durante o transcurso das obras a adopción das medidas de seguridade necesarias cora a vía pública. O prazo para a execución das obras é dunha semana para o seu inicio e dous meses para a súa finalización.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 19/07/2007. Sen actuacións posteriores.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 10/04/2008, solicitouse información en relación coas manifestacións feitas polo interesado na súa visita de 08/04/2008, reiterándose o pedimento o 26/06/2008, e o 24/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008. Con data 27/10/2008, o interesado entrega copia de resolución de 07/10/2008, na que se acorda denegar o recurso de reposición e ordenar a adopción de medidas urxentes, de seguridade. Con data 29/10/2008 instase información actualizada, e de novo o 25/11/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/04/2009, solicítase información en relación coa imposición dunha multa coercitiva por incumprimento da orde de execución citada o 18/06/2007.

O pedimento anterior reiterouse o 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 28/08/2009, 24/09/2009, 26/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 20/01/2010 recíbese escrito da Oficina de Conservación de Xerencia Municipal de Urbanismo no que se indica o seguinte:

*“En resposta aos seus escritos de data 16 de abril, 22 de maio, 20 de xuño, 23 de xullo, 25 de agosto, 23 de setembro e 23 de outubro de 2009 (a súa referencia: expediente 62/2006), nos que solicita información actualizada relativa á queixa realizada ante esa Institución, infórmolle o seguinte:*

*Na data 19 de febreiro de 2009 o delegado da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu, no expediente 14.483/423, impoñer á comunidade de propietarios da edificación sita na, a cada un deles, como propietarios da devandita edificación, multa coercitiva en contía de 600,51 euros, polo incumprimento da orden de execución ditada polo alcalde do Concello de Vigo con data 18 de xuño de 2007 e a fin de lograr a súa execución forzosa, co apercibimento de que dita multa podería ser reiterada e aumentada na súa contía até lograr a execución polos obrigados se, transcorrido o prazo dun mes, a contar desde a notificación da presente resolución, as obras non se tivesen realizado, sen prexuízo de exixir perante os tribunais da orde penal as correspondentes responsabilidades por delito de desobediencia, tipificado no artigo 556 do Código penal.*

*Na data 13 de abril de 2009 a entidade mercantil presenta escrito no Rexistro da XMU (doc. 90052310), no que interpón recurso de reposición contra a resolución de data 19 de febreiro de 2009.*

*Na data 21 de maio de 2009 a Comunidade de Propietarios presenta escrito no Rexistro da XMU (doc. 90076529), no que comunica que se están levando a cabo as obras de reparación, segundo expediente 66.884/421 de licenza de obras menores autorizadas o mesmo día 21 de maio de 2009.*



*No día de hoxe envíanse os expedientes 13.440/423 (orde de execución) e 14.483/423 (execución forzosa) ao Servizo de Inspectores para que xiren nova visita de inspección ao inmovible sito no número e emitan informe sobre se se deu cumprimento á resolución do alcalde do Concello de Vigo de data 18 de xuño de 2007.*

*Do que se deu cumprida información ao interesado o 20/01/2010 indicándolle que, en datos vindeiros, instarase nova información actualizada en relación coa visita de inspección antes citada, o que se fai o 17/02/2010, e de novo, o 23-03-2010, 19/04/2010, 21/06/2010, 21/07/2010, 24/08/2010, 22/09/2010, 18/10/2010, 18/11/2010, 10/12/2010.*

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 05/01/2011, reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 08/02/2011, 09/03/2011, 07/04/2011, 05/05/2011, 07/06/2011, 07/07/2011, 04/08/2011

Durante o ano 2012, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2012 reiterase a petición de informe, e, de novo o 14/02/2012, 12/03/2012, 09/05/2012, 05/06/2012.

Con data 06/06/2012, o interesado fai entrega dun escrito achegando copia dunha solicitude presentada no Rexistro Xeral da Xerencia de Urbanismo de data 22/03/2012 no que pon de manifesto as actuacións que estima irregulares. Téñase en conta que a penúltima información recibida da unidade de Barrios Históricos data de 18/03/2009 na que se recolle unha serie de medidas que non consta que resultasen eficaces.

Con data 20/01/2010 recíbese novo informe (Oficina de Conservación) no que se indica que, con data 28/12/2009, remítense os expedientes de orde de execución e de execución forzosa ao Servizo de Inspectores para que xiren unha visita de inspección e emitan o informe sobre se se deu cumprimento á resolución do alcalde do Concello de Vigo de data 18 de xuño de 2007.

Desde o 17/02/2010 e até o 05/06/2012, solicitouse, até vinte e cinco veces, información actualizada sobre as previsións indicadas, sen receberse notificación de ningún tipo. Tense que indicar que as administracións públicas, alén de intelixentes, deben ser receptivas e resolutivas, situación que non se dá neste expediente, o que ven a indicar unha falta de valoración por escaso rendemento.

Reiterando así a petición informativa no escrito de 09/07/2012, e de 09/08/2012, 12/09/2012, 10/10/2012, 09/11/2012, 07/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 07/01/2013 reitérase o pedimento anterior, de novo o 05/01/2013, 05/03/2013.

Con data 02/4/2013, recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo (Barrios Históricos) no que informa o seguinte:

*"En relación ao seu expediente 62/2006, de queixa formulada, e como continuación aos escritos do servizo de Barrios Históricos de datas 31 de agosto de 2007, 5 de agosto de 2008, 9 de marzo e 28 de decembro de 2009, infórmase que, con data 31 de xaneiro de 2013 e no expediente 14483/423 de orde de execución, remíteselle notificación ao representante legal e do seu fillo respondendo ao escrito de denuncia presentado.*

*Sobre a edificación tramitouse expediente de orde de execución de obras número 14483/423. Ante o incumprimento do ordenado, procedeuse a ditar varios actos de execución forzosa por parte desta Administración; o último deles foi a resolución do vicepresidente da Xerencia municipal de urbanismo do 5 de outubro de 2012, pola que se lle impón á comunidade de propietarios unha multa coercitiva polo importe de 1.500,00 euros polo incumprimento da orde de execución ordenada no mencionado expediente.*

*O que se pon de manifesto no presente expediente é que no conflito civil entre a comunidade e os propietarios do quinto andar (os agora denunciante), parece ser que é o que realmente está demorando e obstaculizando o cumprimento do ordenado no expediente, con acusacións e denuncias cruzadas entre eles, intentando utilizar a esta Administración para solucionar as súas disputas privadas.*

*No suposto de que siga sen acreditarse o cumprimento do ordenado, procederase á imposición de novas multas coercitivas e adoptar calquera outra medida que sexa procedente en Dereito.*

*Achégase copia da notificación remitida á representación*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 05/03/2013, quedando a súa disposición para calquera actuación posterior.

## **EXPEDIENTE 63/2006**

### ASUNTO:

Queixa en relación coa invasión da vía pública por parte duns veciños. O interesado indica que desde o 3/01/2005 presentou varias denuncias no Concello, xa que uns veciños forraron unha columna que estreita o camiño e puxeron unha balaustrada e lanzadeiras de ferro para tendais, ademais de que producen vertidos de auga que anegan o camiño público e impiden o tránsito.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 18/10/2006. Con data 24/10/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 20/11/2006 e o 11/12/2006.

## REFLEXIÓNS:

Á queixa xúntase documentación da unidade de Patrimonio do Concello de Vigo, na que se acredita a titularidade municipal do camiño, e da unidade técnica de obras na que se comproba que as obras realizáronse sen licenza (16/01/2006); así como outro informe técnico (23/06/2006), polo que se ordena a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística.

Resulta que, dezaioito meses despois da primeira denuncia, acórdase incoar expediente de protección da legalidade urbanística, o que demostra, unha vez máis, unha falta na mellora dos métodos de traballo. A racionalización non se pon de manifesto, polo que cómpre adoptar sistemas de calidade na xestión, unha metodoloxía de mellora continua que facilite unha avaliación da calidade dos servizos que chegue a provocar a satisfacción dos cidadáns, e unha mellora da lexitimidade da actividade pública pola vía dos rendementos.

Nun caso como este, o que está a primar é o pesadelo dos cidadáns.

## RECOMENDACIÓN:

Un proceder axeitado na protección da legalidade urbanística.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007, reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 19/02/2007, 15/03/2007, 17/04/2007, 16/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007, 30/08/2007. Con data 31/08/2007, recíbese informe da Concellería de Urbanismo no que se indica que o expediente atópase pendente de firma da resolución de incoación. O que se lle comunica o interesado o 20/09/2007 e coa mesma data instase a Concellería de Urbanismo información actualizada o respecto, indicándolle que tal acordo data de 23/06/2006, e dicir 14 meses antes.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 07/02/2008 solicítase información actualizada como continuación o pedimento de 20/09/2007, que se recibe o 29/02/2008 e no que informase da orde de retirada dos elementos que invaden a vía pública, así como a que se solicite a oportuna licenza con respecto ás obras de reforma do expediente, do que se dá cumprida información ao interesado o 06/03/2008.

Con data 10/04/2008, solicitouse a Urbanismo información actualizada en relación ca orde antes citada, pedimento que se reitera o 05/05/2008, o 20/05/2008. Con data 17/06/2008, recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que se indica que a persoa interesada no expediente presentou recurso contencioso-administrativo no xulgado nº 1 de Vigo, do que se deu cumprida información ao promotor da queixa indicándolle que, polo tanto, esta Institución non pode continuar coas súas xestións mentres non se substancie o procedemento xudicial aberto. Non obstante, e segundo escrito achegado polo interesado no que conta a data do xuízo (16/07/2008), con data 25/08/2008

solicítase a Urbanismo información no suposto de que se teña coñecemento da sentenza, petición que reitera o 29/09/2008, e o 23/10/2008, 19/11/2008, 17/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 23/04/2009, 18/05/2009, 16/06/2009, 24/07/2009, 24/08/2009, 24/09/2009, 26/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores e, de novo, o 22/02/2010, 22/03/2010, 19/04/2010, 21/06/2010, así como o 21/07/2010, insistindo na retirada total do revestimento do pilar e dos cascallos de forma correcta, e de novo o 24/08/2010 e o 22/09/2010, 18/10/2010, 05/11/2010, e o 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 05/01/2011 reiterase o pedimento informativo e, de novo, o 08/02/2011, 09/03/2011, 07/04/2011, 05/05/2011, 18/05/2011, 17/06/2011, e o 14/07/2011, facendo precisión sobre os continuos escritos declamatorios que estea a facer o interesado (os últimos o 29/06/2011) aos que non se lle presta a mínima atención.

Durante o ano 2012, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2012 reiterase a petición de informe, e, de novo o 14/02/2012, 12/03/2012, 12/04/2012, 09/05/2012.

Con data 15/05/2012, o interesado fai entrega dunha copia dunha notificación da Xerencia de Urbanismo (Infraccións) de 27/04/2012 na que se recolle unha resolución de execución subsidiaria de obras para a reposición da legalidade urbanística vulnerada (nº de saída 5890-2012). Notificación que non se remitiu a esta Oficina do Valedor do Cidadán.

A vista do anterior esta oficina do Valedor do Cidadán diríxese a Urbanismo o 05/06/2012 no que se indica o seguinte:

Con data 09/05/2012, solicítase por doceava vez informe actualizado sobre o expediente de referencia.

Con data 15/05/2012, o interesado, comparece e fai entrega dunha copia da notificación a el dirixida desde a Xerencia Municipal de Urbanismo-Infraccións, de 24/04/2012, nº de saída 5890-2012, seu expediente 15620/423, asunto: Execución Forzosa.

Na mesma resolveuse:

1. Proceder á execución subsidiaria das obras necesarias para repoñer a legalidade urbanística alterada na rúa.
2. Advertir expresamente a que será pola súa conta o aboamento dos importes correspondentes á totalidade dos gastos, danos e perdas que poidan ocasionarse como consecuencia da referida execución.
3. Dar traslado de presente resolución aos servizos municipais correspondentes, aos efectos de que se dispoñan as medidas necesarias para dar cumprimento ao orden solo na presente resolución.
4. Notificar á interesada a presente resolución, coa advertencia de que contra ela cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado de Vigo, facendo advertencia de que os citados recursos deben referirse única e exclusivamente á execución forzosa non ao acto administrativo que executa o cal é executivo e firme ao abeiro do disposto nos arts. 56,57 e 94 da LRPAC.

Prégase información actualizada, con respecto a situación do procedemento descrito.

Con data 09/07/2012, reiterase o pedimento informativo, e o 09/08/2012, 12/09/2012, 10/10/2012, 09/11/2012.

Con data 26/11/2012, o interesado fai entrega dunha copia dunha Notificación de Urbanismo de 16/11/2012, na que se procede o arquivo do expediente.

Ante esta decisión o interesado presenta nova reclamación na Xunta Municipal de Urbanismo indicando non estar de acordo co ditame da inspección xa que as pedras seguen pegadas. A vista do que e dado que Urbanismo da o expediente por archivado, dirixímonos o 29/11/2012, a Urbanismo-Infraccións solicitando información ao respecto.

Durante o ano 2013, déronse as actuacións seguintes:

O pedimento anterior reiterase o 07/01/2013; con datas 09/01/2013 e 18/01/2013 o interesado entrega copias das reclamacións efectuadas a Xerencia Municipal de Urbanismo.

Con data 05/02/2013 esta Institución reitera o pedimento informativo xa citado, e, o 05/03/2013. Con data 05/03/2013, recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información actualizada sobre as denuncias efectuadas, polas obras executadas, en relación aos expedientes 13518/423 (PLU DE OBRAS) e 15620/423 (EXECUCIÓN FORZOSA), infórmolle o seguinte:*

*Con data 30.03.2012 a Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, por delegación do Alcalde-Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo resolveu proceder á execución subsidiaria das obras necesarias para repoñer a legalidade urbanística alterada como consecuencia das obras ilegais alí realizadas, consistentes en revestimento de pilar reducindo o ancho do camiño e apertura*

*de ocos abertos no muro, cuxa derruba e tapiado foron ordenados mediante as resolucións da delegada da Área de Urbanismo e Vivenda de 18/02/2008 e do delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de 07/06/2010.*

*De dita resolución se remite copia a Asesoría Xurídica, en relación coa execución da Sentenza nº 318, recaída no procedemento abreviado nº 132/2008, para que de traslado ao Xulgado do Contencioso-Administrativo Número 1 de Vigo e asemade, se remite copia tamén a Servizos Centrais e a Obras e Proxectos Municipais aos efectos de que se dispoñan as medidas necesarias para dar cumprimento ao ordenado na presente resolución.*

*Con data 26.09.2012, o inspector municipal emitiu o seguinte informe:*

*"En relación a la diligencia recibida se gira visita de inspección al lugar de referencia comprobando que el revestimiento del pilar ha sido rebajado y no sobresale hacia el camino y los huecos han sido tapiados."*

*En consecuencia, con data 31.10.2012 o arquitecto municipal emitiu o seguinte informe:*

*"..A vista do anteriormente exposto e dos datos obrantes no expediente, infórmase que se deu cumprimento ás resolucións do Delegado e Urbanismo e Vivenda de datas 18/02/2008 e 7/06/2010, considerando restaurada a legalidade urbanística alterada."*

*Con data 09.11.2012 o Vicepresidente da XMU resolveu declarar restaurada a legalidade urbanística alterada, pola execución das obras obxecto das resolucións municipais de datas 18.02.2008 e 07/06.2012, adoptadas no expediente de protección da legalidade urbanística núm. 13518/423, polas que se ordena á dita interesada a retirada do revestimento do pilar que invade a vía pública, así como o tapiado de ocos no muro da súa propiedade, por canto resulta acreditado que as obras ordenadas foron executadas.*

*Na mesma resolución, se resolve proceder ao arquivo do expediente de protección da legalidade urbanística nº 13518/423 e do expediente de execución forzosa núm. 15620/423.*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 07/03/2013.

Con data 18/03/2013 o interesado entrega copias da solicitude (documento 130031251), na que indica a inexactitude da información recibida de Disciplina Urbanística, achegando fotografía na que se observa as lousas que dan o camiño público que se atopan pegadas a parede.

A vista do anterior, con data 19/03/2013 dirixímonos a Urbanismo (Infraccións) documento 130032223, indicando o seguinte:

Con data 18/03/2013, comparece o interesado, e fai entrega dunha copia do escrito dirixido ao Sr. Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, nº de documento 130031251 no que manifesta:

- Que o informe recibido desde ese Departamento de Disciplina Urbanística o 26/09/2012 e impropio dun profesional, e a tal fin adxunta (que se acompaña) unha fotografía, na que se demostra que as lousas seguen pegadas nunha lisa parede e que son as que precisamente están invadindo o camiño.

O cal non coincide co declarado na sentenza firme ditada no seu día e que consta no expediente (15.620/423).

Este erro xa o fixo constar en catro reclamacións anteriores, así como en a discordancia entre a Inspección Municipal e o Arquitecto.

Por tanto, prégase unha información coherente coas observacións demostradas.

O pedimento anterior reiterase o 05/04/2013. Con data 02/05/2013, recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo-Infraccións no que informa o seguinte:

*“En resposta ao seu oficio de data 25/03/2013, no que interesa informe urxente sobre o obxecto da queixa formulada infórmolle do seguinte:*

*Que esta Administración xa informou en CATRO ocasións ao Valedor do Cidadán sobre as queixas formulada polo en relación a infracción urbanística consistente en REVESTIMENTO DE PILAR realizado.*

*Nesta ocasión, e en todas as posteriores que se receban en relación a este expediente REMATADO, remitímonos ao informe enviado ao departamento de Participación Cidadá e Voluntariado con data 22/02/2013, no que se lle indica que, por resolución do Vicepresidente da XMU, de data 09/11/2012, SE DECLARA RESTAURADA A LEGALIDADE URBANÍSTICA ALTERADA POR Dª XX E SE PROCEDE AO ARQUIVO DO EXPEDIENTE DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA NÚMERO 13518/423 E DO EXPEDIENTE DE EXECUCIÓN FORZOSA 15620/423.*

*Os actos administrativos son revisábeis conforme o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, NON DEBENDO EXERCER A OFICINA DO VALEDOR DO CIDADÁN COMO UNHA “VÍA ALTERNATIVA” DE REVISIÓN DE ACTOS FIRMES A DISPOSICIÓN DE CIDADÁNS QUE NON ACEPTAN AS REGRAS ESTABLECIDAS NO ORDENAMENTO XURÍDICO, MAIS QUE NO CASO EN QUE OS SEUS INTERESES PARTICULARES PREVALECEN SOBRE O INTERESE XERAL. Se cada reclamación que o Sr... presenta ante esa Institución polo expediente indicado, o Valedor do Cidadán require novas explicacións, está incorrendo nunha irresponsabilidade grave acaparando os escasos medios persoais que ten a oficina de Infraccións Urbanísticas para o exercicio da acción municipal de protección da legalidade urbanística”.*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 03/05/2013.

A vista da resposta anterior, esta Institución do Valedor do Cidadán dirixe escrito o 21/05/2013, no que expón o seguinte:

A vista da exposición anterior esta Institución do Valedor do Cidadán, puntualiza:

1. As persoas son as que ocupan a posición central en calquera debate relativo á posta en escena das actuacións municipais, posto que aquelas son os instrumentos e as beneficiarias.

O cidadán, o cliente, é o arbitro final da calidade do servizo. O mellor modo de optimizar a fidelidade e a credibilidade do cidadán e mediante unha orientación clara cara a súas necesidades.

Toda organización, toda Administración Pública, alcanza o seu máximo rendemento cando xestiona e comparte os seus coñecementos dentro dunha posición de innovación e mellora continua.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, subliña que entre os dereitos dos veciños, se atopa o de ser “informado previa petición razoada, e dirixir solicitudes á Administración municipal en relación a todos os expedientes e documentación municipal, de acordo co previsto no artigo 105 da Constitución”.

O obxectivo do Valedor do Cidadán non é outro que colaborar coa Administración local, admitindo que nalgunhas ocasións, pode haber diverxencias cos órganos executivos, recordando que “a harmonía máis bela nace do confronto de diferenzas” (Heráclito).

O artigo 8.1 do Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán, concede ao Valedor do Cidadán a función de controlar, o seguimento e coñecemento das reclamacións que se formulen e actuar (8.2) con independencia, imparcialidade e obxectividade, dando conta substancial do escrito á dependencia administrativa responsábel para que no prazo de quince días se remita informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto de reclamación, sendo (8.5) unha das súas facultades suxerir a modificación de criterios utilizados para a produción daquelas. Poderá (8.7) formular aos funcionarios da Administración Municipal, advertencias, recomendacións ou recordatorios dos seus deberes legais.

Segundo o artigo 12 existe a obriga de colaborar e auxiliar o Valedor recoñecéndose a existencia de actitudes hostís, e as reclamacións que se formulen non terán en ningún caso a cualificación de recurso administrativo.

2. A oficina do Valedor do cidadán non exerce de vía de revisión de actos firmes, o Valedor do Cidadán o seu obxectivo, xa exposto, e colaborar coa Administración no que se atopa como tal.

Estamos nun suposto no que o administrado non ve resolta a súa situación porque estima que a realidade non se axusta o preceptuado, tal como se contempla nas fotografías achegadas ultimamente.

As resolucións e as notificacións non deben adoeecer de falta de precisión todo proceso administrativo implica a existencia dunha pluralidade de actos altamente relacionados entre si. Os actos de trámite e a resolución constitúen un todo complexo e ao mesmo tempo unitario.



Estas actuacións terán que servir de garantía específica para o administrado que poderá intervir persoalmente no procedemento e lograr por diversos medios (alegacións, probas, audiencia, recursos) a tutela efectiva dos seus dereitos.

As cuestións formuladas presentadas e demostradas non definen por si mesmas exclusivamente o obxecto do procedemento, senón que constitúen o contido mínimo do mesmo, por canto ao resolverse polo órgano competente este poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas, fosen ou non presentadas polo interesado.

A Administración ten que facilitar todas as informacións pertinentes a outra parte actuante (sentenza do Tribunal de Primeira Instancia das Comunidades Europeas (27/03/2003).

As motivacións das decisións deben ser prioritarias, o cidadán promotor da queixa achega datos e outras probas (fotografía) que non se corresponden coa decisión de que a ilegalidade xa foi rexeitada.

As actuacións teñen que ser proporcionadas aos seus fins, os asuntos, terán que tratarse de maneira obxectiva, e resoltos en prazos razoábeis coa máis absoluta corrección.

Entendemos que o interesado no suposto que nos ocupa presentou ante a X.M. de Urbanismo as súas consideracións e probas de que non se tiña acadado realmente o disposto na sentenza 01/12/2008.

Detrás da “boa administración” existe algo máis que retórica lexislativa, sen que se teña que esquecer o reflectido no Código Europeo de Boa Conduta Administrativa (06/09/2011) en relación coas actuacións administrativas; dilixencia, corrección, accesibilidade, traslados sen demoras a órganos competentes, dereito a ser escoitado a prestar alegacións, decisións e prazos razoábeis, decisións motivadas, etc.)

A Administración ten que facilitar todas as informacións pertinentes a outra parte actuante.

Hoxe priman concepcións obre as administracións públicas no senso de que ademais de intelixentes, teñen que ser receptivas e resolutivas, será resolutiva cando ademais de estar orientada ao cidadán está preocupada por ofrecerlle solucións.

Neste punto non nos debemos esquecer da lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto do empregado público, que establece por primeira vez na nosa lexislación unha regulación xeral dos deberes básicos dos empregados públicos, fundados en principios éticos e regras de comportamento, que constitúen un auténtico código de conduta.

Entende esta institución que o escrito que se promoveu desde esa xefatura do Servizo de Infraccións Urbanísticas non garda relación algunha cos principios que deben prevalecer na conduta dos funcionarios públicos.

Non obstante, trasladáselle para o seu coñecemento, como anexo, o historial do caso que nos ocupa, en relación con esta Institución. Da súa lectura infírese a auténtica realidade do caso.

A súa vez, enviaráselle copia deste escrito ao seu superior xerárquico aos efectos oportunos.

A o anterior achegouse un ANEXO de seis folios realizando todas as as actuacións realizadas desde o inicio do mesmo.

Con data 05/08/2013 recíbense copias das solicitudes presentadas polo interesado instando de novo o cumprimento total da sentenza do T. C-A. A vista do que o 06/08/2013 dirixímonos a Urbanismo insistindo no exposto anteriormente. Reiterando o anterior o 16/09/2013, 14/10/2013, 11/11/2013, 11/12/2013.

## **EXPEDIENTE 75/2006**

### ASUNTO:

Queixa en relación coa construción dun muro de peche nun camiño público sen deixar ningún tipo de retranqueo.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 4/12/2006. Con data 5/12/2006 solicítase o preceptivo informe.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2007, reitérase o pedimento anterior, e , de novo, lo 14/02/2007, 12/03/2007, 11/04/2007, 09/05/2007, 12/06/2007, 13/07/2007, 13/08/2007.

Con data 27/08/2007, recíbese escrito de X. M. Urbanismo no que se informa que o acordo do Concello de X. M. de Urbanismo de data 24/05/2007 declara como realizadas sen licenza e incompatíbel coa ordenación urbanística vixente e, xa que logo, decretar a súa derruba, as obras obxecto do presente expediente, e que o interesado presentou recurso de reposición pendente de resolver. Do que se dá cumprida información ao interesado o 19/09/2007.

Con data 08/10/2007, comparece o interesado na queixa e indícanos que segue a padecer moitas dificultades para acceder a súa propiedade, existindo un furado que se enche de lixo e auga que as incrementa, así como o depósito de plantas que se fixo polo propietario de obra denunciada. Previamente o 19/09/2007, instouse nova información con respecto o recurso pendente de resolver.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/02/2008, reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 10/04/2008 o 05/05/2008, o 20/05/2008 o 24/06/2008 o 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 19/11/2008, 17/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 18/03/2009, 23/04/2009, 18/05/2009, 16/06/2009, 24/07/2009, 24/08/2009, 24/09/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 03/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 03/06/2010, 05/07/2010, 03/08/2010, 02/09/2010, 04/10/2010, 02/11/2010, 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 11/01/2011 reiterase o pedimento informativo, e, de novo, o 14/02/2011.

Con data 21/02/2011, recíbese escrito de Urbanismo e Vivenda no que informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (do Expte: 75/2006) infórmolle do seguinte:*

*Con data 24/06/03 presentan escrito de alegacións no que informan da construción dun muro de peche no camiño público.*

*Con data 18/09/03 realízase unha inspección onde constátase:" a existencia dun peche duns 47 m de longo, composto por postes prefabricados de formigón, dúas fiadas de bloques cunha altura de 0,5 m e arame até unha altura media duns 1,80 m en total. Este peche sitúase a unha distancia mínima das propiedades da súa fronte duns 2,48 m, constituíndo polo tanto un camiño dese ancho.*

*Asemade existen dous pilares de formigón na fronte da edificación que accede a este camiño que distan 0,8 m do peche; a edificación sitúase a 3 m deste nesta zoa.*

*Con data 14/10/03 o Auxiliar Técnico Oficial do Inventario Municipal informa que o camiño Gándara R-2 consta no Inventario Municipal coa conseguinte titularidade Municipal do mesmo. Sen embargo, este camiño non figura grafado na folla cartográfica nº 6-40, e neste mesmo informe considéranos un erro de transcripción, xa que si consta no listado oficial do Epígrafe I de Bens Inmóbeis e Vías Públicas.*

*Con data 11/12/03 Incóase procedemento de restauración da legalidade urbanística.*

*Informe de inspección: o inspector municipal con relación á obra executada informou:*

*"Á vista do documento de cabeceira, realicei unha inspección o día 18 de setembro de 2003 e comprobei que existe un peche duns 47 m de longo, composto por postes prefabricados de formigón, dúas fiadas de bloques cunha altura de 0,5 m e arame até unha altura media duns 1,80 m en total. Este peche sitúase a unha distancia mínima das propiedades da súa fronte duns 2,48 m, constituíndo polo tanto un camiño dese ancho..."*

*Licenza de Obras:(Expte. nº.42856/421): Por resolución do presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 29-8-2002 autorízase a construción dunha vivenda unifamiliar composta de soto para garaxe, planta baixa e planta alta, así como baixo cuberta, para vivenda, segundo proxecto redactado polo arquitecto.*

*Superficie da parcela s/escritura: 1.224,00 m<sup>2</sup>*

*Con data 24/12/03, presenta recurso potestativo de reposición no que alega que a resolución ditada, pese a tratarse dun acto de trámite, produce indefensión e prexuízo irreparábel aos dereitos e intereses lexítimos do recorrente o amparo do artigo 107 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, por fundamentarse nun feito incerto e no acreditado de que o camiño cuestionado é de dominio público.*

*Con data 22/12/04 publícase no B.O.P. Un edito no que se informa:*

*"A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 13 de setembro de 2004, acordou aprobar a corrección material dun erro de grafía existente no plano (folia 6-4º) da palimetría de viais do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, grafando o ramal 2 do camiño."*

*Con data 22/06/06 declárase a caducidade do proceso e prodúcese unha nova incoación do mesmo.*

*Con data 24/11/06 presenta escrito de alegacións solicitando a nulidade de pleno dereito da resolución de 22/06/06, como do acto administrativo como da súa notificación.*

*Con data 3/08/07 presenta escrito de alegacións solicitando a execución forzosa da demolición da obra.*

*O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de 25/05/2007, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Declarar como realizadas sen licencia e incompatíbeis coa ordenación urbanística vixente e, xa que logo, decretar a súa derruba, as obras obxecto do presente expediente, executadas, consistentes en realización de peche.*

*SEGUNDO.- Requirir concedéndolle o prazo DUN MES a contar da data de notificación do presente acordo, para que proceda voluntariamente á derruba das obras referidas no apartado anterior, co apercibimento de que, en caso de incumprimento, procederáse por este concello á execución forzosa da citada demolición, ben mediante execución subsidiaria por conta do interesado, ben mediante a imposición de multas coercitivas reiterábeis até lograr a execución polo suxeito obrigado, de conformidade cos artigos 95 e seguintes da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*Actualmente atópase pendente de execución e de resolución do recurso contencioso- administrativo, presentado con data 24/12/03.*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 22/02/2011, indicándolle que, en datas vindeiras, instarase información actualizada; o que se fai o 17/03/2011, 19/04/2011, 18/05/2011, 17/06/2011, 14/07/2011.

Durante o ano 2012, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2012 reiterase a petición de informe, e, de novo, o 12/01/2012, 14/02/2012, 12/03/2012, 12/04/2012, 09/05/2012, 05/06/2012, 09/07/2012, 09/08/2012, 12/09/2012, 10/10/2012, 09/11/2012, 07/12/2012.

Durante o ano 2013, déronse as actuacións seguintes:

Con data 08/01/2013 reiterase a pedimento anterior por vinte e unha veces, e de novo, o 05/02/2013, 05/03/2013.

Con data 05/03/2013 recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información actualizada sobre as queixas efectuadas, en relación ao expediente de protección da legalidade urbanísticas nº 12381/423, infórmolle o seguinte:*

*Tal e como se informou á oficina do Valedor do Cidadán con data 08/02/2011, o prazo para a execución da orde de derruba do peche obxecto do indicado expediente foi suspendido polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo con data 25/11/2007, en tanto no recaía resolución xudicial no procedemento ordinario 314/2007.*

*Unha vez recibida a sentenza recaída no referido procedemento xudicial, con data 21 de febreiro de 2013 a xefa do servizo de infraccións urbanísticas da XMU elevou á Vicepresidente da XMU a seguinte proposta de arquivo do expediente:*

*"INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE ARQUIVO DE EXPEDIENTE.*

#### *ANTECEDENTES*

*1. Con data 25/05/2007 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (en diante XMU), en relación co expediente de protección da legalidade urbanística núm. 12381/423, acordou:*

*"PRIMEIRO.- Declarar como realizadas sen licenza e incompatíbeis coa ordenación urbanística vixente e, xa que logo, decretar a súa derruba, as obras obxecto do presente expediente, executadas no Cº Gándara, consistentes en realización de peche.*

*SEGUNDO.- Requirir a concedéndolle o prazo DUN MES a contar da data de notificación do presente acordo, para que proceda voluntariamente á derruba das obras referidas no apartado anterior, co apercibimento de que, en caso de incumprimento, procederase por este concello á execución forzosa da citada demolición, ben mediante execución subsidiaria por conta do interesado, ben mediante imposición de multas coercitivas reiterábeis até lograr a execución polo suxeito obrigado, de*

*conformidade cos artigos 95 e seguintes da Lei 30/9, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común”.*

*2. En relación ao referido acto administrativo, con data 15/11/2007 o Consello da XMU, acordou:*

*“Suspende a execución do acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 25 de maio de 2007 que declara como realizadas sen licenza e incompatíbeis coa ordenación urbanística vixente e decreta a súa demolición as obras de execución de peche no camiño, en tanto no recaia resolución xudicial no procedemento ordinario 314/2007”.*

*O anterior acordo notificouse ao interesado con data 28/11/2007.*

*3. Con data 02/02/2009 o Xulgado de 1ª Instancia núm. 10 de Vigo ditou a Sentenza N° 25/2009, cuxo fallo literalmente establece:*

*“Que estimando a demanda, debo declarar e declaro que a franxa de terreo de aproximadamente 116,56 m2 de superficie que, coa lonxitude de, aproximadamente 47 metros de longo, transcorre polo lindeiro Leste da finca propiedade dos actores e descrita no feito I da demandada, forma parte da mesma, sendo propiedade dos demandantes CONDEANDO ao Excmo. Concello de Vigo, a estar e pasar pola dita declaración con imposición de custas á entidade local demandada”.*

*4. O Concello de Vigo presentou recurso de apelación contra a referida resolución xudicial, o cal foi desestimado mediante a Sentenza N° 27 da Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección 6º, de data 17/01/2011.*

## *FUNDAMENTOS XURÍDICOS*

*5. Título competencial.- Ao abeiro do disposto nos art., 224 e 230 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUGA), as administracións locais de Galicia están obrigadas a adoptar as medidas necesarias para a protección da legalidade urbanística na esfera da súa competencia.*

*6. Procedencia do arquivo do expediente.- A Sentenza firme do Xulgado de 1ª Instancia núm. 10 de Vigo nº 25/2009, de data 02/02/2009, declara que a franxa de terreo na que se sitúa o peche obxecto do presente expediente non é de titularidade pública senón que pertence ao e condena ao Concello de Vigo a estar e pasar pola dita declaración.*

*O Acordo do Consello da XMU de data 25/05/2007, finalizador do presente procedemento de protección da legalidade urbanística, declaraba o peche executado como realizado sen licenza e non legalizábel e, en consecuencia, ordenaba a súa derruba, baseándose na titularidade pública do chamado Camiño, a cal determinaba o incumprimento da aliñación fixada polo planeamento. Non obstante, a decisión xudicial sobre a propiedade privada do terreo determina agora a aparente compatibilidade co planeamento do peche en cuestión, razón pola cal procede archivar o presente procedemento de protección da legalidade urbanística, sen prexuízo da posterior incoación dun novo procedemento, baixo un novo número de expediente, co obxecto de requirir a legalización do peche realizado sen licenza.*

*7. Competencia.- É competente para adoptar a presente resolución a Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, consonte o disposto nos artigos 209 LOUGA e 5 dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo, aprobados polo Concello Pleno o 29 de xullo de 1996 e modificados mediante acordo plenario de data 26.04.2010 (BOP N° 137), do martes 20 de xullo de 2010; versión consolidada BOP N° 193, do mércores 6 de outubro de 2010), así como na resolución do Alcalde – Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo do 08.02.2013.*

*8. Recursos que proceden contra o presente acordo.- Contra a presente resolución, que finaliza a vía administrativa, cabe interpor alternativamente o recurso potestativo de reposición regulado no art. 116 e 117 LRXPAC, ante esta Administración municipal no prazo dun mes desde o día seguinte á recepción da presente resolución, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses (arts. 25 e 46 da lei 29/1998, do 13 de xuño, da xurisdicción contencioso-administrativa), se ben estes recursos deben referirse única e exclusivamente ao requirimento en canto acto de execución dunha resolución administrativa firme, non ao acto administrativo que executa.*

*Á vista dos antecedentes expostos e da normativa citada, proponse á Vicepresidente da XMU a adopción da seguinte*

#### *“RESOLUCIÓN*

*PRIMEIRO.- Deixar sen efectos o Acordo do Consello da XMU de data 25/05/2007, finalizador do presente procedemento de protección da legalidade*

*urbanística, en estrito cumprimento da Sentenza firme do Xulgado de 1ª Instancia núm. 10 de Vigo nº 25/2009, de data 02/02/2009, a cal declara a titularidade privada da franxa de terreo sobre a que se sitúa o peche obxecto do presente expediente e condena ao Concello de Vigo a estar e pasar pola dita declaración.*

*SEGUNDO.- Archivar o expediente de protección da legalidade urbanística nº 12381/423, toda vez que, de conformidade coa referida resolución xudicial, o peche obxecto do presente expediente xa non incumpre a aliñación fixada polo planeamento, motivo polo cal foi declarado polo Acordo do Consello da XMU de data 25/05/2007 como ilegalizábel. Todo o anterior, sen prexuízo da posterior incoación dun novo procedemento, baixo un novo número de expediente, co obxecto de requirir ao a legalización do peche realizado sen licenza.*

*TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución á oficina de Participación Cidadá do Concello de Vigo para o seu coñecemento en relación á petición de información realizada polo Valedor do Cidadán (s/ref. 2388-321; ref. Valedor 75/2006).*

*CUARTO.- Notificar aos interesados a presente resolución, que finaliza a vía administrativa, coa advertencia de que contra ela cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes desde o día seguinte á recepción da presente resolución, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, se ben estes recursos deben referirse única e exclusivamente ao requirimento como acto previo á execución forzosa, non ao acto administrativo cuxo cumprimento se pretende.*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 03/03/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 77/2006**

### ASUNTO:

Queixa en relación coa instalación dunha antena de telefonía móbil sen licenza.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 13/12/2006, solicitándose na mesma data o preceptivo informe.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e de novo, o 19/02/2007, 15/03/2007, 17/04/2007, 16/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007, 30/08/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/02/2008, reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 10/04/2008, o 05/05/2008, o 20/05/2008, o 24/06/2008 o 23/07/2008, 23/10/2008, 19/11/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/02/2009 reitera o pedimento anterior, e, de novo o 18/03/2009, 23/04/2009, 18/05/2009, 16/06/2009, 24/07/2009, 24/08/2009, 24/09/2009, 26/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:



Con data 03/02/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 03/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 03/06/2010, 05/07/2010, 03/08/2010, 02/09/2010, 04/10/2010, 02/11/2010, 20/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 11/01/2011 reiterase o pedimento anterior, e, de novo, o 14/02/2011.

Con data 21/02/2011 recíbese escrito de Urbanismo e Vivenda no que informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas pola Comunidade de propietarios (ref. expte: 77/2006) infórmolle o seguinte:*

*Con datas 29/11/06, 20/12/06, 5/07/07, 18/07/07, a comunidade de propietarios de Sanjurjo Badía nº XX presentou escritos de alegacións no que informan da colocación dunha antena de telefonía móbil no edificio lindeiro, que segundo eles, corresponde ao edificio situado noutro número da mesma rúa.*

*Segundo informe de inspección con data 15/12/06 obsérvase que no predio situado en Sanjurjo Badía YY, hai colocada unha antena de telefonía móbil con data de entrada no Rexistro Xeral do 30/09/2006 correspondente a entidade que presentou unha solicitude de licenza de actividades e instalacións que se está a tramitar.*

*Con data 4/01/07 a arquitecta da oficina técnica de licenzas notificou que "con data 30/12/2004 o Pleno do Concello acordou aprobar inicialmente o Novo Plan Xeral de Ordenación Municipal e suspender o outorgamento de licenzas en toda área territorial do municipio de Vigo, nos casos nos que a nova ordenación inicialmente aprobada resultase incompatíbel coa establecida no planeamento vixente. Xa que no artigo 5.9.3 do novo plan xeral determinase que para a nova implantación de antenas ou elementos repetidores das telefonías móbiles as empresas distribuidoras de sinais deberán elaborar conxuntamente un Plan Especial de Infraestruturas no que se determinen as condicións de localización de elementos portantes das citadas antenas ou repetidores para garantir a cobertura telefónica, ou doutra natureza, que se considere necesario para a total cobertura do municipio e a expresa prohibición da súa instalación en edificios de uso residencial, non é posíbel continuar ca tramitación en tanto non se aprrobe o novo planeamento xeral"*

*Con data 23/05/07 incóase procedemento de protección da legalidade urbanística, sendo notificado o 31/08/07.*

*Con data 29/07/07 preséntanse alegacións pola comunidade de propietarios de Sanjurjo Badía ZZ solicitando a denegación da autorización para a instalación de antena de telefonía móbil no edificio.*

*Con data 25/09/07 preséntanse alegacións por o solicitante.*

*Con data 4/04/08 acórdase resolución municipal:*

*PRIMEIRO.- Declarar como realizadas sen licenza as obras obxecto do presente expediente, executadas consistentes en realización de obras para a colocación de unha estación base de telefonía móbil. A Posibilidade de legalización da instalación depende do seu axuste co establecido na Ordenanza Municipal Reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento dos elementos de equipos de telecomunicacións no termo municipal de Vigo ( A.D. 26.02.01 BOP 05-04-01) e demais normativa de aplicación.*

*SEGUNDO.- Requirir para que, no prazo de TRES MESES a contar da data de notificación da presente resolución, para que complete a documentación precisa para a tramitación da licenza de obras que ten solicitada. De non achegar esta documentación ou de non axustar as obras ás condicións da licenza, ordenarase a retirada da citada instalación impedindo definitivamente os usos ós que dera lugar, de igual modo ordenarase a súa retirada no suposto de que a licenza fose denegada por ser o outorgamento contrario á legalidade".*

*Con data 19/01/11 o departamento de Licenzas de actividades e instalacións informa o seguinte:*

*En contestación á dilixencia da Oficina de Disciplina Urbanística de data 12/01/2011, na que instan se informe sobre o estado da tramitación dos expedientes de solicitude de licenza de acondicionamento e instalación de estación base de telefonía móbil esta Oficina de Actividades e Instalacións comunica:*

*Con data 17/02/2009 a arquitecta municipal requiriu a presentación de determinada documentación técnica para poder informar a súa instancia (saída 14 17-2009). Porén, con data 25/06/2009 a entidade interesada presentou un escrito no que solicitaba unha ampliación do prazo concedido para achegar a documentación requirida (núm. doc. 90095394).*

*Remítolle copia do acordo de data 4/04/08.*

Do que se deu cumprida información á interesada o 23/02/2011, indicando que, en datas vindeiras solicitarase información actualizada o que se fai o 17/03/2011, 19/04/2011, 18/05/2011, 17/06/2011, 14/07/2011

Durante o ano 2012, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2012 reiterase a petición de informe, e, de novo, o 14/02/2012, 12/03/2012, 12/04/2012, 09/05/2012, 05/06/2012, 09/07/2012, 09/08/2012, 12/09/2012, 10/10/2012, 09/11/2012, 07/12/2012.

Durante o ano 2013, déronse as actuacións seguintes:

Con data 07/01/2013, reiterase a pedimento anterior por vixésima vez, e de novo, o 05/02/2013, 05/03/2013.

Con data 05/03/2013 recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte.

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información actualizada sobre as denuncias efectuadas,, en representación da Comunidade de Veciños, en relación á instalación dunha antena de telefonía móbil no edificio, infórmolle do seguinte:*

*Tal e como se informou por parte deste departamento ao Valedor do Cidadán con data 08/02/2011, o servizo de Infraccións urbanísticas de XMU realizou as dilixencias de información previa oportunas para comprobar os feitos denunciados. Segundo informa o inspector municipal de urbanismo con data 15/12/2006, no edificio situado en Sanjurjo Badía, YY, hai colocada unha antena de telefonía móbil con data de entrada no Rexistro Xeral do 30/09/2006 correspondente á Entidade de Telecomunicacións, S.A., que presentou unha solicitude de licenza de actividades e instalacións que se está tramitando (expediente núm. 57738/421).*

*Con data 04/01/07 a arquitecta da oficina técnica de licenzas notificou á XX, S.A., no expediente de licenzas nº 57738/421) que "con data 30/12/2004 o Pleno do Concello acordou aprobar inicialmente o Novo Plan Xeral de Ordenación Municipal e suspender o outorgamento de licenzas en toda área territorial do municipio de Vigo, nos casos nos que a nova ordenación inicialmente aprobada resultase incompatíbel coa establecida no planeamento vixente. Xa que no artigo 5.9.3 do novo plan xeral determinase que para a nova implantación de antenas ou elementos repetidores das telefonías móbiles as empresas distribuidoras de sinais deberán elaborar conxuntamente un Plan Especial de Infraestruturas no que se determinen as condicións de localización de elementos portantes das citadas antenas ou repetidores para garantir a cobertura telefónica, ou doutra natureza, que se considere necesario para a total cobertura do municipio e a expresa prohibición da súa instalación de edificios de uso residencial, non é posíbel continuar ca tramitación en tanto non se aprobe o novo planeamento xeral."*

*Con data 23.05.2007 incóase procedemento de protección da legalidade urbanística, sendo notificada a XX, S.A., o 31/08/2007.*

*Con data 29.07.2007 a comunidade de propietarios solicitou a denegación da autorización para a instalación de antena de telefonía móbil no edificio. Con data 25/09/2007 preséntase alegacións por parte da XX, S.A.*

*Con data 04.04.08 resólvese definitivamente o expediente de protección da legalidade urbanística mediante a seguinte resolución municipal:*

*"PRIMEIRO.- Declarar como realizadas sen licenza as obras obxecto do presente expediente,, consistentes en realización de obras para a colocación de una estación base de telefonía móbil. A posibilidade de legalización da instalación depende do seu axuste co establecido na Ordenanza Municipal Reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento dos elementos de equipos de telecomunicacións no termo municipal de Vigo (A.D. 26.02.01 BOP 05-04-01) e demais normativa de aplicación.*

*SEGUNDO.- Requirit a XX, S.A. para que, no prazo de TRES MESES a contar da data de notificación da presente resolución, para que complete a documentación precisa para a tramitación da licenza de obras*

*que ten solicitada. De non achegar esta documentación ou de non axustar as obras ás condicións da licenza, ordenarase a retirada da citada instalación impedindo definitivamente os usos ós que dera lugar, de igual modo ordenarase a súa retirada no suposto de que a licenza fose denegada por ser o outorgamento contrario á legalidade”.*

*Con data 19.01.2011 o departamento de Licenzas de actividades e instalacións informa o seguinte:*

*En contestación á dilixencia da Oficina de Disciplina Urbanística de data 12/01/2011, na que instan se informe sobre o estado da tramitación dos expedientes de solicitude de licenza de acondicionamento e instalación de estación base de telefonía móbil na rúa, iniciados pola Entidade de Telecomunicacións, SA a presentación de determinada documentación técnica para poder informar a súa instancia (saída 14 17-2009). Porén, con data 25/06/2009 a entidade interesada presentou un escrito no que solicitaba unha ampliación do prazo concedido para achegar a documentación requirida (núm. doc. 90095394).*

*A execución forzosa da orde de legalización ten, na actualidade, un grao 8 de prioridade na tramitación por parte deste servizo de infraccións urbanísticas, toda vez que, con posterioridade ás actuacións practicadas, a Disposición Adicional Terceira da Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización de comercio e de determinados servizos, actualmente en vigor, exceptúa do procedemento de concesión de licenza municipal: “ás estacións e instalacións radioelétricas utilizadas para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñíbeis para o público, a excepción daquelas nas que concorran as circunstancias referidas no artigo 2.2 desta Lei, ocupen unha superficie superior a 300m<sup>2</sup>, computándose a tal efecto toda a superficie incluída dentro do valado da estación ou instalación ou, tratándose de instalacións de nova construción, teñan impacto en espazos naturais protexidos”*

Por este motivo, a tramitación do procedemento de execución forzosa pasou a ter a menor prioridade outorgada polo Plan de Inspección urbanística do Concello de Vigo. Das seguintes actuacións que se practiquen segundo os medios persoais e materiais dispoñíbeis neste departamento, darase oportuna conta á oficina do Valedor do Cidadán.”

Do que se deu cumprida información ao interesado o 08/03/2013, indicando que, en datas vindeiras solicitase información actualizada por si houbera algunha actuación adicional.

O que se tramita o 05/04/2013, o 06/05/2013, 17/06/2013, 04/07/2013, 02/08/2013, 03/09/2013, 07/10/2013, 11/11/2013, 02/12/2013.

## **EXPEDIENTE 78/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación cunha obra declarada ilegal e incompatible coa legalidade, segundo acordo do ano 1997, e que segue sen solución.

## SITUACIÓN:

Queixa presentada o 26/12/2006, solicitándose o preceptivo informe na mesma data.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 29/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 27/02/2007, 27/03/2007, 23/04/2007, 21/05/2007, 21/06/2007, 26/07/2007, 30/08/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2008 recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que informa que tralas sentenzas do xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, d e08/05/2005, e do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza de 04/10/32007, procédese a apertura de expediente de execución subsidiaria.

Do que se deu cumprida información á interesada o 24/01/2008.

Con data 10/04/2008, e dado o tempo transcorrido, solicítase información actualizada en relación co expediente de execución subsidiaria citada, e de novo, o 07/05/2008, o 27/05/2008 o 26/06/2008 o 24/07/2008, 28/08/2008, 29/09/2008, 25/11/2008, 17/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 23/01/2009, reiterouse o pedimento anterior, por novena vez, que se reitera o 18/02/2009, 24/03/2009, 24/04/2009, 22/05/2009, 22/06/2009, 27/07/2009, 28/08/2009, 24/09/2009, 26/10/2009

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 03/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 03/06/2010, 05/07/2010, 03/08/2010, 02/09/2010, 04/10/2010, 02/11/2010, 10/12/2010.

Durante o ano 2011, déronse as actuacións seguintes:

Con data 11/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 14/02/2011.

Con data 21/02/2011 recíbese escrito de Urbanismo e Vivenda no que informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (ref. expte: 78/2006) infórmolle do seguinte:*

*O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 6de xuño de 1997 no expediente de protección da legalidade urbanística nº 6245/423, acordou declarar como realizadas sen licencia*

*e incompatíbeis coa ordenación urbanística vixente, e xa que logo, decretar a súa derruba, as obras obxecto do expediente, executadas,, consistentes en: edificación unifamiliar composta de planta baixa e aproveitamento baixo cuberta, e xa que logo, requirir, concedéndolle o prazo dun mes a contar da data de notificación do acordo, para que procedera voluntariamente á derruba das obras, co apercibimento de que en caso de incumprimento desta orde de demolición, procederíase por este Concello á súa execución forzosa, ben en forma subsidiaria a costa do interesado ben mediante imposición de multas coercitivas ao interesado en contía de 50.000 a 500.000 ptas., reiterábeis até lograr a execución polo obrigado.*

*Con data 6/09/01 díctase sentenza polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desestimando o recurso contencioso-administrativo 02/00618/97 interposto contra o acordo 6/06/97 do Concello de Vigo no que se declaran como realizadas sen licenza e incompatíbeis co ordenamento urbanístico vixente e na que se decreta a demolición as obras de construción da edificación unifamiliar.*

*Realizada visita de inspección o día 10 de xuño de 2002, o inspector municipal informa que as obras obxecto deste expediente non foron derrubadas.*

*O presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, mediante resolución de data 21 de xuño de 2002, impuxo multa coercitiva en contía de 600 euros polo incumprimento da demolición ordenada no acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo co apercibimento da posibilidade da imposición dunha nova multa coercitiva se transcorrido o prazo dun mes a derruba non se tivese realizado.*

*Con data 14 de outubro de 2003 o inspector municipal informa que as obras obxecto deste expediente non foron derrubadas.*

*O vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, mediante resolución de data 13/11/2003 impuxo multas coercitivas en contía de 400 euros a cada un polo incumprimento da demolición ordenada no acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo co apercibimento da posibilidade da imposición dunha nova multa coercitiva se transcorrido o prazo dun mes a derruba non se tivese realizado.*

*Realizada visita de inspección o día 08/04/2005 o inspector municipal informa que as obras obxecto deste expediente non foron derrubadas.*

*O vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, mediante resolución de data 8/04/2005 impuxo multas coercitivas en contía de 600 euros a cada un polo incumprimento da demolición ordenada no acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo co apercibimento da posibilidade da imposición dunha nova multa coercitiva se transcorrido o prazo dun mes a derruba non se tivese realizado.*

*O Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, en sentenza de 08/05/2005 recaída no P.A nº 305/2004, interposto estima a demanda contra a inexecución polo Concello de Vigo da resolución firme de 06/06/1997 pola que se declaraban ilegais e incompatíbeis coa ordenación urbanística vixente as obras de construción dunha edificación unifamiliar,, e condena ao Concello á execución da dita resolución nun prazo máximo de dous meses desde a firmeza da dita resolución.*

*O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na sentenza nº 760/2007 de 04/10/2007 desestima o recurso de apelación interposto contra a sentenza de 08/05/2005.*

*En consecuencia, co obxecto de dar debido cumprimento as resolucións xudiciais, de conformidade co mandato establecido no artigo 118 da norma constitucional, esta Administración procedeu a iniciar o procedemento de execución subsidiaria da sentenza número 126/2005 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº1 de Vigo (expediente número 14.480/423).*

*Deste xeito, a Delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, con data 6 de febreiro de 2008, resolve dispoñer o cumprimento nos seus propios termos da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº1 de Vigo de 8 de maio de 2005, requirindo o seu cumprimento voluntario no prazo dun mes e ordenando, para o caso de incumprimento, a incoación de expediente para a contratación de empresa de construción para a execución das obras de derruba, redacción de proxecto técnico e dirección das obras de demolición da edificación obxecto do presente expediente.*

*Constatado o incumprimento voluntario da anterior resolución, segundo reflite o informe da inspectora municipal de data 14 de maio de 2008, iníciense as actuacións para a contratación de empresa que leve a cabo as obras de demolición da construción de referencia.*

*Mediante providencia do Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 1 de Vigo, de data 9 de xuño de 2008, requírese a esta Administración a fin de que no prazo de 30 días acredite a execución da sentenza recaída no procedemento abreviado 305/2004.*

*O arquitecto municipal, con data 23 de xuño de 2008, realiza unha valoración da execución subsidiaria consistente na redacción de proxecto de derruba, dirección de obra e execución das obras de derruba na edificación, valoración que estima no importe de 30.197,96 euros.*

*Á vista do anterior, mediante decreto de 30 de xuño de 2008, a xerente de Urbanismo resolveu autorizar o gasto por importe máximo de 30.197,96 euros a favor, correspondente á redacción de proxecto, dirección e execución das obras de demolición da vivenda.*

*Dando conta ós interesados e o Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº1 de Vigo das actuacións realizadas, con data 29 de xullo de 2008 o Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda resolve:*

*“PRIMEIRO.- Dispoñer o cumprimento nos seus propios termos da sentenza número 126/2005, de data 18 de abril de 2005, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 1 de Vigo, recaída no recurso contencioso administrativo nº 305/2004, procedendo a realización a costa do obrigado, da derruba da construción executada, consistente nunha edificación unifamiliar composta de planta baixa e aproveitamento baixo cuberta.*

*SEGUNDO.- A presente execución subsidiaria, conforme ao ordenado na citada sentenza de data 18 de abril de 2005, levarase a efecto o próximo día 5 de setembro de 2008, executando as obras de derruba a empresa adjudicataria, de conformidade co proxecto de obras de demolición que se aprobe.*

*TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao interesado por axentes do corpo da Policía Local, ao efecto de que na data sinalada, facilite o acceso ao inmovible, toda vez que segundo reiterada xurisprudencia constitucional, a sentenza obxecto de cumprimento constitúe título habilitante suficiente para a entrada na edificación.*

*CUARTO.- Advírtese ao interesado que os custos efectivos que se deduzan da demolición serán pola súa conta e se lle imputarán o efecto de que proceda o seu aboamento nos prazos que se indiquen na oportuna liquidación, procedéndose en caso contrario a súa exixencia mediante o procedemento de constrinximento legalmente previsto consonte ao establecido no Regulamento xeral de recadación e na Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*QUINTO.- Comunicarlle que, de conformidade co disposto no artigo 556 do vixente Código Penal, a resistencia á autoridade ou ós seus axentes ou a grave desobediencia ós mesmos no exercicio das súas funcións pode resultar ser unha conduta constitutiva de delito de desobediencia.*

*SEXTO.- Sinalar ao interesado que a demolición non se suspenderá salvo causas de forza maior debidamente xustificadas polo interesado. No suposto de que con carácter previo á data fixada para a demolición o interesado tivera interese en executala na súa totalidade polos seus propios medios, deberá previamente, con antelación suficiente, poñelo en coñecemento municipal e achegar a documentación que corresponda ás obras de demolición e que garantan a seguridade tanto das persoas como dos bens que se puidesen ver afectados.*

*SÉPTIMO.- Dáse traslado ós distintos servizos municipais afectados, Obras e Proxectos Municipais e Policía Local, ao efecto de que dispoñan o necesario para dar cumprimento ao ordenado mediante a presente resolución.*

*OITAVO.- Dáse traslado da presente resolución ao Xulgado do Contencioso-Administrativo N° 1 de Vigo, á efecto de que tome razón do actuado."*

*A transcrita resolución é notificada a empresa adxudicataria das obras obxecto do presente expediente con data 5 de agosto de 2008 e recibida polos obrigados con datas 11 de agosto e 21 de agosto de 2008, segundo se reflite en acuse de recibo e na notificación practicada pola policía local, toda vez que a devandita notificación se intentou realizar por ambos medios.*

*Mediante resolución do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda, de data 1 de setembro de 2008, apróbase o proxecto de derruba da vivenda, redactado polo arquitecto técnico e presentado pola empresa adxudicataria da redacción de proxecto, dirección e execución das obras obxecto do presente expediente.*

*Ante a entrada en vigor do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente con data 16 de maio de 2008 e publicado no BOP o día 6 de agosto de 2008, co obxecto de coñecer a nova situación na que se atopa a vivenda obxecto do presente expediente, o arquitecto municipal informa a este respecto:*

*"O novo PXOM, aprobado definitivamente o 16/05/2008 (DOGA 03/06/2008), e publicado no BOP o 06/08/2008, clasifica a parcela na que se sitúa a edificación obxecto do presente expediente coma solo urbano consolidado, con ordenanza de aplicación 10 grao 2º de edificación residencial exterior.*



*A edificación atópase situada parcialmente en terreo cualificado como viario no planeamento vixente, nunha profundidade de aproximadamente 3'5 m. Ademais, invade os recuados mínimos obrigatorios, de 3 m. Ambos motivos provocan que a edificación non sexa legalizábel no seu estado actual."*

*Con data 4 de setembro de 2008, ten entrada no rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo, escrito que achega providencia do Xulgado do Contencioso-Administrativo N° 1 de Vigo, de data 4 de setembro de 2008. Na citada providencia maniféstase a solicitude de levar a cabo dun modo voluntario as obras de demolición ordenadas, acordando ese Xulgado o seguinte:*

- *"conceder a la Administración demandada Concello de Vigo el plazo de cinco días para que pueda alegar lo que estime oportuno sobre la concesión de una prórroga de quince días para realizar la demolición ordenada";*
- *"se autoriza expresamente en esta resolución al Concello para que el interin pueda suspender dicha ejecución".*

*Á vista da anterior providencia, o Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda, con data 5 de setembro de 2008, ditou a seguinte resolución:*

*"PRIMEIRO.- Suspender a execución subsidiaria da demolición das obras executadas, consistentes nunha edificación unifamiliar composta de planta baixa e aproveitamento baixo cuberta, fixada mediante resolución de data 29 de xullo de 2008 do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda para o día 5 de setembro de 2008, en execución da sentenza número 126/2005, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo N°1 de Vigo con data 18 de abril de 2005; toda vez que mediante providencia dese Xulgado de data 4 de setembro de 2008 se autoriza expresamente ao Concello para suspender a devandita execución.*

*SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ao interesado e á empresa adxudicataria da redacción de proxecto, dirección e execución das obras de demolición.*

*TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución ao xulgado do Contencioso-Administrativo N° 1 de Vigo."*

*A resolución do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de 29 de xullo de 2008, na que se fixaba como data para proceder a execución subsidiaria das obras de derruba da edificación, o día 5 de setembro de 2008, que motivou a providencia dese Xulgado de data 4 de setembro de 2008, foi ditada nun procedemento de execución de sentenza, sentenza número 126/2005, na que expresamente se condenaba a esta Administración a levar a cabo a devandita execución subsidiaria.*

*Con data 7 de novembro de 2008, ten entrada no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo, escrito co que achega informe do arquitecto sobre o estado actual da derruba.*

*Mediante providencia de data 12 de febreiro de 2009, o Xulgado do Contencioso-Administrativo Número Un de Vigo, manifesta que "se considera procedente continuar adelante con la ejecución forzosa de la sentencia firme recaída en estos autos, hasta el completo cumplimiento de la ejecutoria por parte del Concello de Vigo."*

*Con data 27 de febreiro de 2009, o delegado da área de Urbanismo e Vivenda resolveu proceder ao cumprimento da Sentenza número 126/2005, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo Número Un de Vigo con data 28 de abril de 2005; sinalando o día 6 de marzo, ás 9.00 horas, para completar a execución da referida sentenza, mediante a demolición das obras sinaladas no informe da arquitecta municipal de data 27 de febreiro de 2009. Esta resolución foi debidamente notificada en data 2 de marzo de 2009.*

*Con data 3 de marzo de 2009, presenta escrito no Rexistro desta Xerencia Municipal de Urbanismo (documento número 90030483) no que manifesta que vai proceder a realizar a demolición do resto da edificación antes do día 6, mantendo unicamente as vallas de seguridade existentes.*

*A arquitecta municipal, en data 4 de marzo de 2009, emite o seguinte informe:*

*"No informe técnico de data 27/02/2009 sinalábase que a derruba da edificación declarada como realizada sen licenza daría lugar a unha diferenza de cota duns 2,85m entre a rúa a parcela obxecto deste expediente, polo que deberíanse adoptar as medidas de seguridade adecuadas.*

*Segundo o anteriormente exposto, e a xuízo da técnica que subscribe, no momento inmediatamente posterior á derruba do forxado situado á cota da rúa deberase instalar con carácter provisional unha varanda que protexa esta diferenza de nivel.*

*Para a execución dun peche nese fronte a propiedade deberá solicitar autorización municipal. O peche debe situarse na aliñación oficial, recuado con respecto ao límite da parcela. Segundo o art. 2.7.27. do PXOM ao tratarse dunha finca edificada a cesión gratuíta ao municipio dos terreos destinados a viais fóra das aliñacións deberá levarse a cabo cando na mesma se pretendan levar a cabo obras de reestruturación (parcial ou xeral), demolición, demolición por ruína inminente ou nova edificación (agás ás de ampliación que non superen o cinco (5) por cento da superficie edificada ou do volume actual da edificación). Polo tanto, coa execución dese peche de parcela recuado non se procedería á cesión e urbanización dos terreos.*

*Á vista das especiais circunstancias que concorren neste suposto mentres non se materialice a cesión e urbanización destes terreos, para a execución dun peche a propiedade podería solicitar licenza para un peche provisional polo límite da parcela suxeito ás condicións do PXOM en vigor, de cara a garantir as condicións de seguridade para as persoas e os bens exixíbeis segundo o establecido no D 28/1999 e na Lei 9/2002."*

*Con data 5 de marzo de 2009 a inspectora municipal informa o seguinte:*

*"Con relación al expediente de referencia se gira nueva visita de inspección a la rúa, comprobando que desde la anterior visita se ha derribado la placa superior de la construcción así como las paredes laterales tal y como se comprueba en las fotografías que se adjuntan. En el momento de la visita no se encontraban los propietarios y exteriormente se observan operarios que continúan realizando la demolición."*

*Realizada nova visita de inspección en data 6 de marzo de 2009, incorpóranse o expediente fotografías do estado das obras nesa data.*

*Con data 9 de marzo de 2009 a arquitecta municipal emite novo informe técnico no que sinala:*

*"En data 05/03/2009 a delineante municipal informou que se procedera á derruba da placa superior da construción así como das paredes laterais.*

*Nas fotografías achegadas no seu informe, apréciase a existencia de partes da edificación que permanecen en pé. Deberase xustificar mediante un informe técnico se as mesmas constitúen elementos necesarios para garantir a estabilidade da escaleira e do terreo ou, no suposto contrario, proceder a súa demolición.*

*Nas fotografías achegadas obsérvase tamén como foron colocados uns postes con malla metálica para protexer a diferenza de nivel existente entre a rúa e a parcela obxecto deste expediente.*

*Á vista da documentación sinalada anteriormente, non é posíbel avaliar a seguridade das medidas adoptadas para protexer esta diferenza de nivel. Será necesario que a propiedade xunte un informe técnico elaborado por técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional no que se poña de manifesto que as mesmas reúnen as debidas condicións de seguridade, solidez e estabilidade."*

*Con data 10 de marzo de 2009 o Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda ditou a seguinte resolución:*

*"PRIMEIRO.- Requirir a presentación de documentación técnica xustificativa da existencia de partes da edificación en pé, segundo se exige no informe técnico de data 9 de marzo de 2009, e, en caso contrario, proceder a súa demolición.*

*SEGUNDO.- Requirir ao interesado a presentación dun informe técnico no que se poña de manifesto que as medidas de seguridade adoptadas para protexer a diferenza de nivel entre a rúa e a parcela da súa propiedade reúnen as debidas condicións de seguridade, solidez e estabilidade.*

*TERCEIRO.- Advírtese ao interesado que, de non dar cumprimento ao disposto nos apartados anteriores, procederase por esta Administración a execución subsidiaria da demolición das partes da edificación que permanecen en pé, sendo pola súa conta os custos efectivos que se deduzan da demolición.*

*CUARTO.- Notificar a presente resolución ós interesados, comunicándolle que contra a mesma non cabe interpoñer recurso, ao tratarse dun acto executivo ditado en execución de sentenza.*

*QUINTO.- Dáse traslado da presente resolución ao Xulgado do Contencioso-Administrativo Número Un de Vigo, á efecto de que tome razón do actuado."*

*Esta resolución foi notificada en data 17 de marzo de 2009.*

*Con data 16 de marzo de 2009 recíbese providencia do Xulgado do Contencioso-Administrativo N° 1 de Vigo, de data 9 de marzo de 2009, na que se solicita informe da práctica da demolición restante para o cumprimento íntegro da sentenza, así como das medidas adoptadas para evitar riscos para terceiros, con independencia da responsabilidade da súa causación.*

*Con data 14 de abril de 2009, en cumprimento da resolución do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de data 23 de marzo de 2009, achega documentación en relación ca execución da devandita sentenza.*

*Examinada esa documentación, con data 14 da abril de 2009, a arquitecta municipal emite informe no que sinala que, o seu xuízo, "procedeuse á derruba da edificación obxecto deste expediente, deixando en pé tan só elementos que responden a necesidades estruturais".*

*Con data 09/07/2009 o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo emite auto no que se fai referencia a un escrito presentado pola parte demandante indicando que non pode entenderse executada a sentenza pois ao marxe do mantemento dos muros de contención, que si entenden xustificado, mantéñense igualmente unhas escaleiras e un habitáculo baixo as mesmas cuxa existencia non estaría xustificada en ditas necesidades estruturais.*

*Con data 15/07/2010 a arquitecta municipal emite o seguinte informe que anexamos. A vista de que falta a derruba de algúns elementos para cumprir a totalidade da sentenza procederanse os requirimentos necesarios.*

*Á vista da documentación que consta neste expediente remitido o técnico que susbscribe en relación coa solicitude de asesoría xurídica sobre o requirimento do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, de data 01.07.2010 sobre as medidas técnicas concretas que deberán tomarse para garantir a estabilidade dos muros de contención no suposto da demolición das escaleiras e o habitáculo que se atopa debaixo, emítese o seguinte:*

*INFORME:*

*ANTECEDENTES:*

- 1. O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión de data 06.06.1997 acordou declarar como realizadas sen licenza e incompatibeis coa ordenación urbanística vixente, e xa que logo, decretar a súa derruba, as obras executadas na Rúa Tomada nº..., consistentes en edificación unifamiliar composta de planta baixa e aproveitamento baixo cuberta (expte nº6.245/423).*
- 2. En Sentenza recaída no procedemento abreviado 305/04 en data 18.04.2005, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo condena á Administración Municipal a executar o acordo sinalado anteriormente.*
- 3. O Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no AUTO de data 09.07.2009 acorda que non pode entenderse por completada a execución da sentenza recaída no procedemento abreviado P.A, 305/04, requirindo ao Concello o derribo de parte do muro paralelo ás escaleiras así como o tellado metálico que uno o citado muro ás escaleiras.*

*1\_ Respecto o muro paralelo ás escaleiras:*

*Xirada visita de inspección a parcela de referencia pola técnica que subscribe en data 14.07.2010, se observa que se procedeu a derruba do muro, do pilar e da parte da trabe de formigón armado. A porción de viga que se mantén en pé ten unha lonxitude aproximada de 2,76m e xunto co muro inferior desempeñan unha función de sustento da lousa da escaleira.*

*Sobre a trabe descansa un muro de fábrica de ladrillo disposto a panderete duns 120cm de altura que protexe a diferenza de nivel.*

- *A vista da documentación que consta neste expediente non é posíbel determinar si o conxunto formado pola escaleira, a viga de formigón armado e o muro baixo a mesma desempeñe unha función estrutural do reforzo do muro de contención que limita coa Rúa. O interesado presentou en data 14.04.2009 un informe técnico, asinado polo arquitecto con visado colexial de data 08.04.2009, no que se xustifica a conservación dos muros de contención por soportar as terras das parcelas lindadeiras pero non se achega ningún dato técnico sobre a seguridade, solidez ou estabilidade dos mesmos nin se sinala a necesidade de executar algún tipo de reforzo. Á técnica que subscribe non conta con dato algún sobre a clase de solo e a capacidade portante do terreo, sobre as condicións iniciais de construción dos muros de contención e sobre o estado actual da estrutura (a viga de formigón armado parece presentar problemas de desagregación e corrosión) ademais non se dispón nin do tempo ni tampouco dos medios para a realización das análises e probas necesarias para o desenvolvemento dos cálculos estruturais e así poder establecer as medidas técnicas concretas máis adecuadas para o aseguramento dos mesmos. Sería necesario a realización por técnico competente dun informe técnico sobre a capacidade portante do muro de contención e sobre a función estrutural da escaleira, da viga de formigón armado e do muro baixo a mesma para poder determinar se se deberá proceder a estabilización, consolidación o reforzo destes elementos estruturais en caso de demolición das escaleiras.*

## *2\_ Respecto ao tellado metálico:*

*Xirada visita de inspección a parcela de referencia pola técnica que subscribe en data 14.07.2010, se advirte que o tellado metálico que une a lousa da escaleira con unha pequena porta de aluminio segue en pé. Como consecuencia da derruba do pilar, de parte da viga de formigón armado e do muro, o habitáculo existente baixo a escaleira presenta actualmente un dos seus parámetros practicamente aberto e delimitado por un peche metálico.*

- *A vista da información dispoñíbel, para proceder a demolición do tellado metálico non sería necesario a adopción de medidas técnicas concretas. A demolición levarase a termino de conformidade coas disposicións e normas vixentes que sexan de aplicación así como as prácticas axeitadas para este obxecto. Adoptáranse todas as medidas de seguridade necesarias para reducir o risco de accidentes, asegurando o risco a terceiras persoas ou sociedades.*

Do que se dá cumprida información á interesada o 22/02/2011 e indicándolle que, en datas vindeiras solicitarase información actualizada do que se lle dará cumprida notificación.

Con data 17/03/2011 solicítase información actualizada que se recibe o 11/04/2011 e no que se indica que “actualmente estase a espera da resolución do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo sobre o informe remitido o mesmo.

En canto se informe da mesma darase traslado o Valedor da información que corresponda.

Do que se dá traslado a interesado o 18/04/2011.

Con data 18/05/2011, dirixímonos a Urbanismo e Vivenda solicitando, de se lo caso, información ao respecto, reiterando o pedimento o 17/06/2011 e o 14/07/2011.

Durante o ano 2012, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2012 reiterase a petición de informe, e, de novo, o 14/02/2012, 12/03/2012, 12/04/2012, 09/05/2012, 05/06/2012, 09/07/2012, 09/08/2012, 12/09/2012, 10/10/2012, 09/11/2012, 07/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 07/01/2013, reiterase o pedimento anterior por décimo novena vez, e de novo, o 05/02/2013, 05/03/2013.

Con data 05/03/2013, recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa aclaracións sobre o informe de data 25.02.2011, recibida polo Valedor do Cidadán con data 02.03.2011, en relación coa queixa formulada, infórmolle o seguinte;*

*No informe de data 25.02.2011, se comunicaba ao Valedor do Cidadán que, nese momento, o expediente de execución subsidiaria 14480/423 se atopaba á espera da resolución do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, sobre o informe da arquitecta municipal de data 15.07.2010 e que, para mellor información se remite a continuación:*

*Á vista da documentación que consta neste expediente remitido ao técnico que subscribe en relación coa solicitude de informe de Asesoría Xurídica sobre o requirimento do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, de data 01.07.2010, sobre as medidas técnicas concretas que deberán tomarse para garantir a estabilidade dos muros de contención no suposto da demolición das escaleiras e o habitáculo que se atopa debaixo, emítese o seguinte:*

INFORME:

ANTECEDENTES:

*O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión de data 06.06.1997 acordou declarar como realizadas sen licenza e incompatíbeis coa ordenación urbanística vixente, e xa que logo, decretar a súa*

derruba, as obras executadas, consistentes en edificación unifamiliar composta de planta baixa e aproveitamento baixo cuberta (expte nº 6.245/423).

1. En Sentenza recaída no procedemento abreviado 305/04 en data 18.04.2005, o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo condena a Administración Municipal a executar o acordo sinalado anteriormente.
2. O Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no AUTO de data 09.07.2009 acorda que non pode entenderse por completada a execución da Sentenza recaída no procedemento abreviado P.A. 305/04, requirindo ao Concello o derribo da parte do muro paralelo ás escaleiras así como o tellado metálico que une o citado muro ás escaleiras.

#### 1\_ Respecto ao muro paralelo ás escaleiras:

- Xirada visita de inspección á parcela de referencia pola técnica que subscribe en data 14.07.2010, se observa que se procedeu a derruba do muro, do pilar e de parte da trabe de formigón armado. A porción de viga que se mantén en pé ten unha lonxitude aproximada de 2,76m e xunto co muro inferior desempeñan unha función de sustento da lousa da escaleira.

Sobre a viga descansa un muro de fábrica de ladrillo disposto a panderete duns 120cm de altura que protexe a diferenza de nivel.

- Á vista da documentación que consta neste expediente non é posíbel determinar si o conxunto formado pola escaleira, a viga de formigón armado e o muro baixo a mesma desempeñan unha función estrutural de reforzo do muro de contención que limita coa rúa. O interesado presentou en data 14.04.2009 un informe técnico, asinado polo con visado colexial de data 08.04.2009, no que xustifica a conservación dos muros de contención por soportar as terras das parcelas lindeiras perón non se achega ningún dato técnico sobre a seguridade, solidez ou estabilidade dos mesmos nin se sinala a necesidade de executar algún tipo de reforzo. A técnica que subscribe non conta con dato algún sobre a clase de solo e a capacidade portante do terreo, sobre as condicións iniciais de construción dos muros de contención e sobre o estado actual da estrutura (a viga de formigón armado parece presentar problemas de desagregación e corrosión). Ademais non se dispón nin do tempo nin tampouco dos medios para a realización das análises e probas necesarias para o desenvolvemento dos cálculos estruturais e así poder establecer as medidas técnicas concretas máis adecuadas para o aseguramento dos mesmos. Sería necesario a realización por técnico competente dun informe técnico sobre a capacidade portante do muro de contención e sobre a función estrutural da escaleira, da viga de formigón armado e do muro baixo a mesma para poder determinar se se deberá proceder a estabilización, consolidación ou reforzo destes elementos estruturais en caso de demolición das escaleiras.

#### 2\_ Respecto ao tellado metálico::

- Xirada visita de inspección á parcela de referencia pola técnica que subscribe en data 14.07.2010 se advirte que o tellado metálico que une a lousa da escaleira cunha pequena porta de aluminio segue en pé. Como consecuencia da derruba do pilar, de parte da viga de formigón armado e do muro, o habitáculo existente baixo a escaleira presenta actualmente un dos seus paramentos practicamente aberto e delimitado por un peche metálico.

- Á vista da información dispoñíbel, para proceder a demolición do tellado metálico non sería necesario a adopción de medidas técnicas concretas. A demolición levarase a termino de conformidade coas disposicións e normas vixentes que sexan de aplicación así como as prácticas axeitadas para este obxecto. Adoptaranse todas as medidas de seguridade necesarias para reducir o risco de accidentes, asegurando o risco a terceiras persoas ou propiedades."

Actualmente, seguimos á espera de dita resolución do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1. En canto se informe da mesma, darase traslado ao Valedor do Cidadán da información que corresponda."

Do que se deu cumprida información ao interesado o 08/03/2013, indicándolle que, en datas vindeiras solicitarase información actualizada se a houbera.

O que se fai o 05/04/2013, o que se recibe o 02/05/2013, sendo remitida copia de Auto do Xulgado Contencioso Administrativo o 03/05/2013 no que se remata indicando que se procederá ao completo cumprimento na execución da sentenza que se tornou firme, ditada por este xulgado o 18/04/2005, procedeuse ao arquivo das actuacións.

Rematando coa declaración da posibilidade de interpón recurso de apelación nun só efecto, no prazo de quince días a contar desde o seguinte ao da súa modificación.

Do que se deu cumprida información á interesada o 03/05/2013.

Sen incidencias posteriores.

## RESUMO ESTADÍSTICO

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE .....	1
Contaminación acústica.....	1
ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE .....	1
Retirada vehículo vía pública.....	1
ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA.....	8
Obras sen licenza .....	1
Obras en camiño público.....	3
Telefonía móbil sen licenza.....	2
Estado dun Edificio .....	1
Obra ilegal .....	1
<b>TOTAL EXPEDIENTES .....</b>	<b>10</b>

## REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS

1. URBANISMO .....	80 %
2. MEDIO AMBIENTE .....	10 %
3. MOBILIDADE E SEGURANZA .....	10 %

\*Ordenadas porcentualmente en orde decrecente.



# PARTE II

## ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2007 CON INCIDENCIAS NO ANO 2013

### INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de 6 expedientes correspondentes a solicitudes formuladas no ano 2007 con incidencias durante o 2013 e que corresponden a:

MEDIO AMBIENTE.....	1
MOBILIDADE E SEGURANZA.....	4
URBANISMO E VIVENDA.....	1
<b>TOTAL.....</b>	<b>6</b>

### EXPEDIENTES

#### CAPITULO I- MEDIO AMBIENTE //////////////////////////////////////

#### EXPEDIENTE 2/2007

##### ASUNTO

Queixa en relación co desacougo que está a padecer a veciñanza por mor da actividade que se realiza en determinadas industrias que están a prexudicar a súa saúde pola insalubridade con que están a traballar, superando os límites establecidos en materia de contaminación acústica que consideran insoportábeis.

O interesado achega copia da última denuncia, de data 24-11-06, na que fai mención a cinco denuncias anteriores, sen que se tivese adoptado ningunha medida, non obstante as funcións e obrigas que se citan na última denuncia e que se refliten:

- Vulneración continua da normativa de Medio Ambiente.
- Obrigas da administración pública municipal segundo o disposto no Decreto 320/2002 de 7 de novembro polo que se aproba o Regulamento que establece as ordenanzas tipo sobre contaminación acústica, con especial referencia ao artigo 3 sobre a quen corresponde a

adopción de medidas correctivas; así como o artigo 32, sobre as obrigas en relación co control do cumprimento do previsto no Regulamento; así como o artigo 33 en relación coa actividade de inspección.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 08-01-07. Con data 16-01-07 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 21-02-07, 22-03-07, 23-04-07, 22-05-07, 11-06-07. Con data 26-07-07 recíbese escrito de Medio Ambiente no que se informa de que se quedou de acordo co interesado para ter unha reunión no mes de agosto.

Con data 22-08-07, dáse traslado do anterior ao interesado pregándolle que unha vez celebrada a reunión, teña a ben informarnos da mesma. Información que non se ten recibido até o 09-11-07 e na que se subliña que por parte do Concello non se ten adoptado medida algunha na defensa da saúde dos cidadáns; do que se dá cumprido traslado á Concellería o 19-11-07, instando información actualizada ao respecto; reiterándose o 19-12-07.

### REFLEXIÓNS

Estamos ante un suposto que foi denunciado polo cidadán interesado en xuño de 2004, sen ter recibido resposta escrita en ningún momento, nin realizar acción ou actividade algunha en aras das obrigas que se derivan do Decreto 320/2002 (Ordenanza Tipo).

Este desleixo e omisión de auxilio ven a confirmar, unha vez máis, a cualificación que se lle ten asignado aos Concellos neste ámbito, cal é de "convidado de pedra".

Desde esta perspectiva, xa frecuente, no ámbito desta cidade, cabe precisar, unha vez máis, o seguinte:

1º) A Ordenanza vixente ten como obxectivo primordial regulamentar a actuación municipal cara á protección das persoas e dos bens, en contra das agresións producidas pola enerxía acústica de ruídos e vibracións.

Cando a ordenanza, de obrigado cumprimento, cita "actuación", está indicando acción e efecto de actuar, e "actuar" non é máis que realizar actos ou funcións propios do cargo ou do traballo, tamén significa facer uso dos propios dereitos.

Non actuar pois significa un desleixo de funcións, unha falta de cumprimento dunhas obrigas que obviamente implican unhas responsabilidades do axente en cuestión.

Esta situación implica, por unha parte un ataque ao concepto de domicilio inviolábel; este dereito fundamental require, como algo imprescindíbel, asegurar a súa protección non só fronte ás inxerencias de terceiras persoas, senón tamén fronte aos riscos que poidan xurdir nunha sociedade

tecnoloxicamente avanzada. Así o ruído pode chegar a representar un factor psicopatóxeno destacado no seo da sociedade e unha fonte de permanente perturbación da calidade de vida dos cidadáns (sentenza do Tribunal Supremo de 10 de abril de 2003).

Neste mesmo senso, e en relación co denominado ruído industrial pronunciouse o Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña (18 de xullo de 2002).

2º) A contaminación acústica pasa, nos últimos anos, a ser un problema de grande transcendencia social, que produce efectos fisiolóxicos non desexados nos cidadáns; e as principais fontes de contaminación atópanse na actividade industrial, na que se fai especialmente sensíbel non só pola intensidade do ruído senón tamén pola duración e pola discriminación horaria en que se produce. Entre os trastornos que ocasiona, faise especial referencia aos seguintes: auditivos, cardiovasculares, neurolóxicos, dixestivos, embarazo, poboación escolar, etc.

Retomando a perspectiva xeral do tema e, en especial, a actividade pasiva da administración responsábel, é dicir, dos oídos xordos da administración, séguese, como consecuencia, punxindo sobre os cidadáns, obrigándolles a encamiñarse á vía xudicial para dar saída a unhas circunstancias cuxa resolución pola administración máis próxima xa tiña que ser un feito lóxico e normal, non excepcional como ven acontecendo.

Estamos aínda lonxe de chegar a actuacións administrativas propias dos países do contorno máis avanzado.

Como exemplo de actividade non axeitada, cítase a sentenza do Tribunal Supremo, Sala Segunda do Penal, de 19 de outubro de 2006, na que se cualifica de inactividade dolosa dun alcalde ante a emisión de ruídos que fai desleixo de funcións, a sabendas de que unha industria emisora vulneraba a normativa legal.

Desde outra perspectiva de actividade diferente, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Zaragoza, en sentenza de 14 de febreiro de 2007, condena ao Concello de Zaragoza a indemnizar con 7.000 € a cada un dos veciños demandantes prexudicados polos ruídos provenientes dunha zona de lecer da cidade por funcionamento anormal ao non actuar en defensa dos cidadáns.

O que hoxe o “ruído se escoite” é testemuña dun esperanzador acordar da sociedade civil que clama polos seus lexítimos dereitos, coa exigencia de que os políticos aborden efectivamente de maneira decidida os problemas reais. (Lorenzo Martín Retortillo)

## RECOMENDACIÓNS

Actuacións decididas e efectivas, nun tema que afecta permanentemente aos cidadáns.

Respecto ao principio de legalidade que dimana do Regulamento Orgánico do Valedor do cidadán, artigo 10.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 17/01/2008, reiterouse o pedimento informativo actualizado, e de novo, o 19/02/2008, o 01/04/2008, faise constar a visita do interesado que fai entrega da copia de escritos dirixidos o Concello; de 13/09/2007, 20/11/2007 e 25/01/2008, do que non tivo resposta.

Con data 05/05/2008, reiterase o pedimento informativo, e de novo, o 22/05/2008, o 18/06/2008 achegando copia de informe técnico da avaliación acústica ambiental do entorno que nos ocupa, efectuado por empresa acreditada e autorizada; no mesmo observase que o problema da contaminación é grave o que imposibilita unha vida decorosa dos afectados; indicando, unha vez mais, que a mellora da lexitimidade tense que buscar pola vía dos rendementos e que esta lexitimidade está ligada coa capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do entorno. Con data 23/07/2008 reitérase o pedimento anterior, e de novo o 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008, 18/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009, reitérase, por décimo terceira vez, o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009.

Con data 24/04/2008 recíbese informe pormenorizado, de Medio Ambiente sobre as actuacións levadas a cabo pola Policía local. Do que se dá cumprida información ao interesado o 30/04/2009. Con data 16/06/2009, o interesado faínos entrega dun escrito, acompañado de varios anexos no que fai unha serie de alegacións ao informe de Medio Ambiente e que, en resumo, refírense a:

- Falta de axilidade e eficacia no solución do problema.
- Situación das actividades que se están a realizar, sen a adopción de medidas de prevención necesarios.
- Visitas policiais sen acompañamento dos medios técnicos necesarios.
- Visitas nas que se compraba o grao de inseguridade ambiental.
- Solicitude de medicións sonométricas que non se realizan
- Visitas da Policía nas que se comproba a polución ambiental.
- Solicitude de novas medicións, recibendo trato eslamiado por parte do persoal da Policía.
- Continuo funcionamento de sereas a horarios intempestivos.
- Previsións ao informe da Xerencia Municipal de Urbanismo sobre a situación da vivenda.
- Precisións sobre a información policial en relación coas súas visitas.
- Referencia ao informe confeccionado por empresa homologado, efectuando a petición do Valedor do Cidadán.

Do que se deu completo traslado a Concellería de Medio Ambiente o 18/06/2009, instando nunha actuación axeitada a situación e solicitando informe actualizado ao respecto, petición que se reitera o 29/07/2009.

Con data 24/08/2009, recíbese informe de Medio Ambiente no que se indica o seguinte:

*"En relación co seu escrito de data 18 de xuño de 2009, con respecto ao expediente 2/2007, este Concello, este Concello infórmalle que, a denuncia do interesado seguiu a seguinte tramitación:*

*1.- En 2004, don..... presenta denuncia no Rexistro Xeral do Concello de Vigo nas que manifesta o seguinte:*

*"(...) Los astilleros ..... sitos en la calle ....., frente a la fachada posterior de la finca urbana, ....., sobrepasan la emisión de decibelios que se pueden tolerar en el casco urbano.*

*Que el astillero ....., contiguo con el astillero ....., tiene colocados 2 altavoces sobre un andamio. Que dichos altavoces son utilizados con gran sonoridad y repiqueo de campana para llamar a sus trabajadores indicando, nombre y apellido, a presentarse en la portería del astillero.*

*Que los barcos son decapados y pintados al aire libre, que gran parte de estos residuos van al mar directamente.*

*Que los olores y los restos de los componentes de las pinturas, altamente contaminantes, son por el viento transportados sobre las viviendas, con riesgo para nuestra salud.*

*Que no se cumplen los horarios de actividad laboral, que se efectúan trabajos nocturnos, en días festivos.*

*Que no se respeta el derecho fundamental que los ciudadanos tenemos ha ser protegidos de la contaminación acústica y el derecho al descanso como así reconoce el Tribunal Constitucional (...)"*

*2.- Á vista da denuncia presentada, o departamento de Medio Ambiente do Concello de Vigo remite copia da mesma ao departamento de Medio Ambiente da Autoridade Portuaria, xa que o Concello non ten competencias no ámbito da súa titularidade onde se atopan as instalacións dos devanditos estaleiros e notifica a don ..... sobre o mesmo informándolle que en relación á superación dos niveis permitidos na Ordenanza Municipal de Contaminación acústica, debe avisar á Policía Local para realizar unha medición, a cal será remitida ao departamento de Medio Ambiente e se do mesmo, dedúcese a comisión dunha infracción se incoará un expediente.*

*3.- En novembro de 2006, a Autoridade Portuaria na súa calidade de titular das concesións de ámbalas dúas factorías, remite ao Concello de Vigo informe sobre os resultados obtidos no estudio de rúidos realizado, os cales manifestan que se encontraban dentro das marxes permitidas pola lexislación vixente, poñendo en coñecemento que a pesar de elo continuará realizando estudos de ruído na zona como control preventivo.*

*4.- Posteriormente don..... presenta reiteradas denuncias en datas sucesivas nas que solicita:*

*"(...)*

- Los controles de sonido, serán a efectuar en las instalaciones donde se desarrollan las actividades. No en las viviendas de los ciudadanos.
- Que se efectúen mediciones santométricas de las grúas en movimiento.
- Que no se efectúe ningún trabajo de embutición o conformado de chapa en el exterior (...).
- Que se suprima en absoluto el toque de las sirenas, todo el mundo debe conocer a que hora debe empezar o terminar su jornada laboral (...)
- Que se supriman las llamadas por megafonía a los trabajadores, hay otros medios (...)"

Asemade con data de entrada no Rexistro Xeral 12/02/07, solicita medición sonora.

5.- Con data 4 de maio de 2007, a Policía Local remite dilixencia ao departamento de Medio Ambiente no que informa que "Adjunto remito escrito del arriba reseñado, en el que se queja de los ruidos procedentes de los astilleros ubicados en la Avenida de .....

El remitente declina el ofrecimiento realizado por esta Policía Local para llevar a cabo una medición santométrica en su domicilio, insistiendo que el lugar donde ha de medirse son los astilleros o en la vía pública (...)"

6.- Con data 9 de outubro de 2007, o departamento de Medio Ambiente do Concello de Vigo, solicita a colaboración da Policía Local para que emitan un informe da utilización das sirenas en horario diurno e en actividade normal das empresas Freire e Armón.

7.- Con data 23 de outubro de 2007, a Policía Local informa que "(...) el viernes 19 de octubre de 2007, nos personamos en los astilleros ....., poniéndonos al habla con (...) jefe de producción de la firma.

Nos informó que la sirena ( de inicio de trabajo) que sonaba a las 7,00 horas durante e horario de verano había sido suprimida. Que actualmente suena a las 8,00 (horario de invierno) pero que iba a ser suprimida (...).

El mismo día 19, nos personamos una vez finalizada esta primera entrevista en los Astilleros ....., ubicados en el ..... (...). Ambos fueron informados del motivo de nuestra visita así como de las molestias que causaban las sirenas de su empresa, expresando su voluntad, al igual que en el primer caso, de tomar medidas encaminadas a solucionar el problema.

El día 15 de noviembre nos trasladamos a la Avenida..... exteriores de los dos astilleros objetos de informe.

A las 7,00 horas, momento en que se tendría que escuchar la sirena de Astilleros ....., que sirve para avisar del inicio de la jornada laboral, no se escuchó sonido alguno.

A las 8,00 horas del mismo día , momento en el que se inicia la jornada laboral en ....., se percibió un leve sonido de sirena, muy atenuado y casi imperceptible, cuya duración fue de dos o tres segundos, no pudiendo precisarse por parte de los agentes que realizabamos el control si procedía de los citados astilleros o cualquier otra empresa de la zona (...)"

8.- Con data 23/01/08, a Concellería delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo require ao interesado para que o denunciante solicite medicións sonométricas á Policía Local, posto que o departamento non ten partes de medicións, e é unha actuación previa para determinar con carácter preliminar si concorren circunstancias que xustifiquen a incoación d expediente sancionador, sinalando que a referida medición deberá preceptivamente contemplar o ruído de fondo, ou de ser o caso, reflectir a negativa dos responsábeis das industrias a paralizar a actividade e avalado sempre polo informe técnico correspondente.

Segundo consta no expediente, en data 24/01/08 sendo as 13.25 horas o interesado négase a recoller a documentación.

9.- Con rexistro de entrada de data 25/01/08, o interesado presenta denuncia na que manifesta o seguinte " A la fecha de la presente, no he recibido contestación escrita a los documentos anteriormente referenciados (...). No es el entender de los responsables del astillero ....., puesto que lo siguen utilizando; con un primer toque a las 7:55 otro a las 8:00 y así todo el día (...).Del mismo modo, el astillero ....., sigue utilizando ilegalmente, altísimos tonos de megafonía, desde las 7:00, para llamar a sus operarios a distintas partes de las instalaciones. (...) "

10.- Con data 05/02/08, a Concellería delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo require os estaleiros ..... manifestando que "

- Deberán solicitar autorización al menos 24 horas de antelación para cualquier operación que entrañe risco contra o medio ambiente.
- Cando realizen traballos de limpeza, pintado e outros, deberán solicitar a correspondente autorización, sendo necesario toldear herméticamente a zona de traballo, recoller e ser entregados os restos o Xestor autorizado dos residuos xenerados.
- Os traballos que xeneren contaminación acústica, estan prohibidos en horario nocturno.
- Deberán substituir o sistema acústico (sirena) de aviso, por outro que non xenere molestias o entorno, de conformidade a Lei 7/1997, de agosto e da Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica e vibracións"

O devandito requirimento notificase ao interesado con data 17/03/08.

11.- Con rexistro de entrada 14/03/08, la empresa presenta escrito no que manifesta que " este Astillero cuenta, desde hace varios años, con las certificaciones : ISO 9001 de calidad; ISO 14001 de Medio

*Ambiente y en trámite la OHSAS 18001 de Seguridad y Salud Laboral, que todas las actividades que realiza este Astillero en la concesión de ....., son autorizadas y supervisadas por la Autoridad Portuaria, que en la factoría no se realizan trabajos en horario nocturno, que desde que entró en vigor la Ley de Prevención de Riesgos Laborales contamos con un Servicio de Prevención Ajeno que lleva a cabo la empresa Fremap y que incluye, entre otros, la medición anual del nivel acústico en todos los puestos de trabajo no habiéndose detectado un nivel de ruidos que supere los autorizados, que cuenta con un gestor autorizado por la Xunta de Galicia, que en cuanto al sistema acústico (sirena de aviso), y tras la entrevista con Uds en el Concello, hemos reducido sustancialmente su nive, de tal forma que prácticamente a la entrada de la factoría en el puesto de portería casi pasa inadvertida pues de momento no conocemos otra solución alternativa que sea efectiva, que hemos realizado una medición del nivel acústico de dicha sirena, con un equipo sonómetro BRUEL & KJAER recogiendo unos niveles sonoros entre 55 a 65 dBA de ruido ambiental y 61,3 dBA en el momento de tocar la sirena, Esta medición en el interior de la portería de la factoría con la puerta abierta pues con la puerta cerrada, hemos obtenido unos niveles de 45 a 55 dBA y 51,2 dBA en el momeno de tocar la sirena y finalmente que con fecha 31/01/08 hemos solicitado autorización a la Autoridad Portuaria para instalar una pantalla sobre el muro de cierre de la factoría que linda con la Avda Beiramar con intención de aislar aún más si cabe cualquier tipo de posíbel contaminación. Adxúntase copia do Dossier presentado ante a Autoridade Portuaria para a instalación da pantalla”.*

*12.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 24/03/08, o interesado presenta escrito no que manifesta o seguinte: “ Con número de documento de registro de salida 2289 de 5 de febrero de 2008 recibo de esa Concejalía una nota informativa cuyo contenido demuestra su total incapacidad y desconocimiento para ocupar la Concejalía de Medio Ambiente (...). Dado que usted Sra Concejala, no cumple con su trabajo le informo y a la vez denuncio: Que en el astillero ....., desde hace más de tres semanas se está pintando por chorreo y sin protección alguna al buque ..... (...), Debo entender, Sra Concejala, que las correspondientes autorizaciones que Usted señala deben ser solicitadas por los mencionados astilleros a la Concejalía de Medio Ambiente que Usted preside (...), los trabajos que generan contaminación acústica, están prohibidos las 24 horas del día (...), el sistema acústico (sirena) está funcionando en el astillero..... a 7:55, 8:00, 13:00, 14:30, 17:30, “deberán sustituir o sistema acústico” no sirve para nada Sra Concejala es ilegal y Usted, como lo anteriormente denunciado está simplemente prevaricando. En la cita que mantuvimos el 10 de octubre de 2007 (...) me prometió que iba a entrevistarse de inmediato con los responsables de los mencionados astilleros para encontrar una solución a este problema (...); en tal caso Usted me mintió”*

*13.- Con data 7 de xuño de 2008 mediante parte de servizo a Policía Local informa que “ requeridos por el interesado con el domicilio reseñado, haciéndonos pasar al interior de la vivienda pudiendo observar como desde su terraza estaban trabajando en “chorreoteado” de un barco en los astilleros ..... sin guardar las medidas de protección exigidas para la tarea, al no encontrarse el barco totalmente toldado (...) y pudiendo comprobar como tenía la terraza y barandilla de esta sucia de polvillo negro (...). Una vez en el astillero y en compañía del vigilante de seguridad se identificó al encargado de la empresa que realizó la labor antes indicada (...). Manifestándonos este que el día anterior a esta intervención se personaron en el lugar Policía Portuaria indicándoles que las medidas de seguridad en lo referente al toldado eran suficientes. Manifestación corroborada por el vigilante de seguridad que se encontraba presente también en ese momento”.*



14.- Con data de entrada no rexistro xeral 12/06/08 e 26/06/08, o interesado solicita copia das últimas intervencións do expediente, o cal se lle entrega con data 04/07/08 e presenta denuncia no que reitera as molestias producidas pola contaminación acústica producida polos estaleiros.....

15.- Con data 1 de xullo de 2008, o xefe do Servizo de Medio Ambiente, solicita a colaboración da Policía Local para que emitan informe correspondente das seguintes medidas:

- Se procederon a toldar hermeticamente as zonas de pintado, limpeza e outros
- Se entregan os restos dos residuos xerados ao xestor autorizado.
- Se substituíron o sistema acústico (sirenas) por outro que non xere molestias no entorno, de conformidade a Lei 7/1997, de agosto e da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica."

16.- Con data 3 de xullo de 2008, o xefe do Servizo de Medio Ambiente, solicita:

"Que a Policía Local acuda de novo ao domicilio do denunciante..... sito na rúa ....., teléfono de contacto ....., as horas que se produzan os ruídos denunciados para realizalas medicións pertinentes (...)"

17.- Con datas 16/07/08, 30/07/08, 31/07/08, 04/08/08, 06/08/08 e 14/08/08, a Policía Local remite ao departamento de Medio Ambiente partes de servizo no que informa que :

Parte de 16/07/08: "(...)para que quede constancia de que se está pintando sin protección creando una nube de pintura visible por los Agentes desde su balcón (...)":

Parte de 30/07/08: "(...)nos trasladamos al Astillero ..... sito en Avda .....(....). Personados en el lugar a las 10:15 horas nos pusimos en contacto con el responsable de estos trabajos (...) el cual nos acompañó por el interior del recinto de la mencionada empresa comprobando como los barcos que están en fase de construcción o reparación hasta el momento no están llevando a cabo tareas de pintado o chorreo (...)"

Parte de 31/07/08: "(...). Que se significa que durante el servicio ordenado se pudo comprobar como hasta el momento no están haciendo trabajos de pintado y chorreado en los barcos ubicados en los diques secos (...)"

Parte de 04/08/08: "(...). Que se significa que durante el servicio ordenado se pudo comprobar que el momento de la revisión no se encontraban efectuando dichas tareas"

Parte de 06/08/08: " Por medio del presente en relación al expediente de referencia, por el que interesa realizar mediciones sonométricas en el domicilio do interesado (...), se hace constar que tras varios intentos puestos en contacto telefónico con el requirente el día 18/07/08, éste manifiesta que por el momento debido a problemas personales no puede concretar fecha y hora para la medición y que cuando estime oportuno se pondrá en contacto con esta Unidad para requerir sus servicios (...). Que a día de la fecha no se ha tenido conocimiento de requerimiento alguno en este sentido"

Parte de 14/08/08: " (...) sobre las revisiones realizadas por la Patrulla Medioambiental desde el día 07/08/08 hasta el 13/08/08 en los astilleros ....., referente al expediente 3649/306, obteniendo los siguientes resultados:

Referente a la sirena:

(...) sigue sonando a las 10:30 en la empresa .....y a las 15:00 horas en ambas empresas. Destacar que según las revisiones realizadas por todos los agentes integrados en la sección, dicho sonido no supone molestia, ya que es de baja intensidad y apenas dura 3 segundos, llegando a ser más ruidoso el tráfico que circula por la calle .....

Referente al funcionamiento de la megafonía:

Todavía no ha cesado, destacando que el sonido no es muy alto no intensivo (...).

Referente al ruido producido por movimiento de grúa:

Esta sigue funcionando en la empresa, si bien el movimiento no produce gran ruido. (...)

Referente a los trabajos de limpieza y pintado de barcos:

Estos se realizan esporádicamente, Si bien sólo se estaban realizando estos trabajos en la empresa ..... (...). Sobre los trabajos realizados por la empresa .....se pudo comprobar que cuentan con autorización del departamento de Medio Ambiente de Puerto de Vigo (se entrega copia de la solicitud), los trabajos se realizan en el agua y cuentan con la protección de un toldeo no hermético (...)"

18.- Á vista da solicitude presentada polo interesado con data de entrada no rexistro xeral 22 de xullo de 2008, fáiselle entrega de copia das últimas actuacións do expediente en data 28 de agosto de 2008.

19.- Con data de entrada no Rexistro xeral 18/09/08 e 29/08/08, o interesado presenta sendas denuncias onde expón que " el miercoles 8 de agosto de 2008, se solicita a las 13:26:27 horas, al número 986810101 una medición sonométrica, se personaron los agentes XXX y ZZZ de la Policía Local pero desprovistos de sonómetro (...). El día 4 de septiembre de 2008, se solicita a las 16:07 horas otra medición al mismo número, contestó una Sra Agente, que se negó a identificarse (...).

Nuevamente llamé, y tras mi demanda, se identifica el Cabo XX, le solicito, envíe a alguien para efectuar medición sonométrica (...). A las 16:55, ya fuera de mi domicilio, recibo una llamada de un Agente de la Policía Local, el cual me señala que le han llamado de la centralita para efectuar tal medición. Le indico, que informe claramente hasta que hora previsiblemente duraría tal actividad, y dada la tardanza del aviso, ya me encontraba fuera de mi domicilio y por tanto era ya innecesario que se desplazase (...)"

Asemade denuncia os danos provocados na súa vivenda nas proxeccións de pinturas e restos de residuos de granalla provinte de actos ilegais nos mencionados estaleiros, o nivel de contaminación acústica sufridos nas vivendas e que día tras día respiran aire tóxico.

20.- Con data 24 de setembro a concelleira delegada de Medio Ambiente remite fax aos estaleiros denunciados para que confirmen a súa asistencia á reunión prevista para o día 25 de setembro as 12:00 horas, reunión efectivamente realizada co obxecto de adoptar as medidas pertinentes para compatibilizar os dereitos dos cidadáns coa liberdade da empresa.

Asemade en data 09/10/08, o xefe do Servizo de Medio Ambiente achégalle a Autoridade Portuaria, por entender que é da súa competencia copia do parte da Patrulla Medioambiental da Policía Local de data 14 de agosto de 2008 sobre as revisións realizadas desde o día 7 ao 13 de agosto de 2008 nas factorías dos estaleiros ..... respectivamente, no que informan sobre o modo de proceder nos traballos de limpeza e pintado de barcos en relación coas denuncias formuladas por ..... para o seu coñecemento e demais efectos.

Solicitando informen sobre o estado da tramitación da autorización solicitada con data 31 de xaneiro de 2008 ..... para instalar unha pantalla sobre o muro de peche da factoría con intención de illar aínda máis calquera tipo de posíbel contaminación.

21.- Consoante a disposición adicional duodécima da Lei do Ruído 37/2003 a cal establece que "Reglamentariamente, en las áreas acústicas de uso predominantemente industrial se tendrán en cuenta las singularidades de las actividades industriales para el establecimiento de los objetivos de calidad, respetando en todo caso el principio de proporcionalidad económica. Ello sin menoscabo de que la contaminación acústica en el lugar de trabajo se rija por la normativa sectorial aplicable", o departamento de Medio Ambiente con data 11 de novembro de 2008 remitiu oficio a Xerencia de Urbanismo solicitando informe sobre a clasificación do uso do solo no que se encontran sitios os devanditos estaleiros segundo a clasificación realizada polo PXOU vixente.

22.- Con data 7 de xaneiro de 2009, a Xerencia Municipal de urbanismo de Vigo informa que " (...) as instalacións a que se refire o seu escrito figuran con respecto ao plan xeral vixente nun sistema xeral portuario como solo urbano de uso industrial".

Cómpre sinalar que o reclamante don ..... ten coñecemento de todas as actuacións obrantes no expediente, tendo sido informado puntualmente polo Servizo de Medio Ambiente en reiteradas ocasións de xeito persoal ao respecto.

Por todo o exposto, ante esta institución ponse a súa disposición toda a información e documentación obrante no expediente que poida esclarecer os feitos sinalados, entendendo que esta administración actuou coa toda dilixencia debida co fin de garantir os dereitos e intereses lexítimos do cidadán, e reitera a necesidade de obter unha medición sonométrica, posto que segundo establece a Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e o Manual de procedementos anexo a Ordenanza Municipal, cando a medicións dos niveis de ruídos e vibracións as que fai referencia a Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica do Concello de Vigo, resulten fóra dos niveis de ruído admitidos pode desembocar na iniciación dun expediente sancionador sinalando como persoal competente para realizar as devanditas medicións á Policía Local.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 25/08/2009.

Con data 14/09/2009, comparece o interesado, facendo entrega dun amplo escrito de alegacións no que constar os problemas xa coñecidos que veñen, anos ai, prexudicando a súa saúde e tranquilidade.

Copia literal do mesmo remítese a Concellería de Medio Ambiente, coa mesma data, insistindo unha adopción de medidas que permitan paliar a situación, facendo, unha vez mais, alusión o artigo 45 da Constitución Española, e solicitando información actualizada ao respecto. Con data 22/10/2009, solicítase desde esta oficina información actualizase reiterándose o pedimento o 02/12/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reiterase o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 08/02/2010.

Con data 10/03/2010 recíbese escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"En relación coa súa solicitude de información de data 18 de febreiro de 2010, relativa á queixa formulada por, expediente desa institución 2/2007, prácese informarlle do seguinte:*

*1) No noso escrito de data 17 de setembro de 2009 facíamos unha exhaustiva exposición de todos os pasos que ten dado esta administración en relación co obxecto da queixa formulada, tendo en conta o feito absolutamente relevante de que o Concello non ten competencias no ámbito da súa titularidade onde se atopan as instalacións dos estaleiros (competencia exclusiva da Autoridade Portuaria de Vigo).*

*2) Polo tanto, no tocante ás denuncias sobre o chorreado dos barcos, a sirena, a megafonía, etc. terá de ser a autoridade portuaria a que obrigue á empresa radicada no seu ámbito a cumprir coa lexislación en vigor. En todo caso, e precisamente polo deber de colaboración entre as administracións que vostede esgrime no seu escrito, este Concello realizou numerosas xestións tanto coa autoridade portuaria coma co propio estaleiro para que adoptase as medidas correctoras oportunas que permitan garantir o dereito ao descanso de .*

*Un sucinto relatorio destas xestións sería:*

- *O Concello de Vigo requiriu por escrito ao estaleiro para que cesase na actividade molestas e para que adoptase as medidas correctoras oportunas.*
- *Requiriu á Autoridade Portuaria para que vixiase de oficio que se estaban a cumprir todos os requisitos exixidos pola lei para o chorreoteado dos barcos (memoria de continxencias, autorización previa, toldado hermético, etc.)*
- *En novembro de 2006 a Autoridade Portuaria de Vigo -na súa calidade de titular da concesión de ámbalas dúas factorías- remite ao Concello de Vigo un informe*

- *cos resultados obtidos no estudio de ruídos realizado, no que se manifesta que está dentro dos marxes permitidos pola lexislación vixente.*
- *Despois de numerosas visitas da Policía local aos estaleiros, con data 5 de febreiro de 2008 a Concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo require aos estaleiros para que soliciten o permiso pertinente con 24 horas de antelación para calquera operación que entrañe risco contra o medio ambiente; lembrándolle que deben toldar hermeticamente para os labores de chorreo, limpeza e pintado, así como entregar os restos ao xestor autorizado dos residuos xerados; que os traballos que xeren contaminación acústica están prohibidos en horario nocturno e que deben substituír os sistema acústico de aviso por outro que non xere molestias ao entorno, de conformidade coa Lei 7/1997 de agosto e da Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica e vibracións.*
- *En resposta a este requirimento, a dirección dos estaleiros remite con data 14 de marzo de 2008 un escrito ao Concello no que acreditan que todas as actividades que realizan na concesión portuaria son autorizadas e supervisadas pola Autoridade Portuaria -única competente na materia-; que non realizan actividades nocturnas; que realizan anualmente unha medición acústica que nunca superou os niveis permitidos; que conta cun xestor autorizado de residuos e que con respecto á sirena -despois da entrevista mantida cos técnicos do Concello- rebaixaron substancialmente o seu nivel e que con data 31 de xaneiro de 2008 teñen solicitado permiso á autoridade portuaria para a colocación dunha pantalla sobre o muro de peche da factoría coa intención de illar aínda máis se cabe calquera tipo de contaminación.*
- *A maiores, con data 1 de xullo de 2008 o Concello volveu a enviar á Policía Local para comprobar se estaban a toldar os barcos para as labores de chorreo, limpeza e pintado; se reduciron o nivel acústico da sirena; se contan con xestor autorizado.*
- *Ademais, a Concelleira delegada de medio ambiente remitiu por fax aos estaleiros unha convocatoria de reunión para o día 25 de setembro de 2008, co obxecto de solucionar este tema e adoptar as medidas pertinentes para compatibilizar os dereitos dos cidadáns coa liberdade da empresa, comprometéndose en dita reunión a empresa a adoptar as medidas indicadas.*

*3) É necesario reiterar e salientar que a única entidade competente no ámbito de emprazamento da empresa é a Autoridade Portuaria, quen manifesta a este Concello que o toldado que se realiza habitualmente para o chorreo e limpeza é o correcto e prescrito pola lei.*

*4) Que incluso, presentándose a Policía Local nos estaleiros e instando á empresa ao toldado hermético, presentouse a Policía do Porto manifestando que o toldado existente é suficiente e que contan con autorización da autoridade portuaria.*

*Por todo o exposto, esta administración entende que actuou con toda a dilixencia debida co fin de garantir os dereitos e intereses lexítimos dos cidadáns, mediando e intentando colaborar -como é seu deber- coa autoridade portuaria para poder buscar unha solución ao problema.*

*En todo caso, e á vista de nova queixa, no mesmo día en que recibemos escrito do Valedor do Cidadán, 1 de marzo de 2010, remitidos un novo requirimento a autoridade portuaria, no que en síntese se lle exige o seguinte:*

*“Debido ás reiteradas denuncias presentadas por D... diante desta administración e ante as institucións do Valedor do Cidadán e do Pobo, pregámoslles informen, á maior brevidade posíbel, se os estaleiros XX están a cumprir a lexislación vixente nas seguintes materias:*

- 1. Se está a presentar a preceptiva memoria de continxencias para as operacións de chorreo e reparación de buques a frote e se se está obtendo puntualmente a autorización pertinente a esa autoridade portuaria.*
- 2. Se se está a proceder ao toldado hermético cada vez que se producen estas operacións de chorreo. Xa que segundo informa a Policía Local non se está a observar esta medida, incumprindo claramente a prohibición de pintado a pistola e chorreo exterior de buques a frote, cun alto risco de vertido accidental e as consecuentes molestias.*
- 3. Se se están a tomar medidas de limpeza cando o chorreo exterior é en varadoiro, co fin de evitar arrastres por vento ou auga dos residuos xerados.*
- 4. Se a empresa está a entregar os restos dos residuos xerados ao xestor autorizado.*
- 5. Se substituíron o sistema acústico (sirenas) por outro que non xere molestias ao entorno, de conformidade coa Lei 7/1997, de agosto e da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a contaminación acústica, tal e como lle foi requirido en numerosas ocasións.*
- 6. Solicitamos asemade información sobre o estado de tramitación da autorización solicitada polos Estaleiros con data 31 de xaneiro de 2008 para instalar unha pantalla sobre o muro de peche da factoría co fin de evitar calquera tipo de contaminación e, de selo caso, información sobre se a devandita pantalla está efectivamente instalada.*

*Por outra parte, e dado que a devandita empresa se atopa en área de competencia portuaria, pregamos que no caso de que se estea a incumprir algún dos extremos antes sinalados, se proceda por parte desa autoridade portuaria a realizar o oportuno requirimento á empresa para que no prazo máis breve posíbel proceda a adoptar as medidas correctoras que exige a lexislación en vigor, co fin de garantir os dereitos e intereses lexítimos do cidadán”*

*Por outra banda, con respecto á contaminación acústica na vivenda do denunciante, cabe sinalar o seguinte:*

*1) Que tal e como consta no expediente, en diferentes informes da Policía Local, D., negouse en reiteradas ocasións a que se realizase medición sonora desde o seu propio domicilio, indicándolles aos funcionarios que fixeran as medicións desde a rúa.*

2) Que en virtude do principio de presunción de veracidade dos funcionarios públicos e neste caso autoridade, Policía Local, este departamento ao carecer de medición sonométrica positiva non pode incoar expediente sancionar por contaminación acústica.

3) Que, en todo caso, e á vista de nova denuncia de, este Departamento no mesmo día de recepción da queixa do Valedor, 1 de marzo de 2010, remitiu carta certificada e con acuse de recibo ao denunciante para que indique o día e a hora que considere máis idóneo para a realización da medición sonométrica, advertíndolle de que a Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e o Manual de Procedemento anexo á Ordenanza Municipal, indican que para a iniciación dun expediente sancionador por contaminación acústica é preceptivo e necesario que exista previamente unha medición sonométrica con niveis de ruído superiores aos admitidos pola ordenanza e que ademais dita medición deberá ser realizada pola Policía Local.

Por todo o antedito, en función da resposta da Autoridade Portuaria de Vigo -única entidade competente para adoptar medidas correctoras no referente ao chorreado, limpeza e pintado, por se tratar dunha concesión portuaria- e do resultado da medición sonométrica que se realice, esta Concellería seguirá informando puntualmente a esa institución.

De que se deu cumprida información ao interesado, o 15/03/2010, indicándolle que, en datas vindeiras solicitarase información actualizada en relación co exposto anteriormente.

Con data 25/03/2010, o interesado fai entrega dunha copia do escrito que, coa mesma data entrega o orixinal no Concello, replicando puntualmente o comunicado último da Concellería de Medio Ambiente.

Con data 08/04/2010 dirixímonos a Medio Ambiente solicitando información actualizada e consignando que o interesado fixo entrega dunha copia do escrito dirixido a esa Concellería o 25/03/2010.

Con data 23/04/2010 recíbese escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

"En relación coa nova queixa formulada por, número de expediente desa institución 2/2007 e expediente municipal 3649-306, prácese informarlle do seguinte:

Tal e como xa lle informabamos no noso escrito de resposta de data 2 de marzo de 2010 o Concello de Vigo non ten competencias no ámbito da súa titularidade onde se atopan as instalacións dos estaleiros denunciados (competencia exclusiva da Autoridade Portuaria de Vigo).

A Autoridade Portuaria é a única administración competente na materia, en relación coa obriga de velar polo cumprimento da normativa vixente en materia de pintado, chorreado e demais operacións de mantemento dos buques nese ámbito, que son os extremos obxecto da denuncia.

En todo caso, o Concello de Vigo, cumprindo co seu deber de colaboración coas institucións e velando pola defensa dos intereses dos cidadáns, REQUIRIU á Autoridade Portuaria en varias ocasións, a

última con data 1 de marzo –o mesmo día que recebeu a queixa do Valedor– para que informase á maior brevidade posíbel sobre as cuestións denunciadas e para que, en todo caso, obrigue aos estaleiros ao cumprimento escrupuloso da lexislación en vigor, xa que as devanditas instalacións atópanse en terreos da súa competencia exclusiva e é o titular de dita concesión.

Con data 5 de marzo de 2010, a Autoridade Portuaria acusa recibo do escrito remitido con urxencia polo Concello.

A día de hoxe, a Autoridade Portuaria aínda non contestou ao requirimento do Concello.

Con respecto ás queixas por contaminación acústica e tal e como lle REITERAMOS en numerosas ocasións, esta administración non pode incoar expediente sancionador en tanto en canto non exista unha medición sonométrica positiva.

Precisamente con ese fin, o Concello de Vigo remitiulle escrito a, con data 1 de marzo, do que acusou recibo o 15 de marzo, para que sinalase a este Concello o día e a hora que considere máis conveniente para que a Policía Local poida acceder ao seu domicilio co obxecto de practicar a PRECEPTIVA medición sonométrica.

Debemos informarlle que, a día de hoxe, 15 de abril, o denunciante aínda non se presentou en persoa nesta administración para facilitar a práctica de dito medio de proba e, polo tanto, o Concello de Vigo non pode incoar expediente sancionador en tanto non se cumpra con ese trámite inescusábel e preceptivo, tal e como indica a Ordenanza municipal correspondente.

Por todo o antedito, en relación co que afecta á competencia da Autoridade Portuaria esta administración volverá a requirir a ese organismo para que informe e cumpra, de ser o caso, coa normativa presumibelmente infrinxida.

E con respecto á contaminación acústica, reiterar que o denunciante debe manifestar diante desta administración o día e a hora no que a Policía Local pode acudir ao seu domicilio co obxecto de practicar a PRECEPTIVA medición sonométrica, xa que do contrario, a denuncia será arquivada sen máis trámite, xa que dita proba é imprescindíbel para poder incoar o expediente sancionador correspondente.

Os principios básicos sobre os que se asenta a capacidade sancionadora da administración son o de legalidade e o de tipicidade, manifestación neste ámbito da seguridade xurídica e, polo tanto, non se pode incoar un expediente sen o medio de proba imprescindíbel para acreditar os feitos denunciados.

A tipicidade debe ir acompañada doutros principios que priman na potestade sancionadora da Administración, como son a presunción de inocencia, a información, a defensa, a responsabilidade, a proporcionalidade e a interdicción da analoxía.

Con data 26/05/2010 recíbese escrito do interesado no que fai unha serie de observacións en relación coa resposta de Medio Ambiente que se resumen en:



- Obxecto, ámbito e competencia administrativa en canto se refire a ordenanza municipal vixente.
- Irregularidades e dificultades no ámbito das medicións sonométricas realizadas e pendentes de realizar.
- Reiteradas molestias causadas pola case permanente contaminación acústica e pola polución de sustancias procedentes de actividades perturbadoras.

Do referido escrito dáse traslado a Medio Ambiente o 31/05/2010, instando unha acción eficaz e solicitando información actualizada con respecto as xestións levadas a cabo coa Autoridade Portuaria.

Con data 14/06/2010 recíbese informe de Medio Ambiente no que indica o seguinte:

"En relación co seu expediente 2/2007 (expediente municipal 3649-306), con respecto á queixa presentada por, prácame informarlle do seguinte:

Tras distintos requirimentos realizados polo Concello de Vigo á Autoridade Portuaria de Vigo, así como á dirección dos Estaleiros, os últimos con datas 1 de marzo e 4 de maio de 2010, comunícolle o seguinte:

1. A Autoridade Portuaria de Vigo, en escrito de data 30 de abril de 2010, manifesta que "esta autoridade portuaria non ten inconveniente en que o Concello de Vigo solicite a información e documentación correspondente directamente aos denunciados, posto que algunha das denuncias como o suposto de contaminación acústica no que a facultade de inspección e sanción corresponde ao Concello de Vigo". Con respecto ao requirimento realizado polo Concello en relación co resto das cuestións formuladas no escrito que son de estrita competencia da Autoridade Portuaria, (se a empresa está a presentar a preceptiva memoria de contingencias, se se está a proceder ao toldado hermético para as operacións de chorreo, se se están a tomar medidas de limpeza cando o chorreo exterior é en varadoiro, se a empresa está a entregar os restos dos residuos a xestor autorizado, se substituíron o sistema acústico de sirenas e se concederon o preceptivo permiso para a instalación de pantalla sobre o muro de peche para evitar a contaminación acústica), esta institución NON SE PRONUNCIA.
2. En relación co requirimento realizado polo Concello nos mesmos termos á dirección do Estaleiro con data 4 de maio, informar de que a empresa respondeu a este Concello en escritos de datas 1 de xuño de 2010 o seguinte: "Pola presente lle comunicamos que con data 31 de xaneiro de 2008 solicitamos permiso á Autoridade Portuaria de Vigo para a instalación dunha pantalla desmontábel e que con data 15 de abril de 2010 a Autoridade Portuaria autorizounos a instalación da citada pantalla". En outro escrito tamén de data 1 de xuño de 2010 a empresa manifesta "por la presente le comunicamos que en lo referente a los puntos 1), 2), 3), 4) e 5) do seu escrito estamos elaborando e estudando a resposta pertinente, co auxilio dos nosos asesores".

Do que se deu cumprida información ao interesado o 16/06/2010, indicándolle que, en datas vindeiras, instarase nova información actualizada, con data 15/07/2010 recíbese escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*“En relación coa denuncia formulada por D....., seu número de expediente 2-2007, expediente municipal 3649-306, prácese informarlle do seguinte:*

*Tras varios requirimentos tanto á Autoridade Portuaria como ao Estaleiro, dos que fomos dando conta puntualmente a esa institución, o pasado día 11 de xuño de 2010, a dirección do Estaleiro remite escrito a esta Concellería respondendo ao último requirimento de información realizado polo Concello, no que se explicitan os seguintes extremos:*

- a) En relación coa memoria de continxencias exixida polo Concello con respecto ás operacións de chorreo e reparación de buques, á dirección de empresa manifesta que presentou diante da Autoridade Portuaria -órgano competente- o “Plan Interior de Contingencias por Contaminación Marina Accidental”, que foi aprobado por resolución de data 30 de agosto de 2006. (achegan acreditación).*
- b) Tamén acreditan no seu escrito que cada vez que a empresa procede a realizar operacións de chorreo dun buque, informa de elo á Autoridade Portuaria, recabando a pertinente autorización e indicando as medidas preventivas adoptadas (achegan as autorizacións).*
- c) Afirma a empresa no seu escrito que cada vez que leva a cabo operacións de chorreo procede ao toldado hermético do buque en cuestión e que incluso nos últimos buques tratados se mellorou os sistema de peche.*
- d) Indica que as operacións de chorreo lévanse a cabo en grada cuberta ou ben íllase do exterior do seguinte modo:*
  - 1.- En Factoría de Bouzas mediante portalón de peche.*
  - 2.- En Factoría de Coia mediante pantalla antipartículas e antirruído coa preceptiva autorización solicitada á Autoridade Portuaria que foi concedida con data 15 de abril de 2010.*
  - 3.- A pantalla antirruído e antipartículas se atopa neste momento no trámite de cálculo de estrutura por empresa especializada.*
  - 4.- En todo caso, afirma a empresa, que sempre se levan a cabo as oportunas tarefas de limpeza e recollida de granalla utilizada, evitando en todo momento a chegada da mesma ao mar, a pesares de non se tratar dun residuo catalogado como perigoso.*
- e) Con respecto aos restos de residuos xerados noutras operacións, afirman que a granalla utilizada pola empresa non é contaminante, tendo sido obxecto de análise e considerada nos informes*

como asimilábel a residuo sólido urbano. A pesar de esto, lévase a cabo a recollida de residuos pola empresa "González Couceiro", extremo este que a empresa acredita mediante xustificante.

- f) No tocante ao sistema acústico, en resposta ao requirimento do Concello, a empresa informa de que decidiuse suprimir os sábados e que se compromete a atenuar o nivel sonoro o resto dos días da semana.
- g) En relación coas grúas, a empresa afirma que o sistema acústico cando as mesmas se desprazan está exixido así pola Lei de Prevención de Riscos Laborais, razón pola que é imposible eliminalo, pero que en todo caso sonar dentro do horario permitido durante 9 dos 12 meses do ano. A empresa afirma que non existe contaminación acústica por non superar nin os límites de ruído establecidos na Lei 7/1997, nin o horario permitido para levar a cabo traballos sonoros, en caso de que estes superen ditos niveis. Afirma tamén a empresa que os niveis de ruído fora das instalacións da empresa son inferiores aos producidos polo tráfico existente na Avenida de Beiramar.

*O que lle traslado aos efectos oportunos".*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 19/07/2010.

Con data 27/07/2010, recíbese novo escrito da Concellería de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"O que lle traslado aos efectos oportunos". "En relación coa denuncia....., seu número de expediente 2-2007, expediente municipal 3649-306, prácame informarlle do seguinte:*

*Tras varios requirimentos tanto á Autoridade Portuaria como ao Estaleiro, o último deles realizado por este Concello con data 4 de maio de 2010, o pasado día 7 de xullo de 2010, tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello escrito da dirección do Estaleiro, no que se explicitan os seguintes extremos:*

*En relación coa memoria de continxencias exixida polo Concello con respecto ás operacións de chorreo e reparación de buques, á dirección de empresa manifesta que presentou diante da Autoridade Portuaria -órgano competente- o "Plan Interior de Continxencias por Contaminación Marina Accidental", que foi aprobado por resolución de data 1 de decembro de 2007. (achegan acreditación).*

*Afirman, asemade no seu escrito que cada que o Estaleiro procede a realizar operacións de chorreo dun buque, informa diso á Autoridade Portuaria, solicitando a preceptiva autorización e indicando as medidas preventivas adoptadas (achegan copia de ditas comunicacións).*

*Indican que "a empresa procede ao toldado hermético dos buques cada vez que se leva a cabo unha operación de chorreo".*

*O chorreo, confirman, lévase a cabo habitualmente en grada cuberta, sendo inusual o chorreo en varadoiro aberto. Pero en todo caso, lévanse a cabo as oportunas operacións de limpeza e recollida*

*de granalla, evitando en todo momento a chegada da mesma ao mar, aínda que non se trata dun residuo catalogado como perigoso.*

*Con respecto aos restos de residuos xerados noutras operacións, afirman que a granalla utilizada pola empresa non é contaminante, tendo sido obxecto de análise e considerada nos informes como asimilábel a residuo sólido urbano. A pesar de isto, lévase a cabo a recollida de residuos pola empresa "XX", extremo este que a empresa acredita mediante xustificante.*

*No tocante ao sistema acústico, en resposta ao requirimento do Concello, para que o timbre de entrada e saída do traballo non soe antes das 08:00 h. da mañá, optaron durante os meses de xuño, xullo e agosto, en que se realiza un horario de 07.00 a 15.00 h, o timbre non sona á hora de entrada, tocando unicamente á hora de saída.*

*En relación coas grúas, a empresa afirma que o sistema acústico cando as mesmas se desprazan está exixido así pola Lei de Prevención de Riscos Laborais, razón pola que é imposible eliminalo, pero que en todo caso sonar dentro do horario permitido durante 9 dos 12 meses do ano. A empresa afirma que non existe contaminación acústica por non superar nin os límites de ruído establecidos na Lei 7/1997, nin o horario permitido para levar a cabo traballos sonoros, en caso de que estes superen ditos niveis. Afirma tamén a empresa que os niveis de ruído fóra das instalacións da empresa son inferiores aos producidos polo tráfico existente na Avenida de Beiramar.*

*O que lle remito aos efectos oportunos"*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 27/07/2010.

Con data 11/08/2010 recíbese escrito do interesado no que formula unha serie de consideracións sobre a veracidade das informacións proporcionadas polos estaleiros así como sobre as obrigas do Concello que non se cumpre n de acordo coa normativa vixente; Lei 34/2007, Ordenanza Municipal del 28/07/2000 e Decreto 320/2002; sen que faga caso das medicións e actuacións da Policía Local, Patrulla de Medio Ambiente do Porto de Vigo, e medicións efectuadas por empresa homologada e legalizada. Con data 19/08/2010 dáse traslado solicitando información actualizada destas reconsideracións a Concellería de Medio Ambiente; pedimento que se reitera o 16/09/2010, e o 18/10/2010. Con data 17/11/2010 recíbese escrito de Medio Ambiente que informa o seguinte:

*"En relación coa queixa formulada ....., expediente 2/2007, expediente municipal 3649-306, prácese informarlle o seguinte:*

*Tal e como xa lle informamos en reiteradas ocasións, a Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación acústica, así como o Manual de Procedemento para a Medición de Ruídos e Vibracións, establecen que para a iniciación dun expediente sancionador por contaminación acústica é preceptivo e necesario que exista previamente unha medición sonométrica con niveis de ruído superiores aos admitidos pola ordenanza.*

*Ademais, establece que as medicións as deberá facer persoal municipal competente, concretamente, a Policía Local, engadindo que o Concello poderá, ao seu xuízo, reclamar a axuda de empresas ou entidades especializadas. É dicir, a iniciativa e competencia para a solicitude a unha empresa privada dunha medición, en substitución do persoal municipal, é exclusivamente do Concello e nunca de parte.*

*Precisamente, co obxecto de poder atender a demanda do promotor da queixa,, con data 1 de marzo de 2010 remitiuse escrito nos seguintes termos:*

*"Diante da nova queixa formulada por vostede a través da institución do Valedor do Cidadán con data 15 de febreiro de 2010, en relación coa contaminación acústica provocada polos Estaleiros, e como trámite previo e preceptivo para poder iniciar un expediente sancionador por contaminación acústica, será necesaria a realización da correspondente medición sonométrica por parte da Policía Local.*

*Por todo o antedito, pregámoslle que no prazo máis breve posíbel, indique a esta Concellería as datas e horarios máis idóneos para que os funcionarios deste Concello poidan acceder ao seu domicilio co obxecto de realizar a devandita medición."*

*Con data 15 de marzo de 2010, o denunciante acusa recibo desta notificación no seu domicilio (achégase copia do acuse de recibo) sen que a día de hoxe se puxera en contacto nin con esta Concellería nin coa Policía Local para facilitar a realización da medición sonométrica.*

*En definitiva, en virtude do principio de presunción de veracidade dos funcionarios públicos e tal e como indica a Ordenanza Municipal e mailo Manual de Procedemento de aplicación da devandita norma, é imprescindible que exista unha medición sonométrica realizada pola autoridade ou funcionario público competente para poder iniciar a incoación dun expediente sancionador.*

*Unha vez máis, poñémonos a disposición do denunciante para que indique a este Concello o día e hora máis idóneos para que os funcionarios poidan acceder ao seu domicilio co obxecto de realizar a devandita medición."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 18-11-2010; quen o 13-12-2010, achéganos consideracións, en cinco folios, en relación coa resposta dada por Medio Ambiente, :

- A Concellería de Medio Ambiente, persiste na negativa a responder as súas alegacións.
- Precisións sobre a medición sonométrica efectuada por empresa homologada, a solicitude da oficina do Valedor do Cidadán.
- Comparecencia policial con medios técnicos axeitados cando se estean a producir os feitos denunciados.
- Emprego de medios acústicos de avisos ou chamamentos.
- Utilización de guindastres fixos non silenciosos.
- Falta de control municipal.

- Danos na vivenda.
- Pintado exterior de buques a flote.
- Utilización de area para engraxer os buques.

Do que se deu literal traslado a Medio Ambiente o 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/01/2011, solicítase informe actualizado en relación co o envío anterior que se reitera o 10/02/2011, 14/03/2011, 13/04/2011, 12/05/2011, 13/06/2011, 13/07/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/02/2012, dirixímonos a Medio Ambiente, manifestando o seguinte:

Con data 12/12/2011, recíbese o seu escrito do 24/11/2011, nº de rexistro de saída 27720, referente ao expediente municipal 3649/306, do que se deu cumprida información ao interesado.

*O interesado comparece nesta oficina do Valedor do Cidadán o 20/02/2012 e puntualiza que a pantalla acústica está solicitada desde 2004 e que determinadas actuacións non reciben medicións de acordo coa ordenanza reguladora, tales como sirena, megafonía, sobre as que xa existen requirimentos da Concellería.*

*Por outra banda, as actividades actualmente están á baixa, polo que non é posíbel realizar medición algunha, xa que a actividade é sensibelmente moi escasa.*

*Por todo, segue a ser puntualmente necesario que se tomen as medidas precisas á situación exposta e xa coñecida; así como tamén o granallado e o chorreado dos barcos segue a facerse sen control e en condicións moi precarias, que provoca danos na vivenda e na saúde dos moradores.*

*Por todo prégase información puntual.*

Con data 20/03/2012, reitérase o pedimento anterior, e, de novo, o 19/04/2012, 16/05/2012, 07/06/2012, 11/07/2012, 09/08/2012, 12/09/2012, 15/10/2012, 12/11/2012, 10/12/2012.

Durante o ano 2013, déronse as actuacións seguintes.

Con data 10/01/2013, reiterase por onceava vez, o pedimento anterior, e de novo o 06/02/2013.

Con data 26/02/2013, recíbese escrito de Medio Ambiente, no que informa o seguinte:

*"En resposta aos seus escritos con número de documento 120046780, 120070984, 120083902 e 130015123, relativos a queixa de referencia, dáselle traslado do informe emitido polo Técnico de Administración Xeral de Medio Ambiente, cuxo tenor literal é o que segue:*

*"(...) En relación coa queixa formulada, infórmolle o seguinte:*

*Respecto as queixas motivadas pola contaminación acústica provocada polos Estaleiros, consta no expediente 3649/306 que con data 01/03/2012 comunicouse que, co obxecto de realizar as preceptivas medicións sonométricas, indicase as datas e horarios máis idóneos para que a Policía Local accedese ao seu domicilio.*

*O interesado acusou recibo da devandita comunicación en data 15/01/2010, sen que a día da data conste solicitada ao respecto.*

*Non obstante, e como o mesmo interesado manifesta, a actividade dos Estaleiros é na actualidade moi escasa.*

*Polo que se refire a actividade de chorreo de barcos e outras actividades supostamente molestas é significativo o informe emitido polo departamento de Medio Ambiente da Autoridade Portuaria en data 02/11/2006 (o cal se incorpora como anexo a este informe), no que se deixa constancia de que corresponde a dito ente o control e sanción de este tipo de sucesos ambientais, sinalando que "(...) se reitera la necesidad de que los usuarios y vecinos comuniquen cualquier incidencia al Centro de Control de Emergencias, de lo contrario, es posible que no se pueda actuar con eficacia y celeridad ante este tipo de sucesos medioambientales".*

*Con independencia do anteriormente exposto e xa con data 01/03/2010, o Concello de Vigo instou, a través da oportuna comunicación a Autoridade Portuaria de Vigo, administración competente, a adopción das medidas pertinentes na materia de referencia co fin de dar cumprimento a normativa de aplicación."*

O que se comunica ao interesado o 26/02/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **CAPITULO II- MOBILIDADE E SEGURIDADE //////////////////////////////////////**

### **EXPEDIENTE 13/2007**

#### ASUNTO:

Queixa en relación cunha multa de tráfico mentres realizaba tarefas profesionais de carga e descarga co seu vehículo industrial dedicado a tales mesteres.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 14-03-07. Con data 15-03-07 solicitouse o preceptivo informe, que se reiterou o 23-04-07, e de novo o 22-05-07, o 22-06-07, o 26-07-07, o 29-08-07, o 02-10-07, o 08-11-07 e o 10-12-07.

## REFLEXIÓNS

Son ilustrativos os feitos relatados polo interesado no seu escrito de alegacións, cales son:

- O vehículo é de tipo industrial e con el realiza as tarefas de lle son propias: carga e descarga; tal como acreditou coa fotografía presentada no seu momento, na que se reflicte claramente a rotulación ao respecto.
- O vehículo foi inmovilizado e retirado dunha zona de carga e descarga, onde estaba a realizar as tarefas que lle son propias e non simplemente, como indica o documento da sanción, como vehículo estacionado.
- A Ordenanza de carga e descarga foi observada e respectada totalmente polo interesado, tal como se declara na mesma, nos seus artigos 10 e 18.
- Faise especial fincapé en que o vehículo, segundo a súa ficha técnica, ten unha lonxitude de 4,525 metros, é dicir, non excede os límites subliñados no artigo 18 da Ordenanza Municipal (BOP do 20-03-91).
- O vehículo está incluído dentro do apartado de vehículos comerciais e o imposto de vehículos a favor do Concello cualifícao de camión, é dicir, asígnalle unha cualificación industrial.
- O interesado achega proba escrita dunha testemuña que é o destinatario-cliente das mercadorías na que se acredita que se estaba realizando unha función comercial que precisa dunha acción de descarga, así como do tempo empregado en tal mester.

Pola nosa parte precísase engadir que, seguindo posicións doutriniais acreditadas que é necesario e imprescindible a harmonización entre os intereses xerais e os locais, o que non quere dicir que estes últimos non sexan tamén xerais. A coherencia non permite xustificación de potestades ilimitadas ou parciais de control, a lóxica impide o exercicio desorbitado de competencias.

En primeiro lugar, atopámonos con que se omiten ou non son verdadeiros os datos básicos da denuncia. O procedemento administrativo, por definición, implica a existencia dunha pluralidade de actos funcionalmente relacionados entre si; os actos de trámite e a resolución constitúen un todo complexo e, ao mesmo tempo, unitario. As actuacións administrativas terán que servir de garantía específica para o administrado, o cal poderá intervir persoalmente no procedemento e lograr por diversos medios (alegacións, probas, audiencia, recursos, etc.) a tutela efectiva dos seus dereitos.

As cuestións presentadas polo interesado nas súas peticións non definen, por si mesmas, exclusivamente o obxecto do procedemento, senón que constitúen o contido mínimo do mesmo por canto ao resolverse polo órgano competente, este poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas, fosen ou non presentadas ou alegadas por aquel.

En segundo lugar, non é suficiente que o axente denunciante se limite a reafirmarse na denuncia. Existen unha serie de modos de proba suficientes para substanciar axeitadamente unha resolución conforme á realidade, resolución que se debe fundamentar de forma razoada e na que se contemplarán as alegacións e probas presentadas, con especial referencia á citación de terceiros (testemuñas), que debe ser favorecida sempre coa finalidade de estender o asunto a todos os que



participaron no feito. Ao rexeitar as testemuñas pódese incorrer en desviación de poder. O feito de non atender ás peticións e os argumentos documentados produce unha incongruencia procesual que debe ser rexeitada.

## RECOMENDACIÓN

Cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 13/02/2008, o 24/03/2008, o 05/05/2008, o 03/06/2008, o 02/07/2008, 31/07/2008, 02/09/2008, 02/10/2008, 04/11/2008, 05/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009, reiterouse por décimo sétima vez, o pedimento anterior, e de novo, o 02/02/2009, 06/03/2009, 14/04/2009 e 06/05/2009, 04/06/2009, 03/07/2009, 21/08/2009, 21/09/2009, 15/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2010, reitêranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 08/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 18/05/2010, 14/06/2010, 13/07/2010, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 04/11/2010, 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/01/2011, reitêranse o pedimento informativo, e, de novo, o 10/02/2011, 14/03/2011, 13/04/2011, 12/05/2011, 09/06/2011, 13/07/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 16/01/2012, reitêranse o pedimento informativo, e, de novo, o 16/02/2012, 16/03/2012, 13/04/2012, 11/05/2012, 07/06/2012, 10/07/2012, 09/08/2012, 12/09/2012, 15/10/2012, 12/11/2012, 10/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 10/01/2013, reiterouse por setenta e unha vez o pedimento anterior, e, de novo, o 06/02/2013, 11/03/2013, 08/04/2013.

Con data 06/05/2013, recíbese do Servizo de Transportes no que informa o seguinte:

*"A queixa e relativa a imposición dunha denuncia de tráfico na data 8 de xullo de 2006 e posterior retirada do vehículo XXX-ABC coa grúa municipal da rúa Velázquez Moreno nº 3 as 2.05 h .*

*En relación coas alegacións formuladas polo interesado informase o seguinte:*

*A consideración do vehículo como vehículo industrial e a realización de tarefas de carga e descarga non son motivo de controversia aínda que para a realización das tarefas de carga e descarga o vehículo non pode quedar estacionado, e entre a hora da denuncia 02,05 h. e a hora da retirada 02,28 h. transcorreron 23 minutos no que o vehículo estivo estacionado, e sen considerar o tempo que o vehículo podía levar estacionado no citado lugar.*

*O motivo da denuncia foi " estacionar o vehículo nunha zoa onde esta prohibida a parada, excepto carga e descarga " e de conformidade coa sinalización existente na zoa na data da denuncia a carga e descarga estaba autorizada de 00.08 h ate as 11,00 h. , polo que o vehículo foi estacionado fora do citado horario, motivo polo que a denuncia e posterior retirada do vehículo foron correctas e axustadas a lexislación .*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 08/05/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 25/2007**

### ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por mor do roubo dun vehículo, que apareceu en lugar distinto do que se tiña aparcado.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 05-06-07. Con data 11-06-07 solicítase o preceptivo informe, pedimento que se reitera o 13-07-07, o 13-08-07, o 04-10-07, o 12-11-07 e o 13-12-07.

### REFLEXIÓN

Atopámonos certamente cunha situación na que se reflite unha carencia total de coordinación:

- Un vehículo é obxecto de roubo, e abandonado despois nunha demarcación da que foi retirado polo guindastre municipal, sendo obxecto de sanción.
- A interesada ao comprobar que o vehículo non se atopaba no lugar onde o tiña aparcado contactou coa Policía Local onde lle informaron de que o mesmo foi retirado polo guindastre por estar aparcado enriba da beirarrúa.

- Coa información anterior presentouse en persoa nas dependencias da Policía Municipal onde formula a pertinente denuncia por roubo, e co xustificante correspondente acode ao depósito de vehículos solicitando a súa entrega para trasladalo ás dependencias da Policía Nacional para revisión e análise da Policía Científica. No depósito comunícanlle que o vehículo non se pode observar nin retirar sen o previo pagamento da sanción, non obstante facer entrega da copia da denuncia, polo que ten que satisfacer 126,85 € para a súa retirada.

Posteriormente, o 12-02-07, solicita no Concello a devolución do pagamento satisfeito para recoller o vehículo. Como resposta recibe unha notificación dunha multa por estacionamento indebido; ante a súa insistencia no Concello (05-04-07) indícaselle que debe instar á Policía Nacional para que por escrito faga constar que a Policía Científica encontrou pegadas no vehículo pero que, non obstante, non tiñan identificado o autor do roubo. Entregou copia do anterior comunicado no Concello o 12-04-07, onde lle indicaron que "receberá por escrito a resolución do caso". Tras un mes de espera, o 08-05-07, preséntase en persoa no Concello, onde lle indican que ten que "chegar un informe da Policía". Con data 28-05-07, telefonicamente contactou co Concello e lle comunican que se procede a anular a multa, sen facer referencia algunha ás taxas pola recollida do vehículo e traslado ao depósito municipal, xa que a persoa responsábel non estaba ese día e, ademais, faltaba o informe da Policía Local. Indícanlle que receberá comunicación por escrito ao respecto, escrito que a primeiros de novembro aínda estaba sen recibir.

A descoordinación das actuacións municipais quedan notabelmente comprobadas. A ordenada disposición do esforzo do grupo competente brilla pola súa ausencia.

### RECOMENDACIÓN

Ademais da necesidade de accións axeitadas e eficaces, demándase o cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10 do Regulamento Orgánico do Valedor do cidadán.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008, reiterouse, por sexta vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 18/02/2008, o 27/03/2008, o 05/05/2008, o 22/05/2008, o 26/06/2008, 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008, 18/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009 reiterase, décimo oitava vez, o pedimento anterior, e de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 27/04/2009 e o 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009, 27/10/2009. Con data 30/10/2009, recíbese escrito da Concellería competente no que informa que o 11/01/2008 comunicoulle á interesada a desestimación do seu escrito de alegacións, resolución que pode ser recorrida en reposición nun prazo de un mes. E dicir que 20 meses despois dásenos tal información, pero ademais indícase, o 26/10/2009, que o expediente está pendente de resolver o recurso de reposición presentado pola interesada, do cal se lle dará ao Valedor traslado unha vez resolto. Asombra que tal recurso estea sen resolverse 20 meses despois de presentado.

Así o facemos constar en escrito dirixido a Concellería o 03/11/2009.

Do anterior deuse cumprida información á interesada, o 03/11/2009.

Con data 02/12/2009, solicítase de novo, información actualizada.

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2010, reitéranse os pedimentos anteriores, e de novo, o 08/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 22/04/2010, 13/05/2010, 14/06/2010, 13/07/2010, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 04/11/2010, 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as seguintes actuacións:

Con data 13/01/2010, reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 10/02/2011, 14/03/2011, 13/04/2011, 12/05/2011, 09/06/2011, 13/07/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 16/01/2012, reitérase a petición de informe, e, de novo, o 16/02/2012, 16/03/2012, 13/04/2012, 11/05/2012, 07/06/2012, 10/07/2012, 09/08/2012, 12/09/2012, 15/10/2012, 12/11/2012, 10/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 10/01/2013, reitérase por trinta e oito veces o pedimento anterior, e, de novo, o 06/02/2013, 11/03/2013, 08/04/2013.

Con data 06/05/2013, recíbese escrito do Servizo de Transportes no que informa o seguinte:

*“En resposta a su solicitud de informe en relación con la queja presentada, consultada la documentación obrante en los archivos municipales se informa lo siguiente:*

*Con fecha 04/02/07 fue denunciado el vehículo de la reclamante matricula GU-XXX-D y retirado por la grúa municipal en la calle Gran Vía, esquina C/. Valencia, a las 5:10 h., por estacionar encima de la acera, denuncia efectuada por el Policía Local agente nº XYZ.*

*Presentada reclamación por la interesada (E-73161/210), resultó desestimada mediante Resolución del Concejal-delegado de Movilidad, Transportes y Seguridad, de fecha 11 de enero de 2008, por no haber suficientes indicios del robo del vehículo, ya que tanto el Agente como el informe de la Policía Científica manifiestan que el vehículo en el momento de su retirada no tenía síntomas de robo, estaba cerrado puertas y ventanillas y las cerraduras no estaban forzadas, informando también con fecha 19 de noviembre de 2007 que de las dos huellas reveladas en la Inspección Ocular practicada por la Policía Nacional, una se*

*había desechado por carecer de valor identificativo y otra había sido identificada como correspondiente a "inocente! (denunciante), por lo que, la retirada del vehículo se consideró correcta.*

*Dicha resolución fue notificada a la interesada con fecha 23 de enero de 2008, en cuya notificación se le informaba de los recursos procedentes contra la misma.*

*La interesada formuló recurso de reposición -E-74370/210- con fecha 5 de febrero de 2008, relatando una serie de actuaciones en relación con las gestiones efectuadas, y unas alegaciones que en nada desvirtúan el acuerdo impugnado, pues no incorporan ningún dato nuevo al expediente, por lo que,\* el único hecho cierto es que, para el Agente que ordenó la retirada, el vehículo se encontraba efectivamente mal estacionado, encima de la acera, como así lo atestiguan las fotos del momento de la retirada que obran en el expediente.\**

*A este respecto, el art. 85 de la Ley 18/2009, de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor y Seguridad Vial vigente en el momento de la retirada, en su nueva redacción dada por la Ley 18/2009, de 23 de noviembre, vigente en el momento de la retirada, establece con precisión los casos en que la Autoridad encargada de la gestión del tráfico puede proceder a la retirada de un vehículo de la vía pública al depósito, y es justamente su apartado f) el que se refiere a: /\*"Cuando un vehículo permanezca estacionado en los carriles o partes de la vía reservados exclusivamente para la circulación o para el servicio de determinados usuarios y en las zonas reservadas a la carga y descarga"\*/ el que se ha vulnerado en este caso, con independencia de los motivos que dieran lugar a la infracción. De la misma manera el Real Decreto 1428/2003 del*

*Reglamento General de Circulación recoge en su artículo las conductas que se consideran peligrosas o que causen perjuicios a los demás usuarios, y en concreto cita en su artículo 91.1 "La parada y el estacionamiento deberán efectuarse de tal manera que el vehículo no obstaculice la circulación ni constituya un riesgo para el resto de los usuarios de la vía, cuidando especialmente la colocación del vehículo y evitar que pueda ponerse en movimiento en ausencia del conductor"; y en su apartado segundo letra a) Cuando la distancia entre el vehículo y el borde opuesto de la calzada o una marca longitudinal sobre ella que indique prohibición de atravesarla sea inferior a tres metros \_o, en cualquier caso, cuando no permita el paso de otros vehículos.\_ Pero además esta norma establece de forma expresa como lugares donde no se pueden realizar paradas ni estacionamientos las intersecciones y sus proximidades si se dificulta el giro a otros vehículos, o en vías interurbanas, si se genera peligro por falta de visibilidad en su artículo 94.1.d). Esta misma disposición se recoge en el artículo 13 de la Ordenanza Municipal de Circulación de la ciudad de Vigo donde se dispone la prohibición de la parada en los cruces o intersecciones y sus proximidades cuando se impida la normal circulación al resto de los usuarios de la vía.*

*El recurso de reposición en cuestión y debido al tiempo transcurrido ha sido desestimado por silencio administrativo, (artº- 43 nº 1 párrafo segundo de la Ley 30/1992 de 26 de noviembre de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común), por lo que el expediente ha sido archivado."*

Do que se deu cumprida información á interesada o 08/05/2013.

Sen incidencias posteriores.

## EXPEDIENTE 41/2007

### ASUNTO:

Queixa en relación coas dificultades que está a pasar unha persoa con unha deficiencia considerábel para acadar un cartón de mobilidade para o uso dos autobuses urbanos, dos que se ve obrigada a facer uso tres ou catro veces ao día o que lle supón un custo considerábel.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 29-10-07. Con data 29-10-07 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 30-11-07 e o 28-12-07.

### REFLEXIÓNS

A interesada foi cualificada cunha valoración de deficiencia e discapacidade dun 65%, con carácter definitivo.

Segundo a Carta Europea de Autonomía Local, de 15 de outubro de 1985, débese reflexionar sobre a convicción de que a existencia de Entidades Locais investidas de competencias efectivas permite unha administración que á vez que eficaz, atópase próxima ao cidadán, o que implica a acción de medidas urxentes e axeitadas ás necesidades que se suscitan.

A Constitución Española (1978), non só é unha norma xurídica, é un instrumento para a convivencia, un factor decisivo de integración social, unha canle de comunicación, un instrumento cotián.

As concepcións europeístas actuais conciben á Constitución, entre outras puntualizacións, como a concreción dun ámbito de liberdade que implica incorporar un catálogo de dereitos e liberdades; apélase a uns contidos, rematándose co dito de que toda sociedade na que a garantía dos dereitos non estea asegurada non ten en absoluto Constitución. Pois ben, a Constitución Española no seu artigo 49 impón ás administracións públicas a realización dunha política de previsión, tratamento, rehabilitación e inserción dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos aos que prestarán a atención especializada que requiran e os ampararán especialmente para o goce dos dereitos que se outorgan a todos os cidadáns.

No ámbito local, a Lei Básica (Lei 7/1989) considera o municipio como o marco por excelencia de convivencia social; o equilibrio social estivo asociado desde a antigüidade ao florecemento municipal.

As normas téñense que ponderar en canto á súa aplicación se refiren; se ben os tributos os soportan os que se benefician dos servizos, non se debe esquecer a necesidade de extremar o rigor distributivo.

Tense que afondar no ámbito social de seguir inculcando os valores de solidariedade, responsabilidade, esforzo e compromiso; só así se poderá facer fronte aos novos desafíos que a nova sociedade ten que afrontar.

## RECOMENDACIÓN

Revisión e actualización da normativa aplicábel á adxudicación da tarxeta de viaxe urbano, así como daquelas outras que regulan medidas de apoio ás persoas afectadas por deficiencias e outros colectivos como os da terceira idade.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 07/01/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 29/01/2008, e o 06/03/2008, o 01/04/2008, o 05/05/2008, o 27/05/2008, o 26/06/2008, 26/08/2008, 30/09/2008, 30/10/2008, 28/11/2008, 18/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009 reiterase, por décimo cuarta vez, o pedimento anterior, e de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009, 27/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2010 reitéranse, os pedimentos anteriores, e de novo, o 05/02/2010, 09/03/2010, 19/04/2010, 12/05/2010, 14/06/2010, 13/07/2010, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 04/11/2010, 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/01/2011 reitérase, o pedimento informativo, e de novo, o 10/02/2011, 14/03/2011, 13/04/2011, 12/05/2011, 09/06/2011, 13/07/2011

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 16/01/2012, reitérase a petición de informe, e, de novo, o 16/02/2012, 16/03/2012, 13/04/2012, 11/05/2012, 07/06/2012, 10/07/2012, 09/08/2012, 12/09/2012, 15/10/2012, 12/11/2012, 10/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 10/01/2013, reiterouse, por cincuenta e nove veces o pedimento anterior, e, de novo, o 06/02/2013, 11/03/2013, 08/04/2013.

Con data 22/04/2013, recíbese escrito do Servizo de Transportes no que informa o seguinte:

*"En resposta a súa solicitude de informe en relación coa queixa presentada por Dona... (expediente 2370/321), consultada a documentación obrante no servizo de transportes do Concello informase o seguinte:*

*A queixa formulada consiste na dificultade para obter unha tarxeta de mobilidade para uso nos autobuses urbanos de Vigo.*

*A vista da queixa e da solicitude formulada, a solicitante Dona..., foi recibida en datas 3 de maio de 2007 e 4 de decembro de 2007 polos Concelleiros de Mobilidade, Transportes e Seguridade, informándolle de que pola contía da súa pensión non podía concedérselle a tarxeta gratuïta de transporte ao superar o importe máximo fixado no acordo da Xunta do Goberno.*

*A vista de que a pesar do tempo transcorrido O Valedor do Cidadán, segue solicitándose informe sobre a citada queixa, o servizo de transportes púxose en contacto telefónico coa reclamante na data de hoxe, informando que xa non recordaba a queixa, pero que non obstante e aínda que xa sabía que non lle correspondía a tarxeta gratuïta polo importe da súa pensión, debería ser máis barato o prezo do billete para as persoas con deficiencia.*

Foi informada de que se tomaba nota da súa suxestión.

O que se lle comunica aos efectos oportunos”.

Do que se deu cumprida información á interesada o 22/04/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 62/2007**

### ASUNTO:

Queixa en relación coa discriminación da que foi obxecto por mor de ser sancionado por estacionar o seu vehículo e non o sendo nese mesmo lugar e hora outros vehículos na mesma situación.

Non tendo recibido información ao respecto.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 12-12-07. Con data 18-12-07 solicitouse o preceptivo informe.

### REFLEXIÓNS

Discriminación e a infravaloración dun grupo ou individuo por parte doutro; é un comportamento polo que unha actitude recibe unha resposta mentres que outro igual provoca outra diferente ou non produce ningunha.

Estase a dar un trato de inferioridade a unha persoa sen razóns que o xustifiquen.



Estamos pois ante unha situación das recoñecidas como “mala administración”. A “fuxida” do dereito administrativo e con iso a imaxe da Administración cada día se esvaece un pouco máis, co que se dificultan os resortes garantistas do sistema. Estase a actuar en desacordo coas normas e cos principios que son obrigatorios.

A sociedade non se educa só con discursos, fan falta discursos con iniciativas que erradiquen as inxustizas e os obstáculos, que orienten e informen aos cidadáns, a todos os cidadáns.

O artigo 3 da Lei 30/92 fala de “actuacións axeitadas aos criterios de eficiencia e servizo ao cidadáns”

O Código Europeo de Boa Conduta Administrativa, impón a ausencia de discriminación e igualdade de trato para todo o público.

### RECOMENDACIÓN

Quen pregunta merece unha resposta; isto non é sómente un recordatorio do poeta alemán; sen esquecer por suposto o artigo 14 da Constitución Española no que se proclama a igualdade de todos ante a lei, non prevalecendo discriminación ningunha por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 15/01/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 19/02/2008, o 27/03/2008, o 05/05/2008, o 22/05/2008, o 26/06/2008, 23/07/2008, 25/09/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008, 18/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009 reiterouse, por doceava vez, o pedimento anterior, e de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009, 27/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2010 reitéranse, os pedimentos anteriores, e de novo, o 08/02/2010, 09/03/2010, 19/04/2010, 18/05/2010, 14/06/2010, 13/07/2010, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 04/11/2010, 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 10/02/2011, 14/03/2011, 13/04/2011, 12/05/2011, 09/06/2011, 13/07/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 16/01/2012, reitérase a petición de informe, e, de novo, o 16/02/2012, 16/03/2012, 13/04/2012, 11/05/2012, 07/06/2012, 10/07/2012, 09/08/2012, 12/09/2012, 15/10/2012, 12/11/2012, 10/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 10/01/2013, reiterouse o pedimento anterior por cincuenta e cinco veces, e, de novo, o 06/02/2013, 11/03/2013, 08/04/2013, 08/05/2013, 10/06/2013, 08/07/2013, 07/08/2013, 03/08/2013, 03/09/2013, 07/10/2013, 04/11/2013, 02/12/2013.

### **CAPÍTULO III: URBANISMO E VIVENDA //////////////////////////////////////**

#### **EXPEDIENTE 15/2007**

##### ASUNTO:

Queixa en relación coa instalación dunha estrutura de ferro, con tellado de chapa metálica a modo de cuberta de vehículos que sobresaia cara á rúa na que verte augas, sen contar coa preceptiva licenza nin respectar os correspondentes retranqueos. O interesado xa ten formulado denuncia ante a Xerencia Municipal de Urbanismo desde decembro de 2005; sen que se teña comprobado actuación municipal ningunha sobre a protección da legalidade urbanística.

##### SITUACIÓN

Queixa presentada o 30-03-07. Con data 02-04-07 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 07-05-07, o 11-06-07, o 27-07-07, o 29-08-07 e o 02-10-07.

##### REFLEXIÓNS

Con data 26-09-06, un técnico da Xerencia Municipal de Urbanismo efectuou unha visita á instalación na que se comprobou a existencia da obra detallada sen que conste a preceptiva licenza.

A interrogante xorde, cómo se protexe a legalidade urbanística: un ano despois da denuncia efectúase visita de inspección técnica; un ano despois do informe técnico comprobado da ilegalidade seguen sen coñecerse as actuacións efectuadas en defensa de legalidade urbanística.

A disciplina urbanística exige do Concello que se controle o proceso construtivo, de non observarse os presupostos exixíbeis procede a actuación correspondente, caso contrario xorde o descontrol.

Doutrinalmente recoñécese que entre a exigencia normativa e a realidade danse ás veces distancias esgotadoras. Sería preciso facer unha reflexión histórica: cantos expedientes de disciplina urbanística se incoan, cantos se completan, cantas sancións pecuniarias se puxeron e cantas se cobraron, cantas obras ilegais foron derrubadas, etc.

A xurisprudencia ten expresado frecuentemente a súa repulsa pola pasividade adoptada en temas de urbanismo. Non caben xustificacións ante a demora.

## RECOMENDACIÓN

Asumir as funcións de eficiencia e axilidade que a normativa vixente impón; comezando pola Constitución.

Cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán, artigo 10.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 06/03/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 01/04/2008, o 05/05/2008, o 22/05/2008, o 30/05/2008, o 24/06/2008, o 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008, 18/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2007 reiterouse, por décima oitava vez, o pedimento anterior, e de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009.

Con data 10/08/2009, recíbese informe de Urbanismo indicando que o 15/07/2009(dous anos e cinco meses desde o inicio do expediente) remitiuse o mesmo a Xunta de Galicia por ser da súa competencia, do que se deu cumprida información ao interesado

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 01/09/2010 recíbese escrito da Concellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no que informa o seguinte:

*"procédese a dar traslado ao Concello de Vigo, das actuacións do expediente informativo 107A2009/543-9 pola instalación dun tellado de chapa metálica a modo de cuberta de vehículos na parcela núm..... en Vigo, para que no exercicio das súas competencias, adopte todas as medidas necesarias para a protección de legalidade urbanística, segundo o disposto no Capítulo III do Título VI da LOUG"*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 02/09/2010, e coa mesma data dirixímonos a Concellería de Urbanismo e Vivenda solicitando información actualizada ao respecto. Pedimento que se reitera o 05/10/2010, 04/11/2010 e 09/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 15/02/2011, 18/04/2011, 16/05/2011, 20/06/2011, 20/07/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 16/01/2012, reitérase a petición de informe, e, de novo, o 16/02/2012, 16/03/2012, 12/04/2012, 11/05/2012, 07/06/2012, 11/07/2012, 09/08/2012, 12/09/2012, 15/10/2012, 10/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 10/01/2013, reiterase por vinte e catro veces o pedimento anterior, e, de novo, o 06/02/2013.

Con data 05/03/2013 recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo (Disciplina Urbanística) no que informa o seguinte:

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa información actualizada sobre as denuncias efectuadas en relación ao expediente 14719/423, polas obras que realizou, infórmolle do seguinte:*

*Con data 09.09.2010 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (documento 100116584) procedeu a dar traslado ao Concello de Vigo, das actuacións do expediente informativo 107A 2009/543-4 pola instalación dun tellado de chapa metálica a modo de cuberta de vehículos na parcela, en Vigo, por ser da nosa competencia.*

*Con data 07.10.2010 a arquitecta municipal adscrita ao servizo de Infraccións urbanísticas solicitou visita de inspección á situación indicada co fin de informar sobre o estado actual das obras obxecto deste expediente e se foron realizadas novas obras.*

*Con data 19.11.2010 o inspector municipal de urbanismo emitiu o seguinte informe:*

*“Para cumprir coa dilixencia da Oficina de Infraccións Urbanísticas, realicei unha inspección o día 15 de novembro de 2010 e comprobei que o estado da obra obxecto deste expediente é similar ao que neste consta; non observei obras novas no lugar.”*

*Á vista do informe de inspección, con data 18.10.2012 o arquitecto municipal adscrito a esta oficina solicitou ao departamento de Cartografía para que emita ACTA DE LIÑA da parcela de referencia, a fin de definir si a construción sinalada está executada sobre terreo cualificado polo planeamento como vial.*

*Con data 29.10.2012 o Topógrafo Municipal emitiu o seguinte informe:*

": ALIÑACIÓN:

- No lindeiro norte será unha paradela a (11,50m) do peche enfrontado,
- No lindeiro sur coincide co límite da propiedade.

O encontro das dúas aliñacións, farase mediante un chafrán curvo (R=6m) definido pola igual distancia de (14.m) ás tanxentes das dúas aliñacións.

Superficie de cesión: 24,00 m2.

Está garantido o dominio público da semirrua, de acordo co viario do PXOM.

. RASANTE:

A actual do pavimento en cada unha das vías, para a colocación do peche".

Á vista do exposto, con data 28.01.2013 esta Administración deu traslado do expediente nº 14719/423 á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, para que no exercicio das súas competencias, adopte todas as medidas necesarias para a protección da legalidade urbanística, toda vez que non lle corresponde a esta Administración municipal a acción pública de protección da legalidade urbanística en terreos cualificados polo planeamento como zonas verdes, dotacións e equipamentos públicos, e sistemas xerais ao abeiro do disposto no artigo 213 da LOUGA."

O que se lle comunica ao interesado o 06/03/2013.

Sen incidencias posteriores.

## RESUMO ESTATÍSTICO

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE .....	1
Contaminación acústica .....	1
ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURANZA.....	4
Sanción Tráfico.....	3
Cartón de mobilidade .....	1
ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA .....	1
Obras ilegais.....	1
<b>TOTAL EXPEDIENTES .....</b>	<b>6</b>

## REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS

1. MOBILIDADE E SEGURANZA .....	66,66 %
2. URBANISMO E VIVENDA.....	16,66 %
3. MEDIO AMBIENTE .....	16,66 %



# PARTE III

## ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2008 CON INCIDENCIAS NO ANO 2013

### INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de 15 expedientes correspondentes a solicitudes formuladas no ano 2008 con incidencias durante o ano 2013 e que corresponden a:

MEDIO AMBIENTE .....	1
MOBILIDADE E SEGURANZA.....	4
PATRIMONIO.....	1
SERVIZOS XERAIS.....	1
URBANISMO E VIVENDA.....	8
<b>TOTAL .....</b>	<b>15</b>

### EXPEDIENTES

#### CAPITULO I- MEDIO AMBIENTE //////////////////////////////////////

##### EXPEDIENTE 81/2008:

##### ASUNTO

Queixa en relación coas molestias producidas polas manobras de colocación e retirada das cadeiras, mesas e soportes de parasoles dun local de hostalería que se lle impide conciliar o sono non só os veciños dunha vivenda, senón tamén os hóspedes dunha instalación dun hotel-residencia a cargo dos promotores da queixa.

##### SITUACIÓN

A interesada durante o ano 2008, ten presentado 21 denuncias no Concello, se resultado algún. Queixa presentada o 11/11/2008, con esa mesma data solicitase o preceptivo informe, que se reitera o 10/12/2008, 07/06/2013, 08/07/2013, 05/08/2013, 05/09/2013, 08/10/2013, 08/11/2013, 05/12/2013.

## REFLEXIÓNS

As reflexións en outros expedientes deste capítulo faise, preciso recordar que lle asiste os cidadáns no referente a que o réxime xurídico das administracións públicas debe transcender as regras de funcionamento interno para integrarse na sociedade a que serve como o instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.

A lexitimidade por rendementos está ligada coa capacidade para dar resposta satisfactoria as demandas do contorno.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterouse o pedimento anterior, e de novo, o 10/02/2009, 18/03/2009, 14/04/2009, 11/05/2009, 15/06/2009, 22/07/2009, 18/08/2009, 14/09/2009.

Con data 15/09/2009, recébase escrito de Medio Ambiente informando que se remite nova dilixencia a Policía Local, para inspección. Do que se dá cumprida información á interesada o mesmo día.

Con data 15/10/2009 solicítase información actualizada, e de novo o 16/11/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos anteriores e de novo, o 05/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 05/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 01/02/2011, 03/03/2011, 04/04/2011, 04/05/2011, 06/06/2011, 07/07/2011

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 16/01/2012 reitérase a petición de informe, e, de novo, o 02/03/2012, 03/04/2012, 04/05/2012, 05/06/2012, 04/07/2012, 01/08/2012, 04/09/2012, 04/10/2012, 05/11/2012, 03/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/01/2013 reitérase por trinta e seis veces o pedimento anterior, e, de novo, o 04/02/2013, 08/03/2013, 09/04/2013, 07/05/2013, 07/06/2013, 08/07/2013, 05/08/2013, 05/09/2013, 08/10/2013, 08/11/2013, 05/12/2013.



## CAPITULO II- MOBILIDADE E SEGURANZA////////////////////////////////////

### EXPEDIENTE 4/2008

#### ASUNTO:

Queixa en relación cunha multa de tráfico por non ter recibo da ORA, cando realmente o tiña, facéndose constar na denuncia as 10,30 horas, tendo o resguardo da ORA o limite das 11,12 horas, séndolle aplicado o cepo para a súa inmovilización. A interesada fai entrega da seguinte documentación:

1º- Resguardo da regulación do aparcamento: día 16/05/06, hora final do estacionamento 11:12.

2º- Resguardo da dilixencia do Concello de Vigo, polo que se detalla a infracción, hora 12,18, axente nºXX, expediente 6241619, data 16/05/2006.

3º- Notificación de denuncia, por estacionar sen billete de uso de estacionamento que non colocalo en lugar visible, expediente 068685226.

4º- Impreso de notificación pola liberación do vehículo o que se lle tiña colocado o cepo de inmovilización, expoñendo a súa desconformidade.

5º- Solicitud de anulación de sanción, nº de documentos 60054334, de 18/05/2006, que formula como prego de descargo, no que alega que o ticket atopábase correctamente, así como a presenza de testemuñas, indicase ademais que o axente manifesta que existen fotografías da situación.

6º- Copia do escrito de Mobilidade e Seguridade de 09/10/2006 do que se achegan fotografías efectuadas as 14,43 horas.

7º- Fotografías, na que aparece como hora da súa realización as 18,42. Erro manifesto.

8º- Escrito de alegacións que formula a interesada o 29/08/2006, nº de documento 60091163, no que incide: "Segundo. se me hace abonar la grúa al haberme puesto el cepo, según el agente que intervino (XX), por tener varias multas acumuladas por el mismo hecho. Consultado en el Departamento Ejecutivo del Concello me informan de que no hay ninguna sanción anterior a esta. Esto también figura reflejado en la sanción recibida ("Reincidencias: 0, se adjunta copia). Erro manifesto. Tercero. En la notificación de denuncia se señala que el motivo de la No notificación en el acto de la misma se debió a la ausencia del conductor, hecho incierto xa que aboné las tasas, de la grúa en el momento de la sanción, lo que demuestra que el agente de la Policía Local estaba presente." Erro manifesto.

9º- Novo escrito da interesada de 11/12/2006, nº de documento 60129322 no que se pon e manifesto novo erro por parte da administración Municipal en relación cos datos das fotografías, que a policía presenta como probas.

10- Resolución da Concellería de Mobilidade e Seguridade de 09/07/2007, na que se reflite que se aplica de oficio a prescrición de infracción e se desestima o reembolso da taxa pola mobilización do vehículo.

Vistas as alegacións feitas por Dona..., con DNI..., no seu escrito de 11 de decembro de 2006, con número de rexistro DOC60129322, en relación co expediente 72835/ 210, onde solicita que se deixe sen efecto a sanción de 45 euros coa que foi sancionada e se lle reintegre o importe de 114 euros aboado ao guindastre municipal pola inmovilización do seu vehículo, procede facer as seguintes:

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 03/01/2008; solicitándose o preceptivo informe o 14/01/2008, reiterándose o 13/02/2008. Con data 25/03/2008, recíbese escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade no que informa o seguinte:

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

#### **Primeiro.- Prescrición da infracción**

A infracción denunciada é tipificada como leve no art. 65.3 do Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.

En atención ao teor literal do artigo 18 do Real Decreto 320/1994, de 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Procedemento Sancionador en Materia de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, en concordancia co disposto no artigo 81 da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, o prazo de prescrición das infraccións leves é de tres meses.

Transcorridos os prazos regulamentarios, e en consonancia co art. 18.3 do Real Decreto 320/1994, corresponde aplicar de oficio a prescrición da infracción, polo que se anula a sanción imposta e se procede ao arquivo do expediente sancionador.

**Segundo.- Nembargantes, non procede resolver positivamente a súa solicitude de devolución do importe aboado pola inmovilización do vehículo, polos seguintes motivos:**

a) O dito importe corresponde a unha taxa, en atención ao disposto na Ordenanza Fiscal nº 15 do Concello de Vigo, Reguladora das Taxas pola Inmovilización, Retirada, Depósito e Custodia de Vehículos.

Establécese así mesmo expresamente no artigo 7.c) da mesma norma que "O devengo das taxas polos servizos prestados é independente da sanción que proceda impoñer conforme ao procedemento establecido".

b) O artigo 2.2.a) da Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003, de 17 de decembro, en adiante L.X.T.) recolle o concepto de taxa coma un clase específica de tributo, polo que a determinación da súa exixibilidade obedece aos conceptos tributarios seguintes: O feito impositivo (art. 6 da L.X.T.; art. 6 da Ordenanza Municipal nº 1, Fiscal Xeral) que é a realización do servizo de inmovilización do vehículo tal como dispón o artigo 1.a) da Ordenanza Municipal nº 15 antes mencionada, e que determina a suxeición ao pago da taxa, levouse efectivamente a cabo ao procederse á inmovilización do PEUGEOT 206 MATRÍCULA ..., O período de devengo e exixibilidade (art. 21 L.X.T.; art. 8 da Ordenanza Fiscal Xeral), que determina o momento de exixibilidade da taxa, en atención ao artigo 6 da citada Ordenanza nº 15, corresponde “[...] no momento en que se preste o servizo ou simplemente no momento en que se tivera iniciado [...]”.

c) O **procedemento para a devolución de tributos**, en atención ao disposto no art. 31 L.X.T., farase de acordo coa normativa de cada tributo, polo que hai que seguir os trámites do art. 86 da Ordenanza Fiscal Xeral.

En canto aos requisitos materiais, a solicitude realizada non pode resolverse favorabelmente ao non concorrer ningún dos supostos do apartado 1 do citado artigo, xa que non existe unha duplicidade no pagamento (a), a cantidade aboada non foi superior á que resultaría dun acto administrativo (b), as cantidades non se ingresaron despois de transcorridos os prazos de prescrición (c), e non existen outros supostos nas normas legais ou nas Ordenanzas Municipais que sexan de aplicación (d).

**Terceiro.-** Con independencia do arquivo das actuacións, polo cal non se pode aplicar sanción algunha á conduta denunciada, **resulta incuestionábel a persistencia da obriga tributaria** correspondente á taxa pola inmovilización do vehículo, pois esta é independente do proceso sancionador, e corresponde a un servizo efectivamente realizado en cumprimento da lexislación vixente.

**Cuarto.-** En canto á procedencia da medida de inmovilización do vehículo, hai que sinalar o seguinte:

a) Esta tomouse en **estrito cumprimento** do establecido no artigo 8 da Ordenanza Reguladora do Servizo de aparcamento na vía pública mediante máquinas expendedoras de Tiquets na Cidade de Vigo (ditada ao amparo da previsión do artigo 38.4 da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial) que dispón:

“Apreciaranse como infraccións a esta Ordenanza e serán consideradas como estacionamento de vehículo en lugar prohibido, de conformidade co establecido no artigo 39.2 contido na Lei 5/1997, de 24 de marzo, de Reforma do Texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial:

- a) Estacionar carecendo de tiquet.
- b) Estacionar superando o horario autorizado no tiquet.
- c) Estacionar superando as horas de aparcamento máximo autorizado manténdose estacionado na mesma rúa.

As anteditas infraccións denunciaranse de conformidade co disposto no artigo 75 da Lei de seguridade vial.

\* A infracción definida no apartado a) sancionase con multa de 7.500 pesetas.

\* As demais sancionaranse con multa de 5.000 pesetas.

Ademais do exposto denunciáranse, na mesma forma, as restantes infracción que se cometan na zona ORA e que se recollan como tales na Ordenanza municipal de circulación do termo municipal de Vigo.

Poderá procederse á retirada do vehículo coa grúa cando o vehículo careza de tiquet ou cando rebase o dobre do tempo aboadado.

Tamén poderá procederse á inmovilización do vehículo cando careza de tiquet ou exceda da autorización concedida até que se logre a identificación do seu condutor.

En ámbolos dous casos deberá procederse ao aboamento da taxa polo servizo de retirada ou inmovilización prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.”

b) En proba da comisión da infracción que deu lugar á inmovilización do vehículo, ademais da denuncia do Vixiante da O.R.A debidamente contrastada e averada pola Policía Local, atópanse varias **fotografías** incorporadas no informe do Axente actuante que deixan constancia gráfica da inexistencia de tiquet habilitador do aparcamento.

Esas fotografías adoecen dun defecto na inserción da hora, que en nada ensombrece a claridade da imaxe e dos feitos dos que nela se deixa constancia.

c) A **fotocopia do tiquet** presentado pola recorrente, se ben non se acreditou nen se recoñece a súa validez, dispuña como hora límite de aparcamento as 11:12 horas.

A denuncia formúlase ás 10:30 horas do día 16/05/2006, e foi averada polo Axente número XX da Policía Local ás 12:18 horas; a inmovilización do vehículo realizouse ás 12:25 horas, polo que inda se fose válido o tiquet e estivese situado en lugar visíbel en cumprimento da normativa, a medida de inmovilización estaría tomada correctamente por exceso do período de autorización concedida, ao ser equivalente un tiquet caducado á inexistencia de tiquet.

En aplicación da doutrina dos actos propios, coa presentación dese tiquet coma auténtico, inda que non se lle recoñeza esa condición, nin moito menos que estivera situado en lugar visíbel do vehículo, a recorrente admite a comisión da conduta de superar o tempo autorizado -que pode dar lugar á inmovilización-, polo que asume a efectiva actualización do risco de ter que aboar as taxas do guindastre municipal.

d) A medida de inmovilización do vehículo dispónse pola normativa de referencia coma unha actividade na que se exerce unha **potestade discrecional**, ao establecerse literalmente “[...] poderá procederse á medida de inmovilización do vehículo [...]”.

Polo tanto, depende da apreciación dos Axentes e da dispoñibilidade técnica e humana efectuar a inmovilización, sempre que se dea o suposto de feito recollido na norma. No caso recorrido, dándose o suposto fáctico e podéndose prover de medios para a instalación do cepo, levouse a cabo este servizo, cumprindo todos os requisitos formais e materiais para a validez da medida adoptada.

En atención ás consideracións efectuadas, formulase a seguinte:

## PROPOSTA:

Desestimar a solicitude de reembolso da taxa pola inmovilización o día 16 de maio de 2006 do vehículo marca , por considerar que foi correctamente adoptada a medida de inmovilización tendo en conta os informes do axente actuante.

Con data 27/03/2008 solicítase informe con respecto as reflexións feitas por esta oficina, na que non se resposta o informe anterior; e de novo reiterase o 18/04/2008, 17/06/2008, 15/07/2008, 19/08/2008, 22/09/2008, 20/10/2008, 20/11/2008.

## REFLEXIÓNS

- 1) Cales son as motivacións polas que se declara a prescrición de sanción de oficio.
- 2) O que cabe deducir do expediente en cuestión, e que nos atopamos ante un suposto no que se evidencian erros por parte de administración municipal.
  - Non é correcta a indicación da falta do resguardo de regulación do aparcamento.
  - Non se teñen en conta a existencia de testemuñas.
  - Non é correcta a relación horaria das fotografías.
  - Non é correcta a indicación de reiteración na comisión deste tipo ou outras de faltas a normativa vixente.

O interesada non pretende unha exención da bonificación das cuotas da inmovilización do vehículo, a interesada pretende, nen sequera unha conmutación ou indulto dunha sanción, o que solicita e a anulación dunha penalización imputada que non é real, e dicir non é certa.

Atopámonos ante un erro dos tipificados, no artigo 105 de la Lei 30/1992, e que polo tanto require un novo acto administrativo que revoque o acto previo desfavorábel a interesada, xa que o caso que nos ocupa non constitúe nin dispensa exención prohibida por as leis. O axente pode apreciar unha actuación, pero esta dispoñibilidade non ampara a comisión dos erros que derivan da súa apreciación.

Por outra banda, son de apreciar segundo o exposto datos erróneos na tramitación do expediente tal como se alegou o que implica erros imputábeis a esa administración o que debe traducirse nunha cualificación de nulidade, e polo tanto o seu arquivo, e non unha prescrición de oficio o que tamén implicara unha ineficacia da xestión.

As atribucións que a Administración recibe non se poden utilizar de xeito aleatorio ou incontrolado, a súa utilización ten que propiciar a consecución do ben público mediante uns medios de defensa e garantías que acaden o equilibrio entre as facultades públicas e os dereitos persoais. Cando no se procede nesa dirección, cando a Administración se desvía xurde o afastamento marcado pola norma.

Estamos ante unha situación na que a Administración persigue unha finalidade diferente a aquela que a norma lle asignaba, e o que o Tribunal Supremo (14/05/1959) cualifica como consecución de

obxectivos non previstos concretamente pola motivación legal que inspira a norma. Noutros termos e o que a Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativo define como exercicio de potestades para acadar fins distintos dos fixados polo ordenamento xurídico.

Polo que entendemos que procede a nulidade da resolución cuestionada.

#### RECOMENDACIÓN:

Cumprimento de legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009 reitérase pedimento informativo tres veces e durante o ano 2010 reiterouse o 12/01/2010, 05/02/2010, 08/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 06/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 07/02/2011, 09/03/2011, 06/04/2011, 05/05/2011, 08/06/2011, 07/07/2011

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 16/01/2012 reitérase a petición de informe, e, de novo, o 02/03/2012, 03/04/2012, 02/05/2012, 04/06/2012, 04/07/2012, 01/08/2012, 04/09/2012, 04/10/2012, 05/11/2012, 03/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/01/2013 reiterouse por corenta e tres veces o pedimento anterior, e, de novo, o 04/02/2013, 08/03/2013, 05/04/2013.

Con data 06/05/2013, recíbese escrito do Servizo de Transportes no que informa o seguinte:

*"En resposta a súa solicitude de informe en relación coa queixa presentada, consultada a documentación óbrante nos arquivos municipais informase o seguinte:*

*Na data 16/05/2006 foi denunciado o vehículo da reclamante, por carecer de tiquet da ORA, denuncia adxerada pola policía local as 12:18 horas. E posteriormente as 12:25 horas, foi inmovilizado o vehículo co cepo.*

*Presentada reclamación pola interesada, foi contestada por resolución do Concelleiro-Delegado de Seguridade de data 09 de xullo de 2007, e notificada a reclamante con data 17 de xullo de 2007. Na notificación remitida á interesada dábaselle traslado así mesmo dos recursos procedentes contra a citada Resolución,*

sen que se teña coñecemento da interposición dos mesmos, polo que para esta Administración, o expediente esta resolto e arquivado.

*En relación coa solicitude de informe formulada polo Valedor do Cidadán sobre o citado expediente, con data 25/03/2008 déuselle traslado ao mesmo da copia da resolución ditada na data 9 de xullo de 2007 en resolución do citado expediente, información que non debeu parecer suficiente, posto que foi reiterada a solicitude de informe en numerosas ocasións, sendo a derradeira reiteración data 12 de abril actual.*

*A pesar das numerosas reiteracións de solicitude de informe formuladas polo Valedor do Cidadán nas que nalgunhas delas di que xa tiñan coñecemento da Resolución, e sobre a que fan varias puntualizacións que di que non foron lidas nen atendidas polo Concello, considerase que as puntualizacións realizadas no seu escrito de 7/01/2008 (relativas a prescrición da denuncia formulada, legalidade da inmovilización do vehículo e motivo da retirada, explicación sobre a hora que figura nas fotografías), xa foron respondidas na Resolución ditada na data 9 de xullo de 2007."*

Do que se deu cumprida información á interesada o 08/05/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 26/2008**

### ASUNTO:

Queixa en relación coa imposición dun recargo que derivou nunha retención por dilixencia de embargo por mor dunha multa de tráfico, como consecuencia de non identificar ao condutor.

O interesado manifesta que non tivo constancia do expediente nen sequera polo método habitual: aviso no propio vehículo.

A dirección de correo a que se lle dirixiu o aviso, non existe desde fai máis de 15 anos, na data en que o Concello lle efectuou o comunicado. O Concello cónstalle o seu empadroamento en Vigo (cítase enderezo), e estando, polo tanto, o día no imposto municipal de circulación de vehículos en Vigo.

O que considera de xustiza se lle libere do sobrecargo da retención debida a un erro administrativo non imputábel a el mesmo.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 18/03/2008; con data 14/04/2008, solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 14/04/2008, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 19/05/2008, 17/06/2008, 15/07/2008, 19/08/2008, 20/09/2008, 20/10/2008, 20/11/2008.

## REFLEXIÓNS:

Resulta desconcertante que se lle estea a notificar a un cidadán a un domicilio inexistente cando é comprobado que o seu enderezo está actualizado no propio Concello, e a propósito propio estamento de tráfico.

O que implica que a administración queda obrigada a revogar o acto, de acordo co artigo 105 da Lei 30/1992.

A administración debe actuar racionalmente e razoabelmente. Estamos ante o clásico desenvolvemento tecnocrático de finais dos sesenta, hoxe a desviación de poder xa está desvalorizada.

## RECOMENDACIÓNS:

Cumprimento de legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán, que si se tivo en conta nos expedientes anteriores (13,18,19,20,21 e 22/2008).

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo solicitado, e de novo, o 23/02/2009, 24/03/2009, 24/04/2009, 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 24/09/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010, reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 05/02/2010, 08/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 22/06/2009, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011, reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 07/02/2011, 09/03/2011, 08/04/2011, 05/05/2011, 08/06/2011, 07/07/2011

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 16/01/2012 reitérase a petición de informe, e, de novo, o 02/03/2012, 03/04/2012, 02/05/2012, 04/06/2012, 04/07/2012, 01/08/2012, 04/09/2012, 04/10/2012, 05/11/2012, 03/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:



Con data 03/01/2013 reitérase por cincuenta e dúas veces o pedimento anterior, e, de novo, o 04/02/2013, 08/03/2013, 05/04/2013, 07/05/2013.

Con data 16/05/2013, recíbese escrito do Servizo de Transportes no que informa o seguinte:

*"En resposta a súa solicitude de informe en relación coa queixa presentada, e reiterada en diversas ocasións; consultada a documentación óbrante no servizo de transportes comprobouse o seguinte:*

*A queixa relativa a imposición dunha sanción derivada da denuncia formulada na data 3 de abril de 2006 en concreto sobre os defectos da notificación da mesma.*

*En relación coas alegacións formuladas polo interesado informase o seguinte:*

- *As notificacións foron remitidas ao interesado a dirección que figuraba na data da denuncia na base de datos de Concello de Vigo desde o 3 de decembro de 2001 e ate a data 9 de xaneiro de 2007.*

*O que lle comunico os efectos oportunos."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 20/05/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 58/2008**

### ASUNTO:

Queixa en relación co incidente acaecido con dous membros da Policía Local cando circulando co seu vehículo pola rúa Dr. Marañón e incorporándose a Rúa López Mora (sendo preciso xirar a esquerda) se viu sorprendido por dous membros da Policía Local circulando en bicicleta pola Rúa López Mora procedendo da súa dereita, sen atender o semáforo en vermello, interpóndose na marcha do seu vehículo e obrigándoo a realizar unha urxente freada. Os axentes aproximáronse ao interesado que lles preguntou a razón de non atendela sinal do semáforo, sen obter resposta algunha, déronlle orde eslamiada de que continuara circulando.

A vista do acontecido dirixiu escrito ao Concello solicitando se lle indicase se a conduta exposta era correcta. Recebe un escrito da Policía Local que o cita para un conversa telefónica ou persoal, polo que, de novo se dirixe por escrito ao Concello reiterando o pedimento anterior, sendo, de novo, citado para unha entrevista telefónica ou persoalmente.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 29/07/2008, con data 31/07/2008 solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 04/09/2008, 02/10/2008, 06/11/2008, 03/12/2008

## REFLEXIÓNS:

As normas da circulación, agás excepcións claras e xustificadas, tamén obriga os membros da Policía Local.

O cidadán ten dereito a ser informado, as actuacións administrativas teñen que transcender as regras de funcionamento interno, para, deste xeito, interesarse na sociedade a que serve, como instrumento que promove as condicións, para que os dereitos constitucionais dos individuos sexan reais e efectivos.

As actuacións teñen que ser axeitadas os criterios de eficiencia e servizo os cidadáns, conforme os principio de transparencia e de participación.

Tanto o artigo 35.i da Lei 30/1992 como o artigo 4 do R.D. 208/1996 determinan as atencións que, a modo de dereitos, se lle deben prestar os cidadáns, así como tamén o artigo 12 do Código Europeo de Boa conduta (diligencia, corrección, cortesía, presentación de escusas en caso de erro, e corrección dos efectos negativos de forma máis rápida posible).

## RECOMENDACIÓNS:

Cumprimento de legalidade antes exposta, así como a do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterouse o pedimento solicitado no ano 2008, e de novo, o 03/02/2009, 06/03/2009, 15/04/2009, 08/06/2009, 21/07/2009, 18/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos anteriores, e de novo, o 05/02/2010, 09/03/2010, 08/04/2009, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011, reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 07/02/2011, 09/03/2011, 06/04/2011, 05/05/2011, 08/06/2011, 07/07/2011

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 16/01/2012 reitérase a petición de informe, e, de novo, o 02/03/2012, 03/04/2012, 02/05/2012, 04/06/2012, 04/07/2012, 01/08/2012, 04/09/201, 04/10/2012, 05/11/2012, 03/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/01/2013 reiterouse por cincuenta vez o pedimento anterior, e, de novo, o 04/02/2013.

Con data 11/02/2013, recíbese escrito de Mobilidade, Transportes e Seguridade no que informa o seguinte:

*En contestación a súa petición de informe en relación coa queixa presentada sobre o comportamento dos axentes da Policía Local, expte 58/2008, e solicitado informe ao Departamento de Relacións Cidadás da Policía Local conclúense as seguintes actuacións:*

*"Despois de seguir o procedemento habitual para o trámite de queixas e ao depender os axentes aos que fai referencia a queixa, da Sección de Costas e Praias, remítese a mesma ao Inspector Principal responsábel de dita sección.*

*Dito Inspector contactou co requirente, quedando aclarada a cuestión.*

*O que lle comunico para o seu coñecemento."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 11/02/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 73/2008**

### ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por non identificar ao condutor.

### SITUACIÓN:

O interesado ten cumprido as súas obrigas administrativas con rigor, domiciliado en tres domicilios diferentes en ano e medio, cumprindo cos trámites en Facenda, Permiso de conducir, Censo, etc.

Queixa presentada o 08/10/2008, con data 08/10/2008, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 05/11/2008, e o 03/12/2008.

### REFLEXIÓN:

Unha vez mais atopámonos co feito derivado da actividade administrativa, que revela unha falta de coordinación, medida esta sen a que non é posíbel acadar unha xestión eficaz, áxil e efectiva.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reitérase o pedimento xa solicitado o ano anterior, e de novo, o 03/02/2009.

Con data 03/03/2009, recíbese escrito de Seguridade, Circulación e Transporte no que informa do seguimento en relación cos diversos cambios de domicilio, rematando que a tramitación do expediente ten sido correcta.

Do que se deu cumprida información ao interesado, o 04/03/2009.

Con data 04/03/2009, interesase información actualizada en relación coa resolución do expediente, e de novo, o 11/05/2009, 08/06/2009, 21/07/2009, 18/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 05/02/2010, 09/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011, reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 07/02/2011, 09/03/2011, 06/04/2011, 05/05/2011, 08/06/2011, 07/07/2011

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 16/01/2012 reitérase a petición de informe, e, de novo, o 02/03/2012, 03/04/2012, 02/05/2012, 04/06/2012, 04/07/2012, 01/08/2012, 04/09/2012, 04/10/2012, 05/11/2012, 03/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/01/2013 reitérase por corenta e tres veces o pedimento anterior, e, de novo, o 04/02/2013, 08/03/2013, 05/04/2013, 07/05/2013, 07/06/2013, 08/07/2013, 05/08/2013, 05/09/2013, 08/10/2013, 07/11/2013, 04/12/2013.

## **CAPITULO III- PATRIMONIO //////////////////////////////////////**

### **EXPEDIENTE 79/2008**

#### ASUNTO:

Queixa en relación coas obras de peche dun espazo ao redor das torres de García Barbón, espazo cedido pola promotora a cidade de Vigo.

#### SITUACIÓN.

A interesada fai mención de que as citadas torres están baixo unha sentenza que as declara ilegais, tendo solicitado información desde maio/2008, sen resposta.

Queixa presentada, o 03/11/2008, con data 03/11/2008, solicitouse o preceptivo informe

#### REFLEXIÓNS:

Unha vez mais faise preciso recordar o dereito que teñen os cidadáns a ser informados en relación cos expedientes e documentación Municipal

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterouse o pedimento informativo de 2008, e de novo, o 10/02/2009, 18/3/2009, 14/04/2009, 11/05/2009, 15/06/2009, 23/07/2009, 19/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos anteriores, e de novo, o 18/2/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010.

Con data 07/06/2010 recíbese informe de Urbanismo no que indica que con data 21/05/2010 comunica que por parte da Unidade de Patrimonio procederase en breve o inicio das actuacións pertinentes de Protección de Patrimonio Municipal.

Do que se dá cumprida información á interesada o 08/06/2010, coa mesma data de 07/06/2010, e, de novo, o 08/07/2010, 05/08/2010. Con data 01/09/2010, recíbese escrito de Patrimonio indicando que se inicia expediente estando pendente o informe do Arquitecto. Do que se comunica á interesada o 02/09/2010, indicando que en datas vindeiras instarase nova información, o que se fai o 06/10/2010, e o 08/11/2010, 14/12/2010.

Durante o ano 2011, déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2011 reitéranse os pedimentos anteriores, e de novo, o 16/02/2011.

Con data 07/03/2011 recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas (ref. expte. 79/2008) infórmolle do seguinte:*

*Con data 08/04/2009 presenta escrito de alegacións no que denuncia que na rúa hai un edificio público que foi pechado polos propietarios do edificio.*

*Con data 10/10/2009 xírase visita de inspección onde se di:*

*"Que la parte posterior se encuentra vallada con una tela metálica de color verde".*

*Con data 13/05/2010 a arquitecta municipal emite o seguinte informe:*

*"O vixente PXOM, aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte do 16,05,2008 (DOG 03.06.2008 e BOP 06.08.2008) e por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 13,07,2009 (DOG 24.07.2009 e BOP 10.09/2009), clasifica a parcela de referencia como solo urbano consolidado con ordenanza de aplicación 16 de áreas de ordenación pormenorizada*

*Á vista da información dispoñible, as obras de referencia sitúanse sobre o espazo de cesión de uso de superficie".*

*Con data 14/05/2010 remítese o expediente a patrimonio xa que as obras obxecto do expediente atópanse situadas sobre un espazo de cesión de uso de superficie.*

*Ante o exposto, prégase dirixan as súas futuras solicitudes ao Departamento de Patrimonio do Concello de Vigo, toda vez que é o Departamento encargado da tramitación do asunto que motivou a orixe da queixa".*

Do que se dá cumprida información á interesada o 08/03/2011, indicándolle que coa mesma data dirixímonos a Patrimonio onde xa nos tiñamos dirixido o 06/10/2010, reiterándose o pedimento o 06/04/2011, recibéndose escrito o 08/04/2011 no que informa que o expediente segue pendente de informe técnico o que se traslada á interesada o 11/04/2011.

Con data 26/04/2011 fainos chegar escrito (documento 110055521) no que denuncia unha apropiación ilegal indebida de patrimonio municipal o que trasladamos a Patrimonio con data 25/05/2011.

Con data 18/05/2011 recíbese escrito de Patrimonio que o expediente segue no mesmo estado, segundo informe de 08/03/2011, do que se dá cumprida información á interesada o 19/05/2011.

Con data 16/06/2011 reitérase o pedimento informativo, que se recibe o 01/07/2011 indicando que o mesmo está pendente do informe da Xerencia Municipal de Urbanismo, o que se traslada á interesada o 04/07/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/02/2012 recíbese escrito de Patrimonio no que informa que o expediente de referencia atópase pendente de informe solicitado á Xefatura da Xerencia de Urbanismo o 17/06/2011 e que foi reiterado o 13 de outubro de 2011, continuando actualmente na mesma situación.

Do que se deu cumprida información á interesada o 22/02/2012 indicándolle que, en datas vindeiras, solicitarase, de novo, información actualizada o que se fai o 12/03/2012 e, de novo, o 30/03/2012, o 12/04/2012, 10/05/2012, 07/06/2012, 12/07/2012, 10/08/2012, 12/09/2012, 10/10/2012, 08/11/2012, 05/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 08/01/2013 reitérase por novena vez o pedimento anterior, e, de novo, o 11/02/2013, 11/03/2013, 09/04/2013.

Con data 07/05/2013, recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo (Infraccións Urbanísticas) no que informa o seguinte:

*"Asunto: comunicación remisión expediente de protección da legalidade urbanística nº 15575/423 a APLU*

*Poño no seu coñecemento que con data 19.04.2013 esta administración municipal remitiu o expediente de protección da legalidade urbanística nº 15575/423, relativo á construción de valado con tela metálica en espazo de cesión de uso de superficie, situado, na parcela con referencia catastral á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística da Xunta de Galicia (APLU), por ser a administración competente para a protección da legalidade urbanística en zonas verdes, espazos libres, dotación de equipamentos públicos (artigo 213 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia)."*

A espera da decisión referida.

Do que se deu cumprida información á interesada, quedando a espera da decisión do Órgano competente da Comunidade Autónoma ao que nos diriximos o 03/06/2013 e ao 12/09/2013, 10/01/2013, 08/11/2013.

Con data 22/11/2013 recébase escrito da Xunta de Galicia que remata sinalando que a competencia e do Concello de Vigo.

A vista do que con data 25/11/2013 dirixímonos a X. M. de Urbanismo achegando exemplar orixinal do informe da Xunta antes citado. Coa mesma data damos información á interesada

## **CAPITULO IV- SERVICIOS XERAIS //////////////////////////////////////**

### **EXPEDIENTE 70/2008**

#### ASUNTO:

Queixa en relación coa pasividade dos servizos de limpeza nunha veciñanza, situación que foi denunciada pola Asociación de Veciños xa en xullo de 2007 achegando fotografías que mostran o estado calamitoso da situación.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 26/09/2008, con data 29/09/2008 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 31/10/2008 e o 29/11/2008

#### REFLEXIÓNS:

A vista das fotografías que obran no expediente, observase a acumulación de lixo, maleza cubrindo as beirarrúas, excrementos de animais, roedores e cheiros.

A realidade social, cultural, tecnolóxica e económica rachou definitivamente coas situacións singulares de relativo illamento polo que viña pasando a sociedade municipal.

A veciñanza ten recoñecido legalmente o seu dereito a utilizar, de acordo coa súa natureza, os servizos públicos municipais, exixindo a prestación dos mesmos.

Os concellos por vía legal teñen que asumir, entre outros, unha serie de servizos ou prestacións como a xestión e execución de parques e xardíns, protección do medio ambiente, servizo de limpeza, recollida e tratamento de residuos.

#### RECOMENDACIÓNS:

Atención efectiva das obrigas antes citadas.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009 reiterase o pedimento do ano 2008, e de novo, o 23/02/2009, 24/03/2009, 23/04/2009, 21/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 27/08/2009, 28/09/2009, 02/12/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitêranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 05/02/2010,



09/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 05/01/2011, reiterouse o pedimento informativo, e, de novo, o 04/02/2011, 03/03/2011, 04/04/2011, 04/05/2011, 06/06/2011, 07/07/2011

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 02/03/2012, reiterase a petición de informe e, de novo, o 03/04/2012, 04/05/2012, 05/06/2012, 04/07/2012, 01/08/2012, 04/09/2012, 04/10/2012, 05/11/2012, 03/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/01/2013 reiterouse por corenta e seis veces o pedimento anterior, e, de novo, o 04/02/2013, 08/03/2013, 09/04/2013, 07/05/2013, 07/09/2013, 08/07/2013, 05/08/2013, 05/09/2013, 08/10/2013, 08/11/2013, 04/12/2013.

## **CAPITULO V- ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA //////////////////////////////////////**

### **EXPEDIENTE 11/2008**

#### ASUNTO:

Queixa en relación coa situación dun expediente de protección da legalidade urbanística iniciado xa fai anos que segue o edificio en cuestión sen axustarse a normativa vixente, sen que o Concello tome as medidas que proceden, e que máis ben parece que se está a espera de que se produza una prescrición.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 05/02/2008, solicitándose o preceptivo informe o 06/02/2008, reiterándose o 31/03/2008, 07/05/2008, 12/06/2008, 15/07/2008, 18/08/2008, 19/09/2008, 21/10/2008, 20/11/2008.

#### REFLEXIÓNS:

Nun expediente xa cualificado hai anos como de ilegal, e polo tanto suxeito a reposición da legalidade urbanística, segue estando "a espera".

A realidade ven a contradicir o disposto no artigo 10.3 da Constitución Española en canto as actividades de toda administración pública que teñan que estar presididas polos principios de eficacia, e con sometemento plena a lei e o dereito.

O artigo 3, da Lei 30/1992, repite o exposto na Constitución Española, e ademais indica que "igualmente deberán respectar na súa actuación os principios de boa fe e de confianza lexítima".

O mesmo artigo explícita que ademais debe rexerse polos criterios de eficiencias o servizo dos cidadáns.

#### RECOMENDACIÓNS:

Cumprimento dos principios legalmente establecidos, e anteriormente citados, así como co disposto no artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse, por décima vez o pedimento solicitado en 2008, en de novo o 23/02/2009, 24/09/2009, 23/04/2009, 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 24/09/2009, 22/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 09/02/2010, reitéranse os pedimentos anteriores, e, de novo, o 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 09/02/2010, reitéranse os pedimentos anteriores, e, de novo, o 14/02/2011, 15/03/2011, 18/04/2011, 11/05/2011, 09/06/2011, 11/07/2011

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2012, reitérase a petición de informe e, de novo, o 02/03/2012, 09/04/2012, 04/05/2012, 04/06/2012, 04/07/2012, 01/08/2012, 04/09/2012, 04/10/2012, 05/11/2012, 03/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 04/02/2013 reitérase por cincuenta e tres veces o pedimento anterior, e, de novo, o 08/03/2013.

Con data 02/04/2013, recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo (Barrios Históricos) no que informa o seguinte:

*"En relación á queixa formulada ante esa Institución, sobre o edificio sinalado cos números 11, 13 e 15, infórmase o seguinte:*

*Por resolución de data 14 de maio de 1999, expediente 32006/421; acordo do Consello da Xerencia de Urbanismo do 15 de decembro de 2000, expediente 36980/421; resolución do vicepresidente da Xerencia de urbanismo do 26 de setembro de 2003; e outra do citado órgano unipersoal do 8 de xaneiro de 2004, expediente 36980/421, autorizou á entidade mercantil, para construír un edificio composto de dous bloques, composto de dúas plantas soto, planta baixa, catro plantas altas e aproveitamento baixo cuberta con 10 estudos e 5 vivendas, e outro con fronte á rúa Ecuador composto de catro plantas soto/planta soto 1º e 2º que son planta 1ª e baixa respectivamente, planta baixa seis plantas altas e aproveitamento baixo cuberta con 33 vivendas e 8 estudos.*

*O vicepresidente da Xerencia municipal de urbanismo, por resolución do 5 de agosto de 2004, resolveu incoar expediente de protección da legalidade urbanística, pola execución de obras non axustadas á licenza 36980/421 e non legalizábeis, expediente 12707/423.*

*Por resolución do presidente da Xerencia municipal de urbanismo de data 24 de xaneiro de 2006, declarouse a caducidade do procedemento de reposición da legalidade urbanística expte. 12707/423, incoado por resolución do 5 de agosto de 2004, ao transcorrer o prazo máximo para resolver e incoouse novo procedemento.*

*O Consello da Xerencia de urbanismo, mediante acordo do 20 de marzo de 2006, resolveu o procedemento de reposición da legalidade urbanística número 12707/423, no sentido de declarar como realizadas sen axustarse á licenza concedida, expediente 36980/421, e non legalizábeis as obras executadas, requirindo á promotora para que procedese ao axuste á licenza das obras obxecto do expediente e derrubando as non amparadas na licenza co apercibimento de que, en caso de incumprimento, procederíase á execución forzosa, ben mediante a execución subsidiaria ben mediante a imposición de multas coercitivas.*

*A aparelladora municipal, con data 8 de novembro de 2006, informa que, realizada visita de inspección o mesmo día 8 de novembro de 2006, comprobou que a planta autorizada como aproveitamento baixo cuberta do bloque con fronte á rúa segue sen axustarse á definida no proxecto autorizado nin á máxima permitida nas normas urbanísticas do PEEC.*

*O concelleiro delegado de Urbanismo, con data 8 de febreiro de 2007 e expediente 47130/421, resolveu denegar a solicitude formulada pola entidade, de licenza de primeira ocupación do edificio sinalado por non cumprir os requisitos para o seu outorgamento, ao terse comprobado que as obras executadas non se axustan en diversas zonas ás licenzas autorizadas números 32006/421 e 36980/421, excedendo a envolvente máxima permitida polas normas urbanísticas do Plan especial de edificios, conxuntos e elementos a conservar e a obra non está rematada.*

*O delegado da Área de Urbanismo e Vivenda, por resolución do 3 de abril de 2008; expediente 14558/423, resolveu impoñer, una multa coercitiva en contra de 1.000,00 euros polo incumprimento da demolición ordenada no acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 6 de abril de 2006, ditado no expediente 12707/423.*

*Con data 4 de maio de 2008 o delegado da Área de Urbanismo e Vivenda, por resolución do 3 de abril de 2008; expediente 14735/423, resolveu incoar expediente sancionador á entidade e ao director da obra, pola posíbel comisión de infracción urbanística a que corresponde a imposición de multa polo importe de 34.535,670 euros. Este expediente non foi resolto.*

*O inspector municipal, con data 16 de xuño de 2008, expediente 14558/423 de execución forzosa, informa que, presentado en persoa na edificación, compróbase que os casetóns da planta baixo cuberta foron demolidos e que no momento da inspección se estaban a efectuar traballos na caseta do ascensor para adaptala á envolvente da cuberta.*

*A aparelladora municipal informa, con data 24 de febreiro de 2009 no expediente de primeira ocupación número 47130/421, que con data 14 de novembro de 2008 presentase por parte do promotor un escrito no que indica que téndose rematado as obras de corrección das diferenzas da edificación do proxecto autorizado, se conceda a licenza de primeira ocupación, achegando escrito asinado polo arquitecto redactor do proxecto no que se describen polo miúdo as obras realizadas para axustar a cuberta e un plano de estado definitivo da planta de aproveitamento baixo cuberta do bloque que non altera a súa superficie construída nin o número de edificación con datas 17 e 24 de febreiro de 2009 comprobouse que se axusta substancialmente ao proxecto autorizado, ao plano de aproveitamento baixo cuberta antes citado e ás condicións impostas na licenza."*

Do que se deu cumprida información á interesada o 05/04/2013.

Sen incidencias posteriores

## **EXPEDIENTE 16/2008**

### ASUNTO:

Queixa en relación coa instalación dunha antena de telefonía móbil que foi desestimada segundo expediente de urbanismo nº 33368/421 de 12/04/1999.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 22/02/2008, con data 25/02/2008 solicítase o preceptivo informe que se reiterou o 16/04/2008, o 07/05/2008, o 17/06/2008, o 15/07/2008, o 19/08/2008, o 19/09/2008, 21/10/2008, 20/11/2008.

## REFLEXIÓNS:

Desde o 04/02/2008 en que segundo o documento 80013757, fíxose polo interesado un relatorio das actuacións ante o Concello, sen resposta algunha, e constando unicamente como actuación administrativa da Xerencia Municipal de Urbanismo a resolución de 12/07/1999 na que se desestima a solicitude de licenza (expediente 33368/421), no se coñece actividades administrativas ningunha, non obstante as solicitudes do interesado na que se pon de manifesto o listado de saúde da súa dona que considera seriamente afectado polo funcionamento dunha antena que carece de licenza.

Por outra banda o interesado ten dereito a ser informado puntualmente das actuacións levadas a cabo en relación coa súa petición formulada, a última, o 04/02/2008, xa que ademais o cidadán ten dereito, a un medio ambiente saudable, o que obriga a administración a que se teña en conta o respecto e a súa protección, prestándolle asistencia informativa, e garantindo o principio de axilidade na tramitación e resolución das solicitudes de información e resolución das solicitudes de información ambiental, xa que nos atopamos nun suposto de emisións que poden afectar seriamente a saúde dos cidadáns. O perigo para a saúde dos campos electromagnéticos está cientificamente demostrado.

## RECOMENDACIÓNS:

Prestar a debida atención o caso que nos ocupa. Cumprimento da legalidade que dimana do dereito a ser informado o cidadán, e de que deriva o artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse por novena vez o pedimento solicitado en 2008, e de novo, o 23/02/2009, 24/03/2009, 23/04/2009, 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 24/09/2009, 12/10/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010, reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 09/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011, reitéranse os pedimentos anteriores, e, de novo, o 14/02/2011.

Con data 21/02/2011, recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas (ref. expte: 16/2008) infórmolle o seguinte:*

*Con data 30/08/99, o inspector municipal informou que xirada a visita de inspección comprobouse que o equipo de telefonía móbil foi instalada. O titular das obras presentou solicitude de licenza municipal con data 12 de abril de 1999 sendo a mesma denegada por incumprir o apartado 3.3.1 das ordenanzas de PGOU con data 09/08/2008 emítese informe de inspección municipal no que di: "a antena está instalada encima de un casetón como se aprecia en las fotografías actuales, y cotejado el informe y fotos anteriores de la anterior inspección del 30 de agosto de 1999 se aprecia a simple vista que no hay nuevas obras.*

*Con data 20/05/2008 a arquitectura municipal emite o informe seguinte:*

*En contestación á dilixencia remitida pola Técnica de Administración Xeral de data 16/05/2008 ao obxecto de informar se a actividade denunciada é permisible, emítese o seguinte*

**INFORME:**

**INFORME DA INSPECCIÓN:** *o inspector municipal informou,*

*Con data 30/08/1999 que "un equipo de telefonía móbil.. ya ha sido instalado...con data 09/04/2008 que "la antena está instalada encima de un casetón como se aprecia en las fotografías actuales, y cotejado el informe y fotos anteriores de la anterior inspección del 30 de agosto de 1999 se aprecia a simple vista que no hay nuevas obras".*

**LICENZA DE ACTIVIDADE:** *non consta outorgada licenza municipal.*

**CONDICIÓN S URBANÍSTICAS:** *o vixente PXOU, aprobado definitivamente o 29/04/93 (DOG 10/05/93) inclúe a zona na que se sitúa a instalación obxecto deste expediente en solo clasificado como urbano e calificado coa ordenanza 1.1.B. de edificación pechada na área central. Folla 18-23.*

*En dita ordenanza o uso é permisible.*

**PRESUNTA INFRACCIÓN:**

*Exercicio de actividade de unha estación de telefonía móbil sen a preceptiva e previa licenza.*

*A actividade podería ser permisíbel sempre que a instalación se axuste ao establecido na Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telecomunicación no termo municipal de Vigo (A.D. 26/02/2001 e B.O.P. 05/04/2001, nas NNUU e demais normativa de aplicación.*

*Do que se dá cumprida información ao interesado o 23/02/2011, indicándolle que en datas vindeiras instarase información actualizada sobre o particular. O que se fai o 15/03/2011 solicitando información sobre si a referida instalación é ou non axeitada a normativa vixente.*

*Pedimento que se reitera o 18/04/2011, 11/05/2011, 09/06/2011, 11/07/2011, 11/08/2011.*

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2012, reitérase a petición de informe e, de novo, o 02/03/2012, 09/04/2012, 04/05/2012.

Con data 22/05/2012 recíbese informe da Xerencia Municipal de Urbanismo (Infraccións) no que se indica o seguinte:

*"O expediente nº 14749/423 atópase pendente do informe do Inspector Municipal, solicitado pola Arquitecta Municipal con data 30/04/2012 para que comprobe o estado actual da antena".*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 25/05/2012, indicándolle que, en datas vindeiras solicitarase información actualizada do que se lle dará a oportuna comunicación.

Con data 18/06/2012, solicítase información actualizada que se reitera o 18/07/2012, 20/08/2012, 20/09/2012, 19/10/2012, 19/11/2012, 18/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 07/01/2013 reitérase por sétima vez o pedimento anterior, e, de novo, o 13/02/2013.

Con data 05/03/2013, recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo (Disciplina Urbanística) no que informa o seguinte:

*"En resposta a os seus oficios nos que interesa información actualizada sobre as denuncias efectuadas, en relación ao expediente 14749/423, infórmolle o seguinte:*

*Con data 04.06.2012, a arquitecta municipal emitiu o seguinte informe:*

*"INFORME DA INSPECCIÓN:*

*. O inspector municipal, con relación á instalación de telefonía, con data 04.05.2012, informou: "...se observa una antena de telefonía..."*

*LICENZA DE ACTIVIDADE: Consultada a Aplicación de Xestión de Expedientes, non consta outorgada licenza municipal para a antena obxecto deste expediente.*

*NOVAS CONDICIÓN S URBANÍSTICAS:*

*. O vixente PXOM, aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte do 16.05.2008 (DOG 03.06.2008 e BOP 06.08.2008) e por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 13.07.2009 (DOG 24.07.2009 e BOP 10.09.2009), clasifica a parcela de referencia como solo urbano consolidado con ordenanza de aplicación 3, de edificación en couzada pechada. Plano 6-N.*

*. De conformidade co artigo 5.9.3 Centrais e elementos de telefonía do PXOM vixente aqueles elementos técnicos ou instalacións, tales como antenas de emisión ou recepción de ondas, equipos de sinalización ou balizamento, etc., propios ou vinculados, se é o caso, a determinados xerais, dadas as súas especiais características e utilidade poderán localizarse dentro de calquera clase de solo, sempre que se cumpran a súa regulamentación específica e o disposto na lexislación vixente e se axusten á Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telecomunicación no termo municipal de Vigo.*

#### *PRESUNTA INFRACCIÓN:*

*. Instalación de estación base de telefonía móbil, sen que conste outorgada licenza municipal.*

*. A vista da documentación dispoñible, a actividade podería ser permisíbel sempre que se xustifique a cubicación concreta da instalación de referencia, o cumprimento da súa regulamentación específica e o disposto na lexislación vixente e na Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telecomunicación no termo municipal de Vigo”.*

*Con data 25.01.2013, o Inspector Municipal emitiu o seguinte informe;*

*“Xirada visita de inspección, o 25/01/2013, a estación base de telefonía móbil, comprobouse que nese intre atopábase funcionando”*

*Con posterioridade ás actuacións practicadas, a Disposición Adicional Terceira da Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización de comercio e de determinados servizos, actualmente en vigor, exceptúa do procedemento de concesión de licenza municipal: “ás estacións e instalacións radioelétricas utilizadas para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñíbeis para o público, a excepción daquelas nas que concorran as circunstancias referidas no artigo 2.2 desta Lei, ocupen unha superficie superior a 300m<sup>2</sup>, computándose a tal efecto toda a superficie incluída dentro do valado da estación ou instalación ou, tratándose de instalacións de nova construción, teñan impacto en espazos naturais protexidos”.*

*Por este motivo, a tramitación do procedemento de disciplina urbanística pasou a ter a menor prioridade outorgada polo Plan de Inspección urbanística do Concello de Vigo. Das seguintes actuacións que se practiquen segundo os medios persoais e materiais dispoñíbeis neste departamento, darase oportuna conta a oficina do Valedor do Cidadán.”*

*Do que se deu cumprida información ao interesado o 06/03/2013. Quedando a espera do resultado das informacións que se poidan recibir puntualmente.*

*Con data 15/04/2013 dirixímonos a Disciplina Urbanística informándolle que o día 11/04/2013 comparece o interesado manifestando a súa preocupación pola situación en que se atopa.*



Con data 15/05/2013, solicitamos nova información de se lo caso, e o 14/06/2013, 10/07/2013, 07/08/2013, 11/09/2013, 10/10/2013, 8/11/2013, 5/12/2013.

## **EXPEDIENTE 33/2008**

### ASUNTO:

Queixa en relación coa construción dunha placa con tella e formigón.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 10/04/2008, con data 24/04/2008 solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 20/05/2008, o 24/06/2008, 24/07/2008, 29/08/2008, 21/10/2008, 20/11/2008.

Con data 29/09/2008, recíbese escrito da X.M. Urbanismo-Infraccións ao que se achega informe da Inspección municipal d e21/06/2008, no que indica que se puido comprobar a realización de obras consistentes na construción dun galpón de nova planta sobre solera de formigón. Este galpón, construído a base de paredes de bloques de formigón, en foscados interior e exteriormente, con cubrición de tella de cerámica sobre planchas de fibrocemento ten unhas dimensións d e2,30x4,30 metros e atópase recuada de lindeiros lateral e posterior 2.40 e 3,90 metros respectivamente.

A vista da cartografía municipal púidose comprobar que este galpón foi realizado en substitución de outro anteriormente existente que se atopaba adosado a lindeiro lateral.

A propietaria destas obras manifesta ter unha licenza de obras menores, para arranxo de muro existente e solado de cemento. Do que se deu cumprida información ao interesado o 25/09/2008.

Con data 20/10/2008, comparece o interesado e manifesta que o galpón que non está retranqueado está no plano na cuadrícula CO (en roxo). O que se comunica a Urbanismo o 21/10/2008, achegando copia do plano e fotografía ao respecto, e instando unha acción eficaz así como información actualizada, que se reitera o 20/11/2008.

### REFLEXIÓNS:

A visita efectuada polo inspector municipal e de 21/06/2005, e comunicase dous anos despois, e o parecer a mesma non se corresponde coa obra obxecto de queixa. E de primeira necesidade actuacións axeitadas e puntuais, do contrario a eficacia non resulta fiable.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse o pedimento de 2008, e de novo, o 23/02/2009, o 24/03/2009, 24/04/2009, 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 24/09/2009, 22/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010, reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 09/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011, reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 14/02/2011.

Con data 22/02/2011, recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que se informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (ref. expte: 33/2008) infórmolle do seguinte:*

*Con data 01/06/05 presentase escrito de alegacións no que denuncia que con data 12/05/98 ditouse sentenza polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no que se ordena o Concello de Vigo a derruba das obras litixiosas executadas consistentes nunha placa con tellado e galpón, así como o alzamento dun muro de máis de 1,80 metros de altura. Así mesmo manifesta que comezou a edificar unha nova placa adosada as antigas, sen respectar os debidos retranqueos entre lindeiros.*

*Con data 21/06/05 emítese informe de inspección que se adxunta.*

*O expediente está en fase de tramitación, se ben, debido a escasa entidade da presunta infracción, ten un grao de prioridade menor que aquel outros expedientes nos que a suposta infracción urbanística ten o carácter de moi grave ou grave ao abeiro do disposto no artigo 217 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*

*En cumprimento da normativa citada, o resultado da dita tramitación notificaráselle a vostede, coa indicación de se a mesma da lugar ao inicio dun procedemento de protección da legalidade urbanística ou, se pola contra, non se aprecian indicios de infracción urbanística e, polo tanto, se arquivan as actuacións."*

Con data 15/03/2011, solicítase desa Concellería de Urbanismo e Vivenda información actualizada pendente sobre o tema de referencia; pedimento que se reitera o 18/04/2011, 11/05/2011.

Con data 20/05/2011, recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*"Asunto: Expte. 33/2008*

*Infracción: obras de ampliación de edificación existente consistentes en construción de alpendre duns 9,89m<sup>2</sup>, pérgola metálica adosada ao lindeiro lateral duns 20m<sup>2</sup> e instalación de churrasquería sen que conste outorgada licenza municipal.*

*Lugar da infracción:*

*O delegado da Área de Urbanismo e Vivenda, por delegación do Alcalde-Presidente da Xerencia de Urbanismo e con data 15 de abril de 2011, ditou a seguinte resolución:*

#### **ANTECEDENTES**

*Con datas 21.06.2005 e 06.04.2011 o inspector municipal informou sobre a execución de obras presuntamente ilegais, con referencia catastral .....*

*Con data 15.04.2011 a técnica municipal emitiu informe urbanístico sobre as ditas obras.*

#### **PRESUNTA INFRACCIÓN URBANÍSTICA**

*Execución de obras de ampliación de edificación existente consistentes en construción de alpendre duns 9,89m<sup>2</sup>, pérgola metálica adosada ao lindeiro lateral duns 20m<sup>2</sup> e instalación de churrasquería sen que conste outorgada licenza municipal.*

*O vixente PXOM clasifica a parcela de referencia como solo urbano consolidado con ordenanza de aplicación 10 de edificación residencial exterior, grao 1º. Plano 17-L.*

*As obras obxecto deste expediente non poderían ser legalizábeis pois, á vista da documentación dispoñible, en principio a parcela non reúne os requisitos sinalados no art. 6.2.13 para ser soar edificable, aínda que será en todo caso a acta de aliñacións e rasantes a que confirme esta condición. Ademais a churrasquería invade o espazo previsto para ampliación de vial.*

#### **PRESUNTOS RESPONSABLES**

*De conformidade co artigo 219 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), é responsábel da presunta infracción cometida, en concepto de propietario.*

#### **SOMETEMENTO A LICENZA DAS OBRAS REALIZADAS**

*De conformidade co disposto nos artigos 194 LOUGA, 10 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDU) e 2.1.2 das Normas Urbanísticas do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte do 16.05.2008 (DOG 03.06.2008 e BOP 06.08.2008) e por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 13.07.2009 (DOG 24.07.2009 e BOP 10.09.2009), as obras realizadas sométense ao deber de obtención de previa licenza urbanística e unha vez obtida a respectar o contido da mesma e o proxecto no que se ampara. As obras realizadas carecen da preceptiva licenza municipal.*

## PROCEDEMENTO

*O presente procedemento de protección da legalidade urbanística tramítase conforme o disposto nos artigos 209 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) e 54 do Regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDU), coas seguintes consecuencias na resolución que poña fin ao procedemento:*

*Se as obras non fosen legalizábeis por seren incompatíbeis co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición a custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos aos que desen lugar ou, se é o caso, á reconstrucción do indebidamente demolido. En caso de incumprimento da orde de demolición, a Administración procederá á execución subsidiaria da mesma ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterábeis mensalmente até lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha (art. 209.6 LOUGA).*

*Todo o anterior, sen prexuízo da imposición da sanción que proceda no seu caso tras a tramitación do correspondente procedemento sancionador.*

## PRAZO PARA RESOLVER

*O prazo máximo no que se deberá resolver e notificar este procedemento é de un ano desde a data da presente resolución de incoación (artigo 209.4 LOUGA), sen prexuízo do disposto no art. 42.5 LRPAC respecto da suspensión do prazo legal para a resolución e notificación da resolución definitiva dos procedementos administrativos. O incumprimento deste prazo terá como consecuencia a caducidade do expediente administrativo e o inicio dun novo procedemento dentro do prazo legalmente establecido.*

## ÓRGANO COMPETENTE

*É competente para iniciar o presente procedemento o Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo, consonte o disposto nos artigos 209 LOUGA e 5 dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo, aprobados polo Concello Pleno o 29 de xullo de 1996 e modificados mediante acordo plenario de data 26.04.2010 (BOP N° 137, do martes 20 de xullo de 2010; versión consolidada BOP N° 193, do mércores 6 de outubro de 2010), así como na resolución de rectificación de atribucións do Alcalde-Presidente para a súa adaptación á modificación dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (BOP N° 160, do 20 de agosto de 2010).*

*O Consello da Xerencia é o órgano competente para resolver o presente expediente, de conformidade co art. 9.2.c dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU)."*

*Á vista dos antecedentes expostos e da normativa citada, de conformidade coa proposta de resolución de data 15 de abril de 2011*

RESOLVO:

PRIMEIRO- Iniciar expediente de protección da legalidade urbanística, pola execución das obras que se expresan na parte expositiva da presente resolución.

SEGUNDO- Establecer un prazo de quince días a contar a partir do seguinte á notificación da presente resolución para que os interesados aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes en defensa dos seus dereitos.

TERCEIRO- Notificar á interesada a presente resolución de inicio de expediente, coa advertencia de que contra ela poderá alegar o que estime procedente para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.

O que lle comunico para o seu coñecemento.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 23/05/2011.

Con data 20/06/2011, solicítase a Urbanismo e Vivenda información actualizada en relación co expediente inicial de protección da legalidade urbanística, reiterándose o 20/07/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2012 reitérase a petición de informe e, de novo, o 02/03/2012, 09/04/2012, 04/05/2012.

Con data 22/05/2012, recíbese informe da Xerencia Municipal de Urbanismo (Infraccións) no que se indica o seguinte:

- REF. 33/2008: (expte. Valedor 14820/423).

(Expte. 14819/423)

ASUNTO: Denuncias efectuadas.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión ordinaria do día 26/08/2011 acordou:

*"PRIMEIRO*- Declarar que as obras executadas no, con referencia catastral ..., consistentes na ampliación de edificación existente consistentes en alpendre duns 9.89 m2, pérgola metálica adosada ao lindeiro lateral duns 20 m2 e instalación de churrasquería realizadas sen licenza, son incompatíbeis co ordenamento urbanístico e, en consecuencia, ordenar a súa demolición.

*SEGUNDO*- Requirit que, proceda voluntariamente á demolición das ditas obras, para o cal deberá solicitar licenza ante esta Administración municipal no prazo de tres meses. A execución da demolición deberá reali-

*zarse no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte á notificación da licenza autorizada. deberá acreditar ante esta Administración a execución da demolición ordenada mediante a presentación dun certificado final de obra emitido por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente. En caso de incumprimento, procederase por este Concello á execución forzosa da citada demolición, ben mediante execución subsidiaria por conta do interesado, ben mediante a imposición de multas coercitivas, reiterábeis mensalmente até lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.*

*Con data 01/12/2011 déuselle traslado do recurso de reposición interposto contra o acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 26/08/2011, en cumprimento do disposto no art. 112 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dispendo de 15 días úteis, a contar desde o seguinte á recepción da presente notificación, para que alegue canto estime procedente."*

*Con data 07/12/2011 a arquitecta municipal solicita informe ao departamento de Cartografía, atopándose o expediente pendente da remisión do dito informe.*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 25/05/2012, indicando que en datas vindeiras solicitarase nova información actualizada, o que se fai o 18/06/2012 e, de novo, o 18/07/2012, 20/08/2012, 20/09/2012, 19/10/2012, 19/11/2012, 18/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2013 reiterase por sétima vez o pedimento anterior, e, de novo, o 13/02/2013.

Con data 05/03/2013 recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo (Disciplina Urbanística) no que informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información actualizada sobre as denuncias efectuadas, en relación ao expediente 14819/423, infórmolle do seguinte:*

*Mediante resolución de data 15.04.2011, o Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo iniciou procedemento de restauración da legalidade urbanística pola execución de obras presuntamente ilegais consistentes en: ampliación de edificación existente consistentes en apendre duns 9,89 m2, pérgola metálica adosada ao lindeiro lateral duns 20 m2 e instalación de churrasquería realizadas sen licenza, outorgando un prazo de audiencia de quince días.*

*Con relación ao escrito de alegacións presentado pola interesada (doc. N° 110076091), a arquitecta municipal, con data 03.06.2011, emitiu o seguinte informe:*

*"INFORME:*

*1º.-Segundo expón o interesado no punto 1º as obras obxecto deste expediente teñen unha antigüidade superior aos 6 anos.*

*.As alegacións exportas polo interesado no escrito presentado non poden ser estimadas toda vez que:*

- *Respecto ás obras de construción de alpendre duns 9,89 m2 recollidas no informe técnico de data 15.04.2011 para as que non constaba autorización municipal.*
- *Na fotografía aérea presente no Sistema de Información Territorial de Galicia da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, realizada en voo de maio de 2003, non aparece reflectida na parcela de referencia a esta construción. Tampouco se aprecian signos de inicio inminente de obras ou aprovisionamento de maquinaria e/o materiais de construción.*
- *Ademais nas fotografías presentes no informe do inspector municipal de data 21.06.2005 reflíctese esta edificación en construción.*
- *Respecto ás obras de construción de pérgola metálica adosado ao lindeiro lateral e duns 20 m2.*
- *Nin da documentación contida no expediente nin da documentación achegada polo interesado se aprecia a preexistencia destas obras.*
- *Non se recolle unha construción similar á descrita no informe do inspector municipal de data 06.04.2011.*
- *Nin na Cartografía municipal obtida a partires de voos fotogramétricos realizados por azimut en novembro de 2.005 (apoio de campo realizado en novembro de 2005 e restitución e debuxo realizado en maio de 2.006).*
- *Nin nas fotografías aéreas datadas no ano 2.005 e 2.008, obtidas da Aplicación de Xestión de Expedientes da XMU.*

*2º.- Respecto ao punto 2º:*

- *En data 11.05.2010 a interesada solicitou información para a instalación dunha pérgola na parcela de referencia (expediente nº 70.062/421).*

*O expediente foi informado polo arquitecto técnico municipal en data 326.05.2011:*

- *"...Dado que la pérgola es considerada como una estructura, independientemente del material a utilizar para su realización, se deberá acompañar la solicitud con un proyecto firmado y visado por técnico competente. Así como el resto de la documentación obrante en el anexo normativo de tramitación de licencias del vigente PXOM..."*

*O Consello de Xerencia da Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 26.08.2011 adoptou, entre outros, os seguinte acordo:*

*"PRIMEIRO.- Declarar que as obras executadas, consistentes na ampliación de edificación existente consistentes en alpendre duns 9,89m<sup>2</sup>, pérgola metálica adosada ao lindeiro lateral duns 20m<sup>2</sup> e instalación de churrasquería realizadas sen licenza, son incompatíbeis co ordenamento urbanístico e, en consecuencia, ordenar a D<sup>a</sup>. Carmen Domínguez Vila a súa demolición.*

*SEGUNDO.- Requirir que se proceda voluntariamente á demolición das ditas obras, para o cal deberá solicitar licenza ante esta Administración municipal no prazo de tres meses. A execución da demolición deberá realizarse no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte á notificación da licenza autorizada. Deberá acreditar ante esta Administración a execución da demolición ordenada mediante a presentación dun certificado final de obra emitido por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente. En caso de incumprimento, procederase por este Concello a execución forzosa da citada demolición, ben mediante execución subsidiaria por conta do interesado, ben mediante a imposición de multas coercitivas, reiterábeis mensalmente até lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.*

*TERCEIRO.- Notificar ás interesadas a presente resolución do procedemento de reposición da legalidade urbanística, que finaliza a vía administrativa, informándolle que poderá interpoñer alternativamente recurso potestativo de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes desde o día seguinte á recepción da notificación do dito acordo, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses".*

*O indicado acordo foi obxecto de recurso de reposición.*

*Con data 18.05.2012, en contestación á dilixencia remitida pola técnica de administración xeral con relación o recurso de reposición polo interesado (doc. N<sup>o</sup> 110134482), a arquitecta municipal emitiu o seguinte informe:*

*"INFORME:*

*1<sup>o</sup>.- Respecto ao punto I e II.*

*. Como se indicaba no informe técnico xeral de data 15.04.2011, o vixente PXOM clasifica a parcela de referencia como solo urbano consolidado con ordenanza de aplicación 10 de edificación residencial exterior, grao 1<sup>o</sup>.*

*. Conforme ao establecido no artigo da Lei 9/2002, modificada entre outras pola Lei 15/2004, de ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en adiante LOUGA), os propietarios de solo urbano consolidado teñen a obriga e o dereito de completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os terreos adiquiran a condición de soar. Segundo a definición de soar que establece a Lei no caso da existencia de planeamento ademais das condicións que se determinan no artigo 16 deben observarse as condicións de urbanización deste planeamento.*

*. Segundo o art. 6.2.13. teñen a condición de soar aquelas parcelas de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que reúnan os seguintes requisitos:*



- a) *Que estean dotadas de acceso por vía rodada pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais, subministración de enerxía eléctrica, e iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos.*
- b) *Se existise planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións, rasantes e normas técnicas establecidas por aquel.*

*As normas Urbanísticas do Plan Xeral establecen no capítulo 9.10. ordenanza 10 de Edificación Residencial Exterior, que se entende como parcela mínima calquera parcela suficientemente documentada como tal, por calquera medio admitido en dereito, existente ou agrupación de existentes con anterioridade á Aprobación inicial do Plan Xeral cando cumpra as seguintes condicións:*

- a) *Que sexa capaz de acoller unha vivenda que cumpra coa superficie establecida para vivenda mínima no Art. 5.2.5 destas Normas, e a de vivenda exterior.*
- b) *Que non poida ter a condición de parcela inedificábel en aplicación das condicións do Artigo 6.2.11. considérase non edificábel a parcela que non reúne as condicións establecidas en cada zona de ordenanza, ou que no seu interior non se poidan realizar edificacións que poidan cumprir os mínimos de dimensión, dotación de aparcadoiro, agás a excepcións que poidan regularse nalgunha zona de ordenanza.*
- c) *Deberá poder resolver o acceso e reserva das prazas de garaxe que lle correspondan segundo as condicións xerais de Garaxe-Estacionamento por razón do Uso.*
- d) *Teña un fronte mínimo á aliñación de tres metros.*
- e) *O índice de edificabilidade aplicábel será o da zona e Grao en que se localice.*

*. En data 14.05.2012, o topógrafo municipal emite informe no que se fai constar que:*

*"...De acordo co viario do PXOM, non está garantido o dominio público da semirrua "*

*. Neste caso a parcela da frente a un viario que non está plenamente urbanizado conforme establece o planeamento, polo que sería de aplicación o apartado 3º do referido artigo. O alcance das obras mínimas que deben poder realizarse para acadar esta condición de soar se referirán até o cruce da rúa máis próxima, até conectar co viario existente urbanizado, e non só ao fronte da parcela, porque as parcelas lindeiras non teñen os seus frontes urbanizados. O plan establece o ancho das aliñacións en 10,5m, polo que a semirrua a acadar é de 5,25m en toda a lonxitude. No informe da Oficina de Cartografía realizase unha toma de datos sobre os anchos, non acadándose a anchura requirida en toda a lonxitude.*

*. Á vista do anteriormente exposto, as obras de ampliación consistentes en construción de alpendre duns 9,89m<sup>2</sup> e pérgola metálica duns 20m<sup>2</sup>, non se atopan entre as permisíbeis en edificacións en situación de fóra de ordenanzas. Polo que ao técnico que subscribe entende que estas obras non poderían ser*

*legalizábeis mentres non se dean as condicións que permitan á parcela de referencia acadar a condición de soar, conforme se establecen nas Normas Urbanísticas do PXOM vixente.*

*2º.-Respecto o punto IV.*

*. Conforme ao establecido no artigo 102 da Lei 9/2002, modificada entre outras pola Lei 15/2004, de ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en adiante LOUGA), malla a obrigatoriedade da observancia dos plans, se non dificultase a súa execución, poderán autorizarse usos e obras xustificadas de carácter provisional en solo urbano non consolidado, solo urbanizábel delimitado e terreos afectados a sistemas xerais en tanto non se iniciase o procedemento de xestión correspondente, sempre que non estean expresamente prohibidos pola lexislación urbanística ou sectorial nin polo planeamento xeral, que deberán derrubarse cando o acordase o concello, sen dereito a indemnización. As obras executadas para usos provisionais deberán ser as mínimas imprescindíbeis para permitir unhas instalacións facilmente desmontables. Non se admiten como usos provisionais nin os residenciais nin os industriais.*

*. De conformidade co art. 2.6.5 Obras provisionais do PXOM vixente, en zonas pendentes de planeamento de desenvolvemento, ou en Sistemas Xerais Viarios ou dotacionais, e con anterioridade ao inicio da xestión correspondente, poderanse autorizar usos ou obras de carácter provisional, por tempo limitado e en precario, sempre que non se atopen expresamente prohibidas polo planeamento ou a lexislación sectorial. Ditas obras non poderán xerar dereitos indemnizatorios e deberán demolerse cando así o acorde o Concello de Vigo, para iso deberán ser obras con elementos mínimos imprescindíbeis que permitan instalación facilmente desmontables. Non se admiten como usos provisionais ou residenciais nin os industriais.*

*. Á parcela sobre a que se sitúan as obras obxecto deste expediente, está clasificada como solo urbano consolidado, polo que non serían de aplicación os referidos artigos.*

*Á vista do exposto, o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 02.11.2012 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:*

*“PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición presentado con data 20.10.2011 contra o Acordo do Consello da XMU de data 26.08.2011 polos motivos indicados nos fundamentos xurídicos.*

*SEGUNDO.- Notificar aos interesados o presente acordo, informándolles que contra el unicamente cabe a interposición do recurso extraordinario de revisión ante o Consello da XMU nos casos establecidos no art. 118 LRCPAC ou directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da notificación da presente resolución”.*

*A indicada resolución foi notificada con data 15.11.2012.*

*Con data 21.11.2011, o Xulgado Contencioso Administrativo Nº 2 de Vigo, emitiu sentenza en relación ao RCA Nº 106/2011 P.A., interposto contra inactividade do Concello de Vigo, en relación co escrito de denuncia de data 01.06.2005 por obras. Esta sentenza desestima o recurso por desaparición sobrevida*

*do seu obxecto (inactividade) ao ter sido iniciado e resolto o procedemento de protección da legalidade urbanística correspondente.*

*Actualmente, o expediente se atopa pendente de que solicite a oportuna licenza para á demolición das obras obxecto deste expediente.*

Do que se deu cumprida información á interesada o 11/03/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 35/2008**

### ASUNTO:

Queixa en relación coa construción dun edificio de seis alturas.

### SITUACIÓN:

O interesado ten denunciado no Concello, desde o 29/01/2007, tres veces que as alturas da citada construción non se cumpren nas vertentes dunha escalinata, como tampouco nas de planta baixo teitado e o cumio do tellado.

Con data 21/08/2007 recibe escrito de Urbanismo no que se indica que se procede o arquivo das actuacións xa que os feitos denunciados non constitúen infracción urbanística.

Con data 23/11/2007 o interesado entrega no Concello escrito no que subliña o seguinte:

- 1) Ter procedido a comprobación das alturas na fachada que da a rúa..... mediante equipo láser, obtendo medidas que contradín o informe técnico do Concello, sendo estas as seguintes:
  - Cota a planta 21,9 m., en vez de 21 m., indicados no plano.
  - Cota entre planta e cumio 5 m., en vez dos 4 m., indicados no plano.
- 2) A vista da evidente contradicción entre as medidas do técnico do Concello e as existentes, e co ánimo de evitar posteriores actuacións na vía xudicial.
- 3) Tendo en conta ademais que se procedeu a instalación dun bosque de chemineas con altura excesiva.

Por todo interesa, se efectúe unha medición contrastada entre técnico municipal e outra de súa parte, e se procede a adopción de medidas de protección da legalidade urbanística.

Con data 15/04/2008, recíbese a queixa, e con data 24/04/2008, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 26/05/2008, 24/06/2008, 22/07/2008, 29/08/2008, 01/10/2008, 21/10/2008, 27/10/2008, 27/11/2008.

#### REFLEXIÓNS:

O cidadán ten dereito a recibir unha resposta a súa petición co ánimo de evitar posibles controversias que transcendan o ámbito puramente administrativo.

#### RECOMENDACIÓNS:

Cumprimento da legalidade informática a que ten dereito o cidadán. Así como do que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 09/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 14/02/2011.

Con data 21/02/2011, recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (ref. expte. 35/2008) infórmolle do seguinte:*

*Con datas 31/05/2007, 21/06/2007, 11/04/2008 presenta escrito de alegacións no que denuncia que as obras realizadas no cumpren coa altura regulamentaria.*

*Segundo inspección de data 11/07/2007 infórmase que a altura da edificación axústase, en xeral, o proxecto presentado con data de visado 10/12/2004."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 23/02/2011.

Con data 12/04/2011, recíbese escrito do interesado no que manifesta a súa desconformidade coa información do Concello.

A vista do anterior dirixímonos a Concellería de Urbanismo e Vivenda o 13/04/2011 achegando copias dos escritos nos que o interesado xa tiña comunicado as súas medicións, as que non se axustaban as notificadas pola Concellería de Urbanismo, interesando unha aclaración a réplica

citada. Pedimento que se reitera o 16/05/2011, 20/06/2011, 20/07/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2012 reitérase a petición de informe e, de novo, o 02/03/2012, 09/04/2012, 04/05/2012.

Con data 22/05/2012 recíbese informe da Xerencia Municipal de Urbanismo (Infraccións) no que se indica o seguinte:

- REF. 35/2008: (expte. Valedor 14831/423).

(Expte. 14172/423)

ASUNTO: Denuncias efectuadas.

*"Segundo inspección de data 11/07/07 infórmase que a altura da edificación axustase, en xeral ao proxecto presentado con data de visado 10/12/2004.*

*Con data 26/02/2009 o delegado da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu no expediente de licenza de primeira ocupación 65041/421:*

*"Outorgar á entidade mercantil "Promotora... S.L., licenza de primeira ocupación do edificio sinalado, composto de 7 plantas respecto á citada rúa e 10 en relación á escalinata, cun total de 67 vivendas e unha superficie construída total de 10.353,52 m<sup>2</sup>".*

*Do que se dá cumprida información ao interesado o 25/05/2012.*

*Con data 05/06/2012 o interesado achega escrito de alegacións o que da lugar a que por parte desta Institución do Valedor do Cidadán nos dirixamos de novo a Urbanismo (Infraccións) facendo as seguintes previsións:*

*Con data, 22/05/2012, recíbese seu escrito de 11/05/2012, (remisión informe) da Xerencia Municipal de Urbanismo-Infraccións no que, entre outros, se informa do expediente referenciado e referido a Expte. Valedor 14831/423 e Expte, 14172/423, do que se deu cumprida información ao interesado.*

*Con data 05/06/2012, recíbese escrito do interesado no que manifesta unha serie de consideracións que se indican:*

- *Que se sinte avergoñado do trato recibido do Concello.*
- *A discrepancia por el manifestado segue sen solución xa que ten comprobado que a altura non se axusta a legalidade; tal como consta nos diversos escritos do expediente tal como consta, por exemplo no noso escrito de 13/04/2011, nº saída 431, documento 110050298.*

- *Estima que un técnico non pode cualificar que en xeral as dimensións da edificación se axustan. Cando en realidade, e en particular, exige unha que non se axusta, cal é a ALTURA que da lugar ao incumprimento do proxecto. E dicir, existen cotas que se pasan da declaración emitida.*

*O único que se indica e algo xa indicado no escrito de Disciplina Urbanística de 07/02/2011, nº de saída. 1555-2011, seu expediente 14831/423. Escrito que foi respondido o 13/04/2011, nº saída 431, doc. 110050298, ao que se axuntaba diversa documentación no que se explicitaban as medidas realizadas polo interesado.*

*Por outro lado e pola nosa parte faise preciso indicar que as administracións públicas ademais de intelixentes teñen que ser receptivas e resolutivas.*

*As resolucións non deben adoecer de falta de precisión, todo proceso administrativo implica, por definición, a existencia dunha pluralidade de actos altamente relacionados entre si; os actos de trámite e a resolución constitúen un todo complexo e, ao mesmo tempo, unitario. Estas actuacións administrativas terán que servir de garantía específica para o administrado que poderá intervir persoalmente no procedemento e lograr por diversos medios (alegacións, probas, audiencia, recursos) a tutela efectiva dos seus dereitos.*

*As cuestións presentadas polo interesado nas súas peticións non definen por si mesmas exclusivamente o obxecto do procedemento, senón que constitúen o*

*contido mínimo do mesmo, por canto ao resolverse polo órgano competente este poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas, fosen ou non presentadas polo interesado.*

*O feito de non atender as peticións, e os argumentos produce unha incongruencia no procedemento que debe ser rexeitada.*

*O artigo 35 de Lei 30/1992, entre outros, consagra o dereito dos cidadáns a formular alegacións que deberán ser tidas en conta.*

*Segundo o Tribunal de Primeira Instancia das Comunidades Europeas (27/03/2003), a Administración ten que facilitar todas as informacións pertinentes a outra parte actuante no procedemento.*

*Por todo prégame unha revisión do Informe cuestionado e a súa adaptación á realidade do proxecto que se cuestiona.*

*En espera da súa información.*

*Pedimento que se reitera o 12/07/2012, 10/08/2012, 12/09/2012, 10/10/2012, 08/11/2012, 05/12/2012.*

*Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:*

Con data 08/01/2013 reitérase, por sétima vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 11/02/2013.

Con data 05/03/2013 recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo(Disciplina Urbanística) no que informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información actualizada sobre as denuncias efectuadas, en relación á altura da edificación situada, infórmolle do seguinte:*

*Por esta oficina iniciouse baixo o número de expediente 14172/423 o trámite de información previa regulado nos artigos 115 a 117 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, de disciplina urbanística de Galicia (RDU) en relación coas denuncias presentadas.*

*O devandito expediente ten por obxecto esclarecer se as obras obxecto de denuncia son constitutivas dunha infracción urbanística e, no seu caso, ordenar a reposición da legalidade urbanística supostamente vulnerada. O expediente está na fase de tramitación indicada, constando, como dilixencias informativas, o informe emitido con data 11.07.2007 polo inspector de urbanismo no que se constata "que a altura da edificación ASUSTASE, en xeral, ao proxecto presentado e visado con data 10.12.2004" (en referencia ao expediente de licenza nº 56066/421), do cal se lle deu traslado ao interesado con data 22.08.2007.*

*Respecto da solicitude por parte do Valedor do cidadán, no que literalmente "prégase unha revisión do informe cuestionado e a súa adaptación á realidade do proxecto que se cuestiona", indicando que "as administracións ademais de intelixentes teñen que ser receptivas e resolutivas", cabe indicar:*

*Que segundo dispón o artigo 208.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUGA. "os feitos constatados polo persoal funcionario da inspección e vixilancia urbanística no exercicio das competencias propias en materia de disciplina urbanística gozan de valor probatorio e presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que en defensa dos receptivos dereitos ou intereses*

*Vostede basea a súa petición en que "o interesado afirma que un técnico non pode cualificar que en xeral as dimensións da edificación se axustan", o cal non só non ten acollida na lexislación urbanística en vigor, senón que atenta contra a "intelixencia, receptividade e resolutividade" invocadas, toda vez que o denunciante unicamente achega como proba fotografías e a súa percepción visual desde o exterior. Afirma, nunha denuncia posterior, que procedeu a medición de alturas "mediante un equipo láser", concluíndo que existe un exceso de altura de entre 0,90 e 1 metro, sen especificar sequera se posúe unha titulación técnica suficiente para realizar tal medición coa precisión requirida para contradicir o informe de inspección urbanística municipal.*

*A vista do exposto, esta Administración non considerou procedente a revisión do informe cuestionado do inspector municipal de data 11.07.2007, toda vez que no expediente de licenza de primeira ocupación nº 65041/421, o enxeñeiro técnico de Obras Públicas con data 10.10.2008 emite o seguinte informe:*

*"...Realizadas visitas de inspección al terreno a urbanizar, se informa por parte de esta Oficina, que las obras se han ejecutado de acuerdo con las directrices marcadas.*

*Por lo tanto, no existe inconveniente, en que se continúe con los trámites para la obtención de la licencia de primera ocupación."*

*. No indicado expediente, con data 26.01.2009 a aparelladora Municipal informa:*

*"A la vista de los planos del estado final de la obra y de la visita de inspección con motivo de la 1ª ocupación, se pudo comprobar que en su construcción se observaron una serie de diferencias con el proyecto autorizado que paso a enumerar:*

*1ª. Supresión de una de las viviendas autorizadas en la planta baja cubierta de Escalinata a Peniche.*

*2ª. Reajuste de plazas de aparcamiento y trasteros, cumpliéndose de igual manera la reserva de garaje. Apertura de nuevos accesos a los garajes desde las plantas baja, 1ª y 2ª de Escalinata a Peniche.*

*No obstante las diferencias enumeradas cabe informar que el edificio se ajusta sensiblemente a las condiciones impuestas en la licencia y en el apartado 3.8.11.e. de las Ordenanzas (reposición de viario y aceras en el frente de la parcela, arbolado, conducciones, etc.). Presentan informe favorable en cuanto a las características de la urbanización en el frente de la fachada"*

*Con base nos anteditos informes, con data 26.02.2009, o delegado da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu outorgar á entidade mercantil, licenza de primeira ocupación do edificio, composto de 7 plantas, cun total de 67 vivendas e unha superficie construída total de 10.353,52 m².*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 06/03/2013, quen o 18/03/2013 remite escrito no que indica o seguinte:

- *No seu primeiro parágrafo no que se fai referencia a denuncia sobre "altura de edificación" e non sobre outros termos urbanísticos, xa que como é así, é sobre o único que, desde 2007, ten denunciado.*

*Desde 2007 nos seus escritos reiteradamente menciónanse cotas específicas sobre planos específicos sempre referido a cotas de altura. Desafortunadamente no resto do seu informe obvian en todo momento dar resposta a este tema "altura excesiva" saíndo por outras derrotas.*

- *No seu segundo parágrafo indícase. "O expediente está en fase de tramitación indicada, constando como dilixencias informativas, o informe.....", no sabendo como interpretar si isto significa que a súa denuncia e a súa tramitación continúan vivas para o Concello e os seus órganos.*
- *No seu cuarto parágrafo onde indica o artigo 208.4 da Lei 9/2002, do 30 de setembro, "os feitos constatados polo persoal.....sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou*



*intereses poidan sinalar ou achegar os propios interesados”, non deixa de constatar seu dereito a facer a denuncia, ser escoitado, e que se lle indiquen os dereitos legais e administrativos aos que se pode remitir para poder exercelos. O que o indicado por un persoal funcionario se considere probatorias e en presunción de veracidade non lle quita ao interesado seus dereitos, até hoxe nunca mencionados por esa Alcaldía, por iso nos seus escritos desde 2007, de xeito repetido, se indica por el: “habendo obtido as seguintes medidas, que contradín o indicado polo Técnico do Concello,..... solicitando a realización dunha medición contrastada”.*

- *No seu quinto parágrafo, onde se menciona que na súa denuncia e no seu pedimento (do Valedor) está baseada en que “afirma que un técnico non pode cualificar que en xeral as dimensións da edificación se axustan”, indicando que solo achega “unhas fotografías e unha percepción visual” cando xa no seu escrito denuncia, de data 23/11/2007, e seguintes, achegando ademais planos, con cotas mencionando:*

*-cota a la planta 21,9 metros, en vez de 21,00 metros indicados no plano.*

*-cota entre planta e cumio 5,0 metros en vez de 4,0 metros indicados no plano.*

*E dicir, un exceso de altura xeral do edificio, e a máis da altura incrementada baixo cuberta (non como no seu escrito din que digo: “de entre 0,90 e 1 metro”.*

- *No seu quinto parágrafo mencionan que non “especifican sequera se posúe unha titulación técnica suficiente para realizar tal medición coa precisión requirida para contradicir o informe de inspección urbanística municipal”, e é cando agora debo apoiar, su (do Valedor), que “as administracións públicas ademais de ser intelixentes,.....” xa que queda abraiado, o pensar que as súas medicións, que forman parte da súa denuncia, teñan VALOR, se el fose algo mais ca un cidadán normal e simple. Cree que isto significa un desprezo ao cidadán, por alguén non moi intelixente.*

- *Onde está escrito que en función do que sexa un cidadán a súa denuncia e probas, e capacidade para contradicir, son mais ou menos válidas e aceptadas?.*
- *Tense que ser alto, de cor, non nacional, falar un idioma, bacharel, bombeiro para que se tivesen por válidas as súas medicións?.*
- *Cándo tentou o Concello contrastar a súa capacidade, ou quén lle fixo as medicións?.*
- *Porque non accederon ao solicitado xa desde o 23/11/2007: “Que se realice unha medición contrastada, ben por técnico que Vdes. designen e un designado polo interesado (ou el mesmo).*

*Para máis INRI, casualmente o interesado é Enxeñeiro Naval Superior, especialidade Arquitectura Naval, desde 1974, con ampla experiencia laboral e forma parte dos seus instrumentos de medición, os equipos “Leica Disto A5, precisión de medición +- 1,5 mm” como equipo láser de medición de distancias”.*

■ *No seu sexto, sétimo e oitavo parágrafo mencionan:*

- *que “esta Administración non consideren procedente a revisión do informe cuestionado....., toda vez que no expediente de licenza de primeira ocupación.....con data 10/10/2008 emite o seguinte informe:.....”que as obras foron executadas de acordo coas directrices marcadas”.*
- *que “no indicado expediente con data 26/01/2009 o aparelador municipal informa: “A vista.... non obstante as diferenzas enumeradas cabe informar que o edificio axústase sensibelmente as condicións.....”*
- *que “presentan informe favorábel en canto as características da urbanización no fronte da fachada”*

*Pero isto non indica nada, en canto a materia da súa denuncia por “altura”, e é unha demostración da falta de “recepción” e “resolución” da Administración do Concello e os seus órganos, que tiveron a oportunidade de contrastalo polo denunciado “altura” en todas e cada unha destas actuacións, omitíndoo e sen embargo, e a mais INRI, cando xa estaba reclamado polo Valedor do Cidadán en datas previas a todos estes actos que intentan xustificar súa falta de resposta, e ademais intentase xustificar con expresións faltas de rigorosidade técnica.*

*Os técnicos, en menos en informes técnicos, non usan expresións vagas e no técnicas, tales como “en xeral”, “directrices marcadas”, “axusta sensibelmente”, o sobre materia diferente a cuestionada, tal como “no fronte da fachada”, sino como se regulen nas normas establecidas nas que se definen parámetros establecidos e fixos, como: aliñamentos, alturas máximas edificadas, pendentes, volume, edificabilidade, etc., todas elas expresadas con un número fixo, en metros, %, volumes, m2/ m2, etc.*

*Un volume pode ser o mesmo, pero obtido por multiplicación de diferentes medidas, unhas cumprindo e outras sen cumprir. Así mesmo unha altura media pode estar ben (aínda que as normas non utilizan este parámetro definitorio), e sen embargo a máxima altura está fora totalmente das normas.*

*Por elo un informe técnico, ou ben indica, CUMPRE ou non CUMPRE, ou ben indica a COTA MEDIA REAL, e a súa RELACIÓN COA PRESENTADA e APROBADA NO PROXECTO, obviando toda clase de adxectivos persoais non clasificadores que nada teñen que ver co denunciado: ALTURA.*

*Parece que o Concello e os seus organismos pretendesen co seu informe contestación, e non o achegado e con estas expresións (descoñezo se é un procedemento utilizado normalmente como salvagarda), marear a perdz, intentando fuxir da cuestión formulada na miña denuncia: “Exceso de alturas”.*

*O caso é que a discrepancia e o motivo das denuncias, ao día de hoxe sen resolver, existe; en que o interesado si comprobou a altura, e si ben en XERAL, poden axustarse as alturas, casualmente as que indica non se axustan.*

*Un Técnico (se así se fai chamar e está cualificado), non pode certificar que en GENERAL (Xeral) as dimensións da edificación, se axustan, cando en particular, existe unha que non. UNHA, A ALTURA, que da lugar ao non cumprimento do proxecto, e que afecta aos seus dereitos.*

*Para mais INRI, estando as súas denuncias en firme, ante a Concellería de Urbanismo, e non habéndome nunca o Concello nas súas contestacións indicado os trámites legais que en dereito lle corresponden para rebater nas aseveracións da altura da edificación e cumprimento do proxecto, resolveu dar licenza de primeira ocupación en 26/09/2009.*

*A contestación que se lle notificou o 06/03/2013 segue sen resolver a cuestión denunciada.*

*Por último o interesado expón que a actuación da Consellería de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo entra dentro do suposto de Delito contra as institucións por ignorar de maneira reiterativa e continuada ao Valedor do Cidadán, xa que no ordenamento penal, no seu artigo 502, penaliza as autoridades e funcionarios que obstaculicen de calquera xeito as investigacións, que poidan levar a cabo os distintos Defensores do Pobo, Tribunais de Contas ou organismos equivalentes.*

*Solicita finalmente se lle indique, que pasos debe dar, ben apoiado polo Valedor, ben legalmente, xa que en ningún sitio da contestación da Concellería de Urbanismo e Vivenda, indica cales son seus dereitos a exercer.*

*Pola nosa parte reiteramos o exposto no noso escrito de 12/06/2012, nº de saída 543, documento 120072593:*

*As resolucións non deben adoeecer de falta de precisión, todo proceso administrativo implica, por definición, a existencia dunha pluralidade de actos altamente relacionados entre si; os actos de trámite e a resolución constitúen un todo complexo e, ao mesmo tempo, unitario. Estas actuacións administrativas terán que servir de garantía específica para o administrado que poderá intervir persoalmente no procedemento e lograr por diversos medios (alegacións, probas, audiencia, recursos) a tutela efectiva dos seus dereitos.*

*As cuestións presentadas polo interesado nas súas peticións non definen por si mesmas exclusivamente o obxecto do procedemento, senón que constitúen o*

*contido mínimo do mesmo, por canto ao resolverse polo órgano competente este poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas, fosen ou non presentadas polo interesado.*

*O feito de non atender as peticións, e os argumentos produce unha incongruencia no procedemento que debe ser rexeitada.*

*O artigo 35 de Lei 30/1992, entre outros, consagra o dereito dos cidadáns a formular alegacións que deberán ser tidas en conta.*

*Segundo o tribunal de Primeira Instancia das Comunidades Europeas (27/03/2003), a Administración ten que facilitar todas as informacións pertinentes a outra parte actuante no procedemento.*

Por todo prérgase unha revisión do Informe cuestionado e a súa adaptación á realidade do proxecto que se cuestiona.

Con data 22/04/2013 reiterase o pedimento anterior e, de novo, o 23/05/2013, 24/06/2013, 24/07/2013, 23/08/2013, 20/09/2013, 18/10/2013, 18/11/2013, 16/12/2013.

## **EXPEDIENTE 39/2008**

### ASUNTO:

Queixa en relación cunha obra ilegal, lindando coa súa propiedade que a deixa sepultada, achegando fotografías.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 22/04/2008, con data 05/05/2008 solícítase o preceptivo informe que se reitera o 17/06/2008, 15/07/2008, 19/08/2008, 19/09/2008, 21/10/2008, 20/11/2008.

### REFLEXIÓN:

Non resulta unha actividade realmente eficaz a efectuada por Urbanismo, xa que en data 17/20/2007 a Inspección Municipal informa sobre a construción dunha nova planta sobre unha edificación existente.

A superficie da nova planta é aproximadamente de 55 m<sup>2</sup>, a altura no cumio da cuberta é de 2,50 m. E no lateral é de 2 m.

Construíuse un alpendre duns 2,5 m<sup>2</sup>, cunha escaleira de acceso a vivenda de 2,70 x 1,15 m.

Non localizándose ningunha referencia sobre a existencia de licenza para a dita obra.

E dicir, que un ano despois do informe oficial descoñécese a posta en marcha de medidas protectoras e restauradoras de legalidade urbanística, o que induce unha falta de eficacia e eficiencia.

### RECOMENDACIÓNS:

Axilidade nas tarefas de Protección da legalidade urbanística, e cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009 reiterouse por sétima vez, o pedimento realizado durante o ano 2008, e

de novo, o 23/02/2009, o 24/03/2009, 23/04/2009, 22/06/2009, 24/07/2009 e 19/08/2009, 24/09/2009, 22/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/02/2010 reitéranse as peticións informativas anteriores, e de novo, o 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2011 reitérase as peticións informativo, e de novo, o 16/02/2011.

Con data 21/02/2011 recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (ref.expte: 39/2008) infórmolle o seguinte:*

*Con data 02/10/07 presenta escrito de alegacións no que denuncia as obras realizadas consistentes na rehabilitación dunha vivenda antiga.*

*Con data 17/10/07 emítese informe de inspección:*

*No dito lugar realizouse unha nova planta sobre unha edificación existente. A superficie da nova planta é aproximadamente de 55 m<sup>2</sup>. A altura no cumio da cuberta é de 2,50 m e no lateral e de 2 m. Para a construción da nova planta utilizouse fábrica de ladrillo e cuberta de tella. Construíuse un alpendre duns 2,5m<sup>2</sup>, cunhas escaleiras de acceso á vivenda de 2,70x1,15m".*

*Con data 06/05/08 a arquitecta municipal emite o seguinte informe:*

CONDICIÓN URBANÍSTICAS: *o vixente PXOU, aprobado definitivamente o 29/04/93 (DOG 10/05/93) inclúe a zona na que se sitúa a edificación obxecto deste expediente en solo urbano dentro do ámbito do PEMIE SAMPAIO, pendente de desenvolvemento. Neste ámbito, en tanto non se aprobe definitivamente o PEMIE poderán concederse licenzas con ordenanza transitoria 1.3.B. de edificación familiar illada de media densidade, cunha parcela mínima de 750 m<sup>2</sup> e unha sección mínima do vial ao que de fronte de 8m. Plano 20-24.*

PRESUNTA INFRACCIÓN:

*Acondicionamento de edificación preexistente duns 78m<sup>2</sup> .e ampliación de edificación, engadindo unha planta duns 55m<sup>2</sup> e alpendre e escaleiras duns 5,60m<sup>2</sup>, sen licenza municipal.*

*Co PXOU vixente as obras de ampliación non poderían ser legalizábeis. A parcela e a construción non cumpren as condicións de volume que se regulan na ordenanza 1.3.B.: parcela mínima 750m<sup>2</sup>, recadros*

mínimos 4,00 metros, ocupación máxima 35%, edificabilidade 0,5m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>, fronte a vía pública. Polo que a edificación atópase en situación de fóra de ordenación e nestes supostos non se poden autorizar obras de ampliación.

As obras na edificación primitiva poderían ser legalizábeis solicitando a correspondente licenza e sempre que as obras realizadas non excederan de pequenas reparacións demandadas por razóns de hixiene, seguridade, ornato e conservación permisíbeis nas edificacións nesta situación.

VALORACIÓN: o presuposto de execución material das obras excluídas o beneficio empresarial, honorarios profesionais e impostos considérase en: 45.467,41 euros.

O novo PXOM, aprobado definitivamente o 16/05/2008 (DOGA 03/06/2008); e publicado no BOP o 06/08/2008; clasifica a parcela na que se sitúa a edificación obxecto deste expediente como solo urbano consolidado, con ordenanza de aplicación 10 grao 2º de edificación residencial exterior. A ocupación e edificabilidade máximas permitidas son do 80% e 0'8 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> respectivamente, segundo o artigo 9.10.9 nas NNUU para parcelas con unha planta; segundo o artigo 9.10.14 das mesmas NNUU.

Ambas condicións atópanse amplamente superadas pola ampliación obxecto do presente expediente; polo que o técnico que subscribe considera que a infracción segue a ser a mesma indicada pola técnica municipal no seu informe de data 06/05/2008, tendo a mesma valoración".

Con data 16/07/2008 incóase procedemento de protección da legalidade urbanística.

Con data 30/07/09 presenta escrito de alegacións no que di que as obras foras realizadas no ano 2002 e fai diversas manifestacións sobre a altura da edificación.

Con data 11/06/10 a arquitecta municipal emite o seguinte informe:

- Na información catastral dispoñíbel consta que na parcela de referencia existe unha edificación dunha planta baixa destinada a uso almacén duns 39m<sup>2</sup> e unha primeira planta duns 39m<sup>2</sup> destinada ao uso vivenda, con data de construción 1969. Esta descrición non coincide co estado actual da edificación obxecto deste expediente. (Ref. Cat. ...).
- Segundo se pode observar nas fotografías aéreas presentes no SIXPAC da Consellería do Medio Rural de 2002 e a fotografía facilitada pola Oficina de cartografía da XMU e obtida dun voo aéreo realizado en data 05.2003, en principio, as obras non estaban realizadas nese intre.
- Condicións de altura da edificación: De conformidade co Art.6.6.15 Plantas do PXOM vixente, as plantas inferiores á baixa teñen a consideración de plantas baixo rasante se o teito das mesmas se atopa a unha distancia igual a ou menor de 120cm da cota do rasante, neste caso considérase como semisoto. As plantas inferiores á baixa cuxa cara superior do forxado de teito se atope a distancia maior de 150cm respecto da rasante, plantas sobre rasante.

- Segundo a información dispoñíbel a edificación actual consta de tres plantas e non cumpre as condicións de altura establecidas na ordenanza de aplicación (art. 9.10.14). Polo que non se poden autorizar as obras de ampliación consistentes no engadido dunha planta duns 55 m<sup>2</sup>, alpendre e escaleiras duns 5,60m<sup>2</sup>.

Con data 17/06/2010 acórdase resolución municipal que adxunto a esta dilixencia, sendo notificada ao interesado con data 24/06/2010.

Con data 08/02/2011 xirada visita de inspección compróbase que as obras non foron derrubadas."

Do que se dá cumprida información á interesada.

Con data 16/03/2011, dirixímonos a Urbanismo e Vivenda solicitando información actualizada coas medidas adoptadas a vista de que as obras non foron derrubadas.

Pedimento que se reitera o 19/04/2011, 16/05/2011, 20/06/2011, 20/07/2011, 22/08/2011, 22/09/2011, 18/11/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2012 reitérase a petición de informe e, de novo, o 02/03/2012, 09/04/2012, 04/05/2012.

Con data 22/05/2012, recíbese informe da Xerencia Municipal de Urbanismo (Infracións) no que se indica o seguinte:

*-REF. 39/2008: (expte. Valedor 15463/423).*

*(Expte. 14347/423)*

*ASUNTO: Denuncias efectuadas.*

*O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de data 06.05.2011 acordou:*

*"PRIMEIRO.- Ordenar a demolición das obras executadas consistentes en obras de acondicionamento de edificación preexistente duns 78 m<sup>2</sup>, toda vez que, transcorrido o prazo outorgado non consta que o interesado presentase a preceptiva solicitude de licenza de obras.*

*SEGUNDO.- Requirit que, proceda voluntariamente á demolición das obras referidas no apartado anterior, para o cal deberá solicitar licenza ante esta Administración municipal no prazo de tres meses. A execución da demolición deberá realizarse no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte á notificación da licenza autorizada. deberá acreditar ante esta Administración a execución da demolición ordenada mediante a presentación dun certificado final de obra emitido por técnico competente e visado polo*

*colexio profesional correspondente. En caso de incumprimento, procederáse por este Concello á execución forzosa da citada demolición, ben mediante execución subsidiaria por conta do interesado, ben mediante a imposición de multas coercitivas, reiterábeis mensalmente até lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros.*

*TERCEIRO.- Requirir, para que proceda voluntariamente á demolición das obras consistentes en obras de ampliación de edificación engadindo unha planta duns 55 m<sup>2</sup> e alpendre e escaleiras duns 5,60 m<sup>2</sup>, dando así cumprimento ao ordenado na resolución do delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de data 17.06.2010, a execución da demolición deberá realizarse no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte á notificación da licenza autorizada deberá acreditar ante esta Administración a execución da demolición ordenada mediante a presentación dun certificado final de obra emitido por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente. En caso de incumprimento, procederáse por este Concello á execución forzosa da citada demolición, ben mediante execución subsidiaria por conta do interesado, ben mediante a imposición de multas coercitivas, reiterábeis mensalmente até lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha..."*

*Con data 25/01/2011 solicita licenza de obras para reforma de edificación (doc. 120008537), (expediente de licenzas nº 75542/421). O expediente de licenza atópase neste intre pendente de informe técnico.*

*Do que se dá cumprida información ao interesado o 25/05/2012 indicándolle que en datas vindeiras instarase información actualizada do expediente; o que se fai o 18/06/2012, e, de novo, o 18/07/2012, 20/08/2012, 20/09/2012, 19/10/2012, 19/11/2012, 18/12/2012.*

Durante o ano 2013, déronse as actuacións seguintes:

*Con data 17/01/2013 reiterase por sétima vez o pedimento informativo anterior, de novo, o 13/02/2013.*

*Con data 05/03/2013 recíbese escrito de Xerencia Municipal de Urbanismo (Disciplina Urbanística), no que informa o seguinte:*

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información actualizada sobre as denuncias efectuadas, infórmolle o seguinte:*

*Como xa é do seu coñecemento, esta oficina iniciou o expediente de protección da legalidade urbanística nº 14347/423 polas obras obxecto das queixas presentadas. Desde o último informe remitido ao Valedor do Cidadán de o día 10.02.2011, o cal foi recibido con data 02.03.2011 segundo consta no expediente, foi o seguinte:*

*O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de data 06.05.2011, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:*

*"PRIMEIRO.- Ordenar a demolición das obras executadas consistentes en obras de acondicionamento de edificación preexistente duns 78 m<sup>2</sup>, toda vez que, transcorrido o prazo outorgado non consta que o interesado presentase a preceptiva solicitude de licenza de obras*



*SEGUNDO.- Requirir para que se proceda voluntariamente á demolición das obras referidas no apartado anterior, para o cal deberá solicitar licenza ante esta Administración municipal no prazo de tres meses. A execución da demolición deberá realizarse no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte á notificación da licenza autorizada deberá acreditar ante esta Administración a execución da demolición ordenada mediante a presentación dun certificado final de obra emitido por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente. En caso de incumprimento, procederase por este Concello á execución forzosa da citada demolición, ben mediante execución subsidiaria por conta do interesado, ben mediante a imposición de multas coercitivas, reiterábeis mensalmente até lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.*

*TERCEIRO.- Requirir para que se proceda voluntariamente á demolición das obras consistentes en obras de ampliación de edificación engadindo unha planta duns 55 m2 e alpendre e escadas duns 5.60m2, dando así cumprimento ao ordenado na resolución do delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de data 17.06.2010. A execución da demolición deberá realizarse no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte á notificación da licenza autorizada deberá acreditar ante esta Administración a execución de demolición ordenada mediante a presentación dun certificado final de obra emitido por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente. En caso de incumprimento, procederase por este Concello á execución forzosa da citada demolición, ben mediante execución subsidiaria por conta do interesado, ben mediante imposición de multas coercitivas, reiterábeis mensualmente até lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.*

*CUARTO.- Notificar ao interesado a presente resolución do procedemento de reposición da legalidade urbanística, que finaliza a vía administrativa, informándolle que poderá interpoñer alternativamente recurso potestativo de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes desde o día seguinte á recepción da notificación do dito acordo, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses."*

*O dito acordo foi notificado con data 23.06.2011.*

*Con data 03.08.2011, presentou no rexistro xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo (documento número 110106466) un escrito no que achega o contrato de prestación de servizos acreditativo de que a realización do proxecto de reforma necesario para adecuar a edificación a legalidade urbanística está en execución.*

*Con data 13.03.2012, foi atendido pola técnica de administración xeral do Servizo de Infraccións Urbanísticas. O interesado manifestou que se está a tramitar a súa solicitude de legalización das obras obxecto do presente procedemento de protección da legalidade urbanística baixo o número de expediente 75542/421.*

*Neste sentido infórmolle de que con data 11.12.2012 a técnica municipal informante da solicitude de licenza da legalización notificou ao interesado o seguinte: "Revisada el acta oficial de alineaciones y rasantes se comprueba que la parcela sobre la que se encuentra la vivienda no es solar. Por lo que hasta que no se alcance la condición de solar no se podrá autorizar lo solicitado".*

*Non consta no expediente xustificante de recepción da indicada notificación.*

Con data 03/05/2013 dirixímonos a Disciplina Urbanística indicándolle que o 02/05/2013 comparece a interesada entregando un escrito e unha fotografía indicando que non lle consta ningún escrito do que solicita o denunciado. Polo que solicítase información ao respecto, que se reitera o 07/06/2013, e o 05/08/2013, 05/09/2013, 08/10/2013, 08/11/2013.

## **EXPEDIENTE 60/2008**

### ASUNTO:

Queixa en relación co abandono polo que están a pasar por mor da falta de atención que lle está a prestar ao Concello.

### SITUACIÓN:

O interesado, en maio de 2007, solicitou a actuación correspondente pola realización dunha obra sen licenza, que consistía no peche dunha servidume de paso sobre unhas parcelas. Achegando fotografías da situación anterior e da actual. Desde Urbanismo dirixíronse a Vías e Obras, desde onde o remitiron á Policía Local. Posteriormente desde Urbanismo remíteno a Patrimonio para que se adopten as medidas axeitadas, o parecer a documentación, díselle, "dorme" por falta de efectivos.

A queixa preséntase o 29/07/2008, con data 31/07/2008 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 04/09/2008, o 08/10/2008, o 06/11/2008, o 03/12/2008.

### REFLEXIÓNS:

Es evidente que estamos ante un suposto no que, unha vez mais, a coordinación non se lle presta a atención debida, segundo a Constitución Española e a Lei 30/1992, denominada Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

E necesario que na reorientación dunha Administración Pública, moderna e coherente se descentralicen os servizos, se coidan periodicamente os resultados e se contrastan, implántese, dunha vez, unha dirección profesional.

O sector público basease e céntrase na idea do interese público, tanto no orde descritivo como no normativo, o concepto de interese público reclama racionalidade, imparcialidade e benevolencia.

O cidadán non poder ser tratado como mero receptor ou usuario dos servizos públicos cun sentimento dunha baixa calidade dos mesmos. O cidadán debe sentirse consumidor, usuario e beneficiario do Sector Público, que pode servirse da Administración e non sr o seu servente (de Val Pardo).

O sistema operativo está a fallar en canto a atención do cidadán se refire, daí a necesidade de que alguén supervise a actividade da administración municipal a vista dos das deficiencias contrastadas no funcionamento dos servizos públicos; actitudes como a que nos ocupa demostran unha faceta da mala administración, e dicir cando non se obra de acordo cos principios ou normas as que se debe ater obrigatoriamente.

## RECOMENDACIÓNS.

Respecto os principios de eficacia, o eficiencia e coordinación. O traslado dos expedientes, sen demora, o órgano competente é fundamental.

Cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 16/02/2009 deuse traslado do expediente que se estaba a tramitar ante Patrimonio, a Urbanismo-Inspección de Obras, reiterándose o pedimento anterior o 06/03/2009, 14/04/2009, 11/05/2009, 21/07/2009, 18/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 18/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 16/02/2011.

Con data 21/02/2011 recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que se informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas (ref. expte: 60/2008) infórmolle do seguinte:*

*Con data 01/06/07 emítese o seguinte informe polo inspector municipal:*

*"En relación con la diligencia recibida se gira visita de inspección al lugar de referencia, comprobando que se han colocado dos puertas metálicas cerrando un paso existente. Consultado el inventario municipal no está claro que se trate de un espacio público, por lo que deberá aportarse documentación para comprobar dichos hechos , como licencia de construcción del edificio correspondiente, por si dicha zona fuese una cesión, ya que en la documentación localizada no figura como público dicho espacio cerrado actualmente. Consultado el sistema informático no consta licencia municipal para la colocación de dichas puertas."*

*Con data 25/09/07 a arquitecta municipal emite informe no que di:*

*"Personado en el lugar se comprueba que el espacio cortado al tráfico peatonal, debiera corresponderse con un espacio de cesión de uso público que comunica las calles Quintela y García Lorca.*

*La cesión obligatoria dimanaría de la aprobación del Estudio de Detalle CANCELAS, SV,II-03.*

*No obstante en la oficina del Inventario Municipal figuran todas las escrituras de las cesiones del ámbito de este Estudio de Detalle, salvo la de la parte grafiada en amarillo en plano adjunto.*

*Por consiguiente se debería solicitar a la Gerencia la documentación del Estudio de Detalle aludido y las licencias de obra y de primera ocupación de los inmuebles.*

*Actualmente atópase pendente de información sobre si o citado espazo é de titularidade pública, xa que consultado o inventario de propiedades municipais non queda claro ese aspecto.*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 23/02/2011, indicándolle que, en datas vindeiras, solicitarase información actualizada o que se fai o 14/03/2011, reiterándose o 18/04/2011, 11/05/2011, 09/06/2011, 11/07/2011, 11/08/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2012, reitérase a petición de informe e, de novo, o 09/04/2012, 04/05/2012.

Con data 22/05/2012, recíbese información da Xerencia Municipal de Urbanismo (Infraccións) no que se indica o seguinte:

*Con data 28/09/2007 o xefe de Patrimonio remite dilixencia ao departamento de licenzas na que solicitáselle "facilite a documentación do Estudio de Detalle, SV, II-03, e as licenzas de obra e de primeira ocupación dos inmóbeis nºs 12, 14 e 14 bis da rúa, segundo indica o arquitecto municipal de patrimonio no seu informe do pasado día 25 de setembro".*

*O expediente 14236/423 atópase na oficina de Patrimonio á espera do informe solicitado ao departamento de Licenzas.*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 24/05/2012, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase información complementaria actualizada, o que se fai o 11/06/2012 indicando que o interesado comparece e manifesta que a información contida no informe da Xerencia Municipal de Urbanismo (Infraccións) non se corresponde coa denuncia presentada o 15/05/2007, solicitándose polo tanto unha información axeitada, pedimento que se reitera o 12/07/2012, 10/08/2012, 12/09/2012, 10/10/2012, 08/11/2012, 05/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 08/01/2013 reiterouse por sétima vez o pedimento informativo anterior, e de novo o 11/02/2013.

Con data 05/03/2013 recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo (Disciplina Urbanística) no que informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información actualizada sobre as denuncias efectuadas, en relación coa instalación dun peche en paso público (expediente 14236/423), infórmolle o seguinte:*

*Por esta oficina iniciouse baixo o número de expediente 14236/423 o trámite de información previa regulado nos artigos 115 a 117 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, de disciplina urbanística de Galicia (RDU) en relación coas denuncias presentadas.*

*O devandito expediente ten por obxecto esclarecer se as obras obxecto de denuncia son constitutivas dunha infracción urbanística e, no seu caso, ordenar a reposición da legalidade urbanística supostamente vulnerada. Constan, como dilixencias informativas, o informe emitido con data 01.06.2007 pola inspectora de urbanismo no que se constata (sic) que se han colocado dos portas metálicas cerrando un paso existente. Consultado el inventario municipal no está claro que se trate de un espacio publico, por lo que deberá aportarse documentación para comprobar dichos hechos, como licencia de construcción del edificio correspondiente a la calle, por si dicha zona fuese una cesión, ya que en la documentación localizada no figura como público dicho espacio cerrado actualmente. Consultado el sistema informático no consta licencia municipal para la colocación de dichas portas).*

*Á vista das denuncias recibidas e do referido informe de inspección, con data 21.09.2007 a arquitecta municipal adscrita ao servizo de Infraccións urbanística solicitou, ao departamento de Patrimonio, Contratación e Compras do Concello de Vigo, informe sobre si ese espazo é de uso ou titularidade pública, dado que consultado o inventario de propiedades municipais non queda claro este aspecto.*

*Con data 25.09.2007 o arquitecto do servizo de Patrimonio do Concello de Vigo informa o seguinte:*

*"Personado en el lugar se comprueba que el espacio cortado al tráfico peatonal, debiera corresponderse con un espacio de cesión de uso público que comunica las calles. La cesión obligatoria dimanaría de la aprobación del Estudio de Detalle.*

*No obstante en la oficina del Inventario Municipal figuran todas las escrituras de las cesiones del ámbito de este Estudio de Detalle, salvo la de la parte grafiada en amarillo en plano adjunto.*

*Por consiguiente se debería solicitar a la Gerencia la documentación del Estudio de Detalle aludido y las licencias de obra y de primera ocupación de los inmuebles".*

*Con esa mesma data o departamento de Patrimonio solicitou a documentación:*

*Unha vez constatado por este departamento de Infraccións que a solicitude de documentación por parte do departamento de Patrimonio do Concello de Vigo non foi atendida, con data 30.01.2013 procédese a solicitar do departamento de Control/Arquivo da Xerencia Municipal de Urbanismo a remisión da documentación solicitada.*

*Das posteriores actuacións que se realicen neste expediente darase oportuna conta a Oficina do Valedor do Cidadán."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 06/03/2013, indicándolle que, en datas vindeiras solicitarase información actualizada ao respecto, o que se fai o 09/04/2013, 10/05/2013, 10/06/2013, 08/07/2013, 07/08/2013, 11/09/2013, 10/10/2013, 03/11/2013, 05/12/2013.

## **EXPEDIENTE: 72/2008**

### ASUNTO:

Queixa en relación cun local de hostalería que carece da licenza preceptiva para a súa actividade e que está a causar ruído e cheiros que producen efectos nocivos a saúde da interesada.

### SITUACIÓN:

A Xerencia Municipal de Urbanismo ditou resolución (24/09/2007) resolvendo incoar expediente de protección de legalidade urbanística, e que un ano despois a situación segue a ser a mesma.

Con data 01/10/2008, presentada a queixa nesta oficina do Valedor do Cidadán, quen con data 07/10/2008 solicita o preceptivo informe, que se reitera o 06/11/2008, 03/12/2008.

### REFLEXIÓNS.

Resulta evidente que a axilidade nos trámites de protección de legalidade urbanística pódese poñer en evidencia. Sen descoidar a legalidade a Administración ten que actuar conforme a criterios de eficacia, máxime cando se trata de actividades que resultan, non so molestas, senón tamén insalubres. A saúde dos cidadáns e finalidade primordial de toda administración responsable.

### RECOMENDACIÓNS:

Cumprimento da legalidade recoñecida na C.E. e na Lei 30/1992.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterouse o pedimento informativo de 2008, e de novo, o 03/02/2009, 06/3/2009, 14/04/2009, 05/05/2009, 10/06/2009, 21/07/2009, 18/08/2009, 14/09/2009, 14/10/2009, 19/11/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 10/02/2010, 09/3/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010

Durante o ano 2011, déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 16/02/2011.

Con data 21/02/2011, recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que se informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (ref. expte: 72/2008) infórmolle do seguinte:*

*Con data 15/09/05 a arquitecta municipal presenta o seguinte informe:*

*"Girada visita de inspección por personal de esta oficina, al lugar de referencia, se ha comprobado que se ha realizado la instalación de un conducto metálico para la evacuación de los humos procedentes del restaurante existente en el bajo del edificio de referencia. Este conducto alcanza una altura que supera en 1ml. aproximadamente la altura del alero de la cubierta.*

*La edificación, situada en Suelo Urbano, dentro del ámbito del PERI MANUEL DE CASTRO.*

*INFRACCIONES: El conducto instalado no cumple con la altura mínima exigida ya que su desembocadura deberá sobrepasar 1ml. la altura de la cumbre del edificio mas alto propio o lindantes en un radio de 15 ml. Así mismo deberá estar a un nivel no inferior al del borde superior del hueco mas alto visible desde dicha desembocadura de los edificios situados a menos de 15 ml."*

*Con data 04/09/07 incóase procedemento de protección da legalidade urbanística:*

*PRIMEIRO.- Ordenar, conforme ao artigo 210 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e 56 do Regulamento de disciplina urbanística de Galicia; a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística pola execucion das obras que se expresan na parte expositiva da presente resolución.*

*SEGUNDO.- En cumprimento do trámite de audiencia ao interesado, preceptuado no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, e emitidos os informes técnico e xurídico precisos para ditar resolución do presente procedemento, pónselle de manifesto o expediente para que no prazo de QUINCE DIAS alegue e presente os documentos e xustificacións que estime pertinentes en defensa dos seus dereitos. Igualmente, poderá propoñer proba, concretando os medios dos que se pretenda valer.*

*Con data 12/04/10 o inspector municipal emite o seguinte informe:*

*Para cumprir coa dilixencia do Negociado de Disciplina Urbanística realicei unha inspección o día 12 de abril de 2010 ao local e comprobei que nese intre o local estaba aberto, realizando actividade, non tiña instalado o montasillas, o vestíbulo de entrada polo portal non estaba feito e a cheminea de saída de gases da cociña está instalada tal e como se pode ver na foto, e non supera nin o cumio da propia edificación onde está instalada. A vista das fotos achegadas no doc. 271861 con data de rexistro 13/02/2002 non asemella que a cheminea teña variación co estado actual.*

*Con data 14/04/10 a aparelladora municipal emite o seguinte informe:*

*El plan General del 93 (vigente en el momento en que se redactó el informe técnico de fecha 15 de Septiembre de 2005) exigía para los conductos de ventilación que su desembocadura debería sobrepasar 1ml. la altura de la cumbrera del edificio mas alto propio o lindantes en un radio de 15 ml. Asi mismo debería estar a un nivel no inferior al del borde superior del hueco mas alto visible desde dicha desembocadura de los edificios situados a menos de 15 ml.*

*Según el nuevo Plan General vigente aprobado por la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas y transportes de la Xunta de Galicia por orden del 16 de Mayo de 2008 y publicado en el DOGA del 03/06/2008 y en el BOP del 06/08/2008, en el Capítulo 6.8 CONDICIONES DE LAS DOTACIONES DE SERVICIO DE LOS EDIFICIOS, en el apartado 2 del art. 6.8.10 dice que:*

*“Las condiciones específicas a las que deben ajustarse los servicios de evacuación de gases, humos y polvos producido en cocinas no domésticas son las establecidas en la Ordenanza de Medio Ambiente y en la normativa supramunicipal correspondiente. Serán así mismo de aplicación las condiciones del punto 8 del Artículo 5.6.3”*

*Este último artículo titulado “Condiciones Generales de la Industria ordinaria” apartado 8, “dice que la boca de salida al exterior de los humos sobrepasarán en un (1) metro la altura del edificio más alto propio o colindante en un radio de diez (10) metros”.*

*Por lo anteriormente expuesto el conducto metálico instalado en el edificio de referencia para la evacuación de los humos de la chimenea existente en los bajos del edificio, no cumple la altura mínima exigida por el Plan General anterior ni por el PXOM vigente.*

*El artículo 5.4.9, párrafo 3, dice: “En edificios de nueva edificación al menos el cincuenta por ciento de los locales comerciales que puedan separarse, según las condiciones de la planta baja, deberán dejar previsto un conducto de ventilación y evacuación de humos, independientes de las de carácter estático para aseos, hasta superar la cumbrera de cubierta, con una superficie mínima de quinientos (500) centímetros cuadrados”.*

*Con data 16/04/10 o enxeñeiro industrial municipal emitiu o seguinte informe:*



*Se solicita con fecha 13/12/01 licencia municipal para el desarrollo de la actividad de restaurante en la planta baja del local, según expediente de obra y actividad 42358/421 y 24221/422 respectivamente.*

*Lo solicitado fue informado en su día de acuerdo con el Plan General del 93 vigente en ese momento. De acuerdo con las ordenanzas de aplicación del citado plan del 93, la actividad solicitada de restaurante se ha de englobar dentro del uso de lugares de reunión, quedando incluidas sus instalaciones dentro de las condiciones establecidas para el uso de pequeña industria compatible con el uso residencial.*

*En lo que respecta al Plan General del 2008 (BOP del 06/08/2008) vigente actualmente, la actividad solicitada de restaurante se ha de englobar dentro del uso terciario general, clase recreativo y centros de reunión, categoría 10ª, según art.5.4.1., quedando incluidas sus instalaciones dentro de las condiciones establecidas para el uso industrial, clase industria ordinaria, en categoría 1ª, de acuerdo con lo especificado en el art. 5.6.*

*La evacuación de los gases, vapores y humos procedentes de la cocina del restaurante se ha de realizar a través de chimenea adecuada, que en función del plan de ordenación municipal a aplicar en cada caso, ha de cumplir las condiciones indicadas en el informe de la aparejadora municipal de fecha 14/04/10. Se ha de puntualizar que la citada chimenea, es para la evacuación de los gases procedentes de la cocina utilizada en el restaurante, y no para los producidos por una caldera utilizada para la generación de calor.*

*En relación al plan general vigente actualmente, en su art. 5.6.3. apdo. 8, se establecen las condiciones que deben cumplir las citadas chimeneas, haciendo referencia entre otras a la norma UNE 123-001-94, actualmente sustituida por la UNE 123-001-05, de aplicación sobre todo en los aspectos relativos a sus condiciones de diseño y disposición sobre la cubierta del edificio así como distancias con respecto a los edificios próximos o colindantes, condiciones estas que debe cumplir la chimenea de evacuación de los humos procedentes de la cocina del restaurante. La propia norma en su art. 1 sobre objeto y campo de aplicación, establece que será de aplicación para las instalaciones de todo tipo de chimeneas metálicas destinadas a la evacuación de los productos de la combustión de cualquier aparato, caldera, motor, horno, grupo electrógeno y en general, de aparatos que produzcan gases de combustión que hayan de ser conducidos al exterior."*

Do que se dá cumprida información á interesada o 23/02/2011, indicándolle que, en datas vindeiras, solicitarase información actualizada en relación o conduto metálico instalado. Si acada ou non a altura mínima requirida; o que se fai o 17/03/2011, facendo mención especial das precisións que a interesada manifesta en reunión celebrada o 14/03/2011; pedimento que se reitera o 19/04/2011, 16/05/2011, 20/06/2011, 20/07/2011.

Durante o ano 2012, déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2012 reitérase a petición de informe, e, de novo, o 02/03/2012, 09/04/2012, 04/05/2012.

Con data 22/05/2012, recíbese Informe da Xerencia Municipal de Urbanismo (Infraccións) no que se indica o seguinte:

*ASUNTO: Denuncias.*

*En resposta ao seus oficios infórmolle que:*

*Con data 01/03/2012 o enxeñeiro industrial municipal comprobou que o local estaba aberto e exercendo a actividade de restaurante.*

*Con respecto ao sistema de evacuación de fumes da cociña informase que a cheminea non cumpre cos requisitos indicados no informe realizado polo Enxeñeiro Técnico industrial Xefe do Servizo de Licenzas de Actividades, de data 16/04/2010.*

*Á vista da documentación que consta neste expediente remitido ao técnico que subscribe con data 30.04.2012, emítese o seguinte INFORME:*

*INFORME DA INSPECCIÓN:*

*. O inspector municipal con relación á actividade obxecto deste expediente, con data 01.03.2012, informou: "...comprobei que nese intre o local estaba aberto e exercendo a actividade de restaurante. Con respecto ao sistema de evacuación de fumes da cociña infórmase que a cheminea non cumpre cos requisitos indicados no informe realizado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, de data 16.04.2010..."*

*LICENZA DE ACTIVIDADE:*

*Expte Nº 36.832/421: con data de entrada no rexistro xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo do 26.07.2010 solicitouse licenza de actividade para restaurante. O expediente está en tramitación e foi notificado polo enxeñeiro técnico industrial, en data 20.05.2011. consultada a Aplicación de Xestión de Expedientes, non consta até o momento actual, a presentación da documentación na que se corrixa as deficiencias sinaladas.*

*CONDICIÓN S URBANÍSTICAS:*

*. O vixente PXOM, aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte do 16.05.2008 (DOG 03.06.2008 e BOP 06.08.2008) e por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Terriorio e Infraestruturas do 13.07.2009 (DOG 24.07.2009 e BOP 10.09.2009), clasifica a parcela de referencia como solo urbano consolidado con ordenanza de aplicación 3 de edificación en couzada pechada. Plano 12-J.*

*. O uso de restaurante se encadra conforme ao vixente PXOM no uso Terciario Xeral, clase Recreativo e Centros de Reunión, categoría 10ª. Establecementos de bebidas, cafés e restauración en todos os casos sen espectáculo, hospedaxe nin música distinta da de carácter ambiental, hilo musical ou outra análoga.*

*. De conformidade co artigo 9.3.23. Condicións de Uso das Normas Urbanísticas do PXOM vixente o uso Terciario Xeral. Recreativo e Centros de Reunión, categoría 10ª é un uso permitido e compatíbel co residencial na ordenanza de aplicación.*

*Con data 08.05.2012 a técnica administración xeral emite informe proposta na que se ordena o cese provisional da actividade e se inicia procedemento de reposición da legalidade urbanística.*

Do que se dá cumprida información á interesada, indicándolle que, en datas vindeiras solicitarase información actualizada ao respecto.

Con data 18/06/2012 solicitase a Urbanismo a información actualizada, e, de novo, o 18/07/2012, 20/08/2012, 20/09/2012, 19/10/2012, 19/11/2012, 18/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2013, reiterase por sétima vez o pedimento anterior, e de novo, o 13/02/2013, 12/03/201, 15/04/2013, 15/05/2013, 14/06/2013, 10/07/2013, 07/08/2013, 11/09/2013, 10/10/2013, 08/11/2013, 05/12/2013.

## **EXPEDIENTE 77/2008**

### ASUNTO:

Queixa en relación coa licenza de obras concedidas para restaurar unha praza pública.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 17/10/2008, con data 20/10/2008, solicitase o preceptivo informe en base as alegacións formuladas polos interesados, en novembro de 2007 referidas a:

- apertura da nova rúa
- titularidade de propiedade
- ampliación da edificación proxectada.

Con data 28/06/2007, os interesados xa formularon recurso de reposición coas seguintes puntualizacións:

- Caducidade de licenza de obras e ilegalidade das obras realizadas o seu abeiro.
- Aproveitando público interior. Planeamento que define os aproveitamentos. Condicións do espazo público interior.
- Incumprimento da normativa NRE-CPI/96, en canto ao acceso á ruela dos Canos.
- Incumprimento das dimensións dos patios.

O referido recurso non tivo resposta.

REFLEXIÓNS:

O Urbanismo como función pública comprende, en sínteses, a Ordenación (planificación e regulamentación, a execución dos planes (transformación e conservación da obra pública urbanizada) e o control do uso do sód, do voo, subsolo e de edificación ( B-Ripoll Carulla).

O carácter público e administrativo da actividade urbanística exige a participación dos particulares, graduada con diversa intensidade segundo a natureza do título co que aquelas comparecen. Nos regulamentos urbanísticos refórzase ou debe reforzarse notabelmente a participación cidadá en todo o seu percorrido aprobatorio, exixindo un segundo trámite de información pública cando a primeira versión sofre cambios substanciais na fase posterior, esta participación non se reduce a posibilidade de formular reclamacións, senón que tamén comporta a presentación de suxestións.

Todo procedemento administrativo implica unha pluralidade de actos que xurisprudencialmente foron cualificados de actos instrumentarios, é dicir que careceu de substantividade propia á marxe da resolución, os actos de trámite e a resolución constitúen un todo complexo e, ao mesmo tempo, unitario (J.R. Parada), do mesmo xeito que a resolución poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas fosen ou non presentadas ou alegadas polos interesados.

En canto o tema da falta de resposta do recurso interposto no seu día, faise preciso sinalar que o recurso é un elemento de control de garantía cuxa finalidade e revisar un acto administrativo, a súa existencia ten unha longa carga histórica, cunha función de defensa da legalidade.

O principio de legalidade e de eficacia indican a obriga de resolver os recursos dos cidadáns, tal feito ven dado polo artigo 42.7 da Lei 30/1992. A razón de non responder perante unha solicitude é sinxela: a desestimación por silencio dunha petición non se considera un acto, e una ficción legal, para permitir ao cidadán o acceso ao recurso. Pero no tema que, nos ocupa concorre que non é a petición o que non se resposta, senón que a desleixo é ante o propio recurso, o que empurra ao cidadán a dirixirse á vía xudicial, con todo ao que iso comporta, rachando co fundamento do recurso, que non é outro, repetimos, que o carácter de control e garantía que permite revisar os actos.

RECOMENDACIÓNS:

Cumprimento da legalidade en canto as peticións informativas concretas dos cidadáns.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2009 reiterouse o pedimento informativo de 2008, e de novo, o 18/02/2009, 24/03/2009, 23/04/2009, 18/05/2009, 15/06/2009, 23/07/2009, 19/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 10/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

Durante o ano 2011, déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 16/02/2011, 16/03/2011.

Con data 11/04/2011, recíbese escrito de Disciplina Urbanística, no que informa o seguinte:

*En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (ref. expte: 77/2008) infórmolle do seguinte:*

*En data 20/01/05 o Alcalde-Presidente da Xerencia resolveu: "Autorizar á entidade mercantil, para reestruturar e ampliar, adicionando volume (...), o inmóbel sinalado, coa obriga de conservar a fachada principal con todos os elementos construtivos e ornamentais que a caracterizan, manter a ornamentación de madeira do portal e do seu teito, reconstruír a escaleira cos seus elementos, dimensións, carpintería e forma, así como a conservar as portas das vivendas, resultando un edificio composto de tres sotos para garaxe aparcamento, baixo para uso comercial, trasteiros, dous portais e trasteiros, entreplanta para uso de trasteiros e comercial anexo ao local de planta baixa, cinco plantas e aproveitamento baixo cuberta para un total de corenta vivendas (...)" –expte. 49012/421-.*

*Na mesma licenza de obras indicouse expresamente que "Antes do comezo das obras" debería presentarse un "proxecto de execución" con diversa documentación.*

*Así mesmo, a Licenza foi precedida dunha Resolución da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia de 16 de decembro de 2004, na que se autorizaba a rehabilitación integral do edificio coa condición (entre outras) de que antes do inicio das obras se achegase, para a súa supervisión polos servizos técnicos autonómicos, proxecto de execución, a fin de comprobar que a intervención sexa respectuosa coas preexistencias, en canto a deseño, materiais e composición. Tamén se precisou que "como queira que o edificio se atopa no ámbito de protección do xacemento arqueolóxico do Casco Vello e se proxectan movementos de terra, deberán realizarse sondaxes arqueolóxicas avaliadoras, que poderán ser mecánicas".*

*O Director Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, por Resolución do 29/12/04, autorizou a realización dunhas sondaxes arqueolóxicas mecánicas na devandita parcela, con certas precisións.*

*Trala presentación do proxecto de execución, mediante Resolución do 26/06/07 a Delegada de Pontevedra da Consellería de Cultura requiriu a súa modificación en 4 aspectos concretos.*

*Con data 22/06/07 presenta escrito de alegacións no que denuncia que as obras realizadas carecen da preceptiva licenza e que os terreos da parte posterior son de cesión municipal.*

Con data 28/06/07 interponse recurso de reposición, presidente da comunidade de propietarios do edificio, solicitando a revisión da resolución da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 20/01/05.

Con data 28/09/07 xirada visita de inspección informase:

"Que el solar que se corresponde, se observa que los trabajos de pilotaje para la construcción de los sótanos del edificio, se están haciendo invadiendo la superficie de cesión que aparece en el plano U-01 del proyecto objeto de Licencia, no ajustándose a la misma"

Con data 28/09/07 o arquitecto municipal emite o seguinte informe:

"Á vista do informe do Inspector municipal de data 28-09-07, e tendo en conta que a obra até agora executada NON se axusta ao Proxecto autorizado, e considerando tamén que o Proxecto de Execución achegado modifica ao Básico autorizado, a xuízo dos técnicos que subscriben a obra debe ser paralizada. Ademais, a Licenza concedida era unha Licenza condicionada polo Informe Técnico de data 04-01-05 e pola Comisión Territorial de Patrimonio na súa Resolución de 16-12-04 e no seu Acordo de data 26-06-07, no que se require a modificación do Proxecto de Execución. Non se ten constancia nin de contestación algunha á Notificación (Expte 49012-421) asinada con data 12-07-07 (Id. 36354), nin da entrega deste Proxecto de Execución modificado nin consecuentemente da confirmación de Autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio e polo tanto se considera que as obras xa iniciadas, de acordo co Informe de Inspección de 27-09-07 deben ser paralizadas."

Con data 01/10/07 incóase procedemento de protección da legalidade urbanística ordenando a inmediata paralización das obras mencionadas con anterioridade o non axustarse á licenza municipal expte 49012/421 así como a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra e maquinaria afecta á mesma.

No 03/10/07 presentouse na Xerencia de Urbanismo o proxecto de execución reformado.

Con data 10/10/07, administrador da entidade mercantil interpuxo na Xerencia de Urbanismo un escrito de alegacións no que explicou a necesidade de utilizar "micropilotes" para consolidar o terreo a fin de poder realizar as sondaxes arqueolóxicas pertinentes e comprobación do estado de cimentación dos edificios lindeiros, entre outros fins.

Tamén indicou que as obras se realizarán seguindo estritamente á licenza concedida e que procederán a rematar os traballos de micropilotaxe perimetral, solicitando en conclusión o alzamento da suspensión da obra

Con data 16/10/07 prodúcese o precinto policial da obra situada na Praza de Compostela número..., propiedade de...

Con data 18/10/07 os arquitectos da oficina municipal de Barrios Históricos emitiron un Informe no que manifestaron o seguinte:

*"Por resolución do Director Xeral de Patrimonio Cultural de data 10-09-07 foi autorizada a realización de sondaxes mecánicas valorativas baixo a dirección arqueolóxica*

*Tendo en consideración as razóns de índole técnico aducidas polos arquitectos directores facultativos das obras previstas que implicarían a necesidade dunha entibación e consolidación dos terreos para garantir as condicións de seguridade dos mesmos e permitir os propios traballos arqueolóxicos autorizados, se estima polos técnicos que subscriben que deben neste intre informarse de xeito favorable, unicamente as actuacións que restan a día de hoxe, de micropilotaxe perimetral cara a posibilitar a intervención arqueolóxica autorizada.*

*NOTA: de acordo co informe técnico achegado con data 18-10-07, o micropilotaxe que resta por realizar (linde con edificio) se axustará á ocupación da parcela autorizada na licenza outorgada*

*Con data 24/10/07 prodúcese a seguinte resolución municipal:*

*PRIMEIRO.- Que coa notificación da presente resolución ao interesado se proceda ao levantamento da orde de paralización e ao desprecinto das obras, a fin de que se poidan realizar as obras de micropilotaxe perimetral necesarias para executar a intervención arqueolóxica exixida e autorizada pola Consellería de Cultura, sen incumprir en ningún caso a licenza concedida por resolución do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 20/01/2005 (expte. 49.012/421).*

*SEGUNDO.- Que pola Inspección Técnica de Obras se realice visita de comprobación á obra cada corenta e oito horas e se informe sobre o efectivo axuste á licenza outorgada.*

*TERCEIRO.- Notifíquese esta Resolución á mercantil e a propiedade na forma legalmente establecida. Notifíquese tamén á Policía local.*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 14/04/2011, indicándolle que a vista da última data referida anteriormente, en datas vindeiras, instarase nova información actualizada en relación coa situación do tema que nos ocupa.

O que se fai o 11/05/2011, reiterándose o pedimento o 09/06/2011, 11/07/2011, 11/08/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2012 reitérase a petición de informe e, de novo, o 02/03/2012, 09/04/2012, 04/05/2012, 04/06/2012, 04/07/2012, 01/08/2012, 04/09/2012, 04/10/2012, 05/11/2012, 03/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/01/2013 reitérase por dezasete veces, o pedimento anterior, e de novo, o 04/02/2013, 08/03/2013.

Con data 11/04/2013 recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo (Barrios Históricos) no que informa o seguinte

*En relación á queixa formulada ente esa institución, s/expte., sobre a execución das obras amparadas na licenza de obras promovida pola entidade, infórmase o seguinte:*

- *O delegado da Área de Urbanismo e Vivenda, con data 29 de marzo de 2011, expediente 71563/421, resolveu outorgar á citada mercantil licenza de primeira ocupación da fase primeira do edificio, composta esta fase de tres sotos para garaxe aparcadoiro, baixo para uso comercial, entreplanta para uso de trasteiros e comercial anexo ao local da planta baixa, cinco plantas e aproveitamento baixo cuberta para un total de 12 vivendas, debendo solicitar licenza de primeira ocupación para a fase segunda, pendente de rematar a execución (expte. 49012/421), composta de baixo comercial, con entreplanta para uso de trasteiros e comercial anexo ao local de planta baixa, cinco plantas e aproveitamento baixo cuberta para un total de 39 vivendas.*

*O artigo 195,6 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece que para outorgar licenza de primeira ocupación de edificación exixírase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada, e á previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais.*

*Por outra parte, o artigo 42 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, dispón que poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos.*

- *Infórmase, así mesmo, que o Xulgado de Primeira Instancia Número 8 dos de Vigo, con entrada no Rexistro desta Xerencia municipal de urbanismo o día 29 de novembro de 2012 (doc. 12014 1314), no procedemento ordinario 180/2012-FA, sobre outras materias, solicita copia de todas as actas de visita levantadas polos técnicos municipais en relación á obra de rehabilitación do inmovble, documentación que se achega o día 4 de decembro de 2012, expediente 1582/426".*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 11/04/2013, indicándolle que ao estar o tema pendente de decisión xudicial, a oficina do Valedor do cidadán suspende futuras intervencións segundo prescribe o seu Regulamento Orgánico.



## RESUMO ESTATÍSTICO

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE .....	1
Contaminación acústica .....	1
ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURANZA.....	4
Sanción Tráfico.....	3
Incidente Policía Local.....	1
AREA DE PATRIMONIO.....	1
Propiedade dun espazo .....	1
ÁREA SERVICIOS XERAIS.....	1
Estado calamitoso veciñanza .....	1
ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA.....	8
Obras ilegais.....	4
Antena telefónica sen licenza .....	1
Obras sen licenza .....	3
<b>TOTAL EXPEDIENTES .....</b>	<b>15</b>

### REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS

1. URBANISMO.E VIVENDA .....	53,33 %
2. MOBILIDADE E SEGURANZA .....	26,66 %
3. MEDIO AMBIENTE .....	6,66 %
4. PATRIMONIO.....	6,66 %
5. SERVICIOS XERAIS.....	6,66 %
6. XESTIÓN MUNICIPAL.....	6,66 %



# PARTE IV

## ACTUACIÓN A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2009 CON INCIDENCIAS NO ANO 2013

### INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de 9 expedientes correspondentes a solicitudes formuladas no ano 2009 con incidencias durante o 2013 e que corresponden a:

MEDIO AMBIENTE .....	1
MOBILIDADE E SEGURANZA .....	6
URBANISMO .....	2
<b>TOTAL .....</b>	<b>9</b>

### EXPEDIENTES

#### CAPITULO I- MEDIO AMBIENTE //////////////////////////////////////

#### EXPEDIENTE 4/2009

##### ASUNTO:

Queixa en relación coa frustración do interesado por mor da inactividade duns veciños como consecuencia do incumprimento, por la súa parte de resolución recaída o 23/10/2008 pola que se ordena a execución da limpeza dun camiño de servizo, como responsábeis dun vertido de residuos sólidos contaminantes.

##### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 20/01/2009; con data de 20/01/2009, solicítase o preceptivo informe, facendo expresa mención da resolución, entregada polo interesado de 23/10/2009, (expediente 5973/306). O pedimento anterior reiterase o 18/02/2009, e de novo, o 24/03/2009, o 24/04/2009, o 18/05/2009, o 22/06/2009, 23/07/2009, 18/08/2009

Con data 28/07/2009, comparece o interesado e fai entrega dunha copia da resolución de 30/06/2009, pola que se impón unha multa coercitiva por incumprimento da orde de execución sobre limpeza de terreos, ditada o 23/10/2008(e dicir oito meses antes).

Con data 24/08/2009, recíbese escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*“Como consecuencia desta última visita de inspección e do informe do funcionario municipal, ditei con data 30 de xuño de 2009 a seguinte resolución:*

*PRIMEIRO: Impoñer a interesada e outros como responsábeis do vertido de residuos sólidos urbanos no camiño de servizo á altura do nº ..... rúa ....., unha MULTA COERCITIVA DE 200,34 euros polo incumprimento da orde de execución ditada pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de data 12 de febreiro de 2009, a fin de acadar a súa execución forzosa.*

*SEGUNDO: Advertirle que esta multa poderá ser reiterada na súa contía até lograr a completa execución do ordenado, se transcorrido o prazo de 30 días contado desde o día seguinte á notificación desta resolución, a orde de execución non se tivese realizado, e sen prexuízo de exixir perante os tribunais da orde penal as responsabilidades que procedan polo delito de desobediencia tipificado no artigo 556 do Código Penal.*

*TERCEIRO: Notificar esta resolución ao interesado, informándolle que a mesma esgota a vía administrativa e que contra ela poderá interpor recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes desde o día seguinte á recepción da súa notificación, entendéndose desestimado polo transcurso de 1 mes sen ditarse e notificarse resolución expresa, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de 2 meses contados tamén a partir do día seguinte ao da recepción da respectiva notificación, ou calquera outro que estime procedente interpoñer e sexa conforme a dereito.”*

Con data 16/09/2009, dirixímonos a Medio Ambiente indicándolle que nesta oficina non se ten recibido comunicación algunha antes da recibida o 24/08/2009; as únicas comunicacións débense o interese do autor da queixa, que unha vez recibida a información desde esta oficina, comparece o 09/09/2009 e manifesta a situación segue a ser peor, toda vez que non só persiste o lixo na porta da súa vivenda, senón que ademais lle dificulta o acceso a mesma por mor do aparcamento dos coches dos veciños, de tal xeito que o 01/09/09. As 5 horas de madrugada necesitou a asistencia dunha ambulancia que tivo grandes dificultades para asistilo e trasladalo ao Hospital do Meixoeiro.

Asemade declara que non so a situación e pola abundancia de lixo, agora tamén existen ratos e toupeiras, e indica que lle resulta penoso ver a pouca atención que se lle presta ao Valedor do Cidadán.

Do que damos conta a Medio Ambiente interesando unha axeitada e eficaz actuación que de lugar a unha coordinación por rendemento.

Con data 15/10/2009, reiterouse o pedimento anterior, e de novo o 17/11/2009. Con data 20/11/2009, recíbese informe de Medio Ambiente no que indica a imposición, con data de 16/11/2009 dunha nova multa coercitiva por importe de 200,34 euros indicándolle que de non cumprir coas obrigas correspondentes reiterase a mesma. Do que se dá cumprida información ao interesado indicándolle que, en datas vindeiras solicitarase nova información o que se fai o 17/12/2009.

## REFLEXIÓNS:

Estamos ante un suposto denunciado fai varios meses, sobre o que a Concellería de Medio Ambiente se ven pronunciando desde outubro de 2008; pero a eficacia e a axilidade na xestión, no se corresponde cos presupostos os que a cidadanía ten dereito, o non actuar coa dilixencia debida implica un desleixo de funcións.

A realidade dalgunhas actividades supera e quebra preceptos e normas que afectan aos cidadáns en función do espazo físico da súa vivenda, dereitos que non son atendidos e protexidos como debería ser, polo que se ven obrigados a padecer os efectos e actividades perniciosas e fora do mínimo grao de convivencia que require de actuacións áxiles e examplarizantes.

## RECOMENDACIÓNS:

Actuacións decididas e efectivas, en temas que afectan de xeito permanente aos cidadáns.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e o 15/01/2010 recíbese escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"En relación co seu escrito de data 15 de decembro, con respecto ao expediente do Valedor do Cidadán 4/2009-Expediente municipal 5973-306, prácese informarlle do seguinte:*

*No seu escrito achega auto do xulgado de instrución número 1 de Vigo ditando o sobresemento e arquivo da denuncia presentada por entender o órgano xudicial que se trata dunha competencia administrativa.*

*Efectivamente, este Concello, por entender que se trata dunha actuación de carácter administrativo ten actuado neste expediente cos instrumentos legais que ten ao seu alcance, isto, inspección por parte da administración, informe sobre os feitos contrastados -neste caso acumulación de lixo nun camiño-, resolución ditando orde de execución de limpeza e, á vista do incumprimento por parte dos denunciados imposición da correspondente multa coercitiva.*

*Informarlle, ademais, que neste expediente xa se teñen tramitado dúas multas coercitivas por incumprimento da orde de execución de limpeza por importe de 200,34 euros (importe máximo previsto para a falta cometida).*

*O último trámite realizado a este respecto é que con data 16 de novembro a Concelleira de Medio Ambiente decretou a imposición dunha nova multa de 200,34 euros, advertíndolle aos denunciados que a multa poderá ser reiterada na súa contía até lograr a completa execución do ordenado.*

*Este decreto foi remitido aos interesados con data 3 decembro. O propio decreto establece que, se transcorrido o prazo de 30 días contados desde o día seguinte á notificación desta resolución non se cumprise a orde de execución, esta multa poderá ser reiterada até o seu cumprimento.*

*Esta administración seguirá dando os pasos necesarios para o cumprimento da orde de execución ditada no seu día, cominando aos propietarios da finca cos instrumentos que ten ao seu alcance, como é o caso da imposición de reiteradas multas coercitivas e inspeccións municipais.*

*O que se lle comunica aos efectos oportunos"*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 18/01/2010.

Con data 17/02/2010 solicítase de Medio Ambiente o exercicio de accións convenientes na procura dunha saída a crise pola que estea a pasar o interesado e a súa familia.

Con data 08/03/2010 recíbese novo informe de Medio Ambiente no que indica que a vista do incumprimento de orde de execución de limpeza pero reiterada en dúas ocasións e á vista do novo informe do inspector municipal ditouse orde de resolución impondo nova multa coercitiva por importe de 200,34 euros advertindo de que a multa será reiterada e incluso incrementada na contía en caso de incumprimento; aténdese ademais a tramitar un expediente de embargo por importe de 785,15 euros. Por outra banda, procederase a exixir por vía executiva o importe de 400,68 euros relativo as multas impostas en 2009.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 15/03/2010.

Con data 22/04/2010 solicítase información actualizada con respecto a situación do expediente que se recibe o 11/05/2010, interesando información sobre a visita de inspección que segundo o interesado realizouse días antes, e facendo precisión sobre a doutrina xurisprudencial existente sobre as sancións económicas que se están impondo, con data 14/06/2010 reiterase o pedimento anterior, recibéndose resposta o 23/06/2010 no que indica que realizada inspección comprobouse que a situación segue a ser a mesma acordándose o incremento de sanción económica que se comunica ao interesado o 24/06/2010.

Con data 15/07/2010 recíbese nova información impondo unha nova multa con data 05/07/2010. Do que se dá cumprida información ao interesado o 16/07/2010.

Con data 25/08/2007, insistimos ante Medio Ambiente na necesidade dunha acción decidida e congruente que permita considerar unha lexitimidade por rendemento; indicando que os poderes públicos teñen que velar pola utilización racional dos recursos naturais contribuindo á conservación, protección e mellora da calidade do medio ambiente, sobre todo cando o seu descoido afecta á saúde dos cidadáns.

Identifícase como dereito inviolábel o espazo no que o individuo vive, sen estar suxeito necesariamente ós usos e convencións sociais, e onde exerce a súa liberdade máis íntima, polo que o obxecto específico de protección neste dereito fundamental é tanto o espazo físico, en si mesmo como no que nel hai de emanación da persoa que o habita (STS: 10/04/2003).

Faise imprescindíbel asegurar a súa protección non só face as inxerencias de terceiras persoas, senón tamén fronte os riscos que pidan xurdir nunha sociedade tecnoloxicamente avanzada.

Téñense que evitar as actuacións insuficientes, máxime cando están en xogo dereitos constitucionais dos cidadáns.

É ben coñecida a doutrina xurisprudencial no tema da reiteración de multas, o cidadán acostumase e considera a imposición de multas como unha taxa periódica que non lle resulta moi gravosa satisfacela. E deste xeito segue incumplido as súas obrigas de respecto aos requirimentos a que deron lugar as súas actuacións.

Con data 23/09/2010, reiterase o pedimento anterior, así como 19/10/2010, 18/11/2010, 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 11/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 07/02/2011, 09/03/2011, 11/04/2011, 10/05/2011, 09/06/2011, 11/07/2011, 10/08/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/02/2012 reitérase a petición de informe, e, de novo, o 20/03/2012. Con data 03/04/2012, recíbese desde Participación Cidadá informe emitido polo Servizo de medio Ambiente no que se indica o seguinte:

*"En resposta aos seus escritos con número de documento 110161410, 120011553 e 120020291, relativos a queixa de referencia, dásele traslado do informe emitido polo Técnico de Administración Xeral de Medio Ambiente; cuxo tenor literal é o que segue:*

*"(...) En relación coa queixa de referencia, expte. 2465/321, 5973/306, comunícolle o seguinte:*

*Mediante resolución de data 12 de febreiro de 2009, a Concelleira de Medio Ambiente, en virtude da delegación de competencias efectuada por Resolución de Alcaldía de data 7 de xullo de 2007, perante o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, acordou orde de execución, consistente na retirada dos residuos de limpeza da propiedade sita no nº... da rúa, no prazo máximo de 30 días, apercibíndolle ao mesmo tempo que, de non cumprir esa orde, procederíase á súa execución forzosa conforme co previsto na normativa aplicable.*

*Neste senso, o artigo 96 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, refírese a execución forzosa dos actos administrativos, e prevé a imposición de multas coercitivas como medio de execución forzosa dos mesmos, debéndose respectar sempre o principio de proporcionalidade, segundo establece a norma de referencia.*

*O artigo 99 da mesma norma exige para a imposición de ditas multas unha previsión legal específica, previsión que se atopa no artigo 55 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, se os infractores non procederan á reposición ou restauración, de acordo co establecido no apartado anterior, os órganos competentes poderán acordar a imposición de multa coercitivas segundo ao artigo 99 da Lei 30/1992, unha vez transcorridos os prazos sinalados no requirimento correspondente. A contía de cada unha das multas non superará un terzo da multa fixada por infracción cometida.*

*A día da data e en relación có asunto que se refire, se lle impuxeron, as seguintes multas coercitivas:*

- M.C. 200,34 Euros – Fecha resolución 30/06/2009.
- M.C. 200,34 Euros – Fecha resolución 16/11/2009.
- M.C. 200,34 Euros – Fecha resolución 05/02/2010.
- M.C. 200,34 Euros – Fecha resolución 30/07/2010.
- M.C. 200,34 Euros – Fecha resolución 08/09/2011.

*O que se lle informa aos efectos oportunos”.*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 04/04/2012, indicándoselle que en datas vindeiras solicitarase nova información actualizada. O que se materializa o 19/04/2012, 21/05/2012, 21/06/2012, 18/07/2012, 22/08/2012, 21/09/2012, 23/10/2012, 21/11/2012, 19/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 21/01/2013 reiterouse por oitava vez o pedimento anterior, e, de novo, o 19/02/2013, 18/03/2013, 17/04/2013, 15/05/2013, 14/06/2013, 15/07/2013, 19/08/2013, 17/09/2013, 18/10/2013, 18/11/2013, 16/12/2013.

## **CAPITULO II- MOBILIDADE E SEGURANZA////////////////////////////////////**

### **EXPEDIENTE 30/2009**

#### ASUNTO:

Queixa en relación cos inconvenientes que está a padecer por causa dos atrasos do servizo da concesionaria do transporte público urbano; citando en concreto a liña C3 con saída desde o Alto de Encarnación.



## SITUACIÓN:

Queixa presentada o 21/05/2009; con data 25/05/2009, solicitase o preceptivo informe que se reitera o 02/07/2009, 08/08/2009, 29/08/2009, 24/09/2009, 28/10/2009.

## REFLEXIÓNS:

As empresas concesionarias de servizos públicos deben corrixir puntualmente os efectos negativos da súa prestación a maior brevidade.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 22/02/2010, 23/03/2010, 19/04/2010, 21/05/2010, 17/06/2010, 15/07/2010, 17/08/2010, 14/09/2010, 14/10/2010, 10/11/2010, 16/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 07/02/2011, 10/03/2011, 11/04/2011, 10/05/2011, 13/06/2011, 13/07/2011, 11/08/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2012 reitérase a petición de informe, e de novo, o 20/02/2012, 16/03/2012, 18/04/2012, 16/05/2012, 18/06/2012, 17/07/2012, 21/08/2012, 21/09/2012, 23/10/2012, 21/11/2012, 19/12/2012..

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 21/01/2013 reiterouse por trinta e oito veces o pedimento anterior, e, de novo, o 18/02/2013, 18/03/2013, 17/04/2013.

Con data 22/04/2013 recíbese escrito do Servizo de Transportes no que informan o seguinte:

*"En relación con el asunto de referencia, cabe informar que, esta reclamación fue informada anteriormente en sucesivas ocasiones, no obstante, y con el fin de dar una respuesta definitiva a este asunto, se vuelve a repasar el tema, informando que, las quejas a que se refiere el reclamante se corresponden con un momento puntual debido a la Huelga del Metal que tuvo lugar en aquellos días, y que colapsó toda la zona de Tomás A. Alonso y Beiramar sobre las 8:15 h. y las zonas de los Caños y Travesía de Vigo sobre las 8:45 h. por lo que todo el transporte que tenía paso por estas zonas sufrió retrasos importantes.*

*Se traslada a continuación el detalle de las medidas que se tomaron por la Empresa concesionaria del transporte urbano, en ese día, respecto al servicio, con motivo de dicha Huelga, siendo las que se detallan a continuación:*

- A las 08:15 cortan el tráfico Beiramar (Barreras) en ambas direcciones, se da aviso a la línea C-15B y L-28 para que realicen los desvíos por Tomás A. Alonso ida y vuelta.
- A las 08:45 se da aviso a los coches de los Caños para que se desvíen desde los Caños por Buenos aires, Travesía de Vigo bajen por San Lorenzo a coger línea a Isaac Peral.
- A las 09:30 la manifestación de Barreras se divide en 2, hace una en el relleno de Bouzas y otra en Barreras.
- A las 09:55 se da aviso a la línea C-1 para que se desvíe por el túnel al Arenal y coja línea en Colón.
- A las 10:20 Isaac Peral queda cortado en ambas direcciones, se da aviso a la flota para realizar los desvíos habituales.
- A las 10:50 la manifestación de Bouzas sube por Tomás Paredes hacia Castelao quedando cortada la calle por los desperfectos que ocasionan.
- La rotonda de Navia queda cortada por otro grupo de piquetes desviando todos los coches desde Coya a Navia por el Caramuxo y Padre Seixas ida y vuelta.
- El Seminario, en la Avda. de Madrid queda cortada por otra manifestación en ambos sentidos de circulación desviando las líneas 12ª y 12B, L-13 y las lanzaderas del Cuvi desde la Plaza de España ida y vuelta por Martínez Garrido, Ramón Nieto, Manuel Álvarez a coger línea a la carretera vieja de Madrid.
- A las 11:15 queda cortada la Avda. Castelao no pudiendo circular por ella por los desperfectos que ocasionan a su paso y desviando todo el tráfico ida y vuelta por la Avda. de la Florida.
- A las 11:30 se da tráfico normal en Isaac Peral.
- A las 11:45 se da aviso a la flota comunicándoles que tenemos cortado Plaza América, Plaza de España y Isaac Peral para que realicen desvíos habituales.
- A las 12:00 se da aviso de tráfico normal en Plaza América y Castelao.
- A las 12:00 la manifestación de la Plaza de España baja por la Gran Vía hacia el Corte Inglés, se da aviso de tráfico norma en la Plaza de España.

*Es todo cuanto se puede informar sobre este asunto."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 22/04/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 47/2009**

### ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción por retirada dun vehículo dunha praza pública sen existir sinalización en contra o que considere unha actuación improcedente polo que estima se lle debe reparar o dano causado.

Neste senso ten presentado catro solicitudes no Concello, todas nos primeiros días do mes de agosto.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 18/08/2009, con data 18/08/2009, solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 24/09/2009, con data 18/11/2009 recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que informa do pagamento do expediente orixinal, quedando pendente de estudio, o enganche do guindastre, o que se comunica a interesado o 23/11/2009, indicándolle que en datas vindeiras instarase información adicional ao respecto.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 solicítase información actualizada en relación co procedemento aberto polo o enganche do guindastre e de novo o 22/02/2010, 23/03/2010, 19/04/2010, 17/05/2010, 17/06/2010, 15/07/2010, 17/08/2010, 14/09/2010, 14/10/2010, 10/11/2010, 16/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 07/02/2011, 10/03/2011, 11/04/2011, 10/05/2011, 13/06/2011, 13/07/2011, 11/08/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2012 reitérase a petición de informe, e de novo, o 20/02/2012, 16/03/2012, 18/04/2012, 16/05/2012, 18/06/2012, 17/07/2012, 21/08/2012, 21/09/2012, 23/10/2012, 21/11/2012, 19/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 21/01/2013 reiterouse por trinta e catro vez o pedimento anterior, e, de novo, o 18/02/2013, 18/03/2013, 17/04/2013.

Con data 06/05/2013 recíbese escrito do Servizo de Transportes no que informa o seguinte:

*“En relación con el expediente que se sigue en ese Servicio de Participación Ciudadana, a instancia da interesada, en relación con solicitude de devolución de taxas abonadas por la retirada de su vehículo por la grúa municipal al depósito de vehículos, adjunto se devuelve el mismo, informándole que con fecha 4/02/2013, el concejal delegado de Movilidad, Transportes y Seguridad dictó la resolución que se adjunta, desestimatoria de dicha solicitude.*

*Dicha resolución se notificó a la interesada informándole de los recursos procedentes y plazos de interposición de los mismos.”*

Ademais envía fotografías dos escritos que acompañan o informe.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 08/05/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 56/2009**

### ASUNTO:

Queixa en relación coa carencia de tarifas especiais para os membros de familias numerosas

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 16/10/2009, con data 19/10/2009 solicitouse o preceptivo informe a Xefatura de Explotación de Vitrasa

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 27/01/2010 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 22/02/2010, 23/03/2010, 19/04/2010, 21/05/2010, 17/06/2010, 15/07/2010, 17/08/2010, 14/09/2010, 14/10/2010, 10/11/2010, 12/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 07/02/2011, 10/03/2011, 11/04/2011, 10/05/2011, 13/06/2011, 13/07/2011, 11/08/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2012 reitérase a petición de informe, e de novo, o 20/02/2012, 16/03/2012, 18/04/2012, 16/05/2012, 18/06/2012, 17/07/2012, 21/08/2012, 21/09/2012, 23/10/2012, 21/11/2012, 19/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/02/2013 reiterouse por trinta e seis veces, o pedimento anterior, e, de novo, o 18/03/2013, 17/04/2013.

Con data 22/04/2013 recíbese escrito do Servizo de Transportes no que informan o seguinte:

*"En resposta a súa solicitude de informe en relación coa queixa presentada por D... (expediente 2383-321), consultada a documentación óbrante no servizo de transporte infórmase o seguinte:*

*A queixa consiste en formulara a seguinte pregunta; ¿Cando haberá tarifa especial para as familias numerosas?*

*En resposta a mencionada pregunta pódese informar que no seu día e a vista da queixa foi tomada nota da mesma aos efectos de futuras modificacións en materia de política social do Concello, decisións que implican a dispoñibilidade da preceptiva consignación orzamentaria.*

*O que se lle comunica aos efectos oportunos."*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 22/04/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 67/2009**

### ASUNTO:

Queixa en relación coa incorrecta situación en que se atopan varias paradas de Vitrasa.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 26/10/2009; con data 26/10/2009 solicitouse o preceptivo informe a Concellería de Mobilidade e Seguridade que se reitera o 18/12/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 22/02/2010, 23/03/2010, 19/04/2010, 21/05/2010, 17/06/2010, 15/07/2010, 17/08/2010, 14/09/2010, 14/10/2010, 10/11/2010, 12/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 07/02/2011, 10/03/2011, 11/04/2011, 10/05/2011, 13/06/2011, 13/07/2011, 11/08/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2012 reitérase a petición de informe, e de novo, o 20/02/2012, 16/03/2012, 18/04/2012, 16/05/2012, 18/06/2012, 17/07/2012, 21/08/2012, 21/09/2012, 21/08/2012, 21/09/2012, 23/10/2012, 21/11/2012, 19/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 21/01/2013 reiterase por trinta e cinco vez, o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 19/02/2013, 18/03/2013 e 17/04/2013.

Con data 06/05/2013 recíbese escrito do Servizo de Transportes no que informan o seguinte:

*“En relación con el expediente que se sigue por quejas sobre elementos (macetas, papeleras, contenedores, etc) que se encuentran próximos a las paradas del autobus urbano, que impiden y dificultan el acceso de los usuarios a las mismas, se informa lo siguiente:*

*A partir del año 2007 se llevó a cabo un estudio sobre la totalidad de las paradas del transporte urbano de la ciudad, con el fin de retirar todos estos tipos de elementos que pudiera haber en las proximidades de las paradas de los autobuses urbanos, procediéndose en los casos que fuese necesario retirarlos donde no entorpecieran, para no obstaculizar a los usuarios el acceso y bajada de los autobuses y, en otros, se trasladaron incluso las paradas.*

*Respecto a la marquesina situada en la Estación Marítima de Ría, señalar que no es una marquesina situada en una parada del transporte urbano, por ese motivo no tiene ningún tipo de información al respecto.*

*En cuanto a la otra cuestión que plantea el reclamante, decir que no es un tema de competencia de este Servizo.”*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 08/05/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 72/2009**

### ASUNTO.

Queixa en relación coa falta de rigor de condutores de Vitrasa en canto o cumprimento das paradas consoante os paneis informativos

## SITUACIÓN:

Queixa presentada o 04/11/2009, con data 06/11/2009 solicitase o preceptivo informe a Participación Cidadá a vista da existencia previa, dunha comunicación dese Servizo de 21/07/2009, pedimento que se reitera o 04/12/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2010 recíbese de Seguridade, Circulación e Transporte escrito solicitando aclaración sobre os motivos da queixa, o que se fai o 27/01/2010, e, de novo, o 22/02/2010, 23/03/2010, 22/04/2010, 21/05/2010, 22/06/2010, 22/07/2010, 18/08/2010, 14/09/2010, 19/10/2010, 18/11/2010, 16/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 07/02/2011, 10/03/2011, 11/04/2011, 13/06/2011, 13/07/2011, 11/08/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2012 reitérase a petición de informe, e de novo, o 20/02/2012, 16/03/2012, 18/04/2012, 16/05/2012, 18/06/2012, 17/07/2012, 21/08/2012, 21/09/2012, 23/10/2012, 21/11/2012, 19/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 21/01/2013 reiterase por trinta e tres veces, o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 19/02/2013, 18/03/2013 e 17/04/2013.

Con data 22/04/2013 recíbese escrito do Servizo de Transportes no que informan o seguinte:

*"En resposta a súa solicitude de informe en relación coa queixa presentada, (expte. 1906-321), consultada a documentación óbrante no servizo de transportes infórmase o seguinte:*

*Figura unha queixa co número 24550/323 formulada de data 21 de xullo de 2009 consistente en que domingo 19 de xullo de 2009 as 4:00 horas da madrugada na última parada de VITRASA na Avda. de Europa antes do cruce coa Avda. de Castelao o autobús non parou, informada en data 16 de setembro de 2011, e arquivada.*

*Na data 21 de xaneiro de 2010 e ante a reiteración da solicitude de informe, solicitouse aclaración sobre os motivos da queixa ao obxecto de poder informar a mesma, contestando o Valedor do Cidadán que "os motivos da queixa son que os condutores de VITRASA (un en xullo, outro en agosto e outro en outubro) negárase a permitirlle o acceso os vehículos, un deles por facer outra liña, e quen no tería que coller sería o anterior que non o fixo."*

*Ante a falta de concreción dos motivos da queixa, non foi posíbel emitir un informe concreto obre os feitos, senón soamente unha instrución xenérica a empresa concesionaria do transporte urbano sobre o cumprimento das paradas e os horarios.*

*O que se lle comunica aos efectos oportunos".*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 22/04/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 75/2009**

### ASUNTO:

Queixa en relación cun cobro indebido na máquina da ORA.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 06/11/2009, con data 16/11/2009, solicitouse o preceptivo informe, que se reitera o 18/12/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuación seguintes:

Con data 12/01/2010 reiterase o pedimento informativo anterior, e de novo, o 22/02/2010 que se recibe o 16/03/2010

*"En contestación á súa petición de informe en relación coa queixa promovida por D. .... sobre o expediente sancionador con número 098731972 detállanselle a continuación as actuacións realizadas non mesmo:*

*O 07/07/2009 ás 18:43 o controlador da X.E.R número K-XX, formula denuncia contra o vehículo ..... por Estacionar superando o horario autorizado no tiquet de estacionamento (x.e.r) na rúa .....*

*2) Ante a falla de datos do condutor do vehículo no momento da infracción remíteselle requirimento de identificación ao titular (cuxos intentos resultaron ausentes os días 27/07/2009 e 29/07/2009).*

*3) O 31/07/2009 cóbrase dita multa coa bonificación do 30%.*

### **CONSIDERACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR**

*Estase utilizando a vía do Valedor do Cidadán como unha segunda instancia, xa que o escrito remitido non se trata senón de alegacións fronte á multa imposta no seu día e cuxo procedemento sancionador terminou co abono da multa, xa que o pago coa bonificación do 30% implica a renuncia a formular alegacións e*



*a terminación do procedemento sen necesidade de ditar resolución expresa.*

*Asemade, indicarlle que de acordo co establecido non artigo 4 da Ordenanza fiscal reguladora da taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais, a tarifa pospaga (anulación da multa) terá lugar si a duración do aparcamento excedese da sinalada no ticket nun máximo dunha hora. Neste caso non procede a tarifa pospaga, xa que podía anular a multa até as 18:36 horas e foi anulada ás 19:20 horas”*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 13/03/2010 que resposta o 26/03/2010 que o pago dos 2,30 euros, queda desvinculado de sanción xa que se efectuou fora do prazo establecido para ser admitido tal como consta no artigo ao que fai mención a Concellería, de aí o dereito a súa devolución. O que se comunica a Concellería o 05/04/2010, e que se reitera o 28/04/2010, 01/06/2010, 28/06/2010, 27/07/2010, 25/08/2010, 23/09/2010, 26/10/2010, 24/11/2010, 16/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 07/02/2011, 10/03/2011, 11/04/2011, 10/05/2011, 13/06/2011, 13/07/2011, 11/08/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2012 reitérase a petición de informe, e de novo, o 20/02/2012, 16/03/2012, 18/04/2012, 16/05/2012, 18/06/2012, 17/07/2012, 21/08/2012, 21/09/2012, 23/10/2012, 21/11/2012, 19/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 21/01/2013 reiterase por trinta e tres veces, o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 19/02/2013.

Con data 05/03/2013 recíbese escrito de Seguridade e Mobilidade no que informa o seguinte:

*“En contestación á súa petición de informe en relación coa queixa, expediente 75/2009, infórmolle:*

*Que con data 04/03/2010 (expte. 77143/210), esta Xefatura xa contestou a queixa formulada.*

*Non obstante, non consta que tivera presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude para a devolución dos “ingresos indebidos” referidos á tarifa pospaga por anulación de multa que di ter abonado.*

*É requisito imprescindible a presentación da devandita solicitude perante a Administración Municipal para proceder á tramitación da pretendida devolución.*

*Non resulta axustado a dereito que presente unha quizá perante o Valedor do Cidadán, para que dita institución fiscalice a actuación municipal cando o propio interesado non ten solicitado a devolución de ingresos indebidos ao abeiro da Lei 30/1992, de 26 de novembro (artigo 70 e seguintes)."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 12/03/2013, que o 03/04/2013 indica que a mencionada Concellería non dá resposta á reclamación, facendo mención a unha petición de anulación de sanción que nunca fixo. O único que reclaman foi a devolución do pago para anulación da sanción (2,30 euros), pagado indebidamente; e que en cumprimento da Lei 30/1992 foi presentada no Rexistro Xeral do Concello a correspondente solicitude para a devolución dos ingresos indebidos (2,30 €), con data 17/09/2009 (expediente 145406/280).

Do que se deu cumprido traslado a Seguridade, Tráfico e Transportes, achegando copia da solicitude da cuestionada devolución (26/03/2010 nº de entrada 82); segundo o escrito desta oficina do Valedor do Cidadán de 04/04/2013, nº documento: 130037311.

### **CAPITULO III.- URBANISMO E VIVENDA////////////////////////////////////**

#### **EXPEDIENTE 57/2009**

##### ASUNTO

Queixa en relación cun edificio a considerar como "conservable", no que se pretende instalar un ascensor que obrigaría a encurtar uns centímetros a escaleira e a adaptar a varanda ao novo oco resultante.

##### SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/10/2009; con data 19/10/2009 solicítase o preceptivo informe a Concellería de Urbanismo que se reitera o 04/12/2009.

Con data 21/01/2010 reiterase pedimento informativo que se recibe o 03/02/2010 e no que se indica o seguinte:

*"En relación ao seu expediente 57/2009, de queixa formulada ante esa Institución por D<sup>a</sup>..... con enderezo no número .....DE....., teño a honra de informar o seguinte:*

*Enténdese que o inmovible no que se solicita a instalación do ascensor é o sinalado co número ....., pois logo de consultar a aplicación informática semella que se refire a este edificio.*

*A comunidade de propietarios da.....presenta no Rexistro Xeral da Xerencia de Urbanismo consulta previa para a instalación dun ascensor no citado edificio, propoñendo a redución do ancho actual*

*da escada, segundo proxecto redactado polo arquitecto don ....., visado polo colexio profesional con data 2 de xuño de 2009.*

*O proxecto citado foi informado pola aparelladora municipal da oficina de Barrios Históricos con data 31 de agosto de 2008, ao emprazarse o inmovible no ámbito do Plan especial de edificios, conxuntos e elementos a conservar, PEEC I- 12, aprobado definitivamente con data 25 de outubro de 1990 (BOP 17 de xaneiro de 1991), concretamente no cuarteirón número 1 do citado PEEC e está incluído no seu catálogo con nivel de protección estrutural*

*Nestes casos establécese o trámite de consulta previa á solicitude de licenza, dirixido á Comisión de seguimento do PEEC e PEPRI de Bouzas, a quen lle corresponde asesorar ao Concello en todas as materias relacionadas co correcto desenvolvemento destes plans e cos elementos incluídos nos catálogos complementarios co fin de garantir o axuste da obra que se vaia realizar co previsto normativamente.*

*Con data 16 de setembro de 2009 fórmulase á Comisión de seguimento do PEEC-PERI Casco Vello proposta de realizar visita de comprobación e someter á súa consideración a citada consulta previa, co obxecto de determinar se, de conformidade co disposto nos parágrafos 3, 6.3, 7.2 e 8.5 das normas urbanísticas do PEEC, existe algún elemento do inmovible susceptible de ser protexido.*

*O día 7 de outubro de 2009 preséntase en persoa a Comisión no lugar de referencia, realizando visita ao edificio, comprobando que a escaleira e o espazo no que se desenvolve son de gran valor para non seren alterados.*

*A Comisión de seguimento do PEEC-PERI Casco Vello, en sesión do 8 de outubro de 2009, acorda informar desfavorabelmente a solicitude de licenza presentada pola comunidade de propietarios da rúa..... en canto a instalación destrúe parte da escaleira protexida polo PEEC e ademais impide a entrada da luz cenital."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 04/03/2010.

Con data 01/03/2010, a interesado formula alegacións ao informe anterior que se trasladou integramente a Concellería de Urbanismo e Vivenda o 02/03/2010 facendo pola nosa parte unha serie de consideracións sobre rehabilitación e integración dos diminuídos, preparando unha revisión do expediente en cuestión; que se reitera o 14/09/2010, e o 19/10/2010, 18/11/2010, 16/12/2010.

## REFLEXIÓNS

As manifestadas pola interesada que se refiren a que o seu marido so goza de visión nun ollo, un 5%, debido a un accidente; a realización das obras tal como se pretende impediríalle unha accesibilidade e seguridade diaria que polo de agora ven tendo.

Con data 18/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 21/02/2011, 16/03/2011, 14/04/2011, 12/05/2011, 14/06/2011, 14/07/2011, 11/08/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2012 reiterase a petición de informe, e de novo, o 20/02/2012, 16/03/2012, 18/04/2012.

Con data 10/05/2012 recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo (Barrios Históricos) no que informa o seguinte:

*"En contestación ao seu escrito de data 21/10/2010, con número de rexistro de saída 73 (expediente 57/2009), de queixa formulada ante esta Institución, esta Xerencia Municipal de Urbanismo infórmalle:*

*Que tras consultas os nosos arquivos, segundo o expediente 618/426, consta que a Comisión de Seguimento do PEEC-PEPRI acordou, en sesión do 09/04/2010, informar favorablemente a consulta previa realizada pola Comunidade de Propietarios, sobre a instalación de ascensor no edificio, coa advertencia de que non se podería desmontar nin alterar a estrutura do lucernario, nin desmontar a escaleira durante a execución.*

*Posteriormente, a Comunidade de Propietarios presentou, con data 02/07/2010, a solicitude de licenza para a instalación do ascensor no edificio da (exp. 70663/421). O día 04/08/2010 remitiuse unha copia do proxecto de instalación á delegación provincial da Consellería de Cultura e Turismo co fin de obter a autorización autonómica preceptiva, toda vez que a actuación proposta correspondía a unha edificación en solo clasificado como urbano no ámbito do PERI I-12, (A.D. 25 de outubro de 1990), no cuarteirón nº 1, catalogado co grao de protección "Estrutural", estando cualificado no novo PXOM aprobado definitivamente o 16/05/2008 coa ordenanza 2 de Conservación e Protección Ambiental, mantendo o mesmo grao de catalogación "Estrutural".*

*Con data 28/07/2011, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural resolveu non autorizar a instalación do ascensor, polo que se requiriu á comunidade nova documentación técnica o día 10/05/2011. Con data 09/06/2011, a comunidade de propietarios presentou no rexistro da Xerencia un escrito de alegacións á resolución de Patrimonio, que se remitiron á delegación de Pontevedra o día 21/06/2011 xunto coa copia do acordo favorábel da Comisión do PEEC-PEPRI, co fin de obter a autorización autonómica (xustificante de recepción do 24/06/2011). De acordo cos artigos 47 e 54 da Lei 8/1995 de Patrimonio Cultural de Galicia e o 196.5 da LOUGA, a concesión de licenza precisaría a resolución previa e favorábel da Consellería de Cultura. Porén, a día de hoxe o expediente 70663/421 segue pendente da resposta da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia."*

Do que se deu cumprida información á interesada o 10/05/2012: facendo mención da Resolución allea ao Concello de Vigo sobre o tema obxecto de queixa.

Con data 18/06/2012, dirixímonos a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia solicitando teñan a ben emitir a resolución antes citada, pedimento que se reitera o 21/11/2012, 19/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 21/01/2013 reiterase o pedimento informativo anterior, e de novo, o 19/02/2013, 188/03/2013.

Con data 02/04/2013 recíbese da Xerencia Municipal de Urbanismo (Barrios Históricos) escrito, no que informa o seguinte:

*"En relación ao seu expediente 57/2009, promovido, sobre instalación de ascensor no edificio sinalado, e como continuación aos informes remitidos polo servizo de Barrios Históricos a esa institución con datas 15 de decembro de 2009 e 3 de maio de 2012, expediente 618/426, infórmase que foi denegado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.*

*Os interesados presentaron nesta Xerencia de urbanismo escrito de alegacións que foi, á súa vez remitido á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural; mais esta Administración non ten constancia de se se presentou recurso de alzada ante a Xunta de Galicia.*

*De acordo co disposto no artigo 54 da Lei 8/1995, do Patrimonio cultural de Galicia; e o 196.5 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; esta Administración municipal non poderá continuar coa tramitación da licenza de obras en tanto non se obteña por parte dos solicitantes a autorización previa e preceptiva por parte da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia."*

Do que se deu cumprida información á interesada o 04/04/2013.

Con data 17/04/2013, dirixímonos a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en solicitude do informe correspondente por terceira vez, e de novo o 15/07/2013 e o 19/08/2013, 18/09/2013, 17/10/2013, 18/11/2013, 16/12/2013.

## RESUMO ESTATÍSTICO

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE .....	1	
Acumulación lixo .....	1	
ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURANZA.....	6	
Servizos Vitrasa.....	1	
Sanción tráfico .....	2	
Tarifas especiais.....	1	
Situación paradas bus.....	1	
Cobro indebido .....	1	
ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA.....	2	2
Edificio censurable .....	1	
Medición local.....	1	
<b>TOTAL EXPEDIENTES .....</b>	<b>9</b>	

### REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS

1) MOBILIDADE E SEGURANZA .....	66,66 %
2) URBANISMO E VIVENDA.....	22,22 %
MEDIO AMBIENTE.....	11,11 %

\* Ordenadas porcentualmente en orde decrecente.

# PARTE V

## ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2010 CON INCIDENCIAS NO ANO 2013

### INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de 10 expedientes correspondentes a solicitudes formuladas no ano 2010, con incidencias durante o ano 2013 e que corresponden a:

MOBILIDADE E SEGURANZA.....	4
URBANISMO E VIVENDA.....	3
<b>TOTAL .....</b>	<b>7</b>

### EXPEDIENTES

#### CAPITULO I.- MOBILIDADE E SEGURANZA////////////////////////////////////

##### EXPEDIENTE 7/2010

###### ASUNTO:

Queixa coas tarxetas de VITRASA, sen custo, para usuarios de determinadas condicións, de idade e recursos económicos.

Con estas tarxetas, estase a producir unha fraude considerábel, as tarxetas, en numerosas ocasións, son utilizadas por familiares do titular beneficiario (fillos, netos) que o promotor da queixa é testemuña cada mañá cando cidadáns de determinadas idades se dirixen o seu lugar de traslado.

###### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 04/02/2010. Con data 08/02/2010, solicitude o preceptivo informe, indicando a conveniencia de que se adopten medidas que impida este fraude, pedimento que se reitera o 09/03/2010, 12/04/2010, 21/05/2010, 22/09/2010, 08/07/2010, 12/08/2010, 09/09/2010, 08/10/2010, 25/01/2010.

## REFLEXIONS:

As posibles ausencias de controles necesarios fai que por parte da cidadanía se adopten aptitudes en fraude de lei que supoñen un menosprezo da sociedade que cumpre coas súas obrigas e deterioran o resultado e os fins para os que se adoptan medidas en prol dunha parte da sociedade.

## RECOMENDACIÓNS:

Poñer en marcha medidas que impidan o uso fraudulento dos beneficios sociais que supoñen estas tarxetas bonificábeis.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 19/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 22/02/2011, 21/03/2011, 25/04/2011, 24/05/2011, 23/06/2011, 21/07/2011, 23/08/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 02/02/2012 reitérase a petición de informe, e, de novo, o 09/03/2012, 09/04/2012, 07/05/2012, 11/06/2012, 13/07/2012, 06/08/2012, 06/09/2012, 05/10/2012, 06/11/2012, 07/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 08/01/2013 reitérase por trinta vez o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 05/02/2013.

Con data 07/02/2013 recíbese escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade, no que informa o seguinte:

*“En contestación á súa petición de informe en relación coa queixa presentada, referente ás tarxetas gratuítas para viaxar en VITRASA, infórmolle o seguinte:*

*Non figura na documentación remitida, o escrito presentado ante o Valedor do cidadán, senón soamente un resúmen de contido do mesmo onde se fala da idade dos usuarios da tarxeta gratuíta.*

*En relación coa citada afirmación infórmase que teñen dereito á utilización gratuíta do autobús urbano da cidade, de conformidade cos acordos adoptados tanto no Pleno Municipal como pola Xunta de Goberno Local, os pensionistas das categorías 1 e 2 que reúnan os requisitos exixidos, sen que entre os citados requisitos figure a idade do pensionista.*

*Non obstante e ante a posíbel utilización incorrecta das tarxetas, realízanse, inspeccións periódicas nos autobuses, retirándose as mesmas cando non son utilizadas polo seu titular*



*Así mesmo, estase estudando a substitución do sistema actual de billeteaxe por un novo que, entre outras aplicacións, permitirá intensificar máis os controis sobre a utilización das tarxetas."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 08/02/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 40/2010**

### ASUNTO:

Queixa en relación cos continuos embargos que está a padecer por non identificar ao condutor cando xa tiña feito as declaracións correspondentes ante o persoal o Concello.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 16/06/2010, con data 18/06/2010 solicítase o preceptivo informa a Concellería de Mobilidade que se reitera o 19/07/2010, e o 20/09/210, 19/10/2010, 22/11/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 19/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 22/02/2011, 21/03/2011, 25/04/2011, 24/05/2011, 23/06/2011, 21/07/2011, 23/08/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 02/02/2012 reitérase a petición de informe, e, de novo, o 09/03/2012, 09/04/2012, 07/05/2012, 11/06/2012, 13/07/2012, 06/08/2012, 06/09/2012, 05/10/2012, 06/11/2012, 07/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 08/01/2013 reitérase por vinteseis veces o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 05/02/2013, 11/03/2013, 09/04/2013, 09/05/2013, 10/06/2013.

## **EXPEDIENTE 47/2010**

### ASUNTO:

Queixa en relación coas molestias que se lle están a causar por mor da forma que un establecemento de hostalería estende o mobiliario dunha terraza.

Tanto no inverno como no verán o citado mobiliario unha vez recollido amontóase en bloques contra unha columna enfronte mesmo da saída do portal da súa vivenda e cando chove mantense todo o día.

Ten falado coa propiedade e coa Policía Local telefonicamente e co 010 sen resultado algún.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 01/07/2010, con data 05/07/2010 solicitouse o preceptivo informe a Concellería de Mobilidade e Seguridade que se reitera o 18/08/2010, 20/09/2010, 19/10/2010, 22/11/2010.

#### REFLEXIÓN:

E evidente que as mesmas están claramente contemplada na Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación de Terrazas na Vía Pública onde no seu artigo 14 apartado 5 indicase que "Fora do horario autorizado para a terraza, o titular da licenza virá obrigado a reiterar do exterior a totalidade dos seus elementos, incluíndo as bases dos parasois.

As mesas corredizas e parasois serán recollidas diariamente no interior do local ao que pertencen a terraza ou en local habilitado para tal finalidade polo interesado. Non cabe deixalos na rúa, amontoados e suxeitos con cadeas. A instalación e maila recollida da terraza realizarase co menos ruído posíbel co obxecto de garantir o descanso da cidadanía". (BOP N° 94, de 16 de maio de 2008).

#### RECOMENDACIÓN

Vixilancia efectiva no cumprimento da propia lexislación municipal.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 19/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 22/02/2011, 21/03/2011, 25/04/2011, 24/05/2011, 23/06/2011, 21/07/2011, 23/08/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 02/02/2012 reitérase a petición de informe, e, de novo, o 09/03/2012, 09/04/2012, 07/05/2012, 11/06/2012, 13/07/2012, 06/08/2012, 06/09/2012, 05/10/2012, 06/11/2012, 07/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 08/01/2013 reitérase por vinte e cinco vez o pedimento informativo anterior.

Con data 05/01/2013 recíbese escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade, no que informa o seguinte:

*"Con relación á relativa á cafetería informo:*

*Que solicitada información á Policía Local sobre as intervencións practicadas na cafetería citada, o oficial da Plana Maior 294074 tennos informado que "non existe actuación policial relativa á terraza deste establecemento".*

*Compre que se presenta denuncia no rexistro xeral deste Concello indicando os preceptos da Ordenanza Municipal de Instalación de terrazas que considera infrinxidas, e de ser o caso achegando as probas pertinentes.*

*Asemade, indícaselle ao interesado que poderá chamar á Policía Local para que se presenten en persoa no lugar e constaten "in situ" a infracción presuntamente cometida.*

*O que se lles comunica para os efectos oportunos".*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 16/01/2013, indicándolle que pola nosa parte xa se informou a Concellería competente que o interesado xa tiña contactos coa Policía Local, aludindo a Ordenanza Reguladora.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 55/2010**

### ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción de Tráfico. A interesada queixase do mal trato recibido polo axente municipal.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 09/08/2010; con data 17/08/2010, solicítase o preceptivo informe a Concellería de Mobilidade e Seguridade, que se reitera o 20/09/2010, 19/10/2010, 22/11/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 19/01/2011 reitérase a petición de informe, e, de novo, o 23/02/2011, 22/03/2011, 25/04/2011, 24/05/2011, 23/06/2011, 23/08/2011, 21/09/2011, 11/11/2011.

Con data 02/02/2012 reitérase a petición de informe, e, de novo, o 09/03/2012, 09/04/2012, 07/05/2012, 11/06/2012, 13/07/2012, 06/08/2012, 06/09/2012, 05/10/2012, 06/11/2012, 07/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 08/01/2013 reitérase por vinte e tres veces o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 05/02/2013, 11/03/2013.

Con data 20/03/2013 recíbese escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade, no que informa o seguinte:

*"Achégase copia do informe remitido polo Intendente da Policía local".*

O que se remite ao interesado o 20/03/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **CAPITULO II.- URBANISMO E VIVENDA //////////////////////////////////////**

### **EXPEDIENTE 18/2010**

#### ASUNTO:

Queixa en relación coas obras de ampliación que se están realizando sen licenza.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 04/03/2010; con data 08/03/2010, solicitouse o preceptivo informe a Concellería de Urbanismo e Vivenda, que se reiterou o 28/04/2010, 01/06/2010, 28/06/2010, 27/07/2010, 25/08/2010, 23/09/2010, 26/10/2010, 23/11/2010, 17/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 24/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 24/02/2011, 24/03/2011.

Con data 11/04/2011 recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (expte: 18/2010) infórmolle do seguinte:*

*Dos informes de inspección de datas 10-09-96, 16-11-04 e 24-01-05, pode desprenderse que non se fixeron novas obras alomenos desde o ano 96, e que a construción mantense nunha situación practicamente idéntica á dese tempo, a falta do remate da pintura exterior.*

*En base ao informe de inspección de 10-09-96 pode deducirse que o conxunto das obras e ampliacións foron realizadas e denunciadas con bastante antelación a esta data, posto que xa existe denuncia neste senso de data 07-12-90 e ademais consta o informe de inspección de xuño do ano 1992 (Expte. 3432-423), no que pola documentación fotográfica e bosquejo achegado pode concluírse que o groso das obras realizadas na finca de referencia xa estaba executado nesas datas.*

*RÉXIME URBANÍSTICO APLICÁBEL: O PXOU - 93 vixente, aprobado definitivamente o 29.04.93 (DOG. 10.05.93) inclúe a zona na que se emprazan as obras obxecto deste informe en solo clasificado como non urbanizábel especialmente protexido agrícola (SNU 5) ou solo rústico de protección agropecuaria. Plano nº 25-25 e 26-25.*

*Con relación á existencia ou non de licencia outorgada por este Concello se informa que de acordo co informe técnico de data 06-06-97 a obra, para uso de vivenda, foi realizada sen Licenza. Segundo este mesmo informe a vivenda componse de planta baixa duns 160,00 m2 e planta alta duns 110,00 m2, así como un aproveitamento baixo cuberta. Está adosada a lindeiro lateral e ao fondo.*

*Mediante oficio do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 29 de agosto de 1997, remitiuse ao Sr. Concelleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, os expedientes núm. 3432/423 e 7784/423, por mor da entrada en vigor da Lei do Solo de Galicia de 24 de marzo de 1997, segundo o previsto no seu artigo 180, toda vez que se trataba de obras realizadas en solo rústico con especial protección.*

*Mediante oficio do delegado provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda de data 10 de novembro de 1997, devólvense a esta Administración municipal os expedientes remitidos dado que, tal e como se desprende da documentación obrante neles, as obras inspeccionadas foron realizadas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 1/97 de 24 de marzo do Solo de Galicia, polo que non lle era de aplicación o artigo 180 de dito corpo legal.*

*Mediante oficio do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 7 de marzo de 2005, por mor da entrada en vigor da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, segundo o previsto no seu artigo 214, e de conformidade co establecido no art. 59 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, volveuse a enviar o expediente de protección da legalidade urbanística núm. 7784/423 e antecedentes-expediente 3432/423 (sancionador e derruba), relativo a obras que realizadas en solo rústico de protección agropecuaria (SNU5), toda vez que esta Administración municipal non era competente para tramitalo.*

*Con data 30/01/2006 ten entrada no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo escrito da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (doc. 60009549), no que solicita información en relación ao escrito do Valedor do Pobo que se estaba a tramitar nesa Consellería.*

*Mediante oficio do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 7 de febreiro de 2006, remitiuse á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes informe da arquitecta municipal de data 3 de febreiro de 2006.*

*Con data 17/01/2007 ten entrada no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo escrito da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes no que se lle dá traslado a esta Administración municipal da resolución de incoación do expediente de reposición da legalidade urbanística 107 B 2007/3-0, en relación coas obras de construción de vivenda unifamiliar de 160 m2 de superficie en planta baixa, 110 m2 en planta piso e aproveitamento en baixo cuberta, executada adosada a lindeiros no lateral dereito e no fondo dunha parcela de 1.262 m2 sen licenza municipal.*

*Con data 16/02/2010 ten entrada no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo escrito da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no que se dá traslado de dilixencias informativas núm. 107 B 2005/61-4, no que, entre outros extremos, pónselle de manifesto a esta Administración municipal o seguinte:*

*“Que os terreos sobre os que se realizaron as obras atópanse clasificados como solo urbano consolidado, no ámbito delimitado da ordenanza 10, grao 1º, polo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, aprobado definitivamente pola Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 16 de maio de 2008 e pola Orde do 13 de xullo de 2009 do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sobre a aprobación definitiva do documento de cumprimento da Orde do 16/05/2008.*

*De acordo co disposto no artigo 210 en relación co 214 da LOUG, desde a data de aprobación definitiva do plan xeral (16/05/2008), a competencia para adoptar as medidas necesarias para a protección da legalidade urbanística vulnerada correspóndelle ao Alcalde do Concello de Vigo.”*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 14/04/2011, indicando que, en datas vindeiras, solicitarase información actualizada con respecto ao tema de referencia, o que se fai o 11/05/2011, subliñando que o Plan Xeral de Ordenación Municipal xa fai tres anos que se aprobou, e polo que respecta a este expediente non existe actuación algunha.

O pedimento anterior reiterase o 09/06/2011, 07/07/2011, 03/08/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 08/01/2012 reitérase o pedimento de informe, e, de novo, o 14/02/2012, 09/03/2012, 09/04/2012, 07/05/2012.

Con data 16/05/2012 o interesado fai entrega dunha copia de notificación da Xerencia Municipal de Urbanismo (Infraccións) de 07/05/2012 que posteriormente se recibe (22/05/2012) desde a Xerencia de Urbanismo e no que se informa o seguinte:

*ASUNTO: Denuncias efectuadas.*

Con data 30/04/2012 a técnica de administración xeral emitiu o seguinte informe proposta:

*“PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE ARCHIVO DE EXPEDIENTE.*

## ANTECEDENTES

1. *Mediante resolución de data 10.01.2006, o Director Xeral de Urbanismo, por delegación da Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, iniciou procedemento de restauración da legalidade urbanística a.... pola execución de obras presuntamente ilegais, consistentes en construción de vivenda unifamiliar de 160 m<sup>2</sup> de superficie en planta baixa, 110 m<sup>2</sup> en planta piso e aproveitamento baixo cuberta e obras de baleirado de terras até a altura da rasante do..., apertura de oco en muro para colocación de porta duns 3 metros de ancho, cubrición do espacio baleirado mediante estrutura de pilares e vigas de formigón armado e forxado de formigón, execución de peto sobre o perímetro do forxado para a colocación de varanda de aluminio nunha lonxitude de 20 metros lineais, preparación de pilares de formigón armado, obras executadas adosadas a lindeiros no lateral dereito e no fondo dunha parcela de 1.262 m<sup>2</sup>, no camiño, co obxecto de determinar a compatibilidade ou non da actuación co ordenamento urbanístico e adoptar as medidas que correspondan consonte ao disposto polo artigo 209 da Lei 9/2002 (expte. 107 B 2007/3-0).*
2. *Con data 16.02.2010, ten entrada no rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo un escrito da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no que se dá traslado das dilixencias informativas núm. 107 B 2005/61-4, no que, entre outros extremos, pónselle de manifesto a esta Administración municipal o seguinte:*

*"Que os terreos sobre os que se realizaron as obras atópanse clasificadas como solo urbano consolidado, no ámbito delimitado da ordenanza 10, grao 1º, polo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, aprobado definitivamente pola Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 16 de maio de 2008 e pola Orde do 13 de xullo de 2009 do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sobre a aprobación definitiva do documento de cumprimento da Orde do 16/05/2008.*

*De acordo co disposto no artigo 210 en relación co 214 da LOUG, desde a data de aprobación definitiva do plan xeral (16/05/2008), a competencia para adoptar as medidas necesarias para a protección da legalidade urbanística vulnerada correspóndelle ao Alcalde do Concello de Vigo."*

3. *Con data 21.03.2012, a arquitecta municipal emite o seguinte informe:*

*"A vista da documentación que consta neste expediente remitido á técnica que subscribe con data 21.03.2012, emítese o seguinte:*

*INFORME:*

*INFORME DA INSPECCIÓN:*

*. O inspector municipal con relación á obra executada en ....., con data 02.02.2012, informou: "...la edificación continúa en un estado similar ao indicado en las inspecciones del año 2005. Exteriormente se pintó su fachada, pero no se aprecian obras posteriores a las indicadas en las anteriores inspecciones..."*

*NOVAS CONDICIÓNS URBANÍSTICAS:*

*. O vixente PXOM, aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte do 16.05.2008 (DOG 03.06.2008) e por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 13.07.2009 (DOG 24.07.2009 e BOP 10.09.2009), clasifica a parcela de referencia como solo urbano consolidado con ordenanza de aplicación 10 de edificación residencial exterior, grao 1º. Plano 8-U.*

*PRESUNTA INFRACCIÓN:*

*. Execución de obras de construción de vivenda unifamiliar de 160 m2 de superficie en planta baixa, 110 m2 en planta piso e aproveitamento baixo cuberta e obras de baleirado de terras até a altura do rasante do..., apertura de oco en muro para colocación de porta duns 3 m de ancho, cubrición do espazo baleirado mediante estrutura de pilares e vigas de formigón armado e forxado de formigón, execución de peto sobre o perímetro do forxado para colocación de varanda de aluminio nunha lonxitude duns 20 ml, preparación de pilares de formigón armado, obras executadas adosadas a lindeiros no lateral dereito e no fondo dunha parcela de 1.262 m2, sen que conste outorgada licenza municipal.*

*. A edificación situada en..., descrita nos informes de inspección de datas 10.09.96, 16.11.2004, 24.01.2005 e 02.02.2012 aparece reflectida na cartografía municipal do ano 1.997 e na cartografía obtida a partires de voos fotogramétricos realizados por aximut en agosto de 1.999 (traballo de campo realizado en setembro de 2.000 e restitución e debuxo realizado en setembro de 2.000)*

*. Na fotografía aérea presente no Sistema de Información Territorial de Galicia da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, realizada en voo de maio de 2003, se recolle unha construción similar á descrita nos informes de inspección.*

*. Ademais, xa na Resolución de incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística OT 107 B 2007/3-0, da Dirección Xeral de Urbanismo de data 10.01.2006, facíase constar que:*

*"...1º.- Que por...executáronse obras de construción de vivenda unifamiliar de 160 m2 de superficie en planta baixa, 110 m2 en planta piso e aproveitamento baixo cuberta, executada adosada a lindeiros no lateral dereito e no fondo dunha parcela de 1.262 m2....sen a preceptiva licenza urbanística municipal, segundo consta acreditado pola visita de inspección para recoñecemento das obras realizada pola apareladora municipal do Concello de Vigo, do 12.06.1992 e informe de visita do 01.03.1993.*

*2º.- Que dos informes de inspección municipais de data 10.09.1996, 16.11.2004 3 24.01.2005 dedúcese que entre o 12.06.1992 e o 10.09.1996 executáronse obras de ampliación nunha superficie de 110 m2 adosada á vivenda sinalada no punto 1º consistente no baleirado de terras até a altura da rasante do..., apertura de oco en muro para colocación de porta duns 3m de ancho,*



*cubrición do espacio baleirado mediante estrutura de pilares e vigas de formigón armado e forxado de formigón, execución de peto sobre o perímetro do forxado para colocación de varanda de aluminio nunha lonxitude duns 20 ml, preparación de pilares de formigón armado (sen a preceptiva licenza urbanística municipal como consta no informe técnico do 06.06.1997)..."*

*Así mesmo no informe do arquitecto municipal de data 24.01.2005, facíase constar que: "...Dos informes de inspección de datas 10.09.96, 16.11.04 e 24.01.05, incluída a súa documentación fotográfica, pode desprenderse que non se fixeron novas obras alomenos desde o ano 96, e que a construción mantense nunha situación practicamente idéntica á dese tempo, a falta do remate da pintura exterior. En base o informe de inspección de 10.09.96 pode deducirse que o conxunto das obras e ampliacións foron realizadas e denunciadas con bastante antelación a esta data, posto que xa existe denuncia neste senso de data 07.12.90 e ademais consta o informe de inspección de xuño do ano 1992 (Expte. 3432/423), no que pola documentación fotográfica e bosquexo achegado pode concluírse que o groso das obras realizadas na finca de referencia xa estaba executado nesas datas..."*

#### *FUNDAMENTOS XURÍDICOS*

*Prazo para o exercicio da acción administrativa para a restauración da legalidade urbanística.- O art. 210 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) establece un prazo de caducidade de seis anos para a acción administrativa de restauración da legalidade urbanística no caso de obras terminadas sen licenza. Na súa redacción dada pola lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da LOUGA, dise literalmente: "Tomarase como data de terminación das obras a que resulte da súa efectiva comprobación pola administración actuante, sen prexuízo da súa acreditación por calquera outro medio de proba válido en dereito".*

*O art. 56.2 do Regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDU) considera, para os efectos do cómputo do dito prazo, que "son obras totalmente terminadas aquelas que se atopen respostas para servir ao fin ao que estivesen destinadas e en condicións de seren ocupadas sen necesidade de obra complementaria de ningún tipo, caso así o recoñeza a autoridade que incoe o expediente, logo de informe dos servizos técnicos municipais e con audiencia ao promotor das obras".*

*Neste caso, da comprobación administrativa resulta que no ano 1996 as obras obxecto do presente expediente xa estaban rematadas, razón pola cal pódese afirmar que transcorreu sobradamente o prazo para o exercicio da acción municipal de protección da legalidade urbanística.*

*Ante o exposto, procede formular proposta de arquivo do presente expediente.*

#### *ORGANO COMPETENTE*

*É competente para adoptar a presente resolución a Concellería Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, consonte o disposto nos artigos 209 LOUGA e 5 dos Esta-*

tutos da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo, aprobados polo Concello Pleno o 29 de xullo de 1996 e modificados mediante acordo plenario de data 26.04.2010 (BOP N° 137, do martes 20 de xullo de 2010; versión consolidada BOP N° 193, do mércores 6 de outubro de 2010), así como na resolución de Alcaldía de data 13.06.2011 (BOP N° 136, do 15 de xullo de 2011) e na resolución do Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 01.07.2011 (BOP N° 141, do 22 de xullo de 2011).

Á vista dos antecedentes expostos e da normativa citada, propónse á Concelleira Delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos a adopción da seguinte

#### “RESOLUCIÓN

*PRIMEIRO.- Ordenar o arquivo do expediente núm. 7784/423 polo transcurso do prazo legalmente establecido para o exercicio da acción municipal de protección da legalidade urbanística.*

*SEGUNDO.- Notificar aos interesados a presente resolución, informándolle que poderá interpoñer alternativamente recurso potestativo de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes desde o día seguinte á recepción da notificación do dito acordo, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses.”*

A vista do anterior e, atendendo ao recurso de reposición interposto polo interesado o 23/05/2012, dirixímonos a Urbanismo indicando o seguinte (21/05/2012):

“Resulta rechamante para esta Institución do Valedor do Cidadán, que se produza unha caducidade cando o interesado ten solicitado reiteradamente a protección da legalidade urbanística ao levarse a cabo unha obra sen licenza que invade a súa propiedade.

A obra foi denunciada por varios cidadáns, segundo consta:

- 07-12-1990 (Rexistro Xeral, n° ilexíbel)
- 07-12-1990 (n° documento 965375)
- 09-08-1996 (parte de servizo da Policía Local, axente: XX)
- 09-08-1996 (n° documento 9683627)
- 17-03-1997 (n° documento 9772746)
- 13-06-1997 (sen documento numerado de entrada)
- 06-06-1997 (documento 733941)
- 21-07-1997 (parte de servizo da Policía Local, documento 735030)
- 17-02-1999 (sen documento numerado de entrada)
- 13-02-2003 (sen documento numerado, solicita entrevista)
- 13-02-2003 (sen documento numerado, sobre denuncia sen resolver)
- 21-08-2003 (sen documento numerado, solicita entrevista)
- 21-08-2003 (sen documento numerado, espera de resolución expediente)
- 07-12-2006 (sen documento numerado, solicita información da situación)

- 21-07-1997 (parte da Policía Local, documento 735030)
- 16-07-1997 (sen documento numerado, solicitando información expediente)
- 02-03-2010 (documento 100030401, solicita entrevista)
- 02-03-2010 (documento 100030399, solicita copia da resolución Concellería de Medio Ambiente)

Por outra banda o interesado manifesta persoalmente (16-05-2012) que a interesada (denunciada) tñalle indicado que non lle preocupaba o tema denunciado toda vez que contaba cō apoio de alguén con un posto de traballo en Urbanismo.

Pola nosa parte resulta de notábel inquedanza que se archive o expediente de protección de legalidade urbanística por transcurso do prazo legal correspondente, tendo á vista as distintas e periódicas reclamacións ao efecto, incluídas as propias efectuadas por esta Institución do Valedor do Cidadán.

Faise preciso recordar a Avila Rodríguez e a Gutiérrez Rodríguez cando ao tratar do dereito a unha boa administración subliñan que unha boa Administración, nunha visión teórica non é un dereito, é un obxectivo mesmo do Estado, cando os seus fins son exactamente: defensa externa e administración interna dunha comunidade calquera que sexa a súa forma prescindindo de onde é que se dea.

Por outra banda Martín-Retortillo indícanos que o artigo 41 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea : ser escoitado, acceder ao expediente, motivar as decisións; non cabe a inactividade, a Administración está obrigada a resolver nun prazo razoábel.

Desde outra perspectiva e seguindo a Ruiz-Rico, a esfera político-administrativa local constitúe un escenario idóneo para facer efectivo o principio de boa administración. O benestar e a calidade de vida depende, en boa medida, da capacidade de xestión que teña o poder público máis próximo aos cidadáns.

Xaime Rodríguez-Arana, pola súa parte indica que é un principio de boa administración que esta ten que facilitar á outra parte actuante todas as informacións pertinentes no procedemento administrativo (Tribunal de 1ª Instancia das Comunidades Europeas, 27-02-2003).

Para rematar chega con indicar que é necesario controlar as desviacións. Tense que responder a súa propia esencia, e dicir, "servir" (administrar), servir aos cidadáns.

As actuacións administrativas teñen que servir de garantía específica para o administrado que poderá intervir persoalmente no procedemento e lograr por diversos medios (alegacións, probas, audiencias, recursos) a tentalo efectivo dos seus dereitos.

Por todo prégase unha revisión da resolución de arquivo do expediente recibida polo interesado, sendo o seu nº de saída o 6288-2012, do 07-05-2012. "

O pedimento anterior reiterase o 11/06/2012, 12/07/2012, 07/08/2012, 06/09/2012, 05/10/2012, 06/11/2012, 07/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 08/01/2013 reitérase por oitava vez o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 04/02/2013.

Con data 28/02/2013 recíbese a visita do interesado achegando copia da Resolución do recurso de reposición interposto polo interesado.

A vista do que, esta Oficina do Valedor do Cidadán, o 01/03/2013, remítelle escrito o mesmo indicándolle o seguinte:

*“Desde noso punto de vista, e tendo en conta o punto terceiro da citada resolución, resulta procedente que pola súa parte, se formule recurso potestativo de Reposición ante o Concello (Concellería de Urbanismo e Vivenda), xa que de optar polo recurso contencioso administrativo decaería a capacidade desta Institución Valedor do Cidadán cando establece que non se admitirán a trámite reclamacións que estean pendentes de resolución xudicial.*

*O que lle comunico aos efectos pertinentes.*

*Se decide a interposición de recurso potestativo de reposición, prégase nos faga chegar copia do mesmo.”*

Con data 05/03/2013 recíbese informe de Disciplina Urbanística do que se dá cumprida información ao interesado o 08/03/2013.

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa información actualizada sobre as denuncias efectuadas por D..., por unhas obras de ampliación que realizáronse no Camiño de Cernades, nºX, en relación ao expediente 7784/423, infórmolle o seguinte:*

*A última actuación administrativa que consta no expediente é a proposta de resolución elevada pola xefa do Servizo de Infraccións Urbanísticas con data 31,01,2013 ao Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo para a súa aprobación. No citado documento, que a continuación se reproduce literalmente por contestar integramente ao requirimento de información por parte do Valedor do Cidadán, propón desestimar o recurso de reposición interposto por D... contra a resolución municipal de data 03,05,2012 pola que se procede ao arquivo do expediente.*

*“INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D ...*

**ANTECEDENTES:**

*1. Con data 03,05,2012 a Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes*

*Proxectos resolveu ordenar o arquivo do expediente núm. 7784/423 polo transcurso do prazo legalmente establecido para o exercicio da acción municipal de protección da legalidade urbanística.*

*A dita resolución foi notificada ao interesado con data 15,05,2012, segundo consta no expediente.*

*2. Con data 23,05,2012, S. Jaime Otero Rodríguez presentou no rexistro xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo (documento número 120063880) un recurso de reposición contra a resolución da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, de data 03,05,2012, no que en síntese manifesta:*

*- Que está en desacordo coa notificación recibida o 15,05,2012 en relación ao expediente 7784/423, toda vez que leva demandando a ilegalidade da obra desde 07.12.1990.*

#### *FUNDAMENTOS XURÍDICOS:*

*1. Admisibilidade do recurso.- O recurso foi presentado en prazo e forma ao abeiro do disposto no artigo 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).*

*2. Valoración da alegación presentada polo interesado.- A alegación exposta polo interesado non contradí con fundamento suficiente as conclusións do Informe técnico nin os argumentos contidos na resolución de arquivo da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos de data 03,05,2012 toda vez que unicamente manifesta o seu malestar co contido da resolución, aducindo como único argumento que presentou a primeira denuncia con data 1990.*

*Cabe recordar que unha vez recibida a referida denuncia, o Concello de Vigo practicou as actuacións administrativas procedentes para a protección da legalidade urbanística, ordenando a paralización das obras con data 01,03,1993, a cal foi incumplida segundo se pon de manifesto no informe da visita de inspección da Policía Local o día 09.08.1996.*

*Os terrenos sobre os que se realizaron as obras atopábanse clasificados como solo non urbanizábel especialmente protexido agrícola (SNU 5) polo entón vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente o 29 de abril de 1993, Por este motivo as actuacións administrativas practicadas baixo o expediente nº 7784/423 foron remitidas á con data 29.08.1997 á Consellería competente en materia de urbanismo da Xunta de Galicia (en aquel momento, a Consellería de Policía Territorial, Obras Públicas e Vivenda), por corresponderlle a responsabilidade de tramitar o procedemento de protección da legalidade urbanística. A referida Administración iniciou o expediente con 10.01.2006, non tendo constancia por parte deste Concello que o indicado expediente fose resolto.*

*Con data 11.02.2010, o director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (en adiante A.P.L.U.) remitiu a este Concello un escrito no que advirte que os terreos sobre os que se realizaron as obras pasan a ser clasificados como solo urbano consolidado, no ámbito delimitado da Ordenanza 10, grado 1º, polo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, aprobado definitivamente pola Orde da Concelleira*

de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 16 de maio de 2008, e pola Orde do 13 de xullo de 2009 do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sobre a aprobación definitiva do documento de cumprimento da Orde do 16.05.2008.

Segundo indica no seu escrito o director da A.P.L.U., de acordo co disposto no artigo 210 en relación co 214 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUGA) a competencia para adoptar as medidas necesarias para a protección da legalidade urbanística vulnerada correspóndelle agora ao Alcalde do Concello de Vigo.

Á vista do indicado pola administración urbanística autonómica, a oficina de infraccións urbanísticas da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo con data 28.06.2010 solicitou á A.P.L.U., a remisión das actuacións practicadas en relación ás obras de referencia co obxecto de continuar a tramitación do expediente. Estas foron enviadas a esta Administración municipal con 02.11.2010. Lamentablemente, nese momento, xa transcorrera o prazo para o exercicio a acción municipal de protección da legalidade urbanística disposto no artigo 210 da LOUGA, tal e como indica o informe técnico municipal de data 21.03.2012, que serviu de base a motivación á resolución de arquivo impugnada.

Polos motivos expostos, non procede estimar o recurso interposto por D... contra a resolución municipal de data 03.05.2012 pola que se ordena o arquivo do expediente núm. 7784/423 polo transcurso do prazo legalmente establecido para o exercicio da acción municipal de protección da legalidade urbanística.

3. Órgano competente.- O órgano competente para resolver o dito recurso é o Vicepresidente da Xerencia Municipal Urbanismo, consonte o disposto (art. 222 LOUGA) e 5 dos Estatutos da XMU de Vigo, así como na resolución do Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 01.07.2011 )BOP N° 14 1, do 22 de xullo de 2011).

4. Recursos.- De conformidade co art. 117.3 LRPAC, contra a resolución dun recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo o dito recurso. Unicamente caberá a interposición do recurso extraordinario de revisión nos casos establecidos no art. 118 LRPAC, ou directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da notificación da presente resolución (art. 46 da Lei 29/1998. 13 de xuño, da xurisdicción contencioso-administrativa).

Á vista dos antecedentes expostos e da normativa citada, propónse ao Vicepresidente da XMU a adopción da seguinte

“RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición presentado por D... con data 23.05.2012 contra a resolución da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, de data 03.05.2012, polos fundamentos transcritos na parte expositiva da presente resolución.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución á Concellería de Participación Cidadá, co fin de remitirlllo ao Valedor do Cidadán, en relación ao seu expediente 18/2010.

*TERCEIRO.- Notificar aos interesados a presente resolución, informándolle que poderá interpoñer alternativamente recurso potestativo de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes desde o día seguinte á recepción da notificación do dito acordo, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses”.*

Actualmente, dita resolución do recurso de reposición se atopa pendente de sinatura do Vicepresidente da XMU e do Secretario da XMU para a súa notificación ao interesado”.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 19/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación cunha solicitude sobre a reposición da legalidade urbanística vulnerada segundo consta en expediente municipal.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 08/03/2010; con data 15/03/2010, solicitase o preceptivo informe a Concellería de Urbanismo e Vivenda, que se reitera o 28/04/2010, 01/06/2010, 28/06/2010, 27/07/2010, 25/08/2010, 23/09/2010, 26/10/2010, 23/11/2010, 17/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 24/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 24/02/2011, 24/03/2011, que se recibe o 11/04/2011, e no que se informa o seguinte:

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas (expte: 19/2010) infórmolle do seguinte:*

*Con data 10/11/03 a comunidade de propietarios presenta escrito de alegacións no que denuncia a elevación da altura do tellado e a construción dunha vivenda nos sobrados baixo cuberta, e vendido posteriormente o sobrado, a cal atópase realizando novas obras no sobrado.*

*O inspector municipal, con data 17 de novembro de 2003, realizou visita de inspección ás obras que se están a realizar no edificio onde comproba:*

*“Que acompañado por el secretario de la comunidad de vecinos del edificio me enseña el Bajo Cubierta del citado edificio en donde al parecer hizo hace algunos años, con una Licencia de obras menores de cambio de tejas expte 40609-421, realizó obras consistentes en levantar un pero de ladrillo aprox 1.00m., en el borde del vuelo de l cubierta, para elevar esta y hacerla habitable, dejando en la parte que da al patio unos*

*huecos a modo de ventanas y una cubierta transitable (terrazza) en una de las partes de la citada planta, con una puerta de acceso a la misma.*

*Este señor parece ser que vende esta planta de este edificio y en la cual se pretende construir una vivienda.*

*Adjunto fotocopia de la hoja del Plan General en donde se encuentra ubicado el citado edificio y fotografías de la planta bajo cubierta"*

*Con data 24/01/04 a arquitecta municipal informa do seguinte:*

*"A vista do escrito da Tecnica de Admon. Xeral, se informa que a solicitude de licencia de obras Expte 46962/421, no inclúen as obras descritas no Informe do inspector municipal de data 17 de novembro de 2003.*

*O edificio, esta incluído no solo urbano consolidado do ámbito do PEPRI de Bouzas, catalogado coa Protección Ambiental.*

*De acordo co Informe do Inspector Municipal, se realizaron cambios na cuberta orixinal do edificio, elevándoa e modificándoa.*

*De acordo co art. 41 das Normas do PEPRI de Bouzas sobre CARACTERISTICAS DE LA CUBIERTA: " En el caso de sustitución se mantendrá la inclinación de las cubiertas originales". Así mesmo no art. 22.4 de obras de reestruturación (Grao máximo de obras permitidas no edificio) indícase que se manterá a volumetría e configuración de cobertas preexistentes en calquera dos casos. Polo tanto de acordo cos arts. anteriores as obras reseñadas no Informe de Inspección non están permitidas".*

*Con data 10/02/04 incóase procedemento de protección de legalidade urbanística, con orden de paralización das expresadas obras ao carecer da preceptiva licencia municipal, así como a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra e maquinaria afecta á mesma.*

*Con data 10/06/04 a arquitecta municipal emite o seguinte informe:*

*A solicitante presenta escrito indicando que a propiedade foi adquirida, hai máis de catro anos, co tellado alterado e cos tabiques feitos, anexando escritura de compra de data 8.11.2002, en dita escritura figura a compra dunha finca descrita como DESVAN IZQUIERDA, que mide 110 m2.*

*Polo tanto a compra non se efectuou hai máis de catro anos e na escritura de compra non consta que o faiado estivese dividido, cando se efectuou a compra.*

*O 10/06/04 a arquitecta municipal informa:*

*"A solicitante presenta escrito indicando que a propiedade foi adquirida, hai máis de catro anos, co tellado alterado e cos tabiques feitos, anexando escritura de compra de data 8.11.2002, en dita escritura figura a compra de unha finca descrita como DESVAN IZQUIERDA, que mide 110 m2.*



*Polo tanto a compra non se efectuou hai máis de catro anos e na escritura de compra non consta que o faiado estivese dividido, cando se efectuou a compra."*

*Con data 06/10/04 o inspector municipal emite o seguinte informe:*

*- Anteriormente a esta posible vivanda se le ha realizado una Inspección en fecha de 17 de Noviembre de 2004.*

*-Que no se ha podido acceder al interior del bajo cubierta para poder determinar si se ha construido una vivanda tal como dicen los denunciantes.*

*-Existen indicios razonables de que si se ha construido una vivanda, como son, que se ha colocado contadores tanto de agua como de luz en el portal del edificio, así como se han hecho las acometidas desde estos contadores en el portal hacia el bajo cubierta, encontrándose estos contadores en funcionamento*

*Con data 16/10/04 prodúcese acordo municipal no que se resolve:*

*PRIMEIRO- Declarar como realizadas sen licencia e incompatíbeis coa ordenación urbanística vixente e, xa que logo, decretar a súa derruba, as obras obxecto do presente expediente, consistentes na construción dunha cuberta.*

*SEGUNDO- Requirit a, concedéndolle o prazo DUN MES a contar da data de notificación do presente acordo, para que proceda voluntariamente á derruba das obras referidas no apartado anterior, co apercebimento de que, en caso de incumprimento, procederáse por este Concello á execución forzosa da citada demolición, ben mediante execución subsidiaria por conta do interesado, ben mediante a imposición de multas coercitivas reiterábeis até lograr a execución polo suxeito obrigado, de conformidade cos artigos 95 e seguintes da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*Con data 23/12/04 presenta recurso de reposición contra o acordo recaído no expediente de protección da legalidade urbanística número 12518, solicitando a nulidade do mesmo ou subsidiariamente a anulabilidade do acordo recorrido, incluíndo o decreto de demolición.*

*O recurso de reposición foi desestimado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión de data 22/12/05: "por canto as obras foron realizadas no ano 2002 e o novo propietario se subroga no lugar e posto do anterior propietario, así como polas demais razóns recollidas na parte expositiva deste acordo."*

*Fronte a anterior resolución interpón recurso contencioso-administrativo fronte o Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo que foi desestimado mediante sentenza de data 06/10/06.*

*Fronte a sentenza anterior, interpón recurso de apelación fronte o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sendo este desestimado mediante sentenza de data 10/07/08.*

*Con data 03/05/07 a arquitecta municipal emite un novo informe técnico:*

*Á vista do informe emitido polo inspector municipal, tras xirar visita ao lugar de referencia, comprobouse que se realizo unha reforma da cuberta , con estrutura de formigón e cerramentos de ladrillo .*

*A superficie da parcela na que se sitúa a edificación é de aproximadamente 455 m2.*

*A superficie construída é duns 110 m2.*

*A parcela na que se sitúa a edificación ten clasificación segundo o PXOU vixente de solo urbano incluída no ámbito do PEPRI DE Bouzas, e cualificada coa ordenanza Xeral de solo urbano consolidado do PEPRI de Bouzas, e catalogada co grado de Protección Ambiental .*

VALORACIÓN: *O presuposto de execución material das obras executadas non axustadas á licencia estímase en 25.773 euros.*

*Con data 21/06/07 incóase procedemento sancionador, interpoñendo a unha multa por importe de 6.001 Euros.*

Do que se dá cumprida información á interesada o 12/04/2011 indicando que de non darse actuación darase o expediente por pechado.

Con data 09/05/2011 dirixímonos a Concellería de Urbanismo e Vivenda indicando que, con data 05/05/2011 comparece a interesada insistindo no cumprimento da reposición da legalidade urbanística vulnerada e que segundo o informe relatada con data 21/05/2007 incóase procedemento sancionador cunha multa por importe de 6.001 euros.

Case que catro anos despois non se ten coñecemento sobre o que pasou coa citada multa e si existen actuacións posteriores.

Pedimento que se reitera o 09/06/2011, 07/07/2011, 03/08/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 09/01/2012 reitérase a petición de informe, e, de novo, o 14/02/2012, 09/03/2012, 09/04/2012, 07/05/2012, 11/06/2012, 12/07/2012, 07/08/2012, 06/09/2012, 05/10/2012, 06/11/2012, 07/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 08/01/2013 reitérase por dezanove vez o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 04/02/2013, 11/03/2013.

Con data 02/04/2013 recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo (Barrios Históricos), no que informa o seguinte:

*"En relación co seu expediente 19/2010, de queixa formulada e como continuación da información remitida pola oficina de Disciplina Urbanística desta Xerencia municipal de urbanismo con data 11 de marzo de 2011, infórmase o seguinte:*

- *Con data 26 de xuño de 2001, expediente 40609/421, en representación da comunidade de propietarios, solicita licenza de obras menores para cambio de tellas no edificio.*
- *Co número de expediente 46962/421, de solicitude de licenza de obras menores para acondicionamento de ático do citado inmovble.*
- *Con data 21 de xuño de 2007 incóase procedemento sancionador número 14098/423, sen resolver.*
- *Consta no expediente 12518/423, de reposición da legalidade urbanística, sentenza da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 10 de xullo de 2008, número 521, recaída no recurso de apelación número 4025/2007, que desestima o recurso de apelación interposto contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo número 2 de Vigo no procedemento ordinario 175/2006, que desestima a demanda interposta contra a desestimación do recurso de reposición interposto pola actora contra o acordo do 21 de outubro de 2004, expediente 12518/423; que ordena a demolición das obras executadas no domicilio da interesada, consistentes na construción dunha cuberta.*
- *Consta no citado expediente 12518/423, en documento número 100021613 do 11 de febreiro de 2003, achegado pola comunidade de propietarios, sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra, número 731, do 30 de decembro de 2008, ditada no recurso de apelación contra a comunidade de propietarios do inmovble e outra, na que "obiter dicta" las dos partes adquiridas a la otra autorizada por el propio título no precisaba de la autorización de los demás comuneros. Este pronunciamiento ha devenido firme en cuanto que ha sido consentido por la comunidad de propietarios", polo que faia deixar sen efecto o pronunciamiento da sentenza de instancia que ten por obxecto retirar a cuberta actual e reconstrución da que existía con anterioridade, mantendo o pronunciamiento relativo á terraza e varanda.*
- *Con data 10 de febreiro de 2012 e co número de expediente 811/426, presenta solicitude de licenza de obras menores para formación de falso teito de madeira no cuarto andar, licenza autorizada o día 2 de marzo de 2012.*
- *Con data 6 de agosto de 2012, expediente 1258/426, o vicepresidente da Xerencia municipal de urbanismo resolve impoñer unha multa coercitiva en contía de 1.000 euros polo seu incumprimento da orde de derruba acordada por acordo do Consello da Xerencia de data 21 de outubro de 2004 no procedemento de reposición da legalidade urbanística número 12518/423, por obras realizadas sen licenza e non legalizábeis na edificación*

*Contra dita resolución formula recurso de reposición, desestimado por resolución do vicepresidente da Xerencia de urbanismo de data 22 de novembro de 2012.*

- *Actualmente estase á espera de que polo Servizo de Inspección se realice nova visita á edificación, indicando que, no suposto de que siga sen acreditarse o cumprimento do ordenado, procederase á imposición de novas multas coercitivas e calquera outra medida que sexa procedente en Dereito”.*

Con data 02/05/2013 dirixímonos a Urbanismo, indicando o seguinte:

*“Con data 02/04/2013 recíbese escrito desa Xerencia Municipal de Urbanismo-Barrios Históricos, seu expediente: 15829/423, número de saída 3286-2013, do que se deu cumprida información á interesada: Comunidade de Propietarios*

*No seu informe indícase a situación actual do expediente no que se menciona que “estase a espera de que polo Servizo de Inspección se realice nova visita á edificación, indicando que, no suposto de que siga sen acreditarse o cumprimento do ordenado, procederase á imposición de novas multas coercitivas e calquera outra medida que sexa procedente en Dereito”.*

*Con data 26/04/2013 comparece nesta oficina do Valedor do Cidadán o representante da Comunidade de Veciños e manifesta o seguinte:*

*a) Resulta sorprendente que non se teña dado cumprimento a sentenza da Sala do Contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 10 de xullo de 2008, número 521 recaída no recurso de apelación número 4025/2007, que desestima o recurso de apelación interposto, sendo o fondo do asunto a demolición das obras executadas no domicilio da interesada, consistente na construción dunha cuberta.*

*b) Interesa asemade información sobre o procedemento de imposición de multas, indicando se se impuxo número determinado de multas ou non, e cal foi o seu resultado.*

*No ámbito da fórmula das multas e preciso recordar a doutrina xurisprudencial que o sistema da periodicidade das mesmas, en moitos supostos, resulta equivalente a política de carácter impositivo como si dun sistema fiscal periódico se tratase en función do nivel económico do ente sancionado.*

*c) Por outra banda estase a ocasionar un prexuízo constante debido as filtración continuas de auga por mor do mal estado do tellado construído, prexuízo non solo de carácter material senón tamén con efectos da salubridade da vivenda.*

*Por todo prérgase unha xestión eficaz e concordante coa denuncia inicial da legalidade urbanística.*

*Prérgase información ao respecto”.*

Con data 04/06/2013, reiterase o pedimento anterior.

## EXPEDIENTE 62/2010

### ASUNTO:

Queixa en relación con obras sen licenza.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 09/09/2010; con data 14/09/2010, solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 13/10/2010, o 15/11/2010, e o 17/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 25/01/2011 reitérase a petición de informe, e, de novo, o 03/03/2011, 23/03/2011, 26/04/2011.

Durante o ano 2012 reitérase o pedimento anterior, e de novo, o 19/06/2012, 16/07/2012, 20/08/2012, 20/09/2012, 19/10/2012, 19/11/2012 e 17/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2013 reitérase por quinceava vez o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 18/02/2013.

Con data 05/03/2013 recíbese escrito de Disciplina Urbanística, no que informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas por, infórmolle do seguinte:*

*En resposta ás denuncias presentadas (Doc.80072667-8073043-80073854-80075829 e 80074501), solicitouse visita de inspección urbanística co fin de que se informe sobre os feitos denunciados.*

*Con data 01.08.2008 o Inspector Municipal emitiu o seguinte informe:*

*" En relación coas Denuncias de referencia e xirada visita de inspección a zona interior as edificacións correspondentes. Púidose comprobar a realización de obras que consistiron en desmontaxe de cuberta (alpendre) anteriormente existente, realizada a base de pranchas de fibrocemento, limpeza e retirada de entullos con regularización de terras e formación de nova zona axardinada.*

*A xuízo do que subscribe as obras realizadas carecen de entidade e non supoñen infracción urbanística."*

*A denuncia presentada con data 11.06.2008 (Doc.8007384) foi tramitada e informada polo departamento de Medio Ambiente do Concello de Vigo, co nº expte. 5800/306.*

*A denuncia presentada con data 24.08.2010 (Doc.100110312) foi tramitada e informada polo departamento de Medio Ambiente do Concello de Vigo.*

*Polo exposto e á vista do informe do Inspector Municipal de data 01.08.2008, as denuncias presentadas no departamento de Infraccións Urbanísticas foron arquivadas."*

Do que se deu cumprida información á interesada o 06/03/2013.

Con data 21/03/2013, a interesada fai entrega dun escrito no que indica o seguinte:

1. *"Que con fecha del 6 de Marzo de 2013 ha recibido una notificación del Valedor do Cidadán en relación con el expediente 62/2010 en la que se exponía la resolución librada por la Concellería de Urbanismo e Vivenda del Concello de Vigo, en función de las denuncias presentadas ante ese organismo municipal a partir del 9 de Junio del 2008 (DOC. 80072667-8073043-80073854-80075829 y 80074501).*

*En esta contestación se daba cuenta que tras el paso del inspector municipal las obras denunciadas se reducían a un mero desmontaje de la cubierta de unos alboyos, retirada de escombros y el acondicionamiento del árez como espacio ajardinado. Por lo que estas obras no constituían ningún tipo de infracción urbanística.*

*El informe del inspector lleva fecha del 1 de Agosto del 2008. Sin embargo, con fecha anterior, exactamente, del 14 de Julio del 2008, a la sazón propietaria del predio había requerido la presencia del notario del Ilustre Colegio de Galicia para que dejase constancia de las obras que allí se estaban llevando a cabo por el hijo del otro copropietario, y que tal como recoge el acta notarial consistían en el derribo de edificaciones comunes, excavaciones y alteraciones de la rasante natural del terreno, para posteriormente rellenarlo en parte con escombros. Además se había procedido al levantamiento de un muro de ladrillo de aproximadamente 1,6 m. afectando al hórreo allí existente, así como el vallado de una parte interior de la finca con la puesta de un portal de acceso. Todo ello sin previo consentimiento de la otra copropietaria.*

*A la luz de este acta notarial, realizada previamente a la supuesta visita girada por el inspector municipal, es obvio que el informe del inspector adolece de insalvables anomalías pues no refleja la entidad de las obras realizadas, dado que incluso posteriormente se pasó al pavimentado de adoquines de una parte de la finca, así como la plantación de una línea de tuyas tras aquel muro de ladrillo. Además, doy fe de que ninguna autoridad municipal se puso en ningún momento en contacto con la que esto suscribe.*

*En consecuencia, debo manifestar mi desacuerdo con el contenido y las conclusiones de la supuesta inspección urbanística allí realizada.*

2. *Con fecha del 21 de Enero del 2013, mi pareja, con el mismo domicilio procedió a la baja administrativa del vado permanente del portal de acceso al interior de la finca, del cual era titular*

*desde el año 1989. Sin embargo, en la noche del 15-16 de Febrero del 2013, personas cuya entidad desconocemos aún a día de hoy procedieron a colocar una nueva placa de vado permanente con el nº 2835, sin que nadie le avisase de esta iniciativa, ni antes ni después, dado que ahora es él el propietario del predio por ser heredero universal de su fallecida tía. No sólomente ignoramos su titularidad, sino también si es legal.*

*En consecuencia, a fecha 25 de Febrero de 2013 procede a solicitar del Concello de Vigo la identificación de la titularidad de la concesión del nuevo vado permanente (con nº de registro 130022711). Además en el mismo escrito exige conocer los criterios seguidos para la concesión de esta nueva licencia, dado que con las nuevas ordenanzas municipales no es posible su concesión, al no reunir los requisitos mínimos en distancias de anchura del portal ni de fondo hasta el siguiente inmueble.*

*Dada la tardanza en la respuesta, giramos una visita a la oficina de Seguridad Vial para interesarnos por el estado de la tramitación, a lo que la funcionaria responsable nos ha contestado que estaba en manos del inspector, el cual debía ahora comprobar las circunstancias denunciadas.*

*A día de hoy, casi un mes después, el legítimo copropietario de la finca no conoce si esta placa de vado permanente es legal, y si lo es, quién solicitó la concesión, ni tampoco que criterios se siguieron para no cumplir las ordenanzas municipales en materia de vados permanentes. Lo curioso es que desde la baja del vado por mi pareja hasta la colocación de la nueva placa, ni siquiera pasó un mes”.*

*A vista do exposto prégase información puntual ao respecto.*

Con data 15/04/2013, reiterouse o pedimento informativo anterior; que se reitera o 15/05/2013, facendo as seguintes precisións:

*Con data 15/04/2013 documento 130041572, solicitouse de novo, información sobre as previsións feitas pola interesada (Dª Isabel López Seoane), segundo o noso escrito de 25/03/2013, nº de saída 279, documento 130034329.*

*Con data 13/05/2013, comparece a interesada, facendo entrega dunha copia da solicitude entregada no Rexistro da X. M. de Urbanismo o 13/05/2013, nº de documento 130054112, na que solicita (expediente nº 17037-423) se restableza o orde en función dos traballos e obras realizados sen consentimento ,e referidas a:*

*-retirada de muros, portal, valos de arame, pantallas en el entorno dun hórreo*

*-levantamento de empedrado, pavimento de lousa e restauración de rasantes de terreo modificados.*

*-restitución das árbores derrubadas.*

*-levantamento e retirada da canalización de auga, e electricidade subterránea.*

*Ademais fai entrega dunha copia dunha mensaxe recibida o 09/04/2013, con observacións sobre as obras ilegais que nos ocupan, e que se achega como anexo-1.*

*Ademais fai entrega dunha copia dun informe, con fotografías, indicando que la que se indica como parcela nº 7, es designada erroneamente como nº 5 e corresponde a ela o valo de arame atribuída a parcela nº 17.*

*Por todo prérgase a información actualizada en relación co expediente que nos ocupa.*

## RESUMO ESTADISTICO

ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURANZA.....	4
Fraude tarxetas Vitrasa bonificadas .....	1
Normativa terrazas .....	1
Multas de tráfico.....	2
AREA DE URBANISMO E VIVENDA.....	3
Obras sen licenza .....	2
<b>TOTAL EXPEDIENTES.....</b>	<b>7</b>

## REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS

1.- Mobilidade e Seguranza.....	57,13 %
2.- Urbanismo e Vivenda .....	42,85 %



# PARTE VI

## ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2011 CON INCIDENCIAS NO ANO 2013

### INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de 8 expedientes correspondentes a solicitudes formuladas durante o ano 2011, con incidencias durante o 2013, e que corresponden a:

MOBILIDADE E SEGURANZA.....	5
URBANISMO E VIVENDA.....	3
<b>TOTAL .....</b>	<b>8</b>

### EXPEDIENTES

#### CAPÍTULO I- MOBILIDADE E SEGURANZA //////////////////////////////////////

##### EXPEDIENTE 35/2011

###### ASUNTO:

Queixa en relación cunha multa de tráfico nun aparcamento no que non existen os contedores que figuran na fotografía, dándose ademais a circunstancia que el non era o condutor facendo no recoñecemento a correspondente identificación.

###### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 03/06/2011. Con data 06/06/2011 solicitouse o preceptivo informe que reitérase o 07/07/2011, 02/08/2011, 05/09/2011, 05/10/2011.

Con data 19/10/2011 recíbese escrito da Consellería de Seguridade, Tráfico e Transporte no que informa o seguinte:

“En contestación ao escrito remitido por Vde. en relación coa queixa presentada por D., referente ao expediente sancionador 108737755 (Expediente orixe 108725061), detállanse a continuación as actuacións realizadas no mesmo:

- O 08/10/2010 o axente XXX formula denuncia, contra o vehículo por estacionar na beirarrúa obstaculizando o tráfico de peóns.
- O 14/10/2010 notifícaselle a denuncia ao titular do vehículo recibendo a mesma o seu fillo.
- O 20/10/2010 presenta escrito no que manifesta a súa desconformidade coa denuncia formulada, si ben carece de lexitimación para recorrer, xa que identifica como condutor ao seu fillo pero sen indicar o seu DNI, nin o seu domicilio a efectos de notificacións.
- O 03/11/2010 notifícaselle requirimento para que achege o domicilio completo do condutor e o seu DNI.
- Ante dito requirimento de identificación o interesado preséntase en persoa o 16/11/2010 no Concello e manifesta que o condutor non era o seu fillo senón el mesmo.
- O 16/11/2010 tras identificarse como condutor notifícaselle a denuncia.
- Fronte a dita notificación de denuncia non presenta alegacións.

#### CONSIDERACIONES SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR

Estase a utilizar a vía do Valedor do Cidadán como unha segunda instancia, xa que o escrito remitido non se trata senón de alegacións fronte á multa imposta que non foi recorrida en tempo e forma. Ao respecto sinalar o que establece o Artigo 81.5 Decreto 339/1990 modificado pola Lei 18/2009.

“Si el denunciado no formula alegaciones ni abona el importe de la multa en el plazo de quince días naturales siguientes al de la notificación de la denuncia, esta surtirá el efecto de acto resolutorio del procedimiento sancionador. En este supuesto, la sanción podrá ejecutarse transcurridos treinta días naturales desde la notificación de la denuncia.”

#### REFLEXIÓNS:

Os datos sobre a suposta infracción, incorrecta situación de vehículos, non son verdadeiras polo que o expediente teríase que declarar nulo.

#### RECOMENDACIÓNS:

As expostas nos expedientes anteriores.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/04/2012 dirixímonos a Concellería correspondente indicando o seguinte:

*Con data 19/10/2011, recíbese o seu escrito de 14/10/2011, nº de saída 24722, súa referencia Expte. 80548/210, de que se deu cumprida información ao interesado D.*

*Con data 07/03/2012, recíbese escrito do interesado (fotocopia do escrito entregado, polo mesmo, no Rexistro de Entrada do Concello o 11/11/11, nº de documento 110144619) no que se expoñen consideracións ao expediente municipal 108725061 que se refire a un vehículo con matrícula ....*

*No escrito anterior advírtese que no escrito de Seguridade, Tráfico e Transportes, arriba citado (nº de saída 24722) no seu apartado 1) indícase:*

*" O 03/10/2010 o axente XX formula denuncia as 12:28 horas, na Rúa Illas Baleares 25, contra o vehículo 4389-GFM por estacionar na beirarrúa obstaculizando o tráfico de peóns".*

*Obviamente estase a cometer un erro manifesto que afecta ao fondo transcendental de denuncia cal é que posibelmente un dato que figura na denuncia non sexa verdadeiro, e dicir, que se dá un erro atribuíbel a Administración.*

*De se lo caso o expediente tería que ser considerado como nulo e tería que procederse ao seu arquivo.*

*Na espera do informe procedente.*

*Con data 08/05/2012, reitérase o pedimento informativo anterior, e de novo, o 14/06/2012, 13/07/2012, 06/08/2012, 06/09/2012, 05/10/2012, 05/11/2012, 05/12/2012.*

*Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:*

*Con data 02/01/2013, reitérase por novena vez o pedimento anterior, e, de novo, o 01/02/2013, 28/02/2013.*

*Con data 05/03/2013, recíbese información de Seguridade e Mobilidade no que informa o seguinte:*

*"En contestación a súa petición de informe en relación coa queixa referente ao expediente sancionador 108737755 (Expediente orixe 108725061), participolle que no noso escrito de 14/10/2011 (rexistro saída 24722) cometeuse un erro, posto que a matrícula que debíamos indicar era a ....*

*A continuación relaciono as actuacións realizadas no devandito expediente:*

- 1. O 08/10/2010 o axente XX formula denuncia ás 12:20 h na rúa Illas Baleares 25, contra o vehículo... por estacionar na beirarrúa obstaculizando o tráfico de peóns.*
- 2. O 14/10/2010 notífcaselle a denuncia ao titular do vehículo recibendo a mesma o seu fillo.*
- 3. O 20/10/2012 presenta escrito no que manifesta a súa desconformidade coa denuncia formulada, si ben carece de lexitimación para recorrer xa que identifica como condutor ao seu fillo pero sen indicar o seu DNI, nin o seu domicilio a efectos de notificacións.*

4. *O 03/11/2010 notificáveselle requirimento para que achege o domicilio completo do condutor e o seu DNI.*
5. *Ante dito requirimento de identificación o interesado preséntase en persoa o 16/11/2010 no Concello e manifesta que o condutor non era o seu fillo senón el mesmo.*
6. *O 16/11/2010 tras identificarse como condutor notificáveselle a denuncia a o interesado..*
7. *Fronte a dita notificación de denuncia non presenta alegacións."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 02/03/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 39/2011**

ASUNTO:

Queixa en relación coa concesión dunha licenza para a instalación dunha terraza solicitándose ao respecto sobre as medidas disciplinarias adoptadas polo reiterado incumprimento da normativa reguladora, existindo informes da policía local ao respecto.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 14/06/2011. Con data 14/06/2011 solicitouse o preceptivo informe que reitérase o 21/07/2011, 25/08/2011, 20/09/2011, 24/10/2011, 28/11/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 07/02/2012, reitérase a petición de informe e, de novo, o 06/03/2012, 10/04/2012, 08/05/2012, 14/06/2012, 13/07/2012, 06/08/2012, 06/09/2012, 05/10/2012, 05/11/2012, 05/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 02/01/2013, reiterase por quinceava vez o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 01/02/2013, 28/02/2013, 03/04/2013, 02/05/2013, 04/06/2013, 05/07/2013, 05/08/2013, 11/09/2013, 10/10/2013.

Con data 14/10/2013 recébase escrito da Área de Mobilidade no que informa que *"xirada visita de inspección en data 20/09/2013 se puido comprobar que o local deixou (aparentemente) de exercer a súa actividade, xa que os cristais estaban con suxidade, pó e sucidade nas portas de acceso, e os estantes de bebidas baleiras"*.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 14/10/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 55/2011**

### ASUNTO.

Queixa en relación coa cantidade de vehículos abandonados en varias rúas dunha zona da cidade.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 19/09/2011. Con data 28/09/2011 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 28/10/2011.

### REFLEXIÓNS:

As zonas afectadas presentan un estado de deterioro. Case que calamitoso cun serio efecto sobre o medio ambiente, que require dunha acción eficaz ao respecto.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 07/02/2012, reitérase a petición de informe e, de novo, o 07/03/2012, 10/04/2012, 08/05/2012, 14/06/2012, 13/07/2012, 06/08/2012, 06/09/2012, 05/10/2012, 05/11/2012, 05/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 02/01/2013, reitérase por decimo terceira vez o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 01/02/2013.

Con data 15/02/2013, recíbese escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade no que informa o seguinte:

*"En contestación á súa petición de informe en relación coa queixa, referente a vehículos abandonados nas rúas Marín, Cangas e Tomás Paredes, e solicitado informe a Policía Local, infórmolle o seguinte:*

*En relación ao listado de vehículos con placas PO-9579-BP, PO-3694-BH, PO-7005-AK e B-3233-OG, tras realizar unha comprobación da súa situación, que orixinalmente foron localizados na rúa Cangas, cabe destacar que ningún deles se atopa no lugar, excepto o Peugeot 206 azul, con placa..., que si estaba na zona pero xa non ten síntomas de abandono.*

*O que lle comunico para o seu coñecemento".*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 15/02/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 56/2011**

### ASUNTO:

Queixa en relación coa discriminación co tratamento dado a estudantes no uso de Vitrasa.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 20/09/2011. Con data 21/09/2011, solicítase o preceptivo informe que reiterase o 28/10/2011.

### REFLEXIÓNS:

A ter en conta que os alumnos do Conservatorio Superior de Música, son alumnos de estudos superiores, e que outros estudantes dese nivel gozan da bonificación no Campus Urbano de Torrecedeira.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 07/02/2012, reitérase a petición de informe e, de novo, o 07/03/2012, 10/04/2012, 08/05/2012, 14/06/2012, 13/07/2012, 06/08/2012, 06/09/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 02/01/2013, reiterase por decimo terceira vez o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 01/02/2013.

Con data 07/02/2013, recíbese escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade no que informa o seguinte:

*"En contestación á súa petición de informe en relación coa queixa, expte 56/2011 e, consultada a documentación óbrante neste servizo, infórmolle o seguinte:*

*Non figura na documentación remitida, o escrito presentado ante o Valedor do cidadán, senón soamente un resúmen de contido do mesmo.*

*No citado resúmen figura que o reclamante manifesta que é alumno do Conservatorio Superior de Música, alumno de estudos recoñecidos como superiores, e que recibe un trato desigual en canto a renovación da tarxeta de VITRASA, respecto aos alumnos da Universidade de Vigo.*

*En relación coa reclamación presentada infórmase que o prezo do bono universitario é financiado nun 33% polo Concello e un 17% pola Universidade de Vigo, en virtude do convenio asinado o 2 de novembro de 1995 entre o Concello e a Universidade, Convenio que soamente é de aplicación aos estudantes universitarios matriculados na Universidade de Vigo."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 08/02/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 61/2011**

### ASUNTO:

Queixa en relación cun embargo por Recadación Executiva sen ser notificado previamente da infracción.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 31/10/2011. Con data 03/11/2011 solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 11/11/2011, e no que se indica o seguinte:

*"Acusamos recibo da súa solicitude de informe, sobre o expediente de queixa de referencia iniciado por D<sup>a</sup>..., a cal foi remitida ao servizo de Seguridade.*

*Con respecto á súa obxección a que a reclamación da interesada fora resolta polo Tribunal Económico-administrativo, lle informo que, o Título X da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece o réxime dos municipios de gran poboación ao que se somete o concello de Vigo, dispón, no seu artigo 137, baixo a rúbrica, "órgano para a resolución das reclamacións económico-administrativas"; que existirá un órgano especializado, entre outras, na función de coñecemento e resolución das reclamacións sobre os actos de xestión, liquidación, recadación e inspección de tributos e ingresos de dereito público, que sexan de competencia municipal.*

*Por outra banda o artigo 108 da mesma norma, dispón que, contra os actos sobre aplicación e efectividade dos tributos locais e restantes ingresos de Dereito Público das entidades locais, tales como, prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias, prezos públicos, e multas e sancións pecuniarias, se formulará o recurso de reposición previsto na Lei reguladora das Facendas Locais, que terá carácter potestativo nos municipios de gran poboación.*

*En definitiva, a multa derivada de sanción de tráfico, pertence á categoría de ingreso de Dereito Público das facendas locais, e a resolución das reclamacións que se interpoñan contra os actos de xestión, liquidación, recadación e inspección de tales ingresos, corresponde, ao Tribunal Económico-administrativo, sen prexuízo, de que os interesados podan interpoñer, con carácter potestativo, o recurso de reposición.*

Do que se deu cumprida información á interesada, indicándolle que á vista de que non se fai mención das alegacións feitas no seu escrito de 26/02/2011, sobre datos erróneos (hora e lugar da zona) , con esta data (15/11/2011) dirixímonos a Participación Cidadá para que se proceda a emisión do informe correspondente por Seguridade, Tráfico e Transporte indicándolle o seguinte:

“En relación co seu escrito de 09/11/2011, súa referencia 2355/321, sen número de rexistro de saída signifícolle o seguinte:

1) No noso escrito de 03/11/2011, nº de rexistro de saída 1105, documento 110144694, non se cuestiona a actuación do Tribunal Económico-Administrativo como órgano competente en materia de ingresos de Dereito Público.

2) O que se cuestiona é a falta de precisión nas sancións de Tráfico impostas o 28/07/2008 e o 01/12/2008, con especial referencia a imposta o 28/07/2008, polo axente nº XXX (estacionar en zona de carga e descarga).

3) Neste senso a interesada cursou o 26/02/2011 o correspondente escrito de alegacións no Rexistro de Entrada do Concello, documento 110023404, indicando que a hora fixada na denuncia está fora do previsto na Ordenanza Municipal do Concello de Vigo. Ademais no enderezo que figura na denuncia non existe tal zona de reserva de carga e descarga.

Por outra parte, a sanción por non identificar ao condutor, así como a propia sanción por aparcamento “incorrecto” non lle foi notificada.

Por todo entendemos que antes de definirse a resolución do Tribunal Económico-Administrativo, tería que resolverse o escrito das alegacións presentada pola interesada no documento antes citado (110023404), pola Concellería de Seguridade, Tráfico e Transportes, tal como se indicaba no nos escrito de 03/11/2011, nº de saída 1105, documento 110141694.

Pola nosa parte faise necesario ter en conta que todo proceso administrativo, por definición, implica a existencia dunha pluralidade de actos función altamente relacionados entre si. Os actos de trámite e a resolución constitúen un todo complexo e, ao mesmo tempo, unitario.

As actuacións administrativas terán que servir de garantía específica para o administrado que poderá intervir persoalmente no procedemento e lograr por diversos medios (alegacións, probas, audiencia, recursos) a tutela efectiva dos seus dereitos.

As cuestións presentadas polo interesado nas súas peticións non definen por si mesmas exclusivamente o obxecto do procedemento, senón que constitúen o contido mínimo do mesmo, por canto ao resolverse polo órgano competente, este poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas, fosen ou non presentadas ou alegadas polo interesado.

Ante o eslamiado comportamento na resposta de algunhas alegacións faise preciso referir que



existen unha serie de medios de proba suficientes, para substanciar axeitadamente unha resolución de forma razoada e na que se contemplarán as alegacións e probas presentadas.

O feito de non atender as peticións e os argumentos produce unha incongruencia no procedemento que debe ser rexeitada.

O artigo 35 de Lei 30/1992, entre outros, consagra o dereito dos cidadáns a formular alegacións que deberán ser tidas en conta polo órgano competente.

Ademais ten dereito a obter información así como a ser tratado con respecto e deferencia. Sen esquecer o artigo 3.5 do mesmo texto legal.

Unha boa Administración (Ávila Rodríguez e Gutiérrez Rodríguez) nunha visión teórica, non é un dereito, é o obxectivo mesmo do Estado. Os seus fins son exactamente defensa externa e administración interna dunha comunidade, calquera sexa a súa forma prescindindo do orde en que se dea.

Segundo o Tribunal de Primeira Instancia das Comunidades Europeas, 27/02/2003; a Administración ten que facilitar todas as informacións pertinentes a outra parte actuante no procedemento administrativo.

Detrás da “boa administración” existe algo máis que retórica legislativa (Souviron Morenilla).

Sen esquecer o reflectido no Código Europeo de Boa Conduta Administrativa (06/09/2011), en relación coas actuacións administrativas: dilixencia, corrección, accesibilidade, traslados sen demora a órganos competentes, dereito a ser escoitado e prestar alegacións, decisións e prazos razoábeis, decisións motivadas, etc.,)

Para rematar, faise preciso ter en conta que se os datos que figuran na denuncia (recordar as alegacións=hora incorrecta; non existir tal zona de carga e descarga), non son verdadeiros; erros imputábeis a Administración o expediente debería darse por anulado e proceder o seu arquivo cuestións que deberían obrar no expediente e figurar na resolución pola que se ordena a dilixencia de embargo.

Por todo, e co ánimo de completar adecuadamente o expediente prégase información ao respecto.

#### REFLEXIÓNS:

Do contido da queixa resulta evidente que a reclamación interposta pola interesada tería que ser resolta pola Concellería de Seguridade, Tráfico e Transporte e non polo Tribunal Económico – Administrativo o que ademais declarouse incompetente ao respecto; sendo incomprensíbel que as alegacións ou recursos non se trasladasen a Concellería competente, tal como se indica no artigo 20 da Lei 30/1992.

Todo o exposto, sen prexuízo que o motivo da sanción sexa considerado inexacto, e polo tanto xusto de ser anulado e arquivado o expediente por mor de que os datos de denuncia non son verdadeiros.

Faise mención no expediente que en canto se refire a sanción resulta que a mesma está fora do tempo sinalado na Ordenanza Municipal vixente; no que implica que en tal situación o uso da zona será de carácter público.

Ademais indícase que o lugar ou zona onde estaba aparcado o vehículo non é zona reservada, polo que se estima que a sanción é, a todas luces, improcedente.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/11/2011, e a consecuencia do informe recibido o 11/11/2011, dirixímonos ao Servizo de Participación Cidadá no senso seguinte:

*En relación co seu escrito de 09/11/2011, súa referencia 2355/321, sen número de rexistro de saída significolle o seguinte:*

*1) No noso escrito de 03/11/2011, nº de rexistro de saída 1105, documento 110144694, non se cuestiona a actuación do Tribunal Económico-Administrativo como órgano competente en materia de ingresos de Dereito Público.*

*2) O que se cuestiona é a falta de precisión nas sancións de Tráfico impostas o 28/07/2008 e o 01/12/2008, con especial referencia a imposta o 28/07/2008, polo axente nº XXX (estacionar en zona de carga e descarga, as 9,24 horas na rúa Rosalía de Castro nº 48).*

*3) Neste senso a interesada cursou o 26/02/2011 o correspondente escrito de alegacións no Rexistro de Entrada do Concello, documento 110023404, indicando que a hora fixada na denuncia está fora do previsto na Ordenanza Municipal do Concello de Vigo. Ademais no enderezo que figura na denuncia non existe tal zona de reserva de carga e descarga.*

*Por outra parte, a sanción por non identificar ao condutor, así como a propia sanción por aparcamento "incorrecto" non lle foi notificada.*

*Por todo entendemos que antes de definirse a resolución do Tribunal Económico-Administrativo, tería que resolverse o escrito das alegacións presentada pola interesada no documento antes citado (110023404), pola Concellería de Seguridade, Tráfico e Transportes, tal como se indicaba no nos escrito de 03/11/2011, nº de saída 1105, documento 110141694.*

*Pola nosa parte faise necesario ter en conta que todo proceso administrativo, por definición, implica a existencia dunha pluralidade de actos función altamente relacionados entre si. Os actos de trámite e a resolución constitúen un todo complexo e, ao mesmo tempo, unitario.*

*As actuacións administrativas terán que servir de garantía específica para o administrado que poderá intervir persoalmente no procedemento e lograr por diversos medios (alegacións, probas, audiencia, recursos) a tutela efectiva dos seus dereitos.*

*As cuestións presentadas polo interesado nas súas peticións non definen por si mesmas exclusivamente o obxecto do procedemento, senón que constitúen o contido mínimo do mesmo, por canto ao resolverse polo órgano competente, este poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas, fosen ou non presentadas ou alegadas polo interesado.*

*Ante o eslamiado comportamento na resposta de algunhas alegacións faise preciso referir que existen unha serie de medios de proba suficientes, para substanciar axeitadamente unha resolución de forma razoada e na que se contemplarán as alegacións e probas presentadas.*

*O feito de non atender as peticións e os argumentos produce unha incongruencia no procedemento que debe ser rexeitada.*

*O artigo 35 de Lei 30/1992, entre outros, consagra o dereito dos cidadáns a formular alegacións que deberán ser tidas en conta polo órgano competente.*

*Ademais ten dereito a obter información así como a ser tratado con respecto e deferencia. Sen esquecer o artigo 3.5 do mesmo texto legal.*

*Unha boa Administración (Ávila Rodríguez e Gutiérrez Rodríguez) nunha visión teórica, non é un dereito, é o obxectivo mesmo do Estado. Os seus fins son exactamente defensa externa e administración interna dunha comunidade, calquera sexa a súa forma prescindindo do orde en que se dea.*

*Segundo o Tribunal de Primeira Instancia das Comunidades Europeas, 27/02/2003; a Administración ten que facilitar todas as informacións pertinentes a outra parte actuante no procedemento administrativo.*

*Detrás da "boa administración" existe algo máis que retórica lexislativa (Souviron Morenilla).*

*Sen esquecer o reflectido no Código Europeo de Boa Conduta Administrativa (06/09/2011), en relación coas actuacións administrativas: dilixencia, corrección, accesibilidade, traslados sen demora a órganos competentes, dereito a ser escoitado e prestar alegacións, decisións e prazos razoábeis, decisións motivadas, etc.,)*

*Para rematar, faise preciso ter en conta que se os datos que figuran na denuncia (recordar as alegacións=hora incorrecta; non existir tal zona de carga e descarga), non son verdadeiros; erros imputábeis a Administración o expediente debería darse por anulado e proceder o seu arquivo cuestións que deberían obrar no expediente e figurar na resolución pola que se ordena a dilixencia de embargo.*

*Por todo, e co ánimo de completar adecuadamente o expediente prégase información ao respecto."*

O pedimento anterior reiterase o 07/02/2012, 07/03/2012, 10/04/2012, 08/05/2012, 14/06/2012, 13/07/2012, 06/08/2012, 06/09/2012, 05/10/2012, 05/11/2012, 05/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 02/01/2013, reiterase por doceava vez o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 01/02/2013, 28/02/2013.

Con data 05/03/2013, recíbese escrito de Seguridade e Mobilidade no que informa o seguinte:

*“En contestación á súa petición de informe en relación coa queixa referente ao expediente sancionador 088812034, (Expediente orixe 088709589), detállanse as actualizacións realizadas:*

1. *Con data 28/07/2008, o axente XXX formula denuncia ás 9:24 por estar estacionado en carga e descarga.*

*As notificacións practicáronse na rúa, con resultado ausente. Procedemos a notificar a través do BOP o 29/10/2008.*

2. *Con datas 13 e 18/08/2008 requírese á titular do vehículo denunciado que identifique ao condutor responsábel da infracción.*

3. *A titular do vehículo non atende ao requirimento de identificación, polo que se procede a incoar procedemento pola comisión da infracción moi grave de “non identificar ao condutor tendo sito legalmente requirido para elo”.*

*Con datas 30/12/2008 e 05/01/2009 notifícase a incoación do procedemento con resultado ausente, polo que se procede á notificación edital (BOP de 24/02/2009).*

*A interesada non presenta alegacións polo que se procede a sancionar.*

*Notifícase o decreto sanción con datas 08/04/2009 e 15/04/2009, con resultado ausente, polo que se procede á notificación edital (BOP 23/06/2009).*

*Ao non abonar a sanción en período voluntario emítese a providencia de urxencia (notificacións ausente 8 e 11/03/2010, publicación BOP o 20/05/2010), para poder executar o embargo”.*

Do que se deu cumprida información á interesada o 12/03/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **CAPÍTULO IV- URBANISMO E VIVENDA //////////////////////////////////////**

### **EXPEDIENTE 2/2011**

#### ASUNTO:

Queixa en relación cun expediente de protección de legalidade urbanística que data do ano 2007 e a súa denuncia data de marzo do ano 2003.

#### SITUACIÓN:

A interesada solicitou no Concello información sobre a situación do expediente, do que informóuselle en febreiro de 2010 que o tema estaba pendente do informe da Inspección Municipal.

A realidade é que a mencionada reposición data de 2003.

A queixa preséntase o 30/12/2010. Con data 04/01/2011 solicítase o preceptivo informe que reitérase o 04/02/2011, 07/03/2011, 05/04/2011, 04/05/2011, 06/06/2011, 07/07/2011, 02/08/2011, 05/09/2011, 05/10/2011, 14/11/2011.

Durante o ano 2012, reiterase de novo o pedimento informativo: 07/02/2012, 02/03/2012, 03/04/2012, 03/05/2012.

Con data 22/05/2012 recíbese informe no que se indica que o expediente remítese ao departamento de Cartografía; o 08/08/2012 interesase informe actualizado, e de novo o 06/09/2012, 05/10/2012, 05/11/2012, 05/12/2012.

#### REFLEXIÓNS:

Todo procedemento administrativo ten que supoñer unha garantía, unha protección simple para os dereitos e intereses dos cidadáns que obligue ao ente xestor a proceder con atención ás normas de economía, celeridade e eficiencia.

Sen un bo funcionamento non se poden considerar efectivas moitas liberdades, é dicir, moitos dereitos públicos, sendo interese primordial do cidadán que os servizos de competencia municipal sexan prestados de xeito eficaz. Estas prestacións comezan coa axilidade na resolución dos expedientes e trámite, e rematan coa adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá.

#### RECOMENDACIÓNS:

Cumprimento do disposto no artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán en canto se refire aos prazos para a remisión dos informes que esta institución solicite.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 02/01/2013, reiterase por quinta vez o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 01/02/2013, 28/02/2013.

Con data 05/03/2013, recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa información actualizada sobre as denuncias efectuadas, con respecto ás xestións efectuadas ante o departamento de Cartografía, en relación ao expediente 14 151/423, infórmolle do seguinte:*

*Con data 08/05/2012 a Arquitecta Municipal solicitou ao departamento de Cartografía ACTA DE LIÑA E RASANTE das dúas parcelas sobre as que se levaron a cabo as obras obxecto deste expediente.*

*En relación á dita solicitude, con data 11/05/2012 o Topógrafo Municipal emitiu o seguinte informe:*

*“No inventario Municipal de Viais (Folla 19-21) non figuran grafados como públicos nin o acceso á propiedade n.º..., e tampouco o vial de servizo do (lindeiro leste). Para a parcela lindeira n.º..., (Referencia catastral ..., está garantido o dominio público da semirrúa na Rúa co viairo do PXOM.*

*Xúntase copia do ACTA DE LIÑA E RASANTE para peche emitido na data 09/05/2011, (Exp.13223-4 11) e do acordo do Consello da Xerencia en sesión do 13/04/2012, que resolveu desestimar o recurso de reposición formulado contra o citado expediente.”*

*Con data 11/05/2012, a Arquitecta Municipal para poder informar o expediente de referencia, solicitou ao Departamento de Vías e Obras do Concello, un informe sobre se o Camiño é de titularidade municipal.*

*En resposta a dita solicitude, con data 18/05/2012, o Arquitecto Municipal do departamento de Vías e Obras emitiu o seguinte informe:*

*“No epígrafe-1 de Bens, Inmóbiles e Viais Públicos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio do 1993, dirixido e decepcionado pola oficina de vías e obras, non figura como público o vial de referencia.”*

*Á vista do exposto, con data 31/05/2012 a Arquitecta Municipal emitiu o seguinte informe:*

*“1º.- Á vista da documentación dispoñíbel, en principio as obras obxecto deste expediente realizáronse sobre dúas edificacións situadas en parcelas lindeiras, con referencias catastrais 4974807NG2747S e 4974814NG2747S, respectivamente.*

*. Segundo datos cartográficos municipais, a construción consta de planta baixa e primeira, cunha superficie aproximada de 60 m2. (Ref. Cat. ...).*

. Nos expedientes de licenzas nº 45.628/421, 48.507/421 e 55.349/421, constan fotografías e planos nos que se recolle o estado primitivo da edificación, antes da realización das obras obxecto deste expediente. Tanto no proxecto de Cambio de Cuberta, redactado polo arquitecto técnico, no expediente 48.507/421 (visado en data 15.10.2003) como no Estudio Técnico, suscrito polo mesmo técnico e visado en data 28.12.2005, no expediente 55.349/421, consta a seguinte descrición desta edificación: "...La morfología del inmueble consiste en un volumen prismático de planta rectangular de dimensiones exteriores aproximadas 8,60x3,40m, de planta baixa y primera destinadas a vivienda, y bajo cubierta destinada a trastero con acceso desde el exterior...". Conforme á documentación dispoñíbel no expediente 48.507/421, a superficie construída do baixo cuberta é de 29,42m<sup>2</sup>.

. Segundo datos cartográficos municipais, a construción situada na parcela con referencia catastral ... consta de planta baixa semisoto duns 30 m<sup>2</sup> destinada a almacén e planta baixa duns 30 m<sup>2</sup> destinada a vivenda.

. No expediente nº 75.421/423, consta:

. Copia da escritura de doazón de data 27.10.2004, na que figura a seguinte descrición: "...La casa de bajo y piso, de construcción antigua, y en muy mal estado de conservación, que ocupa unos 58 metros con el terreno a resalidos unido, situado al Este y Oeste de la misma; tiene la superficie total de unos 102 metros, realmente 105 metros cuadrados.

. Certificado gráfico e descritivo do arquitecto técnico, visado en data 25.09.2005, no que fai constar que: "...Se trata de una vivienda familiar de muy antigua construcción....de superficie total construída 185,01m<sup>2</sup> y que ocupa sobre la parcela que la contiene 61,67 m<sup>2</sup>, situada entre medianeras....Su planta tiene forma de "L" y está formada por planta baixa (destinada a garaje y servicios generales con acceso desde la calle), planta primera (destinada a dormitorios y servicios de noche con acceso desde el camino) y bajo cubierta (destinada a trastero)...".

2º.-LICENZA DE OBRAS: De interese para este expediente:

. Respecto da parcela con referencia catastral ...:

. Expte 45.628/421: En data 06.02.2003 solicitouse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo licenza de obras menores para : limpeza de paredes de pedra, picar cales, apertura de oco, solado de cemento, azulexado, puntos de luz, instalación de baño completo, baixante e pintura. Na solicitude facíase constar que as obras se realizarían no interior. O expediente foi notificado pola aparelladora municipal en data 10.02.2003, non constando a presentación da documentación requirida.

. Expte 48.507/421: Por Resolución do Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 06.05.2004 autorizouse a realización de obras de substitución de cuberta na vivenda....As obras ... consisten na substitución da cuberta existente sen modificación do seu aspecto exterior nunha superficie de 29,42m<sup>2</sup>, non podendo supoñer en ningún caso variación das características de volume e superficie da cuberta primitiva.

. Expte 55.349/421: En data 29.12.2005 solicitouse licenza de obra menor para: reparación de fachada, saneamento de muro, cámara de aire e canaleta. O expediente foi autorizado en data 13.01.2006.

. Respecto da parcela con referencia catastral ...:

. Expte 75.431/423: Por Resolución da Concellería Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos de data 01.03.2012 desestimouse a solicitude para a colocación de bolardos.

3º.\_En data 11.05.2012, o Topógrafo Municipal informa:

"...No inventario Municipal de Viais (Folla 19-21) non figuran grafados como públicos nin o acceso á propiedade nº... desde (lindeiro oeste) e tampouco o vial de servizo do lindeiro leste.

Para a parcela lindeira nº... (Referencia Catastral ...) está garantido o dominio público da semirrua, de acordo co viario do PXOM..."

4º.\_PRESUNTA INFRACCIÓN:

. Execución de obras en dúas edificacións linderais consistentes en: vaciado interior, construción de novos forxados e ampliación en ocupación da xeometría da cuberta primitiva das dúas edificacións, ao elevarse os arranques laterais dos faldóns, supondo un aumento de superficie de fachada así como de volume do sólido edificado e do número de plantas da edificación, sen que conste outorgada licenza municipal.

. Segundo o artigo 6.2.13. teñen a condición de soar aquelas parcelas de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que sexa capaz de acoller unha vivenda que cumpra coa superficie establecida para vivenda mínima no Art. 5.2.5 destas Normas, e a de vivenda exterior.
- b) Que non poida ter a condición de parcela inedificábel en aplicación das condicións do Artigo 6.2.11. Segundo o art. 6.2.11, considérase non edificábel a parcela que non reúne as condicións establecidas en cada zona de ordenanza, ou que no seu interior no se podan realizar edificacións que poidan cumprir os mínimos de dimensión, dotación de aparcadoiro, agás as excepcións que poidan regularse nalgunha zona de ordenanza.
- c) Deberá poder resolver o acceso e reserva das prazas de garaxe que lle correspondan segundo as condicións xerais de Garaxe-Estacionamento por razón do Uso.
- d) Teña un fronte mínimo á aliñación de seis metros.

. Á vista da información que consta no expediente, a parcela non da fronte a un vial que teña a consideración de público, pois segundo documentación obrante nestas oficinas este non consta na actualidade como vial decepcionado pola Administración.



*. Respecto á parcela con referencia catastral ...., tampouco cumpre as condicións sinaladas no art. 6.2.13. para ser soar, por non contar cun fronte mínimo á aliñación de seis metros.*

*. Á vista do anteriormente exposto, as obras de reestruturación xeral e ampliación obxecto deste expediente, realizadas nas parcelas de referencia, non poderían ser legalizábeis, pois non se atopan entre as permisíbeis en edificacións en situación de fóra de ordenanzas”.*

*Con data 20.07.2012, a Concellería Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos resolveu declarar a caducidade do expediente de reposición da legalidade urbanística núm. 14 151/423, polo transcurso do prazo máximo de resolución e iniciar un novo procedemento co mesmo número de expediente pola execución de obras na parcela situada na Rúa ....., con referencia catastral .... e ...., en dúas edificacións, ao elevarse os arranques laterais dos faldóns, supondo un aumento de superficie da fachada así como do volume do sólido edificado e do número de plantas da edificación, sen que conste outorgada licenza municipal.*

*Con data 20.07.2012, presentou no rexistro xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo (documento número 120087432) un escrito de alegacións no que solicita o arquivo do procedemento de restauración da legalidade urbanística, achegando un informe técnico elaborado polo arquitecto.*

*Con data 27.09.2012, compareceu na oficina de infraccións urbanísticas da XMU e manifestou por escrito a súa intención de legalizar as obras obxecto do presente expediente.*

*Na actualidade, o expediente 14 151/423 se atopa pendente de resolución definitiva, previo estudio do escrito de alegacións presentado, da cal darase oportuna conta á oficina do Valedor do Cidadán.*

*Recórdase que, de conformidade coa normativa reguladora dos procedementos de protección da legalidade urbanística (artigo 209 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en adiante LOUGA), o prazo para resolver o presente expediente remata o día 07.06.2013”*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 06/03/2013, indicándolle que, en datas vindeiras solicitarase información actualizada, o que se fai o 05/07/2013, e o 05/08/2013, 11/09/2013, 10/10/2013, 08/11/2013, 11/12/2013.

## **EXPEDIENTE 33/2011**

### ASUNTO.

Queixa en relación cunhas obras sen retranqueo con respecto a un colector de auga.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 30/05/2011. Con data 30/05/2011 solicitouse o preceptivo informe e, de novo, o 26/07/2011, 25/08/2011, 26/09/2011, 27/10/2011.

REFLEXIÓNS:

A solicitude de informe por parte da interesada no expediente data de xullo de 2010, é dicir, de case un ano.

Os cidadáns teñen dereito a ser informados dos expedientes nos que son parte interesada.

Uns dos requisitos básicos de toda Administración é ser receptivas e resolutivas, soamente así pódese acadar unha valoración positiva por rendementos.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 02/03/2012 reitérase a petición de informe e, de novo, o 03/04/2012, 03/05/2012, 04/06/2012, 04/07/2012, 06/08/2012, 06/09/2012, 05/10/2012, 05/11/2012, 05/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 02/01/2013, reiterase por dezaseis vez o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 01/02/2013, 28/02/2013.

Con data 05/03/2013, recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, infórmolle do seguinte:*

*A tramitación desta Xerencia Municipal de Urbanismo das dúas solicitudes presentadas, interesando unha inspección de obra referida ao expediente 63861/421 a nome de Dona... en Beade (Lameiro), por non respectar o recadro de tres metros do colector xeral de auga que procede da presa de Zamáns a Vigo (Doc. 100090212) e outra reiterando esta última (Doc. 110025621), foi a seguinte:*

*- Con data 07.09.2010 o inspector municipal emitiu o seguinte informe:*

*"En relación con la diligencia recibida de fecha 20/07/10, el día 27/08/10 se realiza una inspección al lugar denunciado, comprobándose que la obra denunciada se trata de la construcción de una vivienda unifamiliar. En el momento de la inspección no hay nadie en el lugar realizando trabajos.*

*Por lo que se comprueba desde el exterior la obra parece ajustarse al proyecto autorizado exp.6383/421.*

*En la denuncia se hace referencia a la construcción de un garaje, una terraza y una churrasquera. Por lo comprobado, todas estas obras son antiguas y ya se reflejan en el plano cartográfico del año 2001. Se adjunta fotografía, ficha catastral y plano cartográfico del año 2000".*

*Con data 04.12.2008 o delegado da Área de Urbanismo e Vivenda (expte.6386/421) resolveu autorizar para construír unha vivenda unifamiliar, composta de planta semisoto a garaxe, trasteiro e instalacións,*

*planta baixa e primeira a vivenda cunha superficie total a construír de 255,11 m<sup>2</sup> (douscentos cincuenta e cinco metros con once decímetros cadrados) e unha ocupación en planta baixa de 85,40 m<sup>2</sup> (oitenta e cinco metros con corenta decímetros cadrados) nunha parcela clasificada como solo urbano consolidado no vixente PXOM, cualificada coa ordenanza 10 de edificación residencial exterior grao 1.*

*Con data 06/09/2012 mediante resolución do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo foi autorizada a licenza de primeira ocupación da devandita vivenda tramitada co núm. de expediente 76059/421.*

*Dos antecedentes expostos resulta acreditado que non existe infracción urbanística, motivo polo cal procedeuse ao arquivo das actuacións practicadas por esta oficina de Infraccións Urbanísticas a raíz das denuncias presentadas.*

*Por outra banda, tal e como se lle informou á oficina do Valedor do Cidadán con data 23.12.2011, esta oficina iniciou un expediente de dilixencias de información previa en relación coa parcela indicada, debido ás denuncias presentadas (expediente 16066/423) en data 08.11.2011 e do Informe da Policía Local (Doc. 110107383) do día 12.08.2011, relativa a obras consistentes en "subir una fila de bloque a un muro existente que mide 1,80 metros até a 2,20 metros de altura máxima permitida".*

*O indicado expediente foi arquivado tras constatar que as obras realizadas foron autorizadas por resolución da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos de data 09.12.2011 e non apreciarse a existencia de infracción urbanística."*

Do que se dá cumprida información á interesada o 06/03/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 45/2011**

### ASUNTO:

Queixa en relación cunha información solicitada sobre unha derruba dunha entreplanta sen a oportuna licenza.

### SITUACIÓN.

Queixa presentada o 04/07/2011. Con data 11/07/2011 solicítase o preceptivo informe que reitérase o 25/08/2011, 26/09/2011, 27/10/2011.

Con data 28/12/2011 recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo no que informa o seguinte:

1. Que con data 03/03/2011 resolveuse desestimar a petición de licenza de obras.
2. Que con data 19/05/2011 realizouse unha inspección ao local e comprobouse que o local estaba aberto e realizando actividade e que as obras foron realizadas , non obstante ao dito anteriormente.

Con data 30/12/2011 deuse cumprida información á interesada e coa mesma dirixímonos á Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando información á vista da contradición exposta anteriormente.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 07/02/2012 reitérase o pedimento informativo e, de novo, o 02/03/2012, 03/04/2012.

Coa mesma data recíbese desde Participación Cidadá informe polo Servizo de Licenza de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo no que se indica o seguinte:

*"Consultados os arquivos da oficina de Licenza de Actividades e Instalacións de Xerencia Municipal de Urbanismo, seguindo os expedientes 33312/422 e 61844/421, consta que o delegado da área de Urbanismo e Vivenda con data 3/3/2011 resolveu DESESTIMAR a petición de licenza de obras de adaptación de local e licenza de Actividades e instalación para CAFETERÍA E PASTELERÍA.*

*En data 19/05/2011 o enxeñeiro técnico industrial realizou unha inspección ao local e comprobou que nese intre o local estaba aberto e realizando actividade, e que as obras foron realizadas, dando conta do mesmo ao servizo de inspección técnica de obras.*

*O expediente actualmente esta arquivado".*

Do que se deu cumprida información á interesada o 04/04/2012.

A interesada con data 03/05/2012, fai entrega persoalmente nesta oficina do Valedor do Cidadán dunha copia dunha notificación da Xerencia Municipal de Urbanismo (Infraccións) de data 02/04/2012.

A vista do anterior dirixímonos o 22/05/2012, a Urbanismo solicitando información actualizada con respecto a orden ditada en relación coa disposición de vixilancia periódica en canto a orde de paralización emitida; pedimento que se reitera o 26/06/2012 e 24/07/2012, 23/08/2012, 24/09/2012.

Información que se recibe o 16/10/2012 e na que se reitera literalmente o indicado o 03/04/2012, polo que o 17/10/2012, solicitase de novo aclaración sobre o arquivo dun expediente cando segue a actividade que non está autorizada, pedimento que se reitera o 15/11/2012 e o 14/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 11/01/2013, reiterase por terceira vez o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 13/02/2013.

Con data 05/03/2013, recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*"En resposta ao seus oficios nos que interesa información actualizada sobre as denuncias efectuadas en relación ao expediente 16146/423, infórmolle do seguinte:*

*A Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, con data 23.02.2012 resolveu iniciar expediente de protección da legalidade urbanística, de conformidade cos informes obrantes no expediente, á entidade mercantil, por exercer actividade no local, consistentes en execución de obras de acondicionamento de local e exercicio da actividade de cafetería sen dispoñer da preceptiva licenza municipal. Na mesma resolución se ordena á entidade mercantil, a paralización inmediata da dita actividade, a cal deberá manterse até o outorgamento da preceptiva licenza ou até que acredite o axuste á licenza autorizada.*

*Actualmente o expediente 16146/423 está pendente de resolución definitiva."*

Do que se deu cumprida información á interesada o 06/03/2013.

Sen incidencias posteriores.

## RESUMO ESTADÍSTICO

ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURANZA.....	5
Multas tráfico .....	2
Licenza terrazas.....	1
Vehículos abandona.....	1
Estudiantes servizo Vitrasa .....	1
AREA DE URBANISMO E VIVENDA.....	3
Protección legalidade urbanística .....	1
Obras sen retranqueo .....	1
Obras sen licenza .....	1
<b>TOTAL EXPEDIENTES .....</b>	<b>8</b>

## REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS

1.- Mobilidade e Seguranza.....	62,5 %
2.- Urbanismo e Vivenda .....	37,5 %



# PARTE VII

## ACTUACIÓN A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2012 CON INCIDENCIAS NO ANO 2013

### INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de 22 expedientes correspondentes a solicitudes formuladas durante o ano 2012, con incidencias durante o ano 2013 e que corresponden a:

DISTRITOS.....	1
MOBILIDADE E SEGURANZA.....	12
PATRIMONIO.....	2
URBANISMO E VIVENDA.....	3
XESTION MUNICIPAL.....	3
VIARIOS.....	1
<b>TOTAL .....</b>	<b>22</b>

### EXPEDIENTES

#### CAPITULO I.- DISTRITOS //////////////////////////////////////

#### EXPEDIENTE 37/2012

##### ASUNTO:

Queixa en relación cunha caída de árbores lindeiras cunha vivenda que producen danos na mesma.

##### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 16/07/2012. Con data 17/07/2012 solicitase o preceptivo. Con data 21/08/2007 reitérase o pedimento anterior, e de novo o 20/09/2012.

Con data 24/09/2012, recíbese informe no que se anexan probas fotográficas da solución do problema o que se traslada a interesada o 26/09/2012. Con data 05/10/2012, o interesado comunica que a resposta dada non fai referencia aos danos do 2012, o que se traslada a Distritos solicitando información o 05/10/2012: que se recibe o 16/10/2012, indicando que non se dispón

de datos dos propietarios dos terrenos denunciados.

O que se comunica a interesada o 23/10/2012.

Durante o ano déronse as seguintes actuacións:

A espera dalgunha actuación da interesada, esta non se produciu durante o primeiro semestre do 2013.

## **CAPITULO II.- MOBILIDADE E SEGURANZA //////////////////////////////////////**

### **EXPEDIENTE 8/2012**

#### ASUNTO:

Queixa en relación coas dificultades para o acceso ao casco vello, tanto para residentes con vehículos como para os vehículos de emerxencias (bombeiros, ambulancias, subministrados, etc.)

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 18/01/2012. Con data 23/01/2012, solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 02/03/2012, 12/04/2012, 11/05/2012, 15/06/2012, 10/07/2012, 10/08/2012, 13/09/2012, 17/10/2012, 15/11/2012, 13/12/2012.

#### REFLEXIÓN:

As que se deducen das alegacións feitas polo interesado cando declare que nas chamadas feitas a Policía Local, esta aduce que non pode arrancar a tarxeta que non funciona e que ademais non poden estar pendentes das chamadas polo interfono, xa que teñen máis cousas que facer.

Sen comentarios.

Durante o ano 2013, déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2013 reiterase por onceava vez o pedimento informativo anterior.

Con data 01/02/2013 recíbese escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade no que informa o seguinte:

*“En contestación á súa petición de informe en relación coa queixa presentada, referente ao funcionamento dos accesos ao Casco Vello e o fallo no bolardo da rúa Teófilo Llorente, infórmolle o seguinte:*



*O funcionamento do acceso ao Casco Vello explícase no folleto adxunto, do cal é coñecedor por ser usuario da tarxeta.*

*Os motivos fundamentais polo que están avariadas as pilonas son propiciados polo mal uso e descoñecemento dos usuarios de cómo funciona o sistema, producíndose avarías nas pilonas e nos propios vehículos.*

*A data de hoxe xa se atopan dispoñíbeis novos sistemas de acceso mediante a lectura da matrícula do vehículo que melloran o acceso ao Casco Vello e nun futuro próximo producirase a desaparición das pilonas.*

*O que lle comunico para o seu coñecemento."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 01/02/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 14/2012**

### ASUNTO:

Queixa en relación coas dificultades que se derivan da supresión da circulación nun sentido con motivo das obras de reforma; situación que impide a circulación do Vitrasa, sen alternativa próxima.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 14/02/2012. Con data 20/02/2012, solicítase o preceptivo informe que se recibe o 24/02/2012, e no que indica o seguinte:

*"Acusamos recibo da súa solicitude de informe sobre a queixa formulada, referente ás molestias derivadas da supresión da circulación nun sentido da rúa, como consecuencia da execución de obras de urbanización, do cal se dá traslado, na data de hoxe, ao servizo de Seguridade.*

*En canto á queixa formulada ante o servizo 010 (expte. 52372-3239), lle informo que, a resposta á mesma foille remitida pola concellería de Distritos e nela se transcribía, literalmente, a contestación formulada pola Área de Seguridade, Transportes e Mobilidade.*

*Por último, e polo que se refire á posibilidade de que as obras na rúa antes referida es estean a executar antes da súa adxudicación, lle informo que, en aplicación ao disposto no Real Decreto Legislativo 3/2011, de 17 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a información sobre os contratos de obras aos que se refire a queixa se atopa aloxada no Perfil do Contratante ao cal se*

*pode acceder na páxina web do concello (www.vigo.org). Segundo a información que consta no dito perfil, as obras correspondentes á construción e urbanización da rúa, Fases I, II e III, foron adxudicadas polos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados na sesión de data 4 de novembro de 2011, tal como se acredita nas actas que están á súa disposición no dirección web do concello, no apartado dedicado aos contratos formalizados."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 27/02/2012, indicándolle que en datas vindeiras instarase informe adicional sobre as molestias controvertidas.

Con data 06/03/2012, recíbese comunicación do interesado que manifesta que se debe comprobar directamente nos expedientes correspondentes os compromisos adquiridos, polas adxudicatarias das obras en cuestión de tráfico e porqué non se está a cumprir. Indica que o adxectivo, e dicir, que as obras están adxudicadas, e que o resto son xogos florais que cuestionan a utilidade do Valedor do Cidadán.

Do que se dá información a Participación Cidadá o 21/03/2012 interesando a información pertinente.

O pedimento anterior reitérase o 24/04/2012, 22/05/2012, 21/06/2012, 23/07/2012, 23/08/2012, 13/09/2012, 24/10/2012, 23/11/2012, 21/12/2012.

Durante o ano 2013, déronse as seguintes actuacións:

Con data 23/01/2013 reiterase por décima vez o pedimento informativo anterior.

Con data 01/02/2013 recíbese escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade no que informa o seguinte:

*"En contestación a súa petición de informe en relación coa queixa presentada, referente ás molestias derivadas da supresión da circulación nun sentido da rúa Severino Cobas como consecuencia das obras de urbanización de dita rúa, infórmolle o seguinte:*

- 1. As obras de Severino Cobas iniciáronse o día 29 de novembro de 2011, despois de terse publicado en prensa a restrición de tráfico.*
- 2. O departamento de Mobilidade publicou na prensa escrita e na páxina web o anuncio das restricións de circulación con data 25 de novembro de 2011 e deu traslado do mesmo á Asociación de transportistas para interferir na menor medida no desenvolvemento de todas as actividades industriais da zona.*
- 3. A obra definiuse en tres fases pola Concellería de Fomento as cales foron adxudicadas a tres empresas diferentes. En cada unha das obras había unha asistencia técnica e unha coordinación en seguridade e saúde das cales lles dou traslado.*

*En cada reunión de seguimento, que se celebraran cada quince días, o coordinador de seguridade entrega un informe no que fai constar a existencia de anomalías, incidencias, reclamacións se as houbera.*

- 4. O departamento de Tráfico estableceu un sentido único de circulación na rúa Severino Cobas co fin de favorecer a seguridade vial, manter unha circulación viaria axeitada e favorecer a execución das obras con máis seguridade tanto para os traballadores como para os peóns e os vehículos en xeral. A normativa a cumprir polas obras é a correspondente á Ordenanza do Concello de Vigo e as recomendacións dos directores de obra en cada momento segundo as circunstancias puntuais.*

O que lle comunico para o seu coñecemento.”

Do que se deu cumprida información ao interesado o 01/02/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 15/2012**

### ASUNTO:

Queixa en relación pola existencia dun banco de pedra adosado á súa vivenda que ven sendo utilizado continuamente por un grupo de mozos que lle fan a vida imposible por causa do continuo barullo, realizando en ocasións agresións á veciñanza, usándose ademais como mercado de substancias prohibidas.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 24/02/2012. Con data 22/02/2012 solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 19/02/2012, no que indica o seguinte:

*“Moi Sr@ miña/meu:*

*Con respecto á queixa/suxestión relativa á retirada de dous bancos de madeira situados á altura do número 48 da rúa Portela e á transformación doutro banco de obra nunha xardineira presentada por Dona..., doc. 120020206, infórmolle que:*

*“Antes da intervención do Valedor do Cidadán no Departamento de Parques e Xardíns xa estabamos ao tanto da problemática que existía na zona. Efectuada visita de inspección ao lugar sinalado e feito informe ocular do denunciado, procedemos a modificar a ubicación dos bancos de madeira.*

*Así mesmo, os técnicos deste Departamento de Parques e Xardíns realizaron todo o que estaba na súa man para mellorar a situación pero non foi posible transformar en xardineira o banco de obra civil, dadas as características técnicas da referida obra civil.*

*Escoitadas as manifestacións da interesada, constátase que a solución pasa pola intervención doutros departamentos, dándosele traslado destas circunstancias á Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade a fin de que exista unha presenza policial máis efectiva na zona.*

*Na entrevista que Dona... mantivo con este concelleiro de Distritos, Parques e Xardíns e Limpeza o pasado martes día 13 de marzo trasladóuselle a resolución da súa petición"*

*Agradézolle a colaboración prestada na mellora da xestión dos servizos municipais. Así mesmo, rematada a súa tramitación, comunícolle que esta oficina procede ao arquivo do expediente."*

Con data 26/03/2012 dirixímonos a Concellería de Mobilidade, Transporte e Seguridade dando a información antes exposta e indicando a necesidade da intervención da Policía Local o fin de acceder a una acción máis efectiva naquela zona.

O pedimento anterior reitérase o 20/04/2012, 22/05/2012, 21/06/2012, 23/07/2012, 23/08/2012, 24/09/2012, 24/11/2012 e 22/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 20/03/2013 recíbese escrito da Área de Seguridade no que informa o seguinte:

*"En contestación á súa petición de informe en relación coa queixa presentada, referente ás molestias derivadas da utilización por un grupo de mozos dun banco próximo á súa vivenda, achégolle copia do informe remitido polo Intendente da Policía Local.*

No citado informe indícase que. Segundo manifestou a interesada, a Policía Nacional estaba realizando unha investigación sobre o tráfico de drogas na zona.

Do que se deu cumprida información á interesada o 21/03/2013.

Sen incidencias posteriores

## **EXPEDIENTE 16/2012**

### ASUNTO:

Queixa en relación coas autorizacións de estufas nalgunhas terrazas dos bares nas rúas da cidade. Feita consulta polo interesado no departamento de Seguridade indícaselle que tales instalacións están prohibidas.

Cítasen varios locais ao respecto.

## SITUACIÓN:

Queixa presentada o 28/02/2012. Con data 02/03/2012 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 21/03/2012, 30/03/2012, 20/04/2012, 23/05/2012, 21/06/2012, 23/07/2012, 23/08/2012, 23/09/2012.

## REFLEXIÓNS:

Resulta incoherente que unha actividade que utiliza medios prohibidos non sexa intervida pola autoridade municipal.

Desde outra perspectiva o Servizo de Participación Cidadá informa ao interesado (22/11/2011) que a queixa do cidadá foi admitida a trámite e remitida ao departamento competente para que "á maior brevidade" se dea resposta á mesma.

Varios meses despois a resposta segue sen chegar, o que ven a demostrar, unha vez mais que a administración municipal competente non fai uso da facultade resolutiva que lle debe caracterizar.

Esta situación impulsa a que os cidadás se vexan obrigados a denunciar a outros cidadáns co conseguinte enrarecemento das relacións entre os mesmos, creando deste xeito un sensíbel malestar social.

Con data 16/10/2012 recíbese informe de Seguridade no que se indica o seguinte:

*"En resposta ao expte. 2548/321 (expte. Valedor do Cidadá 16/2012), no cal se reflicte unha queixa por parte de....., referente á colocación de estufas nalgunhas terrazas dos bares das rúas desta cidade, se lles comunica que non existe ningunha prohibición para instalación das estufas nas rúas, as cales están amparadas no artigo 2 da Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das Terrazas na vía pública (BOP núm. 94 de data 16.05.2008), que di: ARTIGO 2.- INSTALACIÓNS AUTORIZABLES: "Aos efectos desta Ordenanza, entenderase por terrazas, as instalacións formadas por mesas, cadeiras, parasois, toldos, xardineiras e outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal de hostalería tal como bar, café-bar, cafetería, restaurante ou similares".*

*O que se lles comunica para os efectos oportunos".*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 23/10/2012.

Con data 12/11/2012 o interesado rebate a resposta da Concellería e indica o seguinte:

- 1. que se as estufas están autorizadas (non explicitamente) pola ordenanza referida ás terrazas (BOP 94 do 16-05-2008) poden non axustarse á ordenanza de Medio Ambiente, como elementos emisores de gases contaminantes e tóxicos.*

2. *que na miña queixa facía mención expresa da instalación do Hotel..., na Praza de Compostela, que ao meu entender non se axusta á normativa por ter parte das súas instalacións fixas e non desmontábeis, e que non foi mencionada na contestación desa oficina (xúntase escrito de queixa orixinal co nome de estufas). A este local debo engadir agora como exemplo extremo, o denominado... na Rúa Pablo Morillo, que se "apropiou" mesmo dunha farola de iluminación pública que agora queda dentro da súa terraza construída en madeira e vidro.*
3. *Que o Artigo 2 da ordenanza antes mencionada fala de "outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables" e que eu entendo como tales todos aqueles que non precisan obras nin ferramentas para ser retirados da beirarrúa, e que non é o caso de moitas terrazas de locais de hostalería desta cidade, como xa illustrei co exemplo exposto no punto anterior.*

*Por todo elo, solicito que sexa atendida a miña petición de que o Concello de Vigo cumpra escrupulosamente ás súas propias ordenanzas municipais, para gañar en lexitimidade e autoridade diante da cidadanía á que se debe como administración democrática.*

Na mesma data comunícanos o seguinte:

*En días anteriores púxenme en contacto co departamento de seguridade do Concello, para informarme sobre autorizacións de estufas nas terrazas dos bares das rúas de Vigo. Indicóuseme que tales artefactos están prohibidos en Vigo, como eu sospeitaba. Ante tal confirmación indiqueille á funcionaria que me atendeu en terceiro lugar (nº persoal 21.775) o mesmo que á que me atendeu con anterioridade: que había establecementos que dispoñen destas estufas na rúa, que o Concello non facía nada ao respecto e que se trataba dunha renuncia de funcións por parte do Concello de Vigo. A funcionaria en cuestión díxome que fixera unha denuncia ou queixa por escrito, pois entre as súas funcións non estaba facer isto!?, que aquí presento coa mención exemplar de varios locais que incumpren a ordenanza municipal, só no centro de Vigo e sen ser exhaustivo:*

*Cafetería... na Rúa República Arxentina; Cafetería... na Praza de Compostela; Cafetería... na Rúa Serafín Avendaño; Cafetería... na Rúa Rosalía de Castro. Estas dúas últimas con estufas eléctricas.*

*Ademais aproveito para denunciar de novo o caso do Hotel..., na Praza de Compostela, que ten fixados ao chan mediante tirafondos, na mesma beirarrúa dos xardíns, uns postes de suxeición de antucas e liñas de nylon para espantar aves, e disimulados por bloques de cemento na base, algo que está "terminantemente prohibido"; segundo me confirmaron no seu día no Concello.*

*Todo isto en vista de que vostedes non actúan de oficio, como me indicou implicitamente a funcionaria antes mencionada, e tendo en conta que a flamante Policía Local de Vigo só serve para que os seus axentes se exhiban como en pasarela (e ocasionalmente secuestran e maltratan inmigrantes, como quedou demostrado en sentenza firme dos tribunais), e non defendan e fagan cumprir as ordenanzas municipais, que supoño debería ser a súa principal función (A Garda Civil e o CNP non teñen competencias ao respecto, coido.)*

*Por último, indicarlles que a renuncia das funcións por parte do concello, obrigan a que os cidadáns denunciem a outros cidadáns, co conseguinte enrarecemento das relacións entre os mesmos e o malestar social que esto pode crear. Ao mesmo tempo esa disfunción do Concello crea, primeiro, prexuízos aos cidadáns que respectan e cumpren as normas e segundo, discriminación cara aos hostaleiros que asumen a legalidade e non poñen estufas nin fixan obxectos privados no espazo público, apropiándose deste xeito do mesmo, por exemplo.*

*Todo isto tendo en conta tamén, que os cidadáns estamos discriminados respecto a estes pequenos empresarios, que están eximidos de algúns impostos cos que se poderían sufragar servizos que beneficiarían ao conxunto da cidadanía, mentres os demais temos que pagar taxas e impostos, en moitos casos abusivos, a maior beneficio dese 1% de grandes capitalistas que se beneficiaron da privatización dos servizos básicos que todo Concello ten a obriga de dotar.*

Que se tramita o 14/11/2012 ante a Concellería competente, insistindo o 13/12/2012 e o 21/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 11/01/2013 reiterase o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 14/02/2013, 15/03/2013, 15/04/2013, 14/05/2013, 12/06/2013, 15/07/2013, 08/08/2013, 11/09/2013, 09/10/2013, 08/11/2013.

Con data 11/11/2013, recíbese escrito de Mobilidade no que informa:

*“Ante o Valedor do Cidadán acudiu en queixa D....., dando lugar ao expediente de referencia.*

*No seu escrito datado o 12 de novembro de 2012, manifestou que as estufas das terrazas poden non axustarse á ordenanza de Medio Ambiente como elementos emisores de gases contaminantes ou tóxicos, sospeita que segundo o mesmo lle confirmou a funcionaria co número de identificación profesional 21.775 adscrita a esta Área de goberno e administración municipal.*

*No mesmo escrito expresa tamén queixa pola instalación da terraza do Hotel....., así como o do establecemento.....*

*En canto á primeira queixa, consta nos antecedentes obrantes que o 5 de outubro de 2012 a Xefa de Servizo de Seguridade informou por escrito que a instalación de estufas nas terrazas non está prohibida, segundo o disposto no art. 2 da ordenanza municipal reguladora desta materia.*

*A opinión expresada –no seu caso- con posterioridade pola funcionaria con N.I.P. 21775, que ostenta a categoría profesional de auxiliar administrativa, en ningún caso pode atribuírse a esta Área.*

*En canto ao fondo da queixa, hase de advertir que nos termos en que se expresa constitúe unha causa xeral contra todo o sector de actividade económica, xeradora de postos de traballo e de creación de riqueza, desprovisto dun mínimo razoamento tácito e/ou xurídico, por pura aprehensión ou prexuízo ideolóxico.*

*Nin na xa antiga ordenanza municipal, nin singularmente na máis recente lexislación sectorial sobre protección do aire atmosférico advírtese infracción algunha pola simple utilización dos mencionados aparellos.*

*O propio feito de non terse producido ningunha outra queixa ou reclamación sobre este particular, nin suscitarse dita cuestión ante outras AAPP con competencias en materia medioambiental ratifica o valor residual da preocupación expresada.*

*Todo isto sen prexuízo da potestade regulamentaria e de policía que nesta materia corresponde ao Concello, que eventualmente poderían dar lugar a actuacións de diversa índole segundo o aconsellen as circunstancias en cada momento.*

*Consideración algo distinta merece a queixa relativa á instalación de terrazas.*

*O interesado manifesta aquí a existencia de elementos pertencentes as mesmas (postes de suxeición e antucas e liñas de nylon para espantar aves, fixados ao chan mediante tirafondos) dos que conclúe acertadamente a súa inadecuación á ordenanza municipal reguladora desta materia (arts. 2 e 13).*

*O motivo a queixa merecería unha plena acollida senón fose porque á luz das circunstancias que se expoñen a continuación aquel constitúe, antes que un problema de infracción de legalidade, meridiano exemplo da inadecuación desta para regular a realidade social que constitúe o seu obxecto.*

*En primeiro lugar, porque pola súa natureza as terrazas como actividade complementaria dos establecementos principais que lle prestan fundamento, a miúdo precisan dun acondicionamento axeitado para illarse respecto do ambiente exterior, ou mesmo para salvar os obstáculos derivados da inclinación natural do chan.*

*En segundo lugar, porque a propia situación de crise que padecemos desde hai seis anos xustifica un marco regulamentar favorábel á actividade económica.*

*Por fin, a modificación da Lei 28/05 de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo, introducida pola Lei 42/10, que prohibiu fumar nos espazos non considerados como ao aire libre segundo a mesma, tense manifestado –entre outros aspectos- nunha maior presenza dos fumadores nas terrazas.*

*A vixente ordenanza contén, con toda evidencia, unha regulación estreita (art. 2 e 13) deste tipo de instalacións, devindo inservíbel para as necesidades reais do sector, como se pode constatar con tal de botar unha mirada ao que ten acontecido no últimos anos noutras cidades no ámbito estatal e comunitario.*

*A preservación do uso común e xeral fronte á utilización privativa dos espazos públicos non se opón en modo algún a posibilidade de autorizar en determinados supostos instalacións lixeiras e facilmente desmontables, suxeitas ao chan, e sometidas ás correspondentes normas técnicas e de seguridade (superficie a ocupar, distancias respecto do mobiliario urbano e demais equipamentos e instalacións das vías públicas, itinerarios peonís, etc.) así como á constitución dunha fianza para responder no seu caso da reposición do espazo ocupado ao estado anterior á autorización.*



*Por iso nesta Área de goberno e administración municipal abriuse no seu momento un período de reflexión sobre a necesidade de modificar a ordenanza reguladora das terrazas sobre os particulares que deixaron expostos.”*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 02/11/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 24/2012**

### ASUNTO:

Queixa en relación cunha multa de tráfico por deter o vehículo, cos intermitentes funcionando, a media mañá, a detención do vehículo debeuse a necesidade de axudar a baixar do mesmo a unha persoa deficiente para que puidese acceder á súa vivenda.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 17/04/2012. Con data 18/04/2012 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 15/05/2012, 15/06/2012, 10/07/2012, 10/08/2012, 13/09/2012, 17/10/2012, 15/11/2012 e 13/12/2012.

### REFLEXIÓN:

A sanción foi imposta polo vehículo “multa móbil”, desde o que non se lle prestou a máis mínima atención cando o cidadán interesado se dirixiu correndo en dirección o vehículo oficial para explicar a situación.

A proba da imaxe captada polo vehículo oficial non é un medio de proba que acredite o tempo nin as circunstancias polas que o vehículo multado estivo detido o que induce a dúbidas de que a situación fose de estacionamento e non de parada.

Ademais, no caso que nos ocupa tense que ter en consideración que estamos ante un claro estado de necesidade obxectivo, algo que sucede igualmente nas motivación de xustificación penal.

O interesado non se comporta de esa maneira de forma antixurídica, toda vez que actúa nunha situación de necesidade, é como un privilexio que se concede a alguén por unhas condicións especiais, e que tal situación debe ser respectada.

Este, unha vez máis, é un caso de no que se cumpre o presuposto básico de estado de necesidade e, por iso, exímeo de responsabilidade.

A decisión debe axustarse ás circunstancias concorrentes, co obxecto de acadar a debida proporción entre o feito imputado e a realidade.

A Seguridade vial non está rifada coas garantías xurídicas dos cidadáns. En supostos como este o as denuncias non notificadas no acto, e dicir, no momento non se consideran válidas (S. de T. S. de Xustiza de Madrid, de 08/03/2012). Non se trata dunha mera cuestión formal que se ten que cumprimentar de forma rotinaria nas denuncias xa que o que está en xogo non so é o dereito constitucional a defensa senón tamén a seguridade vial das nosas rúas e estradas.

### RECOMENDACIÓNS:

O comportamento da administración, e, en especial o uso dos medios o seu alcance ten que acadarse mediante un escrupuloso uso das normas que ela mesma redacta, e polo tanto así deben cumprirse.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 11/01/2013 reitérase o pedimento informativo por novena vez, e, de novo, o 15/03/2013, 15/04/2013.

Con data 16/04/2013, recíbese escrito de Seguridade e Mobilidade, no que informa o seguinte:

*“En resposta ao seu oficio de data 25 de xaneiro de 2013, en relación co expediente 24/2012, infórmolle:*

*Que tense tramitado administrativo nº 128630868 (sanción tráfico).*

*Consultada a base de datos, consta que o interesado abonou en período voluntario o importe da sanción co 50% de bonificación (100 €) en data 18-05-2012.*

*Ao abeiro do establecido no artigo 80 da Lei 18/2009, de 23 de novembro, pola que se modificou o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, unha vez realizado o pagamento en período voluntario da multa, terase por concluído o procedemento sancionador coas seguintes consecuencias, entre outras: Redución do 50 por cento do importe da sanción e renuncia a formular alegacións, e para o caso de que fosen formuladas teranse por non presentadas. Asemade, o apartado d) do artigo 80 establece como consecuencia o esgotamento da vía administrativa sendo recorribel unicamente perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo.*

*Se o infractor consideraba a que a sanción non se axustaba a dereito deben impugna-la perante o Xulgado Contencioso-Administrativo.”*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 16/04/2013.

Sen incidencias posteriores.

## EXPEDIENTE 27/2012

### ASUNTO:

Queixa en relación co estado en que se atopan as forquitas colocadas en determinada zona de xeito que os camións vense obrigados a subir a beirarrúa ou arrasan a esquina dun tellado.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 08/05/2012. Con data 09/05/2012, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 15/06/2012, 13/07/2012, 21/08/2012, 21/09/2012, 19/10/2012, 19/11/2012, 19/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 21/01/2013 reiterase por oitava vez o pedimento informativo anterior.

Con data 01/02/2013, recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que informa o seguinte:

*En contestación á súa petición de informe en relación coa queixa, referente ao mal estado no que se atopan as forquitas en Moledo con Lameiro en Sárdoma, infórmolle o seguinte:*

1. *As forquitas xa foron repostas polo departamento de Vías e Obras.*
2. *Con data 31 de outubro de 2012 informouse por parte deste departamento ao PLAN PARCIAL SECTOR S-28R PETETA, no que se fixeron constar as seguintes melloras.*

*- Ampliar a 12 m a rúa Castiñeira.*

*- Ampliar a 12 m o Cmño Peteta.*

*- Rúa Cacheno ampliación desde a rotonda de Cacheno e o Cruceiro para establecer sentido dobre de circulación.*

*- Ampliar Lameiro con Moledo, cruce con moitos problemas actualmente.*

*Para ter máis datos deste plan parcial deberán pórse en contacto co departamento de Planeamento e Xestión da Xerencia de Urbanismo.*

3. *O departamento de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras está traballando na redacción dun proxecto para a retirada do muro sito no cruce da rúa Lameiro con Moledo, uns tres metros e ampliar as beirarrúas.*

*O que lle comunico para o seu coñecemento."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 01/02/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 40/2012**

### ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por aparcar en zona de carga e descarga.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 23/08/2012. Con data 28/08/2012, solicítase o preceptivo informe que se reitera o, 28/09/2012, 24/10/2012, 26/11/2012, 21/12/2012.

### REFLEXIÓNS:

Faise oportuno indicar as expostas polo interesado nas súas reclamacións:

A alegación de que o condutor non está dentro do vehículo non é demostrábel polo soporte fotográfico, e que ademais faise unha interpretación errónea do Regulamento de Tráfico xa que se pasa dunha infracción leve a unha infracción grave, deducindo que foi sancionado con cantidade superior a que lle correspondía, téndose que proceder a devolución do exceso.

Neste expediente ten aplicación algunha das precisións que se expuxeron no expediente 24/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 21/01/2013 reiterase por quinta vez o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 20/02/2013, 20/03/2013.

Con data 22/04/2013, recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que informa o seguinte:

*"En resposta ao seu oficio de data 25 de xaneiro de 2013, infórmolle:*

*Que tense tramitado o expediente administrativo nº 128608520 (sanción tráfico).*

*Que dito procedemento respectou o procedemento legalmente establecido, finalizando cunha sanción ao infractor por importe de 200 €.*

*Que o interesado presentou alegacións e tamén recurso de reposición, que logo do seu atento estudio, foron desestimadas, non interpoñendo o interesado recurso contencioso-administrativo contra a resolución sancionadora.*

*Se o infractor consideraba que a sanción non se axustaba a dereito debeu impugna-la perante o Xulgado Contencioso-Administrativo."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 23/04/2013.

Con data 12/06/2013 o interesado comunica que se está dando un abuso xa que o seu comportamento non é falta grave, senón leve.

Desta reclamación dáse informe a Comisión de Queixas e Reclamacións o 28/06/2013.

## **EXPEDIENTE 47/2012**

### ASUNTO:

Queixa en relación coa falta de carteis en relación coa seguridade.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 01/10/2012. Con data 02/10/2012, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 21/11/2012, e o 21/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 23/01/2013 reiterase por terceira vez o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 20/02/2013.

Con data 05/03/2013 recíbese escrito de Participación Cidadá no que informa que a Inspección Técnica de Edificios xa devolveu o expediente o interesado por ser tema competencia da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

O que se comunica o interesado o 12/03/2013.

## **EXPEDIENTE 48/2012**

### ASUNTO:

Queixa en relación con determinados elementos de seguridade en transportes públicos.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 01/10/2012. Con data 02/10/2012, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 21/11/2012, e o 21/12/2012, 23/01/2013, 20/02/2013, 19/03/2013, 22/04/2013, 16/05/2013, 21/06/2013, 22/07/2013, 22/08/2013.

Con data 05/09/2013 recíbese informe de VITRASA, no que indica:

*1. Que, téndose requirido por parte do Valedor do Cidadá informe respecto á quizá presentada ....., con data 13 de marzo de 2013, procédese pola presente a remitir a esa Institución a queixas recibidas nesta empresa, debidamente tramitadas, e que se receberam nas seguintes datas:*

- 21/05/2009
- 17/09/2009
- 28/01/2010

*Remítese, así mesmo, as respostas dadas a cada unha delas por parte da empresa.*

*2 Así mesmo, informar que, ademais das obrigadas revisións periódicas que pasan todos e cada un dos nosos vehículos, anualmente realízanse por parte dos responsábeis do Parque Móbil do Excmo. Concello de Vigo unha revisión completa da totalidade da flota, establecida como obrigatoria polo prego de condicións que rexe a Concesión de Transporte Urbano. Esta revisión tivo lugar a principios do ano 2013, dato que se pode corroborar co propio Concello, sen que se detectase ningún incumprimento, defecto ou falta respecto das condicións, equipamento ou estado dos vehículos."*

O que se traslada ao interesado o 06/09/2013.

Sen incidencias posteriores"

### **EXPEDIENTE 51/2012**

#### ASUNTO:

Queixa en relación cunha multa por aparcamento considerado ilegal.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 09/11/2012. Con data 09/11/2012, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 13/12/2012.

## REFLEXIÓNS:

Unha vez máis atopámonos cun suposto de notábel nivel de necesidade, de forza maior, que dela implica un estado de necesidade que se converte nunha situación de xustificar a acción da que se lle acusa. Debendo, polo tanto, aplicárselle as xustificacións que a normativa, noutros campos de actividade legal, se lle aplica, ben a exención, ou, cando menos, unha notábel redución da sanción.

As cuestións presentadas polo interesados nas súas peticións constitúen o contido mínimo do procedemento, sendo preciso decidir sobre todas as cuestións suscitadas fosen ou non fosen alegadas polo interesado.

A discricionalidade que se outorga a Administración debe sr desenvolvida ponderando, en todo caso, as circunstancias concorrentes, ao obxecto de acadar a necesaria e debida proporción entre os feitos imputados e a responsabilidade exixida.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 20/02/2013 reiterase por quinta vez o pedimento informativo anterior.

Con data 12/03/2013 recíbese escrito de Participación Cidadá no que informa o seguinte:

*“En relación coa quizá formulada lle comunico que a solicitude de informe e as sucesivas reiteracións lle foron remitidas aos servizos de Seguridade e Disciplina Urbanística os cales as devolveron por non ser un asunto da súa competencia.*

*A última petición de informe foi remitida ao servizo de Electromecánicos o cal sinala a imposibilidade de emitir un informe en termos tan xenéricos, en particular, sobre “o perigo nas acometidas eléctricas de edificios en numerosas rúas de Vigo”. Ademais, o dito servizo indica que, o mantemento e a conservación das acometidas eléctricas dos edificios correspóndelle á empresa subministradora da electricidade, mentres que, o da caixa principal de protección, aos abonados.*

*Na espera que o informe que se achega cumpra coa súa solicitude.”*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 15/03/2013; a vista do anterior, con data 18/03/2013, dirixímonos a Vitrasa en relación cos elementos denominados martelos, e de novo, o 22/04/2013, 16/05/2013, 21/06/2013.

## **EXPEDIENTE 51/2012**

### ASUNTO:

Queixa en relación cunha multa por estacionamento considerado ilegal.

## SITUACIÓN:

Queixa presentada o 09/11/2012. Con data 09/11/2012, solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 13/12/2012.

## REFLEXIÓNS:

Máis unha vez achámonos cun suposto de notábel nivel de necesidade, de forza maior, que dela implica un estado de necesidade que se toma nunha situación de xustificar a acción da que se lle acusa. Debendo, por tanto, serlle aplicadas as xustificacións que a normativa, noutros campos de actividade legal, son de aplicación, ben a isención, ou, cando menos, unha notábel redución da sanción.

As cuestións presentadas polo interesado nas súas peticións constitúen o contido mínimo do procedemento, sendo preciso decidir sobre todas as cuestións suscitadas fosen ou non fosen alegadas polo interesado.

A discricionalidade que se outorga a Administración debe ser desenvolvida ponderando, en todo caso, as circunstancias concorrentes, ao obxecto de alcanzar a necesaria e debida proporción entre os feitos imputados e a responsabilidade exixida.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 11/01/2013 reitéranse por segunda vez o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 14/02/2013, 15/03/2013, 15/04/2013.

Con data 22/04/2013 recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que informa o seguinte:

*“En resposta ao seu oficio de data 21 de marzo de 2013, en relación co expediente 51/2012, infórmolle:*

*Que tense tramitado o expediente administrativo nº 118700741 (sanción tráfico).*

*Que dito procedemento respectou o procedemento legalmente establecido, finalizando cunha sanción ao infractor por importe de 200 €.*

*Que o interesado presentou alegacións, e tamén recurso de reposición, que logo do seu atento estudo, foron desestimadas, non interpoñendo o interesado recurso contencioso-administrativo contra a resolución sancionadora.*

*Se o infractor consideraba que a sanción non se axustaba a dereito debeu impugnalala perante o Xulgado Contencioso-Administrativo.*



*Non cabe entrar no fondo da cuestión usando o mecanismo da queixa perante a Institución do Valedor que non está prevista para actuar en substitución dos Órganos Xudiciais, senón de acordo co establecido no art. 10 do seu Regulamento."*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 23/04/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 52/2012**

### ASUNTO:

Queixa en relación cunha multa por aparcamento en zona de peóns.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 21/11/2012. Con data 24/11/2012, solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 21/12/2012.

### REFLEXIÓNS:

A interesada declara que na data da sanción non se atopaba na localidade de Vigo; atopábase na súa poboación natal: Gavá (Barcelona), segundo declaracións escritas de testemuñas que achega coa súa solicitude.

Dedúcese que non se compre coa norma xeral de notificala denuncia no acto ao fin de garanti-lo dereito a defensa do cidadán fronte a presunción de veracidade que a propia Lei de Seguridade Vial outorgou as denuncias, xa que non consta a ausencia do conductor.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 23/01/2013 reitéranse por segunda vez o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 20/02/2013, 20/03/2013.

Con data 22/04/2013, recíbese escrito de Seguridade e Mobilidade no que informa o seguinte:

*"Que se tiene tramitado expediente administrativo nº 128665689 (sanción de tráfico).*

*Que dicho expediente fue archivado tras emitirse las alegaciones de la ciudadana."*

Do que se deu cumprida información á interesada o 23/04/2013.

Sen incidencias posteriores.

## EXPEDIENTE 54/2012

### ASUNTO:

Queixa en relación cunha multa de tráfico.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 30/11/2012. Con data 03/12/2012, solicítase o preceptivo informe.

Durante o ano 2013, déronse as actuacións seguintes.

Con data 11/01/2013, reitérase o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 14/02/2013, 15/03/2013, 15/04/2013.

Con data 22/04/2013 recíbese escrito de Seguridade e Mobilidade, no que informa o seguinte:

*"En resposta ao seu oficio de data 21 de marzo de 2013, en relación co expediente 54/2012, infórmolle:*

*Que tense tramitado o expediente administrativo nº 128690204 (sanción tráfico).*

*Que dito expediente está en trámite, téndoselle notificado o trámite de audiencia o 08/02/2012 se lle notificou o trámite de audiencia."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 23/04/2013.

Con data 14/05/2013, solicitouse nova información, e, de novo, o 12/06/2013, 15/07/2013, 08/08/2013, 09/10/2013, 08/11/2013, 11/12/2013.

## **CAPITULO III.- PATRIMONIO //////////////////////////////////////**

## EXPEDIENTE 56/2012

### ASUNTO:

Queixa en relación coas lesións sufridas por mor do mal estado dunhas escaleiras públicas.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 18/12/2012. Con data 19/12/2012, solicítase o preceptivo informe da situación do expediente ante o Negociado de Patrimonio.

Durante o ano 2013, déronse as actuacións seguintes.

Con data 15/01/2013, recíbese escrito de Patrimonio, no que informa que o expediente está en fase de tramitación, téndese enviado ao solicitante Apertura e Trámite de Audiencia.

Do que se dá cumprida información á interesada o 16/01/2013.

Con data 15/04/2013 solicítase información actualizada ao respecto, que se recibe o 06/05/2013 na que se indica que o expediente atópase rematado sendo notificado a interesada o 27/02/2013

Do que se deu cumprida información á mesma o 08/05/2013.

Sen incidencias posteriores.

### **EXPEDIENTE 57/2012**

#### ASUNTO:

Queixa en relación cos danos sufridos nun vehículo por mor do estado da vía pública.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 27/12/2012. Con data 28/12/2012, solicítase o preceptivo informe.

Durante o ano 2013, déronse as actuacións seguintes.

Con data 23/01/2013, reitérase o pedimento informativo anterior.

Con data 22/04/2013 recíbese escrito do Negociado de Patrimonio, no que informa o seguinte:

*"O expediente atópase na actualidade en fase de tramitación téndose notificado a Aqualia, S.A., o Trámite de Audiencia".*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 25/01/2013.

Con data 21/02/2012, solicítase a Patrimonio, de ser o caso, información actualizada.

Con data 12/03/2013, recíbese escrito do Negociado de Patrimonio no que informa que o expediente atópase pendente de sinatura de informe proposta, e que unha vez recibido procederase a notificar o solicitante a resolución adoptada.

Ante a insistencia do interesado o 15/04/2013, solicítase a Patrimonio información definitiva do expediente.

Con data 22/04/2013, recíbese escrito de Patrimonio no que informa que Aqualia se porá en contacto co interesado, o que se lle comunica o mesmo o 22/04/2013.

Con data 06/05/2013, o Negociado de Patrimonio comunícanos que postos en contacto con Aqualia está indícalle que xa se puxo en contacto co interesado por medio de dous correos electrónicos indicándolle que procederían o pagamento do sinistro a mediados do mes de maio.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 08/05/2013.

Sen incidencias posteriores.

#### **CAPITULO IV.- URBANISMO E VIVENDA //////////////////////////////////////**

##### **EXPEDIENTE 11/2012**

###### ASUNTO:

Queixa en relación coa denuncia con respecto a derruba dun muro lindeiro coa súa propiedade, xa que carece de cimentación e pon en claro perigo ás persoas que fan uso da finca.

###### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 02/02/2012. Con data 06/02/2012 solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 16/03/2012, 17/04/2012, 15/05/2012, 15/06/2012, 10/07/2012, 10/08/2012, 13/09/2012, 18/10/2012, 15/11/2012, 13/12/2012,.

###### REFLEXIÓNS:

A interesada ten formuladas solicitudes ante a Xerencia Municipal de Urbanismo o 02/03/2011 e o 23/06/2011, achegando escrito de arquitecto, fotografías e plano de situación; sen que se teña, ano e medio despois coñecemento de medidas adoptadas.

Unha vez máis a actividade pública carece de medidas resolutivas axeitadas o que ven a indicar unha negativa valoración no seu rendemento.

Durante o ano 2013, déronse as actuacións seguintes:

Con data 11/01/2013, reiterouse por décima primeira vez o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 14/02/2013, 15/03/2013, 15/04/2013, 14/05/2013, 12/06/2013, 15/07/2013, 03/08/2013, 11/09/2013, 09/10/2013, 07/11/2013, 11/12/2013.

## **EXPEDIENTE 17/2012**

### ASUNTO:

Queixa en relación coa instalación arriba da súa vivenda e sen existencia de entreplanta instalouse un establecemento de hostalería, realizándose posteriormente obras de reforma sen que figuren datos da licenza municipal, propietario, etc.

Realizáronse medicións sonométricas con niveis de 82 dB, até que o local foi precintado; posteriormente foron impostas sucesivas multas. Considerándose que a remodelación actual non cumpre coa normativa vixente.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 27/02/2012. Con data 02/03/2012 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 30/03/2012, 13/04/2012, facéndose novas precisións con respecto a situación, 20/04/2012.

Con data 08/05/2012 recíbese informe do departamento de Licenzas de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo no que indica o seguinte:

*"En contestación os seus escritos (doc. 120036005 e doc. 120044130) no que solicita informe urxente, sobre a queixa formulada comunícolle que, consultados os arquivos da oficina de Licenza de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo, segundo o expediente 51/420, consta que o delegado da área de urbanismo e vivenda con data 14/10/2009 autorizou LICENZA DE FUNCIONAMENTO PARA A ACTIVIDADE DE CAFÉ BAR no local situado na planta baixa, PLANTA BAIXA E ENTREPLANTA.*

*Achégolle copia de dita resolución para a súa remisión ao Valedor do Cidadán."*

*A citada resolución de 14/10/2009 RESOLVEU, o seguinte:*

*" De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos formúlase a seguinte proposta de resolución ao delegado da Área de Urbanismo e Vivenda:*

*AUTORIZAR a LICENZA DE FUNCIONAMENTO PARA ACTIVIDADE DE CAFÉ BAR no local situado na PLANTA BAIXA E ENTREPLANTA, Vigo, cunha superficie de 137,80 metros cadrados; cuxas licenzas*

*municipais de obras de adaptación de local e actividade e instalacións foran autorizadas por resolución do delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de data 04/07/2009 (exptes. 65345/421, 34618/422).*

*Deberá axustarse e cumprir en todo momento no desenvolvemento da actividade coas condicións e medidas correctoras sinaladas na devandita licenza de actividade, como se comprobou polos técnicos municipais.*

*Deberá manter en todo momento as medidas de seguridade de protección contra incendios comprobadas, conforme aos proxectos e condicións da licenzas autorizados.*

*O aforo máximo autorizado para o local é de 69 persoas, debendo reflectirse nunha placa á entrada do local, en lugar ben visible, a devandita actividade e aforo máximo autorizado.*

*Deberá cumprir, en todo momento, estrictamente coa vixente ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica, producida pola emisión de ruídos e vibracións.*

#### Advertencias:

*Deberá respectarse a lexislación sectorial que en cada caso sexa de aplicación, a licenza entenderase concedida salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e das demais autorizacións que fosen precisas doutras administracións públicas para o desenvolvemento da actividade.*

*Lémbra-selle respecto da caducidade da licenza de actividade que.*

*Será declarada a caducidade da licenza, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (Normas urbanísticas do PXOM-08 en relación co art. 197.1 da LOUGA):*

*Cando non se tivese iniciado a actividade amparada pola licenza de actividade no prazo de seis (6) meses desde o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.*

*Cando o funcionamento da actividade fose interrompido durante un período superior a seis (6) meses.*

*Non obstante, transcorridos tres (3) anos desde o outorgamento da licenza de actividade sen que se tivese iniciado a actividade autorizada, entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar a actividade sen a obtención de nova licenza axustada á lexislación e ordenación urbanística en vigor (Normas urbanísticas do PXOM-08 e art. 197.3 da LOUGA).*

#### TERCEIRO.- RECURSOS

*Contra a presente resolución poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dicta esta resolución no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación desta resolución.*

*Non obstante, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta por transcurso do prazo máximo dun mes para dictar e notifica-la resolución."*

Do que se deu cumprida información á interesada o 09/05/2012.

Sen incidencias posteriores.

Non obstante o anterior, con data 04/10/2012, cinco meses despois, recíbese escrito da interesada, no que puntualiza o seguinte:

*"Att Valedor do Cidadán do Concello de Vigo Buenos días: Vivimos en los bajos de nuestro edificio (sin ningún tipo de entreplanta) tenemos instalado el Café-Bar, según su licencia sin música. Los sé conocedores de todos y cada uno de los problemas que han generado y que consta en el expediente, exceso de horario, mediciones sonométricas positivas, música, falta de licencia para terraza e incluso para la obra mayor de acondicionamiento del local, colocación de terraza en zona comunitaria y etc, etc. Ayer 2 de octubre, a las 23:55 horas, como muchas otras veces, llamamos a la policía local para una medición sonométrica, hay veces que hay patrullas, hay veces que las mediciones se quedan al margen de lo legal, y otras que cuando vienen ya se dispersó a gente del local. Esta vez la medición es de 36 Db, en nuestro dormitorio, con una legalidad de 30 Db máximo. Con este ruido los agentes pudieron comprobar, que es imposible dormir y que no se puede admitir. Lo que pido es una respuesta por su parte, indicando que acciones van a acometer, y la posibilidad de anular la licencia a esta terraza que solamente nos da problemas. Agradezco una respuesta por correo o e-mail, para saber a que atenernos. Saludos. P.D.-Vds nos han hecho una medición sonométrica del ruido del vial que va a Bouzas, y dio positivo con más Db de los permitidos, pero el Ayuntamiento no nos hace ni caso."*

Obviamente non se cumpre co disposto na Resolución de 14/10/2009 do Sr. Delegado da Area de Urbanismo e Vivenda.

Por todo prégase adopción das medidas necesarias para o total cumprimento da citada resolución.

Do que se dá traslado a Urbanismo-Licenza de Actividade e Instalacións o 05/10/2012, e o 05/11/2012. Con data 13/11/2012, recíbese dilixencia de Actividades e Instalacións no que se indica que o expediente trasládase a oficina de Disciplina Urbanística con data 02/05/2012.

A vista do atraso en responder, con data 15/11/2012, dirixímonos a Disciplina Urbanística solicitando informe en relación coa situación do tema que nos ocupa.

Con data 03/12/2012, reiterase o pedimento informativo.

Durante o ano 2013, déronse as actuacións seguintes:

Con data 02/01/2013, reiterouse por décima primeira vez o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 01/02/2013, 04/03/2013.

Con data 05/03/2013, recíbese do Servizo de Licenza de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo no que informa o seguinte:

*"En contestación o seu escrito de data 5 de febreiro de 2013 no que solicita*

*"Informe urgente sobre o obxecto da queixa esta oficina de Licenzas de actividades e instalacións informa que:*

*Reitérase no seu informe de data 6 de novembro de 2012 emitido pola técnica de administración xeral (achégase copia do informe (DOC 120115229), así como copia do informe emitido pola xefa do servizo de infraccións urbanísticas que se lle remitiu con data 6 de novembro de 2012 EXP. 15356/423)"*

Asemade recíbese escrito de Infraccións Urbanísticas no que informa o seguinte:

*"ASUNTO: Informe sobre as actuacións practicadas no expediente de dilixencias previas 15656/423.*

*En resposta á solicitude de informe sobre as actuacións practicadas por este Servizo de Infraccións en relación ao local, infórmolle:*

*1. Mediante resolución do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de data 04.06.2009 autorizouse:*

- Para realizar OBRAS de adaptación consistentes en: ADAPTACIÓN DUN LOCAL, dunha superficie de 137,80 m2, para dedicar a actividade de CAFÉ BAR (incluída no núm. identificativo-2.7.2. do C.e.p.a.r. da C.A., de Galicia aprobado por Decreto 292/2004, do 18 de novembro, modificado por Decreto 160/2005, do 2 de xuño).*
- LICENZA municipal de ACTIVIDADE para CAFÉ BAR (incluída no núm. identificativo-2.7.2. do C.e.p.a.r. da C.A., de Galicia aprobado por Decreto 292/2004, do 18 de novembro, modificado por Decreto 160/2005, do 2 de xuño).(Expte nº65345/421, 34618/422).*

*Así mesmo, consta autorizada por resolución do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de data 14.10.2009, LICENZA DE FUNCIONAMENTO PARA A ACTIVIDADE DE CAFÉ BAR para o local de referencia, segundo os informes e documentación óbrante no expediente 51/420.*

*2. Á vista das denuncias presentadas (polas obras, para exercer actividade con música, fumes, venda de artigos náuticos...), iniciouse baixo o número de expediente 15656/423 o trámite de información previa regulado nos artigos 115 a 117 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, de disciplina urbanística de Galicia (RDU) en relación coas obras e a actividade obxecto de denuncia, levándose a cabo as seguintes conclusións:*

- Informe do Inspector Municipal de data 07.07.2010: "...o local na súa configuración e distribución axústase o proxecto presentado con número de expediente 65345/421, que as obras realizadas axústanse o proxecto presentado..."*



- Informe do Inspector Municipal de data 15.07.2012.
  - Informe urbanístico da Arquitecta Municipal de data 21.07.2010.
  - Dous Informes do Enxeñeiro Técnico Industrial:
3. Informe de data 09.09.2010 no que o enxeñeiro técnico industrial informou que o local estaba realizando actividade axustándose, no substancial a licenza concedida, coa diferenza de que a prancha usada en lugar de ser eléctrica e de gas e que a cambio da maquinaria non implica modificación da actividade ademais de que xa estaba prevista unha prancha no local. Por conseguinte a instalación realizada podería ser autorizada/legalizábel sempre que se cumpran na súa totalidade as disposicións do vixente PXOM e demais normativa de aplicación.
  4. Informe de data 26. 10.2010 no que o enxeñeiro técnico industrial informou que, con data de rexistro 25/10/2010, presentouse polo arquitecto unha CERTIFICACIÓN conforme o local acondicionado para Café Bar DISPÓN de cheminea para fumes e gases, con conduto independente polo interior do edificio hasta superar o cumio deste.
  5. Con data 27.09.2010 remitiuse copia das denuncias presentadas, polos rúidos e pola terraza que tiña instalada o local, ao departamento de Medio Ambiente e ao de Mobilidade, Transportes e Seguridade do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e práctica das actuacións procedentes, se as houbese, no ámbito da súa competencia.
  6. Con data 02.04.2012, o inspector municipal informou que o local de referencia, atópase pechado e que no mesmo non se realizaba actividade de ningún tipo.
  7. Ante o exposto, con data 15.05.2012 a Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos resolve: "Proceder ao arquivo do expediente de dilixencias de Información previa nº 15656/423 tramitado en relación á actividade de CAFE-BAR, por canto das actuacións municipais practicadas se deduce que os feitos denunciados non constitúen infracción urbanística..."

Do que se dá cumprida información á interesada o 08/03/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 33/2012**

### ASUNTO:

Desacordo ca resolución sobre protección da legalidade urbanística.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 15/06/2012. Con data 15/06/2012 solicitase o preceptivo informe, que se reitera o 13/07/2012, 20/08/2012, 21/09/2012, 19/10/2012, 19/11/2012, 19/12/2012.

Durante o ano 2013, déronse as actuacións seguintes:

Con data 21/01/2013, reiterouse por sétima vez o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 20/02/2013, 20/03/2013, 22/04/2013, 16/05/2013, 11/06/2013, 22/07/2013, 22/08/2013, 23/09/2013, 21/10/2013, 21/11/2013, 20/12/2013.

### CAPITULO V.- XESTION MUNICIPAL

#### **EXPEDIENTE 35/2012**

### ASUNTO:

Queixa en relación coa denegación de exención do imposto de vehículos de tracción mecánica.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 28/06/2012. Con data 29/06/2012, solicitase o preceptivo informe que se recibe o 24/07/2012 e no que se indica que o interesado en data 28/12/2012 cumpre cos requisitos exixidos para o recoñecemento da citada exención. Non obstante, o interesado presentou a solicitude en data 28/05/2012, polo que a mesma terá efectos para o vindeiro exercicio, non afectando a obriga tributaria do IVTM do presente exercicio 2012.

En ningún caso, cabe a condonación dunha débeda agás no caso que estea prevista por lei, o que obviamente non concorre no presente imposto.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 26/07/2012.

Con data 21/08/2012, o interesado entrega escrito nesta oficina do Valedor do Cidadán expondo o seu desacordo facendo alusión a o artigo 93.1 do Real Decreto Legislativo de 5 de marzo polo que se aproba a Lei de Facendas Locais, establecéndose a exención do imposto referido, e indicando que na data a que se refire o imposto correspondente non era titular do vehículo.

O que se traslada a Dirección de Ingresos, solicitando información ao respecto, o 22/08/2012.

Pedimento que se reitera o 24/09/2012.

Con data 24/09/2012, recíbese de novo o informe xa recibido anteriormente e que se remite outra vez precisando que a exención terá efectos para o próximo exercicio.

Con data 10/10/2012, comparece de novo o interesado e declara que o cargo non é correcto, xa que nas datas de 02/04/2012 a 05/06/2012 o vehículo non está a seu nome polo que estima que non se lle pode cargar o pagamento, o que se comunica a Dirección de Ingresos en solicitude informativa. Posteriormente en conversa co departamento competente decídese informar ao interesado que a súa reclamación carece de fundamento. O que se fai o 29/10/2012. Dándose o expediente por pechado.

Durante o ano 2013, déronse as actuacións seguintes:

Con data 20/03/2013, recíbese escrito de proposta de resolución Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, desestimando a solicitude de anulación do imposto do recibo do IVTM do ano 2012 e recoñecendo, con efectos de 01/01/2013 até 31/12/2013 en canto concorran as circunstancias que motivan as exencións, do que se dá a oportuna información ao interesado o 21/03/2013.

Con data 08/05/2013 comparece o interesado facendo entrega dunha copia da solicitude presentada no Rexistro de Entrada do Concello o 06/05/2013, nº de documento 130050302, ao que achega copia de nova documentación referente á deficiencia aludindo a unha certificación da Xunta de Galicia (22/02/2008), o que se pon en coñecemento da Dirección de Ingresos do Concello, segundo escrito de 13/05/2013, pregándose información ao respecto.

O pedimento anterior reiterase o 12/06/2013, 15/07/2013, 08/08/2013.

## **EXPEDIENTE 50/2012**

### ASUNTO:

Queixa en relación cunha dobre imposición de taxas pola recollida de lixo.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 07/11/2012. Con data 08/11/2012, solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 13/12/2012:

### REFLEXIÓNS:

Estamos ante un imposto que estimamos debe ser tratado de forma equitativa xa que a vivenda en cuestión, tivo que acondicionar o baixo (sen actividade comercial de ningún tipo, para permitir a instalación dun aseo para o uso de matrimonio propietario cun estado de saúde deficitario, sen esquecer que o titular da vivenda ten recoñecido a situación de dependencia.

Faise preciso indicar que na mesma zona existen locais de idéntica configuración que gozan de exención. Tense que inculcar, no ámbito social, a cualificación de valores de solidariedade, responsabilidade, esforzo e compromiso, xa que así poderase facer fronte ós novos desafíos e necesidade cal é a situación de dependencia como é o caso que nos ocupa. Existe unha demanda social que reclama decisións políticas eficientes e sostibles

Durante o ano 2013, déronse as actuacións seguintes:

Con data 11/01/2013, reiterase o pedimento informativo anterior.

Con data 15/01/2013, recíbese escrito de Administración de Tributos-Lixo Vivendas no que informa o seguinte:

*"Respecto da queixa presentada, relativa á emisión de dous recibos correspondentes a Taxa de Lixo de Vivendas, e á desestimación da solicitude de devolución da liquidación 127008319/2012 por considerar que só existe unha vivenda neste inmovible, infórmase do seguinte:*

- 1. Ata o exercicio 2012, no Padrón Fiscal da Taxa de Lixo de Vivendas estivo omitido o enderezo sinalado, non constando nin tributando por esta taxa, como mínimo desde o exercicio 1994, segundo os resultados das comprobacións e comparativas informáticas realizadas nas bases de datos deste Concello.*
- 2. Detectada tal omisión no exercicio 2011, solicitouse informe ao Departamento da Inspección de Tributos co fin de esclarecer o número de vivendas existentes no inmovible, remitíndose este en data 22.12.2011, indicando que "...la casa se compone de planta baja, una vivienda deshabitada, pero en buen estado y primero una vivienda habitada desde hace más de cuatro años..."*
- 3. Segundo o anterior, déronse de alta dúas inscricións no Padrón Fiscal desta taxa, 165773 e 165913, e foron emitidas as liquidacións correspondentes aos exercicios fiscais non prescritos, período 2009-2011, notificándose estas en data 14.03.2012. Ditas liquidacións non foron obxecto de recurso no prazo legalmente establecido no art. 223.1 da Lei xeral tributaria, 30 días a contar desde a data de notificación do acto recorrible.*
- 4. En data 20.06.2012 o Centro Veciñal e Cultural de Valladares presentou a solicitude, expediente 38610-513, de devolución de ditas liquidacións, baseado na inexistencia de dúas vivendas independentes, escrito que este Negociado de Lixo de Vivendas remitiu de novo ao Departamento da Inspección de Tributos por si existira erro no anteriormente emitido en data 22.12.11.*
- 5. En data 08.10.2012 a Inspección de Tributos emite novo informe ratificando o anterior respecto da existencia de dúas vivendas totalmente independentes, con accesos exteriores independentes, acceso exterior independente tamén ao baixo cuberta, e incluso contadores de auga independentes para o andar do baixo e do primeiro.*

6. A maiores indicar que neste último informe recóllese que nese momento a vivenda habitada era o baixo e non o primeiro, estando este último baleiro. Respecto desta circunstancia, terase en conta o establecido na Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa de Lixo Vivendas en relación á suxeición á taxa das vivendas non habitadas, por tratarse dun servizo de recepción obrigatoria.

7. Segundo o anterior, por resolución da Alcaldía de data 19.10.2012, desestímase a solicitude de devolución presentada pola Asociación Cultural, nº expediente 38610-513, por carecer de base a alegación de inexistencia de dúas vivendas e dous feitos impositivos (sen que conste presentado recurso de reposición ante a mesma), e desestímase tamén por resolución de data 18.10.2012, o recurso de reposición presentado contra a Taxa de Lixo de Vivendas do exercicio 2012, nº de expediente 39409-513. Ditas resolucións foron notificadas en data 08.11.2012.

8. Respecto da alegación de carencia de medios económicos, indicar que a Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa establece no seu art. 4 os supostos de exención contemplados e os coeficientes reductores dos ingresos en función das circunstancias familiares e económicas, así como o período de presentación das solicitudes, período que vai desde o 1 de outubro ao 31 de decembro de cada ano, non constando nas bases de datos consultadas solicitude algunha presentada."

Do que se deu cumprida información ao interesado.

Sen incidencias posteriores.

## **CAPITULO VI.- FOMENTO** //////////////////////////////////////

### **EXPEDIENTE 55/2012**

#### ASUNTO:

Queixa en relación cos distintos temas que se relacionan:

#### Area de Benestar:

- Representación de FOANPAS no Consello Municipal de Accesibilidade.
- Aproveitamento dos recursos públicos, mediante a elaboración de plans e/ou convenios de colaboración con asociacións (Cruz Vermella, ONCE, DOWN, Menela, BATA, ANHIDA) para a contratación de coidadores, terapeutas, enfermeiros que asistan os centros de ensino para favorecer a inclusión real dos nenos con deficiencia nos centros.

### Area de Deportes:

- Escolas deportivas.
- Organización de actividades e eventos deportivos nos que poidan participar nenos con deficiencias, inclusión e integración real.
- Piscinas municipais: ampliación do número de prazas con nenos nos cursos de natación. Adaptación das instalacións. Incorporación da figura do monitor especialista.
- Maior control da temperatura da auga e vestiarios.
- Ampliar a oferta de prazas de natación no tramo 0-3 anos con independencia de ter ou non deficiencia.
- Subvención ás ANPAS para a contratación de especialistas en actividades extraescolares axeitadas para escolares con deficiencias.
- Convocatoria do Consello Escolar de Deportes.

### Area de Transporte, Mobilidade e Seguridade:

- Prazas de aparcamento reservadas para persoas con mobilidade reducida. Melloras de acceso e sinalización. Maior control nas citadas áreas.
- Tarxeta de estacionamento para deficientes. Os nenos menores de 3 anos non son valorados para o recoñecemento de grado de deficiencia a efectos de transporte colectivo.
- Lembrar a grande afluencia de estes nenos con escasa autonomía motórica.

### Area de Sanidade:

- Promover a implantación de centros de atención temperá e rehabilitación para nenos con diversidade funcional no municipio. COMPROMISO PERSOAL DO ALCALDE. Constitución dunha equipa multidisciplinar de especialistas, nas técnicas precisas para completar a atención que oferta o sistema público de saúde.
- Creación dun protocolo de actuación para os casos nos que se detecta un posíbel diagnóstico de deficiencia infantil. Desde o primeiro momento no que a familia recibe a noticia (en numerosas ocasións en condicións de trato case inhumano, carentes de sensibilidade e empatía)... desde ese mesmo instante, comeza a espiral de precariedade asistencial, de apoio e información ás familias que dificulta a situación, xa per se moi difícil de asimilar. Ademais do persoal facultativo, debería haber a figura dun pedagogo/a ou unha equipa de pedagogo/a + traballador/a social que poida orientar e asistir ás familias desde o inicio.

### Area de Educación:

- a) Baremo ingreso Escolas Infantís Municipais (EIM). O baremo que regula a matrícula o acceso ás EIMs mide por unha banda as rendas familiares (nas que poden darse até 4 puntos ás rendas máis baixas ou restar eses 4 puntos nas rendas altas) e por outra banda contémpase un apartado no eido social-familiar no cal figura un subapartado polo cal se poden outorgar 2 puntos por deficiencia recoñecida.

As familias con nenos/as con diversidade funcional solicitamos que contemplan unha solución alternativa ou aumenten a puntuación por deficiencia, xa que unha renda que estea entre o 50% e o 75% do IPREM (a cal lle corresponden 2 puntos) anularía a puntuación dada por deficiencia e, nestes casos, pensamos que non debería equiparse esas variables, senón que o criterio de atención a nenos/as con necesidades debería valorarse por enriba diso. ADEMAIS debería valorarse a situación de dependencia no apartado de "outras circunstancias familiares debidamente acreditadas", no cal poden dar até 3 puntos.

- b) Atención a nenos/as con diversidade funcional. Non entendemos como unha administración que oferta un servizo á cidadanía é capaz de rexeitar a un rapaz/a que obtén praza nunha escola infantil municipal porque o seu nivel de dependencia é alto. Solicitamos desta Concellería de Educación que mellore a rede de escolas infantís e, se é preciso, contemple persoal especializado en nenos/as con alta dependencia pero non DISCRIMINALOS e apartalos porque tampouco é fácil o acceso destes rapaces/as a garderías privadas.
- c) Orientador educativo. até cando imos a estar sen servizo de orientador municipal ofertado pola Concellería de Educación??. Consideramos de primeira necesidade ter un pedagogo escolar ou un psicopedagogo para a figura de orientación escolar, que ademais sería que de informar e aconsellar a familias con e sen necesidades educativas especiais. Somos dos poucos concellos que non teñen orientador no Servizo Municipal de Educación.
- d) Creación de actividades adaptadas a nenos/as con deficiencia nas Escolas Municipais de música, teatro e danza.

### Area de Distritos; Parques e Xardíns:

- Necesidade de adaptación do acceso dos parques infantís e dos elementos de xogo.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 18/11/2012. Con data 19/12/2012 solicitase o preceptivo informe.

REFLEXIÓNS:

Por todo, formúlense estas propostas como recomendacións aos efectos correspondentes en aras de acceder unha igualdade plena no desenvolvemento da personalidade humana, velando deste xeito polo pleno exercicio da protección prevista para tódolos nenos sen discriminación, tal como contempla a Constitución Española (artigo 49).

Durante o ano 2013, déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/02/2013, recíbese escrito do Servizo de Educación no que informa o seguinte:

*“En relación co asunto de referencia e coa finalidade de que o trámite perante o Valedor do Cidadán, infórmase o seguinte:*

*Remitidos en datas 09 e 25 de xaneiro dos correntes, escritos do Valedor do Cidadán (referencia 55/2012) sobre a queixa formulada por a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos de Vigo e Comarca (Foaupa). Relacionados con diversas necesidades que se demandan na área de educación, se fan as seguintes consideracións:*

*As necesidades nomeadas nos citados escritos foron debatidas e aprobadas por unanimidade no Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) na sesión Plenaria celebrada o pasado 28 de novembro, logo de ser presentadas como moción para que Vigo se converta nunha cidade máis inclusiva, pola Comisión de Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), grupo de traballo que se constitúe integrado no funcionamento de Foaupa.*

*Respecto dos baremos de aplicación para o acceso á Rede de Escolas Infantís Municipais (en diante REIM), cómpre sinalar que este Servizo Municipal de Ecuación anualmente ven acolléndose ás distintas convocatorias de subvención da Xunta de Galicia, que concretan a definición de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes das corporacións locais. Unha das obrigas específicas para poder obter o cofinanciamento do goberno autonómico ou resultar beneficiario das citadas axudas, é a necesidade de adaptar a puntuación das solicitudes de novo ingreso dos equipamentos infantís municipais, ao baremo de criterios preferentes que propón a administración competente, ao abeiro da Orde anual pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar Social. Polo tanto os criterios de baremación aplicados respondan á obriga de adaptarse ao disposto nas convocatorias de axudas anuais da Xunta de Galicia (agás a puntuación outorgada pola cercanía do domicilio familiar), independentemente de que desde o Servizo Municipal de Educación se continúe a traballar na procura de tentar favorecer e optimizar a conciliación da vida familiar e laboral dos usuarios/as destes equipamentos municipais.*

*Respecto da suposta discriminación para a atención de nenos/as con diversidade funcional nos equipamentos que integran a REIM, cómpre sinalar que os equipos de atención temperá que funcionan nas EIM atenden neste intre nunha integración ordinaria a tres menores matriculados, que segundo os informes de diagnóstico médico achegados acreditan distintos graos de deficiencia. Igualmente no cadro da programación educativa que promove este Servizo Municipal, implementáronse as xornadas de teatro escolar coa participación activa e asistencia de alumnado con deficiencias acreditadas.*



*Respecto do orientador educativo, inda que non figure nos recursos humanos asignados ao Servizo de Educación, que ademais está suxeito á aplicación do Decreto Estatal para correxer o déficit que tan so permite a reposición de persoal en áreas "esenciais" e impide convocar novos procesos de oferta de emprego público, cómpre sinalar que o Concello de Vigo si está a prestar este servizo desde o Departamento de Orientación que funciona na Casa da Xuventude.*

*O que lle comunico aos efectos da resposta á información solicitada polo Valedor do Cidadán".*

Do que se deu cumprida información á interesada o 18/02/2013.

Con data 15/02/2013, recíbese escrito do departamento de Deportes, no que informa o seguinte:

*"Atendendo ao escrito remitido polo Valedor do Cidadán á Concellería de Deportes do Concello de Vigo, vinculado á queixa presentada ante esa institución pola Federación Olímpica de Asociacións de Nais e Pais de alumnos de Vigo e Comarca, en relación a cuestións enmarcadas no ámbito da práctica deportiva orientada a nenos e nenas con deficiencia na cidade de Vigo.*

#### INFORMASE

*A Concellería de Deportes e o IMD son coñecedores das necesidades do colectivo de nenos e nenas con deficiencia, e do esforzo que fan en todos os ámbitos, e particularmente no eido deportivo, por superar barreiras diariamente.*

*É por isto polo que o IMD ten a maior das sensibilidades coas necesidades do colectivo de nenos e nenas deficientes, concretados nos seguintes extremos en relación ás cuestións formuladas pola FOANPAS:*

- 1. Escolas Deportivas: O IMD ten integradas dentro do programa municipal de escolas deportivas, actividades orientadas a nenos e nenas de entre 6 e 16 anos con deficiencia, nas modalidades de natación e baloncesto, coordinadas pola entidade C.D. AMFIV, que contan con persoal especializado en cuestións relacionadas co deporte para persoas con deficiencia.*
- 2. Piscinas Municipais: O IMD acometeu nos derradeiros 3 anos a adaptación de todos os espazos co obxectivo de eliminar calquera barreira arquitectónica existente, facéndoos accesíbeis a persoas con deficiencia, instalando ascensores no interior das instalacións, construíndo rampas nos accesos, adaptando WC e vestiarios....Así mesmo, infórmase de que tanto as condicións de auga como os espazos das instalación, cumpren todos os estándares de temperaturas..., aínda que se revisarán os protocolos por si houbera algún tipo de disfunción dos sistemas.*

*Na cuestión relacionada coa incorporación de novos monitores e o incremento da oferta de prazas de natación no tramo de 0-3 anos, o IMD estudará as posibilidades orzamentarias e de xestión das actividades ao obxecto de valorar dita posibilidade.*

3. *Subvencións ás ANPAS: As subvencións ás ANPAS son un área de responsabilidade do departamento de educación, co que entendemos que esta solicitude debe dirixirse á área correspondente.*
4. *Convocatoria do Consello escolar dos deportes: Na Concellería de Deportes non se ten constancia da existencia de dito Consello.*

*Non obstante, desde o IMD e a Concellería de Deportes agradecemos tanto as propostas como o resto de cuestións remitidas desde a FOANPAS, xa que nos axudan a incrementar o nivel de calidade das nosas actividades. Ademais, tendo en conta as particulares necesidades das persoas con deficiencia, e concretamente do colectivo de nenos e nenas, se valorará en profundidade cada un dos temas expostos ao obxecto de detectar calquera posibilidade de mellora dos servizos."*

Do que se dá cumprida información á interesada o 18/02/2013.

Ata o 25/06/2013 reitéranse os pedimentos informativos solicitados a Sanidade, Fomento e Distritos, Parques e Xardíns, 24/07/2013, 23/08/2013, 23/09/2013, 22/10/2013, 21/11/2013, 20/12/2013.

## RESUMO ESTATÍSTICO

ÁREA DE DISTRITOS.....	1
Caída de árbores.....	1
ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURANZA.....	12
Dificultades accesos.....	1
Dificultades circulación.....	2
Instalacións ilegais.....	1
Orden público.....	1
Sanción tráfico.....	7
ÁREA DE PATRIMONIO.....	2
Lesións.....	2
ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA.....	3
Derruba ilegal.....	1
Reformas ilegais.....	1
Reposición legalidade.....	1
ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL.....	3
Exención imposto vehículos.....	1
Imposto lixo.....	1
Taxas auga.....	1
VARIOS.....	1
Varios.....	1

## REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS

1. MOBILIDADE E SEGURANZA .....	54,54 %
2. URBANISMO E VIVENDA.....	13,63 %
3. XESTIÓN MUNICIPAL.....	13,63 %
4. PATRIMONIO.....	9,09 %
5. DISTRITOS.....	4,54 %
6. VARIOS.....	4,54 %



# PARTE VIII

## ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DURANTE O ANO 2013

Nesta Institución rexistráronse un total de 45 expedientes correspondentes a solicitudes formuladas no ano 2013, e que corresponde a:

ÁREA.....	NÚMERO
BENESTAR SOCIAL.....	4
DISTRITOS.....	2
EDUCACIÓN.....	2
MEDIO AMBIENTE.....	4
MOBILIDADE E SEGURANZA.....	19
PARTICIPACIÓN CIDADÁ.....	1
URBANISMO E VIVENDA.....	8
XESTIÓN MUNICIPAL.....	3
FOMENTO.....	1
COMERCIO.....	1
TOTAL.....	45

## EXPEDIENTES ANALIZADOS NO ANO 2013 QUE CORRESPONDEN A ACTUACIÓN INICIADAS EN ANOS ANTERIORES E QUE PASAN A TRÁMITE EN 2014

### PERIÓDO DE INICIACIÓN

ÁREAS	PERIÓDO DE INICIACIÓN							TOTAL
	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	Total
BENESTAR SOCIAL								
DISTRITOS							1	1
EDUCACIÓN								
P. CIDADÁ								
MEDIO AMBIENTE	1		1	1				3
TRÁFICO-TRANSPORTES		1	1		1		1	4
URBANISMO E VIVENDA	4		5	1	2	1	2	15
ASUNTO XERAIS			1					1
FOMENTO								
COMERCIO								
<b>TOTAL XERAL</b>	<b>5</b>	<b>1</b>	<b>8</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>1</b>	<b>4</b>	<b>24</b>

## EXPEDIENTES PECHADOS A 31/12/2013

ÁREAS	PERÍODO DE INICIACIÓN									TOTAL
	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	Total	
BENESTAR SOCIAL								2	2	
COMERCIO E INDUSTRIA								1	1	
DISTRITOS										
EDUCACIÓN							1	1	2	
MEDIO AMBIENTE		1						2	3	
MOBILIDADE E SEGURANZA	1	3	3	3	3	5	11	12	41	
PATRIMONIO							1		1	
URBANISMO E VIVENDA	4	1	2	1	1	2	1	3	15	
XESTIÓN MUNICIPAL							4	3	7	
PARTICIPACIÓN CIDADÁ								1	1	
<b>TOTAL XERAL</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>7</b>	<b>18</b>	<b>25</b>	<b>73</b>	

## CAPITULO I – BENESTAR SOCIAL //////////////////////////////////////

### EXPEDIENTE 23/2013

#### ASUNTO:

Queixa en relación coa axuda contra á crise para atender necesidades básicas dos veciños no exercicio 2013.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 02/08/2013. Con data 19/08/2013, e tras manter unha reunión coa interesada solicitase o preceptivo informe. Facendo alusión do estado de abandono e necesidade en que se atopa a interesada.

Pedimento que se reitera o 20/09/2013, 14/10/2013. Con data 17/10/2013, recíbese información da Xunta de Goberno resolución na que se indica:

*"11.- RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR ....CONTRA ACORDOS DA X. GOBERNO LOCAL DE APROBACIÓN DAS "BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS CONTRA A CRISE PARA ATENDER AS NECESIDADES BÁSICAS DOS VECIÑOS E VECIÑAS DE VIGO, EXERCIZO 2013" PROPOSTA DESESTIMATORIA.*

*Dáse conta do informe-proposta do xefe de Servizo de Desenvolvemento Local de Emprego do 18/09.13, conformado polo concelleiro de Emprego. Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:*

*Dona... ten presentado Recurso de Reposición contra os acordos da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de datas 14/06/2013 e 28/06/2013 polo que se aproban as BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS CONTRA A CRISE PARA ATENDER NECESIDADES BÁSICAS DOS VECIÑÓS E VECIÑAS DE VIGO EXERCICIO 2013, no que solicita,*

*A revogación do artigo 5.1.f e calquera outro nos mesmos termos das bases e convocatoria anteriormente referendada publicadas no BOP de data 05/07/2013.*

*Tendo en conta que o mencionado recurso conforme ao establecido na Lei 30/1992 de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común o solicitude*

- a) Esta presentado en tempo e forma*
- b) Esta identificada a interesada co seu nome e apelidos*
- c) Identifica o lugar os efectos de notificacións*
- d) Detalla os feitos razóns e petición en que se concrete con toda claridade*
- e) Lugar e data de presentación*
- f) Sinatura da solicitante*
- g) Órgano a que se dirixe*

#### *ANTECEDENTES:*

*d) A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo con data 14 de xuño de 2013 aprobou as BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS CONTRA A CRISE PARA ATENDER NECESIDADES BÁSICAS DOS VECIÑÓS E VECIÑAS DE VIGO EXERCICIO 2013 expediente 6099/320.*

*e) Con data 28 de xuño de 2013 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, aprobou unha "MODIFICACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS CONTRA A CRISE PARA ATENDER NECESIDADES BÁSICAS DOS VECIÑÓS E VECIÑAS DE VIGO EXERCICIO 2013" expediente 6154/320.*

*f) O artigo 5.1.f establece "Que o importe da renda per cápita dos membros da unidade de convivencia non sexa superior aos 150.000 euros."*

*g) O concello á competente para a realización de actuación obxecto de recurso conforme ao establecido.*

*1. A Lei 7/1985 de 2 de abril. Reguladora das Bases de Réxime Local establece no seu artigo 25 a posibilidade de que todos os concellos exerzan a prestación de servizos sociais, sendo competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes segundo establece o artigo 26 da citada Lei.*

*2. Pola súa parte a Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia no seu artigo 60 regula as competencias dos Concellos e establece que de conformidade co previsto na presente lei e na lexislación de aplicación sobre réxime local, corresponde aos concellos no marco de planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais apartado f) a elaboracións de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial de conformidade co previsto no artigo 48 da presente Lei o citado artigo establece que os concellos poderán elaborar a súa propia planificación que no marco da planificación estratéxica a completen no seu propio ámbito territorial a través dos plans e programas de servizos sociais municipais.*

3. O artigo 2 da Lei de Subvencións de Galicia establece o concepto de Subvencións nos seguintes termos: toda disposición dineraria realizada pola Administración a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos:

- Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular xa realizados ou por devolver, ou á concorrencia dunha situación e o beneficiario debe cumprir as obrigas materiais e formais que se establezan.
- Que o proxecto, a acción, a conduta ou a situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou promoción dunha finalidade pública.
- O artigo 10.1 da Lei de Subvencións de Galicia establece que poderán obter a condición de beneficiario as persoas ou entidades que se atopen na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria.

4. As limitacións establecidas para adquirir a condición de beneficiario/a (idade, renda per cápita, ingresos de unidade de convivencia etc.), veñen determinados tendo en conta a situación de grave precariedade de moitos veciños e veciñas de Vigo e sempre dentro das competencias que a lexislación atribúe Os órganos de goberno do Concello de Vigo.

*Polo anteriormente exposto e tendo en conta que as "BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS CONTRA A CRISE PARA ATENDER NECESIDADES BÁSICAS DOS VECIÑOS E VECIÑAS DE VIGO EXERCICIO 2013" cumpren cos obxectivos polos que foron aprobadas, dentro das competencias que lle corresponde ao Concello de Vigo, no marco da elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial PROPOÑO A XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

1º.- *Desestimar o recurso de reposición presentado...con... no que solicita a revogación do artigo 5.1.f e calquera outro nos mesmos termos das bases e convocatoria anteriormente referendada publicadas no BOP de data 05/07/2013.*

2º.-*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin a vía administrativa nos supostos termos e condicións do disposto nos artigos a 25 e 49 da Lei 29/1996 do 13 de xullo reguladora da xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

Acordo:

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe."*



Do que se deu cumprida información á interesada o 19/08/2013

### REFLEXIÓN

A interesada manifesta que aínda sendo o único membro da unidade de convivencia, a súa situación e de grave precariedade, exemplo que recoñece que non é o único que se da unha convocatoria como a que nos ocupa, coincidindo ademais co seu estado de saúde.

### **EXPEDIENTE 35/2013**

#### ASUNTO:

Queixa sobre o traslado dun Centro de atención social.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 25/10/2013. Con data 28/10/2013 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 25/11/2013, e o 23/12/2013.

### **EXPEDIENTE 38/2013**

#### ASUNTO:

Trato desaxeitado

#### SITUACIÓN:

Queixa recibida o 12/11/2013. con data 13/11/2013 solicítase o preceptivo informe.

### **EXPEDIENTE 38/2013**

#### ASUNTO:

Queixa por tratamento incorrecto.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 12/11/2013. Con data 13/11/2013, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 11/12/2013. Con data 20/11/2013 recíbese escrito da Concellería de política de Benestar Social no que informa o seguinte:

*"En resposta á súa solicitude de información de data 13.11.2013 relativa ao expediente de referencia, remitida a esta Concellería mediante oficio da Xefatura da Oficina de Participación e Atención Cidadá do 21.11.2013, prácese informarlle o seguinte:*

*1º. Consta no servizo de Benestar Social a queixa formulada que foi presentada no Rexistro Xeral Municipal o 12.11.2013( Doc. Nº 130131746) da que se xunta copia.*

*2º. Do escrito presentado non se deduce ningún trato incorrecto por parte da traballadora social que o atendeu, que se limitou a realizarlle determinadas preguntas para poder valorar a súa situación. A pertinencia do "comentario mal hecho" que o usuario lle atribúe a traballadora debe entenderse no contexto da relación profesional establecida e, en todo caso, non existiu a máis mínima intención de ofendelo. De telo feito, pídense desculpas.*

*3º. As traballadoras sociais municipais reciben formación continuada para atender correctamente ás persoas usuarias en situación de ansiedade ou crise xeradas pola súas particulares situacións persoais. Isto non sempre se consegue, pois as percepcións individuais das persoas en situacións complexas son moi variábeis e inevitablemente subxectivas.*

*4º. Malia o incremento da carga de traballo derivada da situación económica e social que actualmente padecemos, as limitacións legais á contratación de persoal e os continuos recortes da Administracións estatal e autonómica en servizos sociais, tanto no cofinanciamento de programas como no persoal dos servizos comunitarios básicos, desde esta Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo procúrase en todo momento atender co maior respecto e a maior dilixencia posíbel ás persoas usuarias dos seus servizos sociais."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 23/12/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 44/2013**

ASUNTO: Necesidade obras Centro Social

SITUACIÓN: Queixa presentada o 12/12/2013. con data 18/12/2013 solicitase o perceptivo informe.

## **CAPITULO II- DISTRITOS //////////////////////////////////////**

### **EXPEDIENTE 4/2013**

#### ASUNTO:

Queixa en relación coa tala e poda considerada pola interesada como abusiva das árbores da Avda. de Castelao, tendo solicitado, sen resposta o informe sobre o estudio que xustifique tal operación. O interesado ten presentado varias solicitudes no Concello sen recibir resposta algunha.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 07/02/2013. Con data 11/02/2013 solicitase o perceptivo informe que se reitera o 11/03/2013, 11/04/2013, 25/04/2013, 10/05/2013, 10/06/2013, 05/07/2013, 05/08/2013, 03/09/2013, 07/10/2013, 05/11/2013, 02/12/2013.

#### REFLEXIÓN:

En apoio do pedimento do interesado, achegando solicitudes da Asociación Veciñal Camiño Vello de Coia, Informes Técnicos, Notas de Prensa, Gráficos, Fotografías, etc.

### **EXPEDIENTE 41/2013**

#### ASUNTO:

Queixa en relación coa localización dos contentores de lixo.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 26/11/2013. Con data 27/11/2013 solicitase o perceptivo informe que se reitera o 26/12/2013.

#### REFLEXIÓN:

Danos producidos por actos vandálicos nos contentores cuxa situación xa fora reclamada hai anos, polo mal uso dos mesmos e debido a súa situación.

### **CAPITULO III- EDUCACIÓN////////////////////////////////////**

#### **EXPEDIENTE 2/2013**

##### ASUNTO:

Queixa en relación con unha situación considerada pola interesado como discriminatoria ao figurar nunha lista de agarda nunha instalación recreativa.

##### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 20/01/2013. Con data 28/01/2013 solicítase o perceptivo informe que se reitera o 25/02/2013, 25/03/2013, 25/04/2013, 27/05/2013, 28/08/2013, 25/09/2013, 28/10/2013, 25/11/2013.

Con data 05/12/2013, recíbese escrito da Dirección Deportiva no que informa o seguinte:

*A queixa presentada ante a institución do Valedor do Cidadá, con data 28/01/2013, foi respostada á interesada pola dirección técnica do complexo deportivo Máis que Auga de A Florida, en escrito de data 29/01/2013 que se xunta, onde se lle indicaba que a empresa xestora cumpre os prezos e condicións que deu orixe á construción dos complexos deportivos MQA.*

*O 17/06/2013 o departamento de Atención ao Cliente do complexo deportivo MQA de A Florida, achega a esta concellería informe onde indican os pasos dados en relación coa queixa presentada.*

*Por último, en relación coas tarifas en vigor, indicar que estas son aprobadas regulamentariamente coas revisións pertinentes e que teñen a súa orixe na adjudicación do contrato para a construción e explotación dos complexos deportivos de Barreiro e A Florida.*

*Sentimos a tardanza en respostar a este requirimento, pero o extravío e a tardanza en localizar duplicados da documentación non fixo posíbel enviar a mesma até o día de hoxe."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 09/12/2013

##### REFLEXIÓNS:

Ante a súa solicitude se lle comunica que para que os seus dous fillos (familia monoparental) ámbolos estudantes e que dependen economicamente da súa nai para que poidan facer uso das Instalacións como aboados, teñen que pagar como si fosen tres persoas individuais e os fillos "xoves" o que supón un custo non razoábel.

Entendemos que unha administración receptiva e resolutiva debe ademais proceder conforme ao novo concepto de Administración, dentro do marco do dereito, a unha Boa Administración como

dereito fundamental. A garantía do benestar e a calidade de vida depende, en boa medida, da capacidade de xestión equitativa que teña o poder público máis próximo ao cidadán.

As formas da acción administrativa non son compartimentos estancos, senón que se atopan en íntima correlación, de xeito que todas elas poidan utilizarse equitativamente.

A doutrina moderna enuncia a convertibilidade das denominadas técnicas de fomento.

Esquemmatizando cabe dicir que determinadas medidas pódense utilizar con outras finalidades.

Trátase de aumentar os dereitos e a capacidade dos cidadáns mediante a prestación dunha serie de servizos.

Esta actividade de fomento, cada vez mais utilizada, incide nun efecto de actividade sobre os particulares de xeito positivo, de estímulo, non de limitación. Destacando que dentro dos medios de fomento de carácter económico recóllense as subvencións, anticipos, primas e dentro dos de carácter xurídico existen as exencións e as desgravacións.

## **EXPEDIENTE 13/2013**

### ASUNTO:

Queixa en relación con expulsión da que foi obxecto da Biblioteca Central da que era socio.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 16/05/2013. Con data 20/05/2013 solicítase o perceptivo informe que se recibe o día 07/06/2013 e no que se comunica:

- 1) A dirección da Biblioteca Pública Central é responsabilidade da Xunta de Galicia a través do Servizo do Sistema de Bibliotecas de Concellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- 2) De conformidade aos antecedentes desta queixa remitidas pola dirección en funcións da biblioteca con data 13/05/2013 constan sobre a mesma:

-Denuncia atestado ref. 2996/12, de data 24/05/2013, presentada ante a Dirección Xeral de Policía, na cal se dá conta da reiteración de diversas faltas de respecto e menosprezo do Sr.....ao persoal da Biblioteca.

A vista do indicado do Servizo de Cultura e Bibliotecas, desístele por esta Oficina do Valedor do Cidadán de continuar co tema formulado por tratarse dunha cuestión que está fora das competencias deste Institución.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 10/06/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **CAPITULO IV- PARTICIPACIÓN CIDADÁ//////////**

### **EXPEDIENTE 27/2013**

#### ASUNTO:

Desconsideración nunha proba de selección.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 04/09/2013. Con data 09/09/2013 solicitase o perceptivo informe, que se recibe o 01/10/2013 e no que se expón o seguinte:

*"Con data 13 de setembro de 2013, recebeuse neste servizo de Participación Cidadá, a súa solicitude de informe polo respecto da queixa presentada a veciña de Vigo, respecto do "mal trato que recebeu o 24/07/2013, na entrevista de traballo que realizou, na que se lle dixo: "Non ai máis traballo que no Concello, non tiveches tempo de buscar noutro sitio", e, conforme ao escrito presentado INFORMO:*

1. *Dona....., se ten presentado as probas de selección do programa municipal de inserción laboral "Vigo Emprega", como candidata á cobertura dun posto de Oficial xardiñeiro-Forestal".*
2. *O proceso de selección aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 08/03/2013, expediente 9499/77, establece na súa cláusula 7, entre outras:*

*a) Nas FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN, o seguinte:*

- *Procedemento de selección de persoas candidatas a beneficiarias:*
- *Realización de entrevistas e proba práctica.*

*b) A Entrevista persoal, se valorará por un máximo 2 puntos), e:*

- *Realizáraselles ás persoas candidatas e nela valoraranse os aspectos ocupacionais de adecuación ao programa.*
- *Os puntos contidos nesta fase sumaranse ao resto das puntuacións acadadas, sempre que a persoa candidata obteña a cualificación de "apto/a". Considéranse "non apta" as persoas candidatas*

que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto. Sen esta cualificación de "apto" na entrevista, a persoa candidata será excluída do proceso de selección.

3. A comisión de selección, entre os aspectos ocupacionais, no caso dos oficiais, procura valorar a actitude de cada unha das persoas aspirantes, en aspectos relacionados coa busca activa de emprego, a formación desenvolvida, a capacidade de dirección de persoas, a súa integración socio-laboral, así como o interese demostrado en programas de emprego, baseándose non só na súa actitude na propia entrevista, senón na documentación achegada xunta coa solicitude como é no caso da vida laboral.
4. A criterio da Comisión de selección e dentro das súas competencias, Dona....., non cumpre cos mínimos necesarios para superar a fase de entrevista, polo que tal e como establecen as "BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA DE EMPREGO "VIGO EMPREGA", non pasou a fase de proba práctica.
5. Con relación a frase "Non ai máis traballo que no Concello, non tiveches tempo de buscar noutro sitio" aínda que o que subscribe non lembra a literalidade da entrevista, si se lle indicou a candidata que segundo consta na súa vida laboral, só foi contratada en programas de emprego do Concello de Vigo.
6. A maior abundamento o pasado 4 de setembro, a interesada foi recibida por esta xefatura, dándolle as explicacións pertinentes sobre as causas que deron lugar a non superar o proceso selectivo do programa "Vigo Emprega".

Do que se deu cumprida información á interesada o 07/10/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **CAPITULO V- MEDIO AMBIENTE //////////////////////////////////////**

### **EXPEDIENTE 1/2013**

#### ASUNTO:

Queixa en relación coa contaminación acústica veciñal.

#### SITUACIÓN:

Con data 24/01/2013, recíbese escrito do interesado no que informa que está a padecer contaminación acústica por parte de veciños de vivenda, e que solicitou a presenza da Policía Local quen proceden a medición sonométrica superando o nivel máximo permitido.

A vista do contido do expediente esta oficina de Valedor do Cidadán, con data 28/01/2013 comunícalle ao interesado que se trata dun conflito entre particulares indicándolle que polo que a normativa de contaminación acústica se refine, a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído, traspón a Directiva 2002/49/CE do Parlamento Europeo e de Consello, de 25 de xuño de 2002 sobre, avaliación e xestión do ruído ambiental, a cal establece, no seu artigo 2 que "...a presente directiva non se aplicará ao ruído producido pola propia persoa exposta, polas actividades domésticas dos veciños, no lugar de traballo, nin no interior dos medios de transporte así como tampouco aos ruídos, debido as actividades militares en zonas militares".

En consecuencia a solución será pública só se o causante da insubmisión ten algún tipo de licenza de actividade.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 28/01/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 14/2013**

### ASUNTO:

Queixa en relación coa poda de árbores, na Avda. Castelao.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 23/05/2013. Con data 24/05/2013 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 23/07/2013, 22/08/2013, 20/09/2013, 21/10/2013, 13/11/2013, 16/12/2013.

### REFLEXIÓNS:

O interesado solicitou, a través do Rexistro Xeral unha solicitude interesando o acceso á documentación que xustifique o corte das árbores citadas.

Cítase a continuación a Lei 27/2006.

## **EXPEDIENTE 20/2013**

### ASUNTO:

Queixa en relación con a acumulación de papel e restos de electrodomésticos usados e outros materiais.



Tendo feito a primeira notificación en febreiro de 2011.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 02/07/2013. Con data 03/07/2013 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 05/08/2013, 03/09/2013, 07/10/2013.

Con data 25/10/2013 recíbese escrito de Medio Ambiente no que se informa o seguinte:

*"En resposta aos seus escritos con nº de documento, 130078196, 130092662, 130100663, relativos a queixa de referencia dáselle traslado do informe emitido polo técnico de Administración Xeral de Medio Ambiente, cuxo tenor literal e o que segue:*

*"(...)En relación coa queixa formulada, infórmolle o seguinte:*

*Con datas 23/02/2011, 28/11/2011 e 06/03/2012, don.... formulou diversas queixas relativas a actividade de ferralla na Avda.*

*Con data 04/03/2011 e en relación co asunto referenciado, o Inspector de Medio Ambiente do Concello de Vigo emite informe literalmente como segue:*

*"(...) Xirada Inspección medioambiental de data 4 de marzo de 2011, ás 11:30 horas, antes de chegar o camiño de Pasales, comprobouse que a beira do río Xerxa, atópase unha casa onde os seus habitantes se dedican á recolla de chatarra. Comprobouse cas inmediacións da mesma e separada do río, ten acumulado, restos de electrodomésticos, bañeiras, microondas.*

*Non atopándose restos no río."*

*En data 31/07/2013, o xefe do servizo de Medio Ambiente remite solicita á Policía Local que identifique aos titulares da actividade de almacenamento e xestión de chatarra na Avda.*

*A Policía Local emite informe con data 22/08/2013, literalmente como segue:*

*"(...) A usted dan parte los policías que suscriben que en el día con motivo de un oficio remitido por Concejalía de Medio Ambiente con nº de expediente 2891/321, mediante el cual solicita la identificación del titular de la explotación de chatarrería que hay en la Avda., reseñar que se realizaron las siguientes gestiones:*

*-Que en lugar se están realizando labores de recogida de chatarra(electrodomésticos viejos) papel y cartón y también recogida de palets de madera para volverlos a reciclar y volver a elaborar otros palets de madera con otras medidas.*

*-Que identificado el propietario resultó ser (...).*

*-Que la identificación manifiesta que lo que hacen son labores de reciclaje de la maquinaria vieja que van recogiendo."*

*Asemade se lle informa que, polo que ás competencias en materia de residuos se refire, e de conformidade cos artigos 12.4.b); 27.1 e 46.3. a) da Lei 22/2011, do 28 de xullo de Residuos e Solos contaminados, xa se lle deu traslado dos documentos de referencia ao Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia. Os documentos anteriormente mencionados tamén foron remitidos ao Servizo de Disciplina Urbanística da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo."*

O que se lle informa aos efectos oportunos."

Do que se deu cumprida información ao interesado o 28/10/2013.

Sen incidencias posteriores.

### **EXPEDIENTE 42/2013**

#### ASUNTO:

Contaminación de fumes e cheiros por actividade de hostalería.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 26/11/2013. Con data 28/11/2013 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 26/12/2013.

#### REFLEXIÓN:

Reiteradas xestións dos interesados nas dependencias de Medio Ambiente, sen resultado. O interesado na queixa indica que o funcionario que lles atende, e veciño e cliente do local denunciado.

## **CAPITULO VI- TRÁFICO E TRANSPORTES //////////////////////////////////////**

### **EXPEDIENTE 3/2013**

#### ASUNTO:

Dificultades no transporte urbano.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 31/01/2013. Con data 31/01/2013, solicitase o preceptivo informe, que se recibe o 15/02/2013, no que se fai constar, por parte do Responsábel do Servizo de Atención o Viaxeiro, o seguimento realizado da situación que motivou a queixa.

### REFLEXIÓN:

Estas veñen dadas pola situación que motivou a queixa, que foi debida a que unha usuaria de 12 anos o facer uso da tarxeta resultou que o fondo da mesma non cubría o importe do Servizo, polo que pretendían cubrir o mesmo con moedas que sacaron da súa carteira resultando que caeu unha moeda que non foi quen de atopar, indicándolle ao condutor que o remanente do metálico que levaba non alcanzaba para cubrir o importe do viaxe.

A vista do anterior a condutora do autobús procedeu a expulsión da rapaza do autobús, quedando sola a nena de 12 anos que ademais padece unha deficiencia nas súas funcións executivas e conxuntivas dun 33%.

Da situación a empresa comunícalle que se procede a incoación dun expediente disciplinario

## **EXPEDIENTE 5/2013**

### ASUNTO:

Dificultades de esparcemento para menores nunha praza pública.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 11/02/2013. Con data 13/02/2013 solicitase o preceptivo informe que se reitera o 12/03/2013. Con mesma data recíbese escrito da Policía Local no que informa do seguinte:

*"En contestación ao seu escrito de referencia 2782/321, de data 19 de febreiro de 2013, no que solicitan informe sobre o obxecto da queixa suscitada por D. ..., lle informo que:*

*Efectivamente, a este dependencia remitiuse con data 25 de xaneiro de 2013 o escrito do cidadán, correspondendo ao número de Doc. 130008678.*

*No mesmo, exprésase a queixa "por reiteramento da actitude de impedir o libre esparcemento na praza pública das Palmeras, de menores con monopatín, con afirmacións esaxeradas escritas e verbais, incluído o continuo chamamento á policía local dalgunhas persoas"....(Achegamos copia da queixa).*

*Á vista da exposición que fai o Sr. ..., non parece derivarse da mesma, queixa algunha cara a actuación policial, se non máis ben cara a outro o outros veciños*

*Esta apreciación, é corroborada polo referido, co que se falou telefonicamente na mañá do día 28; poñendo de manifesto que certamente a queixa presentouna ao ser coñecedor de certas actitudes de veciños, que pretenden que os nenos non xoguen cos monopatíns na praza.*

*Poñemos en coñecemento dese departamento, que con data 7 de febreiro actual, respondemos a través de oficio número 88063/2013, a outro informe interesado pola mesma Institución que agora solicita este; derivándose naquela ocasión a solicitude, dunha queixa presentada por outro veciño; que facía e fai mención –porque as queixas non cesaron- aos ruídos xerados polos monopatíns na praza, ruído que lle crea molestias.*

*Os controis policiais de entón, deron como resultado, non observar a presenza de mozos con monopatíns, e aínda no caso de miralos; trátase dunha praza pública. Destinada a recreo e aos xogos de xeito xeral, non percibindo naquelas datas que o mobiliario urbano presentase danos.*

*Baseándonos na configuración da zona, informamos ao veciño que se queixa dos ruídos, da posibilidade de realizar medición santométrica na súa vivenda para cuantificar os decibelios, e si estes superan o nivel permitido estudar actuacións. até o día de hoxe, non parece que esa petición se levase a cabo.*

*Por outra banda, e segundo manifestou o Sr. .... ao oficial responsábel da sección de Relacións Cidadás, na praza só dous nenos xogan con monopatíns, sendo un deles, o seu fillo. Que en todo momento respectan o mobiliario urbano, e desde que é coñecedor da queixa doutro veciño por ruídos, os nenos xogan nunha zona da praza afastada do lugar onde reside o devandito veciño”.*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 15/03/2013 que manifesta o seu agradecemento pola “imparcialidade e dilixencia demostrada”.

Sen máis incidencias

## **EXPEDIENTE 6/2013**

### ASUNTO:

Sanción de tráfico por non respectar a prioridade do paso de peóns.

Comunica o interesado que, en ningún momento foi advertido, nin parado, nin obxecto de proba fotográfica. Solicitou unha entrevista co axente que tramitou a sanción, non sendo admitida tal xestión.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 12/02/2013. Con data 13/02/2013 solicitase o preceptivo informe, que se reitera o 12/03/2013, 11/04/2013, 10/05/2013, 16/06/2013, 05/07/2013, 02/09/2013, 07/10/2013.

Con data 27/11/2013 recíbese escrito de Seguridade e Mobilidade, no que informa o seguinte:

*"En resposta á súa petición de informe en relación coa queixa presentada, infórmolle:*

- *Mediante boletín nº 1581040, o Policía Local con carné profesional nº 294489, formula denuncia contra o condutor do turismo, matrícula....., por non respectar á prioridade de paso dos peóns nun paso sinalizado debidamente.*
- *Dita denuncia deu lugar á tramitación do expediente nº 128690519. O axente non realizou a notificación ao condutor no acto da denuncia para non alterar a seguridade da circulación, circunstancia amparada polo art. 76 do RDL 339/1990 e art. 10 RD 320/1994.*
- *Con data 17/12/2012, notificouse a denuncia o interesado. O denunciado abonou o importe da sanción coa bonificación legal do 50% do seu importe, polo que ao abeiro do disposto no art. 80 do RDL 339/1990 renunciou a formular alegacións, e no caso de ser formuladas, establece a Lei, teranse por non formuladas.*

*Visto o exposto, a sanción é firme polo que non procede a utilización da vía da queixa perante o Valedor para acadar a anulación dun acto administrativo firme, en cuxo procedemento respectáronse todos os dereitos do denunciado".*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 28/11/2013.

Sen incidencias posteriores

## **EXPEDIENTE 7/2013**

### ASUNTO:

Sanción de tráfico por estacionar o vehículo obstaculizando un carril de circulación (artigo 91.1 RGG).

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 21/02/2013. Con data 25/02/2013 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 25/03/2013, 25/04/2013.

Con data 16/05/2013, recíbese informe de Seguridade e Mobilidade no que indica que *"o procedemento respectou o procedemento legalmente establecido finalizando unha sanción ao infractor por un importe de 200 euros.*

*Que o interesado presentou alegacións e tamén recurso de reposición que foron desestimados.*

*Se o infractor consideraba que a sanción non se axustaba debeu impugnalala perante o Xulgado Contencioso-Administrativo."*

Sen incidencias posteriores.

#### REFLEXIÓNS:

Faise preciso indicar a consideración feita polo interesado ao dicir que o artigo 91.1 citado no documento da denuncia non corresponde co acontecido xa que en ningún momento o vehículo estaba estacionado, simplemente se detivo, como tantos outros para recoller pasaxeiros do autobús con motivo dunha excursión da "Asociación de Amigos del Rocío de Vigo", sendo a incidencia dunha parada con unha duración inferior a dous minutos, existindo testemuñas de cidadáns que estaban a realizar a mesma actividade que o interesado. Testemuñas que achegou co seu recurso de reposición.

Pola nosa parte, e a vista do exposto, entendemos que a sanción non debe considerarse axeitada a realidade do acontecido substancialmente.

#### **EXPEDIENTE 8/2013**

##### ASUNTO:

Irregularidades no sector do Taxi.

##### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 04/03/2013. Con data 05/03/2013 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 05/04/2013, 06/05/2013.

Con data 16/05/2013 recíbese escrito do Servizo de Transportes no que informa que "A queixa relativa a presuntas irregularidades cometidas no sector do Taxi consistentes en compravenda de licenzas municipais, en diñeiro negro, desleixo por parte dalgúns titulares de licenzas que deixan as explotacións en nome doutros e fai referencia a escritos presentados no Concello en agosto 2008 e febreiro 2013.

En relación co contido da queixa e consultada a documentación obrante nos arquivos municipais infórmase o seguinte:

Consultada a documentación das licenzas citadas como irregularidades nos arquivos municipais, e na D.X.T.A. a mesma é correcta e axústase ao disposto na ordenanza municipal reguladora do Servizo de autotaxi en vigor. Non obstante, e a vista da queixa, foron remitidos novos requirimentos aos titulares para a presentación de documentación no Servizo de Transportes, así mesmo o Policía Local está realizando controis desde o mes de febreiro sobre a totalidade das licenzas.

En relación cos escritos citados o 2008 indícanse que foi informado no mes de agosto do mesmo ano, e con relación o de febreiro de 2013 está pendente de informe”.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 20/05/2013.

Pola nosa parte e até esa data faise preciso subliñar, a modo de reflexións, que as anteditas irregularidades xa foran denunciadas na prensa local en febreiro de 2013, citando expresamente até sete números de licenzas.

Con data 19/06/2013 esta oficina do Valedor do Cidadán, dirixe escrito ao Servizo de Transportes comunicándolle que, con data 10/06/20103 o interesado fai entrega dunha copia de solicitude presentada no Rexistro de entrada do Concello solicitando licenza municipal de Taxi (indicando número) por xubilación do titular e que se atopa en situación ilegal.

Con data 10/06/2013 fai entrega dunha solicitude interesando información sobre a situación dunha licenza (indicando o número) que se atopa en situación de renovación.

Con data 14/06/2013 fai entrega dunha copia de solicitude presentada no Rexistro Xeral informando do paramento do titular dunha licenza, para que se informe da existencia ou non de familiares que reúnan as condicións para que, no seu caso, se lle teña en conta a súa solicitude. Interesando a información procedente.

Con data 16/07/2013, reiterase o pedimento anterior, que se reitera o 19/08/2013, facendo mención da solicitude tramitada polo interesado o 30/07/2013 sobre algunhas peculiaridades na xestión de dúas licenzas.

O pedimento informativo reiterase o 20/09/2013, 14/10/2013, 10/11/2013.

Con data 11/11/2013, recíbese escrito do Servizo de Transportes no que informa o seguinte:

*En resposta a as súas solicitudes de informe de datas 29 de agosto de 2013 e 26 de setembro de 2013, en relación aos escritos remitidos polo Valedor do Cidadán en datas 19 de xuño de 2013, 16 de xullo de 2013, 19 de agosto de 2013 e 19 de setembro de 2013, interesándose polos escritos presentados neste Concello*

*Consultados os mesmos e a documentación obrante neste Servizo de Transportes, infórmase o seguinte:*

- Documento 130067896. Este documento foi obxecto de resposta en data 28 de outubro de 2013.
- Documento 130067899. Este escrito no lo presenta la misma persona que formula las quejas.
- Documento 130070891. Este documento foi obxecto de resposta en data 28 de outubro de 2013.
- Documento 130091064. Este documento foi obxecto de resposta en data 28 de outubro de 2013.
- Achégase fotocopias das contestacións aos catro escritos que se citan.”

*"Non se reciben as fotocopias arriba citadas".*

Do que se deu traslado ao interesado o 13/11/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 11/2013**

### ASUNTO:

Mala circulación nunha praza pública.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 14/05/2013. Con data 16/05/2013 solicitase o preceptivo informe que se reitera o 12/06/2013, 10/07/2013, 19/08/2013, 18/09/2013, 14/10/2013, 11/11/2013, 11/12/2013.

### REFLEXIÓNS:

A problemática ven dada pola circulación en senso contrario de numerosos vehículos, incluso vehículos oficiais, así como aparcamento continuo nas beirarrúas, circulación por zonas dedicadas a uso dos nenos como lugar de recreo.

Sería necesaria a instalación de bolardos, alzamento de parte da calzada que obriga a moderar a velocidade, pasos peonís, abuso de motocicletas e sobre todo vixilancia da zona.

## **EXPEDIENTE 12/2013**

### ASUNTO:

Sanción de tráfico.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 16/05/2013. Con data o 16/05/2013, solicitase o preceptivo informe, que se reitera o 17/06/2013, 16/07/2013, 19/08/2013, 19/09/2013, 14/10/2013, 11/11/2013.

Con data 27/11/2013, recíbese escrito de Seguridade e Mobilidade no que informa o seguinte:

*"En resposta á súa petición de informe en relación expediente 12/2013, infórmolle:*



- O 21/10/2012 ás 17:36 horas, o axente con carné profesional nº XXX formula denuncia contra o vehículo matrícula....., por non respectar unha marca branca lonxitudinal continua (adiantar en liña continua).
- O 6/11/2012 notifícaselle ao titular requirimento para que identifique ao condutor.
- O 19/11/2012 se identifica como condutora do vehículo no momento dos feitos.
- O 18/12/2012 notifícaselle a denuncia que é recibida polo interesado.
- O 19/12/2012 presenta escrito de alegacións.
- O 23/01/2013 notifícaselle que á vista das alegacións presentadas resolveuse practicar proba consistente en solicitar informe do axente no que este, tras ratificar a súa denuncia, manifesta: "Que el vehículo realiza adelantamiento sin respetar una línea longitudinal continua y próximo a un paso para peatones regulado por semáforo. Que no se encuentra ningún tipo de valla en la calzada y no se notifica por no realizar el agente un cambio de sentido de la marcha".
- A proposta do Instrutor, o Concelleiro-delegado resolve sancionar.
- O 07/05/2013 notifícaselle a resolución sancionadora, indicándolle que pode presentar recurso de reposición no prazo de 1 mes ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.
- O 15/05/2013 presenta recurso de reposición no que reitera a súa desconformidade cos feitos denunciados.
- O 29/07/2013 abonou a sanción.

*Visto o exposto, a sanción é firme polo que non procede a utilización da vía da queixa perante o Valedor para acadar a anulación dun acto administrativo firme, en cuxo procedemento respectáronse todos os dereitos do denunciado."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 28/11/2013. Sen incidencias posteriores

#### REFLEXIÓN:

Faise preciso indicar que a sanción por non respectar unha marca branca continua non se deben a ningún adiantamento de vehículos, en circulación, senón a vehículos que estaban nese intre obstaculizando o carril na xornada (21/10/2012) das eleccións en Galicia, coincidindo ademais coa existencia de valos de obra no mesmo carril, sen que coa acción realizada se puxera en perigo a ninguén e circulando coa debida precaución e a velocidade mínima, tal como facían os outros vehículos que o precedían.

### **EXPEDIENTE 15/2013**

#### ASUNTO:

Interesando marquesiña en parada dunha residencia asistida.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 27/05/2013. Con data 28/05/2013 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 26/06/2013, 23/07/2013, 23/08/2013, 24/09/2013, 24/10/2013, 25/11/2013.

Con data 16/12/2013 recíbese escrito do Servizo de Transportes no que informa o seguinte:

*"En resposta a su solicitude de informe en relación con a queixa presentada por.....ante el Valedor del Ciudadano, y examinando el contenido de la misma se informa lo siguiente:*

*La queixa es relativa a una solicitude de colocación de una marquesina en la parada del autobús de la residencia asistida de la terceira edad del Meixueiro.*

*Tras efectuar las gestiones pertinentes a través de la Entidad Local Menor de Bembrive, se puede informar que en la actualidade la marquesina ha sido colocada, como se aprecia en la foto que se adjunta.*

*Lo que se le comunica a los efectos oportunos."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 18/12/2013.

Sen incidencias posteriores.

### **EXPEDIENTE 18/2013**

#### ASUNTO:

Sanción de tráfico

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 18/06/2013. Con data 19/06/2013, solicítase preceptivo informe, que se reitera o 16/07/2013, 19/08/2013.

Con data 23/08/2013, recíbese escrito de Recadación Executiva no que informa que a solicitude de nulidade foi resolta o 06/06/2013, acordándose a inadmisión da solicitude de nulidade de pleno dereito en base o disposto no artigo 102.3 da Lei 30/1992, Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Do que se deu cumprida información á interesada o 23/08/2013

### **EXPEDIENTE 21/2013**

#### ASUNTO:

Dificultades acceso a vivenda.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 08/07/2013. Con data 09/07/2013 solicitase o preceptivo informe que se reitera o 05/08/2013, 03/09/2013, 07/09/2013, 08/11/2013, 04/12/2013.

### REFLEXIÓNS:

A interesada séntese discriminada. Tras ser titular da tarxeta de acceso como residente naquela rúa, denégaselle a mesma en 2013 por non dispor de carta de condución.

Tense que comprender que o vehículo está a o seu nome e que a condución do mesmo recae na súa filla que vive na mesma residencia e que ámbalas dúas están censadas na mesma vivenda, sendo a filla a que traslada a súa nai, propietaria a o traballo e demais destinos necesarios.

Ademais o Concello prohíbelle facer uso do garaxe, o que resulta, ao noso modo de entender que tal prohibición e realmente unha discriminación que está impedindo o exercicio dun dereito, e causando unhas molestias e incomodidades dignas de consideración.

## **EXPEDIENTE 25/2013**

### ASUNTO:

Sanción de tráfico.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 21/08/2013. Con data 23/08/2013 solicitase o preceptivo informe, que se reitera o 24/09/2013, 25/11/2013, 23/12/2013.

### REFLEXIÓNS:

Estamos nunha situación na que unha vez mais non se teñen en conta as disposicións, sobre o estado da necesidade, non facéndose pola Policía as mínimas consideracións de trato preceptivas.

O condutor é un cidadán queixado dunha deficiencia do 75%, e cun vehículo no que claramente se ve que está adaptado a condución dunha persoa afectada seriamente e que se viu ante unha necesidade de realizar unhas xestións nunha entidade financeira, e dado que os aparcamentos atopábanse ocupados, ao cen por cen, e non existindo prazas de reserva para deficientes no seu entorno pese ao tránsito de vehículos, deixando totalmente visíbel a tarxeta acredita. Non obstante o vehículo foille retirado pola grúa municipal.

Ante esta situación e non atopando vehículo público adaptado ao seu impedimento, o seu fillo, non se nome, acudiu ao depósito de vehículos para retirar o automóbil, secuestrado onde se puido

comprobar que a autorización para aparcamento estaba totalmente visible, no recinto do depósito aceptouse o erro cometido, onde se lle indicou que volvесе ao Concello para recoller a autorización de retirada libre o que lle foi denegada e ademais de malas maneiras.

### **EXPEDIENTE 26/2013**

#### ASUNTO:

Sanción de Tráfico.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 03/09/2013. Con data 09/09/2013 solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 09/10/2013, 08/11/2013, 04/12/2013.

#### REFLEXIÓNS:

Novamente atopámonos con un suposto de necesidade de tipo laboral e funcional tan importante como é a actividade do Servizo de Correos.

O vehículo sancionado non obstaculizaba de ningunha maneira o paso de peóns, sendo a motivación do aparcamento o que o interesado estaba actuando nunha función oficial do Servizo de Correos, o ter que realizar uns traballos de carácter urxente e novidosos para o persoal de Correos da quenda de tarde.

E de recordar que outras situacións análogas son consideradas como de carácter normal e necesarias e que non son obxecto de penalización algunha ( frecuentes no ámbito do estadio de Balaídos, nos días de partidos de fútbol, sen adopción de medidas de control absoluto).

### **EXPEDIENTE 30/2013**

#### ASUNTO:

Sancións de Tráfico.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 01/10/2013. Con data 07/10/2013 solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 05/11/2013, 02/12/2013.

## REFLEXIÓNS:

O interesado fai unha precisión sobre os datos que figuran na publicación do BOP, no se corresponden coas datas nas que presuntamente se cometeron os feitos que se sancionan.

A comunicación efectúase transcorridos mais de seis meses, desde que presuntamente se efectuou a infracción.

## **EXPEDIENTE 32/2013**

### ASUNTO:

Paso de peóns en situación perigosa.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 15/10/2013. Con data 16/10/2013 solicitouse o preceptivo informe, que se reitera o 18/11/2013. Con data 22/11/2013 recíbese escrito de Mobilidade no que informa o seguinte:

*"PROBLEMÁTICA CON EL PASO DE PEATONES DE CALLE COVELO*

*Estudiada su solicitud referente a las quejas de D.....por las maniobras incorrectas sobre el paso de peatones en la Calle ..... se les informa de lo siguiente:*

*1º-Revisada señalización es correcta*

*2º-Se ha solicitado intervención de la Policía Local (se adjunta solicitud) ya que la maniobra a la que se refiere D.....es incorrecta y sancionable. Recibidos partes de policiales referentes a la vigilancia de la ejecución de la maniobra escrita (se adjuntan a este escrito) no se observa que nadie hiciese dicha maniobra, si bien han sancionado aparcamientos incorrectos.*

*No obstante se intentará hacer un seguimiento de la situación"*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 25/11/2013.

## **EXPEDIENTE 34/2013**

### ASUNTO:

Situación persoal do X.E.R.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 18/10/2013. Con data 22/10/2013 solicitouse o preceptivo informe, que se reitera o 18/11/2013, 16/12/2013.

**EXPEDIENTE 39/2013**

ASUNTO:

Sanción de tráfico.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 18/11/2013. Con data 19/11/2013 solicitouse o preceptivo informe, que se reitera o 16/12/2013.

**EXPEDIENTE 40/2013**

ASUNTO:

Queixa remitida desde o Valedor do Pobo (Madrid). Sobre irregularidades na comunicación das sancións.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 08/11/2013. Con data 19/11/2013 solicitouse o preceptivo informe, que se reitera o 16/12/2013.

Con data 20/12/2013, recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que informa o seguinte:

*“En contestación al escrito presentado ante el Defensor del Pueblo por D..., se informa:*

- 1. Con relación a la manifestación del señor ....relativa al incremento del número de expedientes sancionadores tramitados por este servicio, recordar la obligación legal que existe de tramitar todas las denuncias de tráfico formuladas por la Policía Local en ejercicio de sus funciones de control del tráfico. Recordar también que es una obligación de la policía denunciar las infracciones que cometan los infractores para velar por la seguridad vial.*
- 2. Con relación a la contratación de la empresa "... recordar que la Ley de Bases de Régimen Local 7/1985 permite a los ayuntamientos gestionar directa o indirectamente los servicios públicos, siendo la concesión administrativa una fórmula legal para la gestión de los servicios públicos.*

3. *Que todos los expedientes sancionadores en materia de tráfico y seguridad vial se tramitan con observancia del procedimiento legalmente establecido en el R.D. Legislativo 339/1990 de 2 de marzo, por el que se aprueba el Texto Articulado de la Ley sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor y Seguridad vial y demás normativa legalmente aplicable a dichos procedimientos.*
4. *Que las preceptivas notificaciones de dichos procedimientos sancionadores se practican mayoritariamente a través del Servicio de Correos y, en un porcentaje menor, por otro operador postal legalmente autorizado. En cuanto a la afirmación de que "las notificaciones no son enviadas a través del servicio de correos," se le informa de que el Real Decreto 1298, de 10 de noviembre de 2006, regula el acceso a la red postal pública por los operadores postales, causado por la liberalización de dicho sector. En el Real Decreto se establece que podrán acceder a la red postal pública gestionada por Correos los operadores postales con autorización administrativa singular para prestar los servicios postales incluidos en el ámbito del Servicio Postal Universal. El operador responsable de la prestación del servicio postal universal (CORREOS) está obligado a facilitar el acceso a la red postal pública de todos los operadores postales titulares de una autorización singular que lo soliciten y cumplan las condiciones de referencia establecidas en la normativa a tal efecto.*

*Este acuerdo permite al operador solicitante el acceso a la red pública en condiciones iguales o equivalentes a las aplicadas por el gestor de la red a sus propias filiales, empresas, entidades asociadas o colaboradoras, a los remitentes de envíos masivos o a los preparadores del correo de varios clientes, garantizando el respeto de los principios de transparencia, no discriminación y objetividad y las demás reglas previstas en su normativa. Es por ello que las notificaciones no han de ser realizadas única y exclusivamente a través de Correos.*

*La propia Ley 43/2010 del Servicio Postal Universal de los derechos de los usuarios y del mercado postal establece en su preámbulo: "La oportunidad la brinda este mismo hecho. Es, pues., el momento de dotarnos de un modelo completo y coherente para garantizar un servicio postal universal eficaz, eficiente y de calidad, en consonancia con las demandas de nuestros ciudadanos y empresas; un modelo que garantice de manera efectiva los derechos de los usuarios de los servicios postales, sea cual sea la naturaleza del prestador de los mismos; y, finalmente, proporcione al mercado un equilibrado y justo marco para el ejercicio de la libre competencia basado en la protección del interés general y en la ponderación de los intereses de los distintos agente, públicos y PRIVADOS, que operan en este mercado".*

*Del mismo modo, el art. 3.8, dispone la definición de operador postal:*

*"8. <Operador postal>: la persona natural o jurídica que, con arreglo a esta Ley, presta uno o varios servicios postales. El tercero que preste servicios postales en exclusiva para un único remitente que actúe en régimen de autoprestación queda excluido de esta definición".*

*Asimismo, y de acuerdo con lo establecido en la Disposición Adicional primera del mismo texto legal, el Operador designado por el Estado para prestar el servicio postal universal a día de hoy es la empresa pública Correos, si bien no lo es en términos definitivos sino por un plazo de tiempo*

*limitado, pudiendo a dicho término procederse desde el Ministerio de Fomento al nombramiento de otro operador postal distinto:*

*“La <Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima> tiene la condición de operador designado por el Estado para prestar el servicio postal universal por un período de 15 años a partir de la entrada en vigor de la presente ley, y en su virtud queda sujeto a las obligaciones de servicio público consistentes en la prestación de los servicios que se recogen en el título III, que deberá cumplir conforme a los principios, requisitos y condiciones que se establecen en esta Ley y en el plan a que se refiere el artículo 22.2.”*

*Asimismo, la tramitación de notificaciones por parte de un operador postal distinto de Correos, permite la práctica de notificaciones personales mediante acuse de recibo incluso en horario de tarde, lo que incrementa de forma notable el número de entregas al propio denunciado. Por último, en relación con esta cuestión ha de hacerse constar que a día de hoy no es en absoluto significativo el número de quejas formuladas por los ciudadanos en relación con la práctica de las notificaciones realizadas por operador postal distinto de Correos.*

- 5. Que la notificación edictal a través de publicación en el BOP (en las condiciones establecidas en el art. 59.5 de la Ley 30/1992) es el último recurso empleado por esta Administración, intentándose en todo caso la notificación personal a los interesados en los domicilios que constan declarados en el Registro de Conductores e infractores de la DGT, al amparo de lo establecido en el art. 77 de la LSV, e incluso, reiterando el intento de notificación en otros posibles domicilios que se encuentran al alcance o de los que pueda tener conocimiento este Ayuntamiento. En muchas ocasiones la no recepción de dichas notificaciones se debe a falta de actualización de los domicilios que figuran en dichos Registros por parte de los interesados.*
- 6. Cada uno de los procedimientos sancionadores instruidos por este departamento es susceptible de la formulación de alegaciones o recursos establecidos en el RD Legislativo 339/1990 (LSV) y demás normativa aplicable. Dichos recursos se estudian de forma individualizada sin que en ningún caso se produzca indefensión a los ciudadanos. Si durante la tramitación del procedimiento se constata que alguna notificación no se ajusta a la legalidad o hubiera sido indebidamente practicada por esta Administración, se retrotraen las actuaciones al momento procedimental oportuno o al archivo del expediente, según legalmente proceda.”*

## **EXPEDIENTE 43/2013**

### ASUNTO:

Sanción de tráfico.



SITUACIÓN:

Queixa presentada o 05/12/2013. Con data 09/12/2013 solicitouse o preceptivo informe.

REFLEXIÓN:

Os datos da denuncia non se corresponden coa realidade da situación do vehículo. O interesado e titular dunha praza de garaxe no punto de aparcamento; dándose un erro por parte da administración pública.

**EXPEDIENTE 45/2013**

ASUNTO:

Sanción de tráfico.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 26/12/2013. Con data 27/12/2013 solicitouse o preceptivo informe.

**CAPITULO VII - URBANISMO E VIVEND //////////////////////////////////////**

**EXPEDIENTE 9/2013**

ASUNTO:

Obras sen respectar a legalidade urbanística.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 11/03/2013. Con data 12/03/2013 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 11/04/2013, 10/05/2013, 10/06/2013, 05/07/2013, 05/08/2013, 02/09/2013, 07/10/2013, 05/11/2013, 02/12/2013.

REFLEXIÓN:

O motivo da queixa ven motivado polo feito de que a carón da súa propiedade instalouse un campo de xogo de petanca achandando o terreo e deixando o peche máis alto que o da súa propiedade. Instálanse tres focos de luz enfocados cara a súa casa, e producíndose un elevado ruído cando se está practicando o xogo da petanca.

A reacción oficial debida polo Concello está resultando nula, ante as peticións da interesada cales son:

-09/04/2012  
-23/01/2012  
-23/01/2012  
-16/01/2012  
-19/12/2011

Todas as solicitudes foron acompañadas de fotografías.

Estamos ante un suposto que atenta dobremente contra a normalidade urbanística e contaminación acústica.

## **EXPEDIENTE 10/2013**

### ASUNTO:

Terreno pechado sen desfrute dos cidadáns.

### SITUACIÓN

Queixa recibida o 18/03/2013. Con data 24/03/2013, solicítase o preceptivo informe que se recibe o 23/05/2013 e no que se indica o seguinte:

“Os espazos obxecto do expediente están situados a ambos lados e entre as edificacións que contan con licenza municipal autorizada do ano 1982, e os espazos de referencia foron obxecto de cesión de uso de superficie ao Concello na dita licenza, xa que logo de uso público.

Nestes espazos, xa que conforman o acceso aos portais das edificacións, podería autorizarse a colocación de elementos de seguridade para manter unhas axeitadas condicións de accesibilidade (por exemplo, para impedir o acceso e aparcamento de vehículos de dúas rodas....) sempre e cando non se menoscabe o uso público dos ditos espazos.

Por outra banda, no ano 2012 autorizouse a comunidade de propietarios, das edificacións unha licenza para acometer obras de reparación nestes espazos e no garaxe que está baixo rasante, xa que existían problemas de filtración de augas.”

Do que se deu cumprida información ao interesado o 24/05/2013.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 16/2013**

### ASUNTO:

Obras sen respectar a legalidade urbanística, instándose a derruba e os retranqueos correspondentes.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 27/05/2013. Con data 28/05/2013, solicitase o preceptivo informe, que se reitera o 26/06/2013, 23/07/2013, 23/08/2013, 24/09/2013, 23/10/2013, 25/11/2013, 23/12/2013.

## **EXPEDIENTE 17/2013**

### ASUNTO:

Revisión dunha licenza instando a caducidade da mesma, así como a revisión dos retranqueos e variantes de rasante natural.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 27/05/2013, con data 28/05/2013 solicitase o preceptivo informe que se reitera o 26/06/2013, 23/07/2013, 23/08/2013, 23/09/2013, 28/10/2013, 25/11/2013, 23/12/2013, 28/10/2013, 25/11/2013, 23/12/2013

## **EXPEDIENTE 24/2013**

### ASUNTO

Obras que invaden a carreteira.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 19/08/2013. Con data 20/08/2013 solicitase o preceptivo informe, e de novo o 20/09/2013, e o 21/10/2013.

Con data 11/11/2013 recíbese escrito desde a Concellería de Fomento no que informa o seguinte:

*"En contestación á solicitude sobre obxecto da queixa, esta oficina técnica informa que:*

*O viario ao que se fai referencia está incluído no Proxecto de Urbanización do P.P. Pombal aprobado definitivamente en sesión extraordinaria do Consello da Xerencia de Urbanismo de 24 de xuño de 1999.*

*O 17 de xullo de 2006 a Xunta de Goberno Local acordou a recepción parcial das obras de urbanización do P.P. Pombal e Mellora do Firme do Camiño Baixada á Pontenova, quedando pendente de remate a zona verde a algúns viarios entre os que se inclúe o CA-6 (que corresponde co tramo de rúa mencionado na queixa) para poder proceder á recepción definitiva da urbanización e con ela dar de alta todos os servizos, entre eles o alumado público.*

*O 5 de agosto de 2013, concluíronse as obras e procedeuse á apertura do expediente para a recepción definitiva que se atopa actualmente en trámites.*

*Acompáñase a este escrito copia de plano do P.U. aprobado así como, fotos do estado anterior e do estado actual da rúa onde pode apreciarse a mellora substancial da rúa coa solución técnica adoptada."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 13/11/2013. Con data 20/11/2013 comparece o interesado e manifesta unha serie de obxeccións o informe anterior, e con data 21/11/2013 solicítase informe a Concellería de Fomento, que se recibe o 16/12/2013 e no que se indica que as obras executadas axústanse ao proxecto de urbanización aprobado. Do que se informa ao interesado o 18/12/2013.

#### REFLEXIÓNS:

A realización dunhas obras que están a ocasionar a redución dunha beirarrúa construída polo interesado para poder edificar a súa casa.

### **EXPEDIENTE 28/2013**

#### ASUNTO:

Solicitud de documentación

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 19/09/2013. Con data 24/09/2013 solicítase o preceptivo informe, e de novo o 21/10/2013.

Con data 28/10/2013, recíbese escrito da Concellería de Fomento no que informa o seguinte:

#### *"INFORME*

*En data 01/07/13 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello un escrito, no que solicita copia íntegra en formato dixital dos proxectos que forman parte dos seguintes expedientes:*

- *Expediente 2088/443, relativo as obras de "Terminación da Rede de Esgotos na rúa Areal (tramo Canceleiro-República Arxentina)".*

- Expediente 2229/443, relativo as obras de "Renovación das redes de abastecemento e saneamento na Avda. Camelias. Fase I (Álvaro Cunqueiro-Rúa Ourense).

Consultados os arquivos, se observa que esta solicitude a data de hoxe non foi resolta polos seguintes motivos:

1º.- Que de acordo co artigo 21 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo (BOP nº 180 de 17/09/2010), relativo ao dereito a obter copias dos documentos municipais, a solicitude que se presente, non só detallará os documentos dos que se solicita copia, senón que tamén deberá motivarse a súa necesidade; condición esta última que non cumpre a solicitude do interesado.

2º.- Que tamén convén precisar que o Tribunal Supremo entende que o dereito de información derivado do artigo 23 da CE, non inclúe, como contido propio do dereito fundamental, o dereito de obtención de copias. E cando o citado dereito existe a doutrina entende que dito dereito non pode ser ilimitado, senón que debe conxugarse co dereito á propiedade intelectual, dado que o artigo 10.1 f) do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, inclúe expresamente no obxecto da propiedade intelectual "os proxectos, planos, maquetas e deseños de obras arquitectónicas e de enxeñería".

O artigo 17 do mesmo texto normativo establece que "Corresponde ao autor o exercicio exclusivo dos dereitos de explotación da súa obra en calquera forma e en especial, os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación, que non poderán ser realizadas sen a súa autorización". E "se entende por reprodución a fixación directa ou indirecta, provisional ou permanente, por calquera medio e en calquera forma, de toda a obra ou de parte dela, que permita a súa comunicación ou a obtención de copias".

Neste caso, as obras ás que se refire a solicitude forman parte da execución do plan de investimentos que ten que levar a cabo a concesionaria Aqualia e dos compromisos adquiridos en virtude do disposto no acordo de prórroga da xestión do servizo público adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 21 de novembro de 2011. Estes proxectos técnicos son redactados por unha persoa ou entidade para Aqualia, quen os presenta para a súa aprobación, se procede, pola Xunta de Goberno Local.

Tamén por este motivo non procede ao noso xuízo a entrega das copias dos proxectos."

Do que se deu cumprida información ao interesado o 28/10/2013.

#### REFLEXIÓNS:

Independentemente do disposto na Lei 30/1992, artigo 37, é de contemplarse o disposto referir a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, no seu artigo 41.2, regulador de acceso aos citados arquivos e rexistros.

### **EXPEDIENTE 33/2013**

#### ASUNTO:

Actuacións nun terreo público que causan estragos e perigo nunha propiedade privada.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 15/10/2013. Con data 16/10/2013 solicitase o preceptivo informe, que se reitera o 18/11/2013, 11/12/2013.

#### REFLEXIÓNS:

O pedimento informativo realizase despois do recoñecemento pola autoridade urbanística da situación xa fai máis dun ano.

### **EXPEDIENTE 37/2013**

#### ASUNTO:

Rexeito indebido recurso de reposición.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 11/11/2013. Con data 12/11/2013 solicitase o preceptivo informe, que se reitera o 11/12/2013 e que se recibe o 16/11/2013: informe detallado e amplo, que se remite en fotocopia ao interesado e, entre outras precisións indícase:

*"Revogar a resolución de data de 10 de setembro en canto á inadmisión a trámite por extemporáneo de recurso de reposición achegado por..... contra a resolución da Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo do día 26 de xuño de 2013 e manter en todo caso a resolución de data de 10 de setembro de 2013 en canto á desestimación do recurso de reposición realizada".*

Do que se deu literal copia do informe ao interesado o 18/12/2013.

#### REFLEXIÓNS:

Independentemente do disposto na Lei 30/1992, artigo 37, é de contemplarse o disposto referir a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, no seu artigo 41.2, regulador de acceso aos citados arquivos e rexistros.

## CAPITULO VIII – XESTIÓN MUNICIPAL //////////////////////////////////////

### EXPEDIENTE 22/2013

#### ASUNTO:

Embargo conta bancaria.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 29/07/2013. Con data 30/07/2013 solicitase o preceptivo informe que se reitera o 24/09/2013.

Con data 25/10/2013 recíbese informe no que consta o seguinte:

*“En contestación a su escrito de fecha 02/08/2013 n° doc. 130090773, Expediente n°: 2903/ 323 en el que el Valedor do cidadá solicita informe sobre la queja formulada, (doc. 130078368) con motivo de una deuda de impago del Impuesto de Vehículos entre los años 2003 y 2009 de un vehículo que dice no ser de su propiedad, esta Unidad de Recaudación Ejecutiva remite el siguiente INFORME:*

*En fecha 16 de octubre de 2013 el Sr. Tesorero Municipal en uso de las facultades reconocidas en el artículo 225.1 de la Ley 58/2003 General Tributaria y artículo 14.2 RD Legislativo 2/2004 Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales acuerda DESESTIMAR el Recurso Potestativo de Reposición interpuesto, contra la DILIGENCIA DE EMBARGO dictada en relación a los recibos detallados, conforme a la propuesta de resolución emitida por la Sección de Recaudación Ejecutiva, de cuyo contenido deberá darse traslado al interesado a los efectos de lo dispuesto en los artículos 42 y 93 de la Ley 30/92 de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.*

*En cuanto al informe propuesta emitido por esta Unidad de Recaudación Ejecutiva que fundamenta la desestimación del mencionado recurso potestativo de reposición se transcribe a continuación:*

*I. Alega: que el vehículo matrícula ... nunca fué de su propiedad y que el único beneficiario de la devolución tributaria es por lo que el embargo es improcedente.*

*La oposición a la DILIGENCIA DE EMBARGO sólo es posible por los MOTIVOS TASADOS previstos en la Ley General Tributaria (artículo 170.3 LGT 58/2003).*

Art. 170.3: *“Contra la diligencia de embargo sólo serán admisibles los siguientes motivos de oposición:*

- 1. Extinción de la deuda o prescripción del derecho a exigir el pago.*
- 2. Falta de notificación de la providencia de apremio.*

3. Incumplimiento de las normas reguladoras del embargo contenidas en esta ley.

4. Suspensión del procedimiento de recaudación”.

II. No obstante, a pesar de ello se dio traslado del recurso al SERVICIO ECONOMICO COMPETENTE (DPTO. VEHICULOS) para la emisión de INFORME al respecto.

Con fecha 11/09/2013 dicho SERVICIO DE VEHICULOS remite informe en el que se indica que la liquidación tributaria es correcta y firme. El informe fue elaborado en los siguientes términos:

“Consultados los antecedentes obrantes en este Negociado de Tributos Especiales de la Administración de Tributos, se comprobó que el procedimiento formal de liquidación y notificación para ingreso en período voluntario y recursos procedentes se cumplimentó correctamente a la vista de los datos de la Jefatura Provincial de Tráfico donde el propietario de dicho vehículo fue la recurrente.”

III. En cuanto a la procedencia del embargo de devolución tributaria al ser único beneficiario y no la solicitante es necesario puntualizar lo siguiente:

En fecha 19/06/2013 se embarga por esta Unidad de Recaudación Ejecutiva la cantidad de 726,73 € y se aplica a las deudas relacionadas con anterioridad titularidad, titular expediente administrativo de apremio FO24638 tramitado por esta Unidad de Recaudación.

Al alegar la solicitante por tanto que en la declaración de IRPF constan dos sujetos pasivos, la titular del expediente de apremio y, estamos ante un embargo de devolución del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas (IRPF) de una declaración conjunta.

La denominada «tributación conjunta» por el IRPF fue introducida en nuestro Ordenamiento Fiscal por la Ley 20/1989, y se recoge actualmente en el artículo 83 y concordantes de la Ley 35/2006, regula dora de dicho impuesto (en adelante, LIRPF).

A efectos fiscales, el legislador permite a las personas que integran una unidad familiar optar entre dos modalidades de tributación: separada y conjunta: caracterizada esta última principalmente por provocar una acumulación de las rentas de cualquier tipo obtenidas por las personas físicas integrantes de la unidad familiar (para determinar una deuda tributaria única), y una responsabilidad conjunta y solidaria de todos los miembros en relación con la deuda tributaria determinada «sin perjuicio del derecho a prorratear entre sí la deuda tributaria según la parte de renta sujeta que corresponda a cada uno de ellos».

Esto último significa que, con independencia de que frente a la Hacienda Pública exista una única deuda y una responsabilidad solidaria (pudiendo, pues, dicha Administración Tributaria dirigirse contra el patrimonio de cualquiera de los miembros de la unidad familiar de que se trate para hacer efectiva en su integridad la deuda tributaria única fijada por acumulación, con exclusión, en su caso, de las sanciones pecuniarias por infracciones tributarias imputables a uno solo de ellos), en la relación interna entre los miembros de la unidad familiar, la deuda tributaria podrá prorratearse corriendo cada uno con la parte que resulte según



las normas de régimen económico-matrimonial o los preceptos de la legislación civil aplicable en cada caso a las relaciones patrimoniales existentes entre los sujetos pasivos que hayan decidido optar por tributar conjuntamente.

En los supuestos de tributación conjunta por IRPF nos encontramos no ante un caso de responsabilidad solidaria sino de solidaridad entre contribuyentes establecida en el artículo 35 de la Ley General Tributaria: "La concurrencia de varios obligados tributarios en un mismo presupuesto de una obligación determinará que queden solidariamente obligados frente a la Administración tributaria al cumplimiento de todas las prestaciones, salvo que por ley se disponga expresamente otra cosa".

Por lo tanto, si la tributación acumulada por IRPF determina una deuda tributaria única lógicamente también origina un crédito único frente a la Hacienda Pública cuando se produzca una declaración con derecho a devolución. Dicho crédito será de cotitularidad de los declarantes el cual tendrá el carácter de solidario, ya que si la LIRPF ha tipificado expresamente como solidarias las deudas a favor de la Hacienda Pública parece que esa misma naturaleza solidaria habrán de tener los créditos que arrojen dichas declaraciones acumuladas.

Así las cosas, el hecho de que entre los «cotitulares» del derecho de crédito surgido de una declaración tributaria conjunta por IRPF exista legalmente un vínculo de solidaridad activa trae como consecuencia que la Administración, para el cobro de las deudas de Derecho público de uno de tales cotitulares, pueda embargar íntegramente dicho derecho de crédito, con independencia de que «internamente» éste sea únicamente propietario de una parte de tal crédito en función de su régimen económico-matrimonial y de las rentas comunes o propias consignadas en la declaración acumulada de la que derive, sin posibilidad de oposición del otro cónyuge no deudor a su embargo total a través de una tercera de dominio de las previstas en el artículo 117 y ss del Reglamento General de Recaudación, cuya admisibilidad llevaría al absurdo de la desnaturalización de la propia figura jurídica de la solidaridad crediticia activa

III. En consecuencia, el recurso ha de ser DESESTIMADO.

Do que se deu cumprida información á interesada o 08/10/2013.

#### REFLEXIÓN:

A interesada manifiesta que o citado embargo refírese a unha débeda con outra entidade pública como consecuencia do imposto de vehículos cando tal propiedade non é correcta xa que o vehículo fai anos que se venden a unha empresa de despece.

#### **EXPEDIENTE 29/2013**

#### ASUNTO:

Discrepancia pagamento imposto municipal.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 28/09/2013. Con data 29/09/2013 solicitase o preceptivo informe, que se reitera o 28/09/2013.

Con data 18/11/2013 recíbese escrito de Tesourería-Recadación no que informa o seguinte:

*"INFORME:*

*En contestación ao seu escrito de data 02/10/2013, nº doc. 2926/321, ESTA Unidade de Recadación remite o seguinte INFORME:*

*Que, de acordo ao establecido no art. 41.3 da Ordenanza Fiscal Xeral del Concello de Vigo:*

- *As débedas de 400.000 € a 1.000,00 €, poderán aprazarse ou fraccionarse até un máximo de tres meses ou de tres mensualidades.*
- *As débedas de 1.000,01 € a 3.000,00 €, poderán aprazarse ou fraccionarse até un máximo de seis meses ou de seis mensualidades.*
- *As débedas de importe superior a 3.000,00 €, poderán aprazarse ou fraccionarse até un máximo de doce meses ou mensualidades.*

*Só excepcionalmente se aprazarán ou fraccionarán débedas de contía inferior a 400,00 € ou por prazos superiores aos previstos. En particular aprazaranse ou fraccionaranse as débedas tributarias de contía inferior a 400,00 € ou por prazos superiores aos previstos e en todo caso durante os exercicios 2012 e 2013, entre outros, nos seguintes supostos:*

- *Cando a persoa debedora non teña ningunha fonte de ingresos durante como mínimo 6 meses.*
- *Cando a persoa debedora sexa desempregada de longa duración.*
- *Cando a persoa debedora teña unha renda inferior a dúas veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (contía mensual do IPREM para o ano 2013 establecida en 532,51€).*

*En data 18/07/2013 o reclamante formulou solicitude de fraccionamento do pago do IVTM 2013 (Exp. 21121/700). Revisada a citada solicitude, pendente de resolución na data actual, e despois de comprobar a concorrencia de un dos supostos de excepcionalidade establecidos na norma anteriormente citada, citarase ao interesado para fraccionar nas condicións establecidas no art.º 41.2 da Ordenanza Fiscal Xeral deste Concello para o ano 2013.*

*EL JEFE DE LA UNIDAD DE RECAUDACIÓN EJECUTIVA".*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 19/11/2013.

Sen incidencias posteriores.

#### REFLEXIÓNS:

Tense que entender que a Garantía de benestar e a calidade de vida dependen, en boa medida da capacidade de Xestión equitativa que ten o poder público mais próximo ao cidadán.

As formas de acción administrativa atópanse en íntima correlación, de xeito que todas poidan utilizarse alternativamente.

Determinadas medidas técnicas poden utilizarse alternativamente, trátase de aumentar os dereitos e a capacidade dos cidadáns mediante a prestación de servizos, o que ven a significar estímulos de carácter positivo, e non de limitacións.

### **EXPEDIENTE 31/2013**

#### ASUNTO:

Reclamación identificación titulares propietarios.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 14/10/2013. Con data 16/10/2013 solicitase o preceptivo informe, que se reitera o 19/11/2013, o 16/12/2013.

Con data 16/12/2013 recíbese escrito do Servizo de Administración de Tributos, no que informa o seguinte:

*En relación co seu escrito de 21/10/13 sobre o asunto de referencia, informáselle o seguinte:*

*D.....presentou neste Concello o 29.05.13 solicitude para que o importe dos recibos de IBI se divida en dous e o da recollida de lixo se xire a cada un dos titulares dos pisos.*

*En relación co recibo do IBI realizáronse as seguintes actuacións:*

*A concelleira de Economía e Facenda o 20.06.13 en exp. 39710/512 desestimou a solicitude formulada polo interesado de 29.05.13 ( Doc. 130063490) de fraccionamento da cota do Imposto sobre bens inmoables de natureza urbana para o seguinte exercicio relativa ao inmovible con ref. cat. ... situado na rúa, en aplicación do disposto no art. 4.1 da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmoables, que sinala que "Aínda que concorran varias titularidades catastrais nun mesmo ben inmovible, o suxeito pasivo será único: quen figure con esta condición no ficheiro de remisión do Padrón Catastral anual ".*

No mesmo sentido pronunciase a Ordenanza fiscal Xeral do Concello de Vigo no artigo 20.4 que sinala " en relación a cada feito imponible, o suxeito pasivo obrigado ao pagamento da débeda tributaria será único aínda que concorresen varias titularidades de dereitos sobre un mesmo obxecto tributario".

Na mesma resolución informáse que poderá solicitar expresamente da Administración de Tributos do Concello para que o seguinte exercicio se faga constar como suxeito pasivo a outro dos cotitulares do inmóbel.

Ao interesado notificouse o 09.07.13, de acordo co xustificante de entrega que consta no expediente.

En relación coa taxa pola recollida de lixo para o mesmo inmóbel, se realizaron as seguintes actuacións:

O 15.03.13 o interesado solicitou a modificación da titularidade da ins. 6771 do Padrón Fiscal da Taxa de Lixo Vivendas do inmobile da rúa.

Dita solicitude foi tramitada co nº de exp. 40893/513, e por Resolución da Alcaldía de data 07.06.13, estimouse tal pedimento con efectos do exercicio fiscal 2013.

En data 29.05.13 presentou novo escrito respecto do IBI e da Taxa de Lixo Vivendas, escrito que foi tramitado co nº de expte. 40977/513 e por Resolución da Alcaldía de data 07.06.2013, foi estimado o seu pedimento de modificación de suxeito pasivo das inscricións 6761 e 6766 dos pisos 1º e 2º respectivamente, con efectos do exercicio 2014.

As correspondentes notificacións tentáronse o 27.06.13 co resultado de "ausente" e o 28.06.13 co resultado de "recusado", estando estas pendentes de súa publicación no B.O.P.

O que lle comunico a vostede para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."

Do que se deu cumprida información ao interesado o 19/12/2013.

**CAPITULO IX – FOMENTO** //////////////////////////////////////

**EXPEDIENTE 19/2013**

ASUNTO:

Situación tendido eléctrico.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 20/06/2013. Con data 21/06/2013 solicitase o preceptivo informe que se reiterou o 22/07/2013, 22/08/2013, 20/09/2013.

Con data 01/10/2013 recíbese escrito da Concellería de Fomento indicando que o expediente matriz tramitase na Xerencia Municipal de Urbanismo. Do que se deu cumprida información ao interesado o 07/10/2013, indicándolle que nesa data solicitase o preceptivo informe a Xerencia Municipal de Urbanismo, do seu resultado daráselle informe correspondente.

Con data 29/10/2013 o interesado fai entrega dunha copia dun escrito do Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras de xullo/2013 no que informa que o causante está obrigado a retirar a obra de non facelo, farase polo Concello a costa do interesado. Do que se dá oportuna información a Xerencia Municipal de Urbanismo o 30/10/2011, pedimento que se reitera o 05/11/2013, 02/12/2013.

REFLEXIÓNS:

A situación do tendido fora da normativa vixente xa foi denunciada en decembre/2011, e por parte de Fomento (en Xullo-2012) comunicánselle que o tema está pendente de investigación, pero en xuño-2013, segue en funcionamento.

**CAPITULO X – COMERCIO //////////////////////////////////////**

**EXPEDIENTE 36/2013**

ASUNTO:

Cubicación feira de Bouzas.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 07/11/2013. Con data 08/11/2013 solicitase o preceptivo informe, que se reitera o 04/12/2013.

Con data 16/12/2013 recíbese escrito de Comercio no que informa o seguinte:

*"Que o 20/11/2013, celebrouse unha reunión para tratar o problema existente coa en relación coa colocación da Feira de comerciantes dos domingos de Bouzas."*

O que se comunica ao interesado o 17/12/2013.

Sen incidencias posteriores.

## REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS DURANTE O ANO 2013

### ÁREA DE BENESTAR SOCIAL

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
23/2013	Denegación de axuda contra a crise	19/08/2013 20/09/2013 14/10/2013	17/10/2013
35/2013	Situación centro atención social	28/10/2013 25/11/2013 23/12/2013	
38/2013	Trato desaxeitado	13/11/2013 11/12/2013	23/12/2013
44//2013	Necesidade de obras en centro social	19/12/2013	

### ÁREA DE DISTRITOS

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
4/2013	Tala asombrosa por abusiva das árbores da Avenida de Castelao	11/02/2013 11/03/2013 11/04/2013 10/05/2013 10/06/2013 05/07/2013 05/08/2013 04/09/2013 07/10/2013 05/11/2013 02/12/2013	
41/2013	Incorrecta situación de elementos para a recollida de lixo	28/11/2013 26/12/2013	

## ÁREA DE EDUCACIÓN

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
2/2013	Discriminación por non considerarse incluída na lista de agarda nunha instalación deportiva municipal	28/01/2013 25/02/2013 25/03/2013 25/04/2013 27/05/2013 28/08/2013 25/09/2013 28/10/2013 25/11/2013	05/12/2013
13//2013	Expulsión da Biblioteca Municipal	20/05/2013	27/05/2013

## ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
27/2013	Desconsideración nunha proba de selección	09/09/2013	01/10/2013

## ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
1/2013	Contaminación acústica veciñal	Rexeitado por tratarse de actividades domésticas 28/01/2013	
14/2013	Corte árbores na Avda. Castelao	24/05/2013 23/07/2013 22/08/2013 20/09/2013 21/10/2013 18/11/2013 16/12/2013	
20/2013	Acumulación de lixo	03/07/2013 05/08/2013 03/09/2013 07/10/2013	25/10/2013

**ÁREA DE TRÁFICO E TRANSPORTES**

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
3/2013	Dificultades no transporte urbano	31/01/2013	15/02/2013
5/2013	Dificultades esparcemento de menores nunha praza pública	13/02/2017	12/03/2013
6/2013	Sanción de tráfico	13/02/2013 12/03/2013 11/04/2013 10/05/2013 10/06/2013 05/07/2013 05/08/2013 04/09/2013 07/10/2019	27/11/2013
7/2013	Sanción de tráfico	28/11/2013 25/03/2013 25/04/2013	16/05/2013
8/2013	Irregularidades sector de Taxis	05/03/2013 05/04/2013 06/05/2013 19/06/2013 16/07/2013 19/08/2013 20/09/2013 14/10/2013 10/11/2013	16/05/2013 11/11/2013
11/2013	Mala circulación nunha praza pública	16/05/2013 12/06/2013 10/07/2013 19/08/2013 18/09/2013 14/10/2013 11/11/2013 11/12/2013	
12/2013	Sanción de tráfico	16/05/2013 17/06/2013 16/07/2013 17/08/2013 20/09/2013 14/10/2013 10/11/2013	27/11/2013



15/2013	Interesando marquesiña en parada du- nha residencia asistida	28/05/2013 26/05/2013 23/07/2013 23/08/2013 24/09/2013 24/10/2013 25/11/2013	16/12/2013
18/2013	Sanción de tráfico	19/06/2013 16/07/2013 19/08/2013	23/08/2013
21/2013	Dificultades acceso vivenda	09/07/2013 05/08/2013 03/09/2013 07/10/2013 08/11/2013 04/12/2013	16/05/2013
25/2013	Sanción de tráfico	23/08/2013 24/09/2013 24/10/2013	
26/2013	Sanción de tráfico	05/09/2013 07/10/2013 08/11/2013 04/11/2013	
30/2013	Sanción de tráfico	07/10/2013 05/11/2013 02/12/2013	
32/2013	Paso de peóns perigo	16/10/2013 18/11/2013	22/11/2013
34/2013	Situación persoal X.E.R.	22/10/2013 13/11/2013 16/12/2013	20/12/2013
39/2013	Sanción de tráfico	19/11/2013 16/12/2013	20/12/2013
40/2013	Irregularidades na notificacións de san- cións	19/11/2013 16/12/2013	20/11/2013
43/2013	Sanción de tráfico	09/12/2013	20/12/2013
45/2013	Sanción de tráfico	27/12/2013	20/12/2013

**ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA**

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
9/2013	Obras sen respectar a legalidade urbanística	12/03/2013 11/04/2013 10/05/2013 10/06/2013 05/07/2013 05/08/2013 04/09/2013 07/10/2013 05/11/2013 02/12/2013	
10/2013	Terreno pechado sen desfrute dos cidadáns	26/04/2013	25/05/2013
16/2013	Obras sen respectar a legalidade urbanística	28/05/2013 26/06/2013 23/07/2013 23/08/2013 24/09/2013 18/10/2013 23/12/2013	
17/2013	Revisión de licenza	28/05/2013 26/06/2013 23/07/2013 23/08/2013 24/09/2013 28/10/2013 23/12/2013	
24/2013	Obras que invaden a estrada	28/08/2013 20/09/2013 21/10/2013 21/11/2013	12/11/2013 16/12/2013
28/2013	Solicitando acceso a documentación	24/09/2013 21/10/2013	28/10/2013
33/2013	Obras perigosas	16/10/2013 08/11/2013 11/12/2013	
37/2013	Recusa recurso reposición	12/11/2013 11/12/2013	26/12/2013

## ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
22/2013	Embargo conta bancaria	30/07/2013 24/09/2013	25/10/2013
29/2013	Discrepancia fraccionamento impago municipal	27/04/2013 28/10/2013	18/11/2013
31/2013	Identificación titulares	17/10/2013 19/11/2013 16/12/2013	16/12/2013

## ÁREA DE FOMENTO

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
19/2013	Situación tendido eléctrico	21/06/2013 22/07/2013 22/08/2013 20/09/2013 07/10/2013 30/10/2013 05/11/2013 02/12/2013	01/10/2013

## ÁREA DE COMERCIO

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
36/2013	Situación feira de Bouzas	03/11/2012 04/12/2012	16/12/2013



# PARTE IX

## ENTREVISTAS E CONSULTAS POR CORREO ELECTRÓNICO

### ENTREVISTAS E CONSULTAS ANO 2013 //////////////////////////////////////

TEMÁTICA: .....	Nº .....	% .....
BENESTAR SOCIAL .....	81 .....	6,26
CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL .....	42 .....	3,25
EDUCACIÓN .....	36 .....	2,79
MEDIO AMBIENTE .....	136 .....	10,52
MOBILIDADE E SEGURIDADE .....	143 .....	11,06
PARTICIPACIÓN CIDADÁ .....	24 .....	1,86
SERVIZOS XERAIS .....	72 .....	5,57
URBANISMO E VIVENDA .....	170 .....	13,14
XESTIÓN MUNICIPAL .....	87 .....	6,73
OUTROS		
OUTRAS ADMINISTRACIÓNS .....	181 .....	13,99
CONSUMO .....	162 .....	12,52
CUESTIÓN CIVIS .....	160 .....	12,36
<b>TOTAL .....</b>	<b>1294</b>	

### CONSULTAS POR CORREO ELECTRÓNICO ANO 2013 //////////////////////////////////////

TEMÁTICA: .....	Nº .....	% .....
ASUNTOS SOCIAIS .....	24 .....	12,38
BENESTAR SOCIAL .....	21 .....	10,83
MEDIO AMBIENTE .....	14 .....	7,22
MOBILIDADE E SEGURANZA .....	52 .....	26,81
SERVIZOS XERAIS .....	17 .....	8,77
URBANISMO E VIVENDA .....	19 .....	9,80
XESTIÓN MUNICIPAL .....	3 .....	6,71
OUTROS .....	34 .....	17,52
<b>TOTAL .....</b>	<b>194</b>	



# PARTE X

## ACTUACIÓNS DE OFICIO

Os estudos publicados foron:

Hábitos de consumo. Perspectiva comparada e estudo específico no municipio de Vigo.

Seguranza cidadá. Aplicación ao municipio de Vigo e perspectiva comparada

### HÁBITOS DE CONSUMO

Perspectiva comparada e estudo específico no municipio de Vigo

O tema obxecto deste estudo está relacionado co consumo sustentábel, isto é, hábitos de cidadanía sobre o consumo de enerxía, auga, xeración de residuos e consumo responsábel (comercio xusto, agricultura e gandaría ecolóxica,...).

O comportamento dos consumidores, en xeral, está influenciado por multitude de elementos como factores demográficos, salarios e prezos, tecnoloxía, a industria, políticas e infraestruturas así como por factores sociais, culturais e psicolóxicos.

Estes hábitos son analisados separadamente a nivel europeo e con especial incidencia no ámbito de España a modo dunha perspectiva comparada para, finalmente, analizar de forma específica o comportamento da cidadanía viguesa através dunha enquisa e a súa evolución nos últimos anos.

Co propósito de coñecer de forma directa as pautas de comportamento dos consumidores e analizar a actitude dos europeos respecto de este tema, a Comisión Europea levou a cabo distintas enquisas do Eurobarómetro que serven para recompilar informacións respecto ao grao de coñecemento da cidadanía sobre o consumo sustentábel e a disposición dos consumidores a adoptaren pautas de consumo responsábel.

As enquisas máis recentes e de igual interese, publicadas durante o ano 2011, son a enquisa Eurobarómetro 365 "Actitude dos cidadáns europeos cara ao ambiente" e a enquisa Eurobarómetro 316 "Actitude dos europeos a respecto da eficiencia de recursos" cuxa información constitúe unha ferramenta imprescindible no planeamento de políticas dirixidas a promover as boas prácticas ambientais e os hábitos de consumo sustentábeis no conxunto da sociedade europea.

### Consumo de enerxía

Existen grandes diferenzas no que se refire ao consumo total de enerxía por persoa e espazo nas vivendas europeas. Estas diferenzas están causadas por distintos factores como patróns de consumo, clima, eficiencia enerxética dos edificios, tipos de sistemas de aquecemento e prezo da enerxía.

O aumento mundial da enerxía, incluíndo a dedicada ao sector residencial, está incrementando a presión social sobre o ambiente e é un aspecto chave no combate á mudanza climática. Os resultados que se tiran da enquisa "Greening Household Behaviour: The Role of Public Policy" (OCDE, 2011) demostraron o impacto que teñen as medidas de carácter económico no comportamento dos consumidores..

### Consumo de auga

Os entrevistados foron preguntados se coñecían as accións que estaba a levar a cabo a Unión Europea con vistas a publicar unha nova estratexia nos finais de 2012 sobre a política da auga, como o "Proxecto para salvagardar os recursos hídricos da UE". A maioría (93%) afirmou non coñecer esta iniciativa contra o 7% restante. Os Planos de Xestión de Bacía Fluvial foron adoptados por unha gran cantidade de países europeos aínda que en catro Estados membros aínda se acha en proceso (Portugal, España, Bélxica e Grecia).

### Xeración de residuos

Conforme a sociedade europea continuou o seu desenvolvemento económico e social, foise incrementando cada vez máis a cantidade de residuos e lixo xerado. Por isto, resulta fácil entender que a xestión de todo este material sen danar o medio ambiente tornouse nun dos maiores problemas da sociedade actual.

O Sexto Programa de Acción Comunitario en Materia de Ambiente, denominado «Ambiente 2010: o futuro está nas nosas mans», que cobre o período comprendido entre o 22 de xullo de 2001 e o 21 de xullo de 2012, xa identificaba a prevención e xestión de residuos como unha das 4 accións prioritarias máis importantes a abordar. O obxectivo prioritario é separar a xeración de residuos e o crecemento económico a fin de evitar que o desenvolvemento da Unión Europea supoña a creación de máis e máis residuos, e hai indicios de que isto está comezando a acontecer.

### Consumo responsábel

Constátase que en moitos países estase a promover o consumo de alimentos ecolóxicos, xa que teñen beneficios no que se refire á biodiversidade debido ao menor emprego de fertilizantes artificiais e ao uso reducido de pesticidas, alén de preservar o chan a longo prazo, aínda que este tipo de agricultura ecolóxica pode resultar a curto prazo menos produtiva. Tamén se incide nos beneficios do consumo de alimentos de tempada como froitas e verduras, xa que reducen significativamente os impactos ambientais asociados ao transporte e á enerxía dedicada á súa manutención en refrixeradores e conxeladores.



## Metodoloxía da enquisa sobre hábitos de consumo da cidadanía viguesa

Os datos necesarios para levar a cabo o estudo foron obtidos a partir dunha enquisa sobre un número representativo de cidadáns do municipio.

Este método permitiunos coñecer o grao de implicación e conscienciación da cidadanía co ambiente no relativo a:

- Consumo de enerxía
- Consumo de auga
- Xeración de residuos
- Consumo responsábel

## Conclusións

- Dos 30 hábitos analizados obsérvase un incremento en 21 deles. Os aumentos máis significativos detéctanse en:
  - Consumo de enerxía: Uso doméstico de luces de baixo consumo (91,9%), pechar radiadores das estancias non utilizadas (48,1%), control e avaliación do orzamento doméstico dedicado a enerxía (38,2%).
  - Consumo de auga: seguimento periódico do seu consumo (86,5%), revisión e manutención periódico das instalacións (52,0%), uso de ducha en vez de baño (39,4%)
  - Xeración de residuos: entrega de aceites de cociña a empresas especializadas ou en puntos limpos (222,2%), separación de residuos en orixe (49,1%), uso de pilas recargábeis (48,5%).
  - Consumo responsábel: uso de produtos reciclados (61,1%), consumo de produtos que mostran algun tipo de etiqueta ecolóxica (60,0%) e produtos procedentes da agricultura ou ganadería ecolóxica (26,7%).
- Por outra parte, entre os que se produciu unha maior diminución encóntranse: reparar na simboloxía laranxa dos produtos de limpeza (58,7%), evitar a compra de aerosois (47,7%), compra de produtos menos embalados (31,8%), uso do coche compartido nos desprazamentos ao traballo (21,7%), compra de produtos certificados coa marca de Comercio Xusto (14,3%).
- Os parámetros analizados superan positivamente e de forma maioritaria a aqueles mesmos analizados seis anos antes. A razón deste corolario pode ser debida, alén dos factores condicionantes relacionados coa crise económica, a unha mellor sensibilidade cívica das persoas entrevistadas cara os comportamentos ambientais e unha maior e máis equilibrada cimentación de dereitos e deberes na cidadanía. Feitos que deben proseguir para consolidar uns hábitos de consumo que constitúen a esencia da implementación de boas prácticas ambientais.

## SEGURANZA CIDADÁ

Aplicación ao municipio de Vigo e perspectiva comparada

Na hora de delimitar o concepto de seguranza cidadá pódese falar de dous tipos de seguranza, a obxectiva e a subxectiva. A primeira refírese aos datos sobre a actividade delituosa que se inclúen nos rexistros policiais ou das forzas de seguridade. É un dato medíbel aínda que a miúdo nunca se chegan a rexistrar todos os delitos cometidos. Por outro lado, a seguridade subxectiva defínese como a situación na que un individuo se atopa perante certas situacións que considera inseguras e está determinada pola construción social da realidade. Esta compoñente subxectiva implica que non todas as persoas perciban a inseguridade da mesma forma e, en consecuencia, os sentimentos de inseguridade distribúense de distinto xeito. O coidado específico e a protección dos membros máis vulnerábeis da sociedade debe ser un elemento prioritario no modelo social europeo.

A seguranza subxectiva depende, en suma, das probabilidades de converterse en vítima involuntaria dun delito, isto é, do medo a ser vítima da delincuencia, así como de factores como as condicións persoais, as circunstancias sociais, as redes de socialización e hábitos de vida e a maior ou menor vulnerabilidade ou sensibilidade á mensaxe dos medios de comunicación. Restablecer o equilibrio entre as dúas visións ou variábeis (obxectiva e subxectiva) tórnase nunha necesidade social para que o nivel de incerteza ao que o ser humano se ve submetido se manteña suportábel.

En relación a Vigo, a análise realizada dos datos consistiu na obtención das porcentaxes de cidadáns que están en cada tramo para os distintos seguimentos da poboación:

- Global
- Por idade
- Por xénero
- Por situación sociolaboral
- Por zona de residencia

Para realizar o estudo por zona de residencia o municipio de Vigo foi dividido en tres zonas (urbana, semiurbana e rural).

### a) Análise dos resultados da enquisa realizada en Vigo

#### *1. Grao de satisfacción coa seguridade cidadá no municipio de Vigo e en la zona de residencia*

- Satisfacción Zona de residencia: satisfeito (77,5%), moi satisfeito (21,0%). Total: 88,5%
- Satisfacción Vigo: satisfeito (82,4%), moi satisfeito (13,2%). Total: 95,6%

#### *2. Sensación de seguridade*

A sensación de seguridade do punto de vista de ver o presente e o futuro sen preocupacións ou medos é do 80%, aumentando desde a zona urbana á rural (72-97%).

Por grupos de idade é significativa a maior sensación de inseguridade existente nas persoas con máis idade (24%) que nos tramos máis novos (13% nos que teñen menos de 34 e 15% nos comprendidos entre 35-54). Atendendo á súa situación sociolaboral, os colectivos máis vulnerábeis en materia de seguridade son as persoas que realizan traballos non remunerados (24%) e os xubilados/pensionistas (23%) contra os traballadores en activo (13%) e estudantes (15%).

### *3. Problemas ou situacións identificadas como inseguridade cidadá*

A primeira causa de inseguridade está relacionada con roubos en domicilios ou locais para un 49% da cidadanía (58% na zona rural fronte á semiurbana e urbana con 50% e 46%, respectivamente). En segunda orde, sitúanse os asaltos con violencia (32%), predominando na zona urbana cun 37% fronte á rural co 26%. En terceiro lugar, atópanse as agresións físicas (26%), destacando a frecuencia na zona rural, onde alcanza o 43%.

### *4. Tipoloxía dos delitos máis temidos*

Os delitos que máis preocupan á cidadanía en primeiro lugar son o roubo en vivenda ou local (43%) e atraco (37%); en segundo lugar, co 35%, o roubo en vivenda e local e en terceiro lugar o roubo de bolso ou carteira (23%).

Por zonas, ponse de manifesto que os que figuran en primeiro lugar son: 1) Atracos, que diminúen desde a zona urbana á rural (42-21%); 2) Roubos a vivendas ou locais, que aumentan desde a zona urbana á rural (32-73%). Por outra banda, os atracos representan a segunda preocupación na zona rural (51%).

### *5. Situacións máis frecuentes na zona de residencia*

É menor na zona rural que na urbana:

- Venda de drogas (43-66%) (SU 74%)
- Actos de vandalismo (34-67%)
- Venda de alcohol a menores (45-59%) (SU 62%)
- Escándalos e pelexas (36-70%).

É maior na zona urbana que na rural:

- Ruídos ou problemas producidos por bares, discotecas,... (32-11%)
- Suxidade e falta de salubridade pública (24-9%) (SU 6%)

Sen variacións apreciábeis entre zonas:

- Discriminación racial (»10%)
- Prostitución (»15%) (SU 4%)
- Mendicidade de menores (»7%) (SU 1%)

As persoas máis novas teñen unha percepción/coñecemento sobre a existencia de situacións na súa zona de residencia superior ao do resto da poboación no relativo a: venda de drogas a pequena

escala, prostitución, venda de alcohol a menores, discriminación racial e mendicidade de menores. Ao contrario, as persoas de máis idade son máis sensíbeis á existencia de actos de vandalismo na súa zona de residencia así como de escándalos e pelexas na rúa.

#### *6. Medidas de autoprotección para sentirse máis seguro*

As principais medidas tomadas para sentirse máis seguro son evitar camiñar por zonas afastadas (90%), non levar moito diñeiro encima (87%), procurar non saír só de noite (82%), non deixar obxectos á vista no coche (79%) e evitar os estacionamento en zonas escuras ou mal vixiadas (74%).

Aumentan desde a zona urbana á rural:

- Evitar camiñar por zonas afastadas (82-98%)
- Non levar diñeiro encima (83-92%)
- Procurar non saír só pola noite (71-91%)

Diminúen desde a zona urbana á rural:

- Non deixar obxectos á vista no coche (84-74%)

Sen variacións importantes entre zonas:

- Evitar os estacionamento escuros ou mal vixiados (>>74%)
- Non levar xoias ou obxectos valiosos (>>60%)

#### *7. Principais causas da delincuencia en Vigo*

A causa aludida pola maioría das persoas entrevistadas é a pobreza e desigualdades sociais (55%), seguida pola pouca dureza das penas (34%) e o desemprego (31%).

Por zonas, aumenta desde a urbana á rural:

- Pobreza e desigualdades sociais (47-68%)
- A pouca dureza das penas (20-46%)

Diminúen desde a zona urbana á rural:

- Desemprego (42-20%)

O grupo de máis idade é o que considera en maior grao que a delincuencia en Vigo está motivada polo consumo de drogas (20%), a pouca dureza das penas (35%) ou as carencias afectivas no seo familiar (6%). Ao contrario, os máis novos a achacan en maior proporción ao desemprego (34%) ou á pouca eficacia policial (5%).

#### *8. Tipoloxía de vitimización no entorno persoal*

Os principais delitos sufridos polas persoas do entorno persoal (familiares, amigos e veciños) foron a estafa ou timo (19%), o roubo de obxectos en vehículo e o roubo de bolso ou carteira (18% ambas), actos de vandalismo (14%) e o roubo en vivenda ou locais (13%).

Por zonas, a tipoloxía segue unha mesma e idéntica secuencia: todos eles diminúen desde a zona urbana á rural.

- Estafa ou timo (36- 15%)
- Roubo de obxectos en coches (28- 12%)
- Roubo de bolsos/carteiras (28-20%)
- Roubo en vivendas ou locais (23-8%)
- Actos de vandalismo (22- 12%)

#### *9. Propensión subxectiva a ser vítima dun delito*

O 6% das persoas entrevistadas considéranse propicias a ser vítimas dun delito. No se encontran diferenzas entre as tres zonas.

#### *10. Taxa de vitimización persoal no último ano*

O 26% das persoas entrevistadas foi vítima dalgún delito no último ano. Por zonas, esta taxa oscila entre o 20% da urbana, 24% da rural e 31% da semiurbana.

#### *11. Tipoloxía de vitimización persoal*

Os principais delitos sufridos polas persoas vitimizadas no último ano foron por actos de vandalismo (23%), estafa ou timo (22%), roubo de bolso ou carteira (17%) e roubo de obxectos en vehículos (13%).

Por zonas, a tipoloxía de delitos sufridos segue a seguinte distribución:

Aumentan desde a zona urbana á rural:

- Actos de vandalismo (16-31%)
- Roubo de bolso ou carteira (15-33%)

Diminúen desde a zona urbana á rural:

- Estafa ou timo (27-12%)
- Roubo de obxectos en vehículos (14-10%)

As persoas de máis idade foron vítimas en maior proporción tanto de tirón de bolso (16,4% contra o 2,2% das máis novas) ou dunha estafa ou timo, delito cuxo grao de incidencia se incrementa coa idade, pasando do 8% entre os máis novos ao 42% das persoas con máis idade.

#### *12. Taxa de denuncia*

O acto delituoso sufrido foi obxecto de denuncia no 33% dos entrevistados. Non se encontran grandes variacións entre as zonas en función do acto delituoso sufrido obxecto de denuncia (34±4%).

Aqueles delitos relacionados con roubos (en vivenda ou local, de bolso ou carteira, explotación agropecuaria, de obxectos en vehículo) son os que presentan unha taxa de denuncia superior ao 50%.

### 13. Motivacións da non denuncia

Os motivos polos que o acto delituoso sufrido non foi obxecto de denuncia foron porque non serve para nada (68%), por non ter importancia (11%) e por comodidade/preguiza (4%).

Por zonas, non existen grandes diferenzas, tal como se indica:

Porque non serve para nada (>67%)

Non tiña importancia (>11%) (R 5%)

Por comodidade ou desleixo (>4%) (R 8%)

### 14. Instancia de denuncia

O organismo ante o cal foi denunciado o delito sufrido en primeira persoa foi a Policía Local (55%) seguido pola Policía Nacional (14%), no xulgado (9%) e na Garda Civil (5%).

Por zonas, prodúcese a seguinte distribución de respostas.

- Aumentan desde a zona urbana á rural: Policía Local (43-90%)
- Diminúe desde a zona urbana á rural: Policía Nacional (20-10%)

Por outra banda, as denuncias ante os xulgados ascenden ao 9% e as realizadas ante a Garda Civil só se detectan na zona urbana (9%).

Así pois, a Policía Local é máis utilizada pola cidadanía que habita na zona rural (90%) fronte ao 43% da urbana.

### 15. Motivación da escolla do organismo de denuncia

Os principais motivos polos que se denunciou ante un determinado organismo o acto delituoso sufrido foron porque cría que era onde había que facelo (63%) ou porque lle inspiraba máis confianza (8%).

Por zonas, as respostas seguen as seguintes secuencias:

Aumentan desde a zona urbana á rural:

- Porque cría que era onde había que facelo (60-80%)

Diminúen desde a zona urbana á rural:

- Porque resultaba máis cómodo (6-0%)
- Porque inspiraba máis confianza (9-0%) (SU 10%)

Entre as persoas que responderon “outras” (8% dos casos) destaca o recurso á arbitrase, por consello do seu avogado (21% en ambos casos), un familiar (14%) ou a compañía aseguradora.

#### *16. Seguimento da denuncia presentada*

O 45% das denuncias non receberam informacións posteriores sobre o curso das investigacións, observándose que esta carencia de información aumenta desde a urbana á rural (34-75%) (SU 52%).

O nivel de seguimento alcanza o 100% das denuncias presentadas ante a Garda Civil, o 86,7% ante os xulgados, 33,3% ante a Policía Nacional e o 23,2% ante a Policía Local.

#### *17. Vitimización en grao de tentativa*

Un 12% sofreu nos últimos anos algunha tentativa de delito sen chegar a consumarse, observándose unha diminución paulatina desde a zona urbana á rural (15-6%) (SU 10%).

#### *18. Modo de evitar unha tentativa de delito*

Evitouse a tentativa de delito dándose conta a tempo e evitándoo (34%), botando a correr fuxindo (18%), con axuda doutras persoas (16%) ou gritando e pedindo axuda (12%).

Por zonas, aumenta desde a urbana á rural:

- Botar a correr, fuxir (8-61%)
- Con axuda doutras persoas presentes (10-22%) (SU 29%)

Diminúen desde a zona urbana á rural:

- Dándose conta a tempo evitándoo (45-22%)
- Gritando pedindo axuda (13-6%)

Dándose conta a tempo e evitando o delito foi a principal medida referida polas persoas entre 35-54 anos (43,8%) e polo colectivo de máis idade (40,9%).

#### *19. Problemática das drogas en Vigo*

As drogas representan un problema (moi grave e bastante grave) para o 72% da poboación que, por zonas, diminúe levemente desde a urbana á rural (73-66%).

Por idades esta preocupación aumenta coa idade, pasando do 66% dos máis novos ao 88% das persoas con máis idade.

## 20. Delincuencia relacionada coas drogas en Vigo

La delincuencia asociada á drogadicción representa un problema (moi grave e bastante grave) para o 72% da poboación que, por zonas, diminúe levemente ao igual que a secuencia do apartado anterior desde la zona urbana á rural (75-67%).

As mulleres e as persoas con máis idade mostran unha maior sensibilidade perante esta problemática (74% e 88%, respectivamente).

## 21. Uso de teléfonos de emerxencias

No último ano o 32% da cidadanía chamou aos números de teléfono de emerxencias, no observándose grandes diferenzas entre os habitantes das zonas nen por xéneros.

## 22. Motivos das chamadas de emerxencia

Os principais motivos polos que a cidadanía realizou chamadas de urxencia foron por urxencias médicas (21%), para solicitar información (9%), por accidente de tráfico (8%) e por actos vandálicos (7%).

Por zonas, as motivacións da cidadanía entrevistada seguen a seguinte tendencia.

Aumentan desde a zona urbana á rural:

- Urxencia médica (21-27%)
- Por accidente de tráfico (4-11%)
- Actos vandálicos (4-11%)

Diminúen desde a zona urbana á rural:

- Solicitar información (9-5%)

As persoas de máis idade recorreron a estes servizos por causa dunha urxencia médica (38% fronte ao 19% dos máis novos) ou para avisar un acto de vandalismo (10% fronte ao 3% dos máis novos).

## 23. Satisfacción cos servizos telefónicos de emerxencia

Os resultados (moi satisfactorio e bastante satisfactorio) da atención recibida nos servizos telefónicos de emerxencias sitúanse en la media global de 56% sen observarse diferenzas apreciables entre as tres zonas (U 52; R e SU 59%) nen por xéneros.

## 24. Eficacia das forzas de seguridade

As forzas de seguridade (Garda Civil, Policía Autonómica, Policía Local e Policía Nacional) máis eficaces en relación aos seguintes aspectos distribúense do seguinte xeito:



#### Protección á cidadanía:

- Todas as forzas sen diferenciación (40%). Por zonas, é a semiurbana a que recibe a máxima protección (50%), mentres que a mínima (33%) sitúase na urbana.
- Garda Civil: Aumenta desde a zona urbana á rural (21-34%) (A súa 17%)
- Policía Nacional: sen grandes variacións entre as zonas (15-4%)

#### Prevención de desordes públicas:

- Todas as forzas sen diferenciación (39%), porcentaxe que aumenta desde a zona urbana á rural (32-40%) (A súa 49%).
- Policía Nacional: Aumenta desde a zona urbana á rural (30-45%)
- Policía Local: Diminúe desde a zona urbana á rural (14-1%)

#### Prevención da delincuencia:

- Todas as forzas sen diferenciación (45%), sen detectarse diferenzas significativas entre zonas urbana e rural (40%).
- Policía Nacional: Prodúcese grandes variacións entre as tres zonas (U 21%; SU 2% e R 28%).
- Garda Civil: Presenta unha secuencia irregular (U 6%, SU 20%, R 13%).
- Policía Local: Diminúe desde a zona urbana (11%) á rural (7%).

#### Persecución do delito:

- Todas as forzas sen diferenciación (46%), non observándose diferenzas entre a zona urbana e rural (40%), mentres que na semiurbana aumenta até 54%.
- Policía Nacional: É a primeira opción das persoas residentes nas zonas rural e urbana (23% e 18%, respectivamente, fronte ao 1% da semiurbana).
- Garda Civil: Sen diferenzas entre as zonas urbana e rural (14%).

#### Atención ás vítimas dos delitos:

- Todas as forzas sen distinción (46%), predominando a zona semiurbana (46%) fronte á rural (40%).
- Policía Local: É a primeira opción en todas as zonas analizadas, incrementándose do 21% ao 53% desde a zona urbana á rural.
- Policía Nacional: Predomina a súa presenza máis na zona urbana (14%) que na rural (2%).

#### Prestación de auxilio en caso de necesidade:

- Todas as forzas sen distinción (52%), cunha distribución por zonas que aumenta levemente desde a urbana á rural (44-50%) (SU 63%)
- Policía Municipal: É a primeira opción da cidadanía en todas as zonas, aumentando notabelmente desde a zona urbana á rural (21-41%).
- Policía Nacional: Cabo destacar a porcentaxe (13%) adxudicada polos residentes na zona urbana.

## b) Comparativa con outras cidades

### *1. Satisfacción coa seguridade cidadá*

En xeral, os índices de satisfacción das persoas entrevistadas nas 83 cidades europeas participantes no estudo do Urban Audit (2012) superan o 75% (en 13 delas máis do 90% de satisfacción).

A porcentaxe de persoas entrevistadas en Vigo que se senten satisfeitas ou moi satisfeitas coa seguridade cidadá na zona onde residen alcanza un valor do 98%, superior a Munich e Aalborg (97% ambas) ou Zurich e Estocolmo (ambas tamén co 96%). No extremo oposto, atópanse Atenas (38%), Nápoles (34%), Marsella (33%), Roma (32%) e Bucarest (31%). Respecto de outras cidades españolas, Oviedo mostra un 92%, seguida de Barcelona (84%), Málaga (82%) e Madrid (80%).

En relación á percepción da seguridade no municipio de Vigo, esta ascende ao 96%, do mesmo xeito que Munich e levemente superior a Aalborg (95%) e Zurich (94%). Pola contra, Atenas (19%), Marsella (32%), Nápoles (41%), Sofía (43%) e Roma (55%) ostentan os peores valores. Unha análise das cidades españolas mostra que a satisfacción de Málaga, Barcelona e Madrid é do 78%, 73%, e 68%, respectivamente.

### *2. Taxa de vitimización*

Segundo a enquisa European Survey of Crime and Safety (EU ICS), publicada en 2005, onde se analiza a taxa de vitimización máis de 30 cidades europeas, sendo a media das cidades participantes do 22%.

En 2008 a taxa de vitimización en España foi do 17%. Na cidade de Vigo, máis dunha cuarta parte da cidadanía entrevistada (26%) foi vítima dun delito no último ano, proporción que se achega á rexistrada na Enquisa de Vitimización de Barcelona durante o ano 2012 (25%). En comparación coas cidades andaluzas, Vigo situaríase nunha posición intermedia, pois rexistra valores inferiores aos de Granada (32%), Jaén (30%), Málaga e Almería (28% ambas) pero superiores aos de Córdoba e Huelva (25% ambas), Sevilla (22%) e Cádiz (18%).

### *3. Roubos relacionados con vehículos*

Os datos sobre o roubo de vehículos en España, proporcionado polo Informe Enquisa a vítimas en España (ano 2008), mostran unha taxa de vitimización de 0,8% e unha porcentaxe de sustracción de obxectos do coche do 4,4%. En Vigo, esta incidencia foi do 0,2% e 13%, respectivamente.

A taxa viguesa de roubo de coche é inferior á de cidades europeas como Roma (3,7%), Dublín (3,5%), Varsovia (2,7%) ou Madrid (2,3%) e non moi diferentes ás de Zurich e París (0,3% ambas), Viena (0,5%) ou Edimburgo e Berlín (0,6% ambas).

A análise dos resultados obtidos de sustracción de obxectos de coche nas capitais andaluzas deu unha taxa elevada en Málaga (29%) en comparación co resto de cidades que alcanzan na súa maioría valores próximos do 20%, moi superiores á producida en Vigo (13,1%).

#### 4. *Vitimización por roubo*

En Vigo, a tipoloxía de roubo de bolso ou carteira segundo os entrevistados alcanza unha cifra de vitimización do 17%, o cal parece algo elevada en comparación cos datos das cidades europeas aínda que non con respecto ás andaluzas.

Así, mentres que a nivel europeo (2005) as cidades que rexistran unhas maiores taxas de vitimización anual son Londres e Tallin (10% ambas), Reykiavik e Zurich (8% ambas) e Oslo (7%), as máis baixas danse en Barcelona (4,5%), Helsinki (3%) ou Lisboa (2,4%).

No que respecta ás cidades andaluzas (2003), as maiores taxas rexistradas sitúanse en Granada (20%), Málaga (16%) e Sevilla (15%). A seguir estarían Almería, Córdoba e Jaén con valores próximos do 13% e, finalmente, Cádiz e Huelva con valores entre 10-11%.

#### 5. *Vitimización por delitos de contacto*

##### Roubo/atraco con violencia

Esta taxa de vitimización de Vigo (0,8%) é igual á de Viena e levemente superior á rexistrada en cidades como Roma, Reykjavik, Estocolmo e Atenas (0,7% en todas elas). Superan a taxa viguesa cidades como Edimburgo, Paris, Copenhague, Berlín (1,2% en todas elas), Budapest e Amsterdam (1,1% ambas) e Oslo (1,0%). No ámbito español, segundo os datos proporcionados polo Observatorio da delincuencia en Andalucía (ano 2008), este tipo de delito presenta unha taxa de vitimización do 1,1%.

##### Agresión sexual

As agresións sexuais alcanzaron unha taxa de prevalencia a nivel europeo (30 cidades analizadas no ano 2008) do 0,2%, porcentaxe idéntica ao rexistrado en Vigo.

##### Agresións e ameazas

Esta taxa de vitimización de Vigo é do 12%, sendo superior ás rexistradas nas capitais andaluzas (ano 2003), que se sitúan entre o 11 e o 5%.

#### 6. *Taxas de denuncia ante os corpos de seguridade*

A taxa de denuncia de Vigo (33%) é levemente inferior á de Pamplona e Barcelona (36%), relativas aos anos 2010 e 2012, respectivamente, e, en xeral, menor á das cidades europeas analizadas (ano 2005), onde as porcentaxes máis altas de denuncia rexistráronse en cidades como Viena (74%), Bruxelas (66%), Edimburgo e París (ambas 59%). Os niveis máis baixos detectáronse en Atenas, Budapest e Tallin (ao redor do 40%) e Reykjavik (36%).

### *7. Medidas preventivas ante a delincuencia*

Non levar consigo moito diñeiro, evitar camiñar por zonas afastadas ou por lugares considerados perigosos e instalar reixas no seu domicilio son as medidas tomadas pola cidadanía viguesa nun 85%, 89% e 10%, respectivamente, valores superiores aos detectados en Pamplona (57%, 39% e 5%, tamén respectivamente). Pola contra, non deixar obxectos á vista no coche, Pamplona (87%) supera a Vigo (66%). En relación á instalación de alarmas no domicilio, as respostas dadas pola cidadanía viguesa (20%) supera a Pamplona (4%), París/Copenhague (6%), Madrid (9%) e Bruxelas/Budapest (18%) e é inferior a Atenas (21%), Edimburgo (36%), Oslo (38%) e Dublín (71%).

### *8. Corpo de seguridade ante o cal se presentou a denuncia*

As denuncias presentáronse maioritariamente en Vigo (55%) ante a policía municipal, do mesmo xeito que en Almería/Málaga (55%) e superior á media española (42%). En menor proporción presentáronse en Vigo (14%) ante a Policía Nacional, valores inferiores aos detectados na media española (31%). Por outra banda, ante a Garda Civil as denuncias presentadas alcanzaron o 5%, cifra inferior á media española (9%).

# **ANEXOS**

**EXPEDIENTES ACTUALIZADOS ATÉ MARZO DE 2014**

**RESUMO DAS ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO NO ANO 2013**



## **EXPEDIENTES ACTUALIZADOS ATÉ O 31 DE MARZO DE 2014**

Non obstante o período real que abranxe esta memoria, faise sucinta referencia a aqueles expedientes que tiveron actividade por parte das distintas unidades municipais en forma de resposta ou información e que se consideran pechados antes do 31 de marzo, cando se rematou de redactar o presente informe.

### **AREA DE BENESTAR SOCIAL //////////////////////////////////////**

#### **Expediente 44/2013:**

Queixa en relación coas necesidades de obras nun Centro Social.

Con data 22/01/2014 recébase informe no que se indica que os gastos de acondicionamento do inmóbel, así como os de mantemento e funcionamento son da correspondente asociación.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 23/01/2014. Sen incidencias posteriores.

### **AREA DE MEDIO AMBIENTE //////////////////////////////////////**

#### **Expediente 42/2013:**

Queixa en relación coa contaminación procedente das actividades dun local de hostalería.

Con data 26/02/2014 recébase informe no que se indica que o trámite requirido está seguindo o curso procedente.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 27/02/2014. Sen incidencias posteriores.

### **AREA DE DISTRITOS, PARQUES, XARDÍNS E LIMPEZA //////////////////////////////////////**

#### **Expediente 41/2013:**

Queixa en relación coa situación de colectores de lixo.

Con data 04/03/2012 recébase informe no que se indica que o 23/11/2013 repuxéronse os colectores no lugar habilitado ao efecto, conforme ao proxecto aprobado e executado.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 04/03/2014. Sen incidencias posteriores.

**AREA DE SEGURIDADE E TRANSPORTE //////////////////////////////////////**

**Expediente 26/2013:**

Queixa en relación cunha sanción de tráfico, en lugar non autorizado.

Con data 22/01/2014 recíbese informe no que se expón un detallado relatorio sobre o mesmo, sen que se consideren as alegacións de estado de necesidade expostas por esta Valedoría.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 23/01/2014. Sen incidencias posteriores.

**Expediente 30/2013:**

Queixa en relación cunha sanción de tráfico, por estacionar obstaculizando o tráfico dos peóns.

Con data 22/01/2014 recíbese informe ao respecto, do que se da traslado ao interesado o 23/01/2014, no que se indica o rexeite das alegacións do mesmo.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 23/01/2014. Sen incidencias posteriores.



## RESUMO DAS ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO NO ANO 2013

**ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE:** 1488 (un 12,0 % máis que no ano 2012).

**Consultas diarias e entrevistas persoais que deron lugar a intervencións e mediacións:** 1294 (un 17,2% máis que no ano 2012).

A súa distribución por temáticas foi a seguinte:

- BENESTAR SOCIAL : 81 (6,3%)
- CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL: 42 (3,3%)
- EDUCACIÓN: 36 (2,8%)
- MEDIO AMBIENTE: 136 (10,5%)
- MOBILIDADE E SEGURIDADE: 143 (11,1%)
- PARTICIPACIÓN CIDADÁ: 24 (1,9%)
- SERVIZOS XERAIS: 72 (5,6%)
- URBANISMO E VIVENDA 170 (13,1%)
- XESTIÓN MUNICIPAL: 87 (6,7%)
- OUTROS: 503 (38,9%) Neste apartado destacan as consultas/entrevistas relacionadas con outras administracións (181), consumo (162) e cuestións civís (160).

Ao igual que o observado no ano 2012, as entrevistas que se engloban dentro do apartado "outros" no están estrictamente vinculadas con conflitos relacionados con el Concello, incrementáronse deste xeito: 0 en 2009, 100 en 2010, 338 en 2011, 449 en 2012 e 503 en 2013. Estas últimas están relacionadas con asuntos variados: pagamento de hipotecas desemprego, dificultades económicas para chegar ao fin de mes, asuntos xudicializados, conflitos de convivencia entre veciños, desconformidade nas facturas de consumo,...

**Consultas por correo electrónico:** 194 (un 19,0% máis que no ano 2012).

Por temáticas a distribución foi:

- ASUNTOS SOCIAIS: 24 (12,4%)
- BENESTAR SOCIAL: 21 (10,8%)
- MEDIO AMBIENTE: 14 (7,2%)
- MOBILIDADE E SEGURANZA: 52 (26,8%)
- SERVIZOS XERAIS: 17 (8,8%)
- URBANISMO E VIVENDA: 19 (9,8%)
- XESTIÓN MUNICIPAL: 13 (6,7%)
- OUTROS: 34 (17,5%)

**Expedientes:** Estas actuacións teñen lugar cando fracasan as mediacións expostas no apartado anterior.

Foron concluídos 48 expedientes pertencentes a anos anteriores, 5 (2006), 5 (2007), 5 (2008), 4

(2009), 4 (2010), 7 (2011), 18 (2012) alén de 25 do ano 2013.

No momento de editar este Informe foron concluídos (até o día 31 de marzo de 2014) 5 expedientes, todos eles pertencentes ao ano 2013.

Desde o comezo das actividades desta Valedoría do Cidadán no ano 2002, o número de expedientes resoltos até o momento actual é do 94,3% dos iniciados, cifra que se aproxima á media das cidades españolas nas que existe esta figura.

## ACTUACIÓNS DE OFICIO

Realizáronse dúas monografías:

- Hábitos de consumo. Perspectiva comparada e estudo específico no municipio de Vigo.
- Seguranza cidadá. Aplicación ao municipio de Vigo e perspectiva comparada

O número total de enquisas realizada nos dous estudos realizados foi de 3291.

## Páxina web do Valedor do Cidadán

A web do Valedor do Cidadán (<http://hoxe.vigo.org/oconcello/valedor>) rexistrou no ano 2013 un total de 18.998 visitas e descargas de documentos.

*Os informes e monografías máis solicitadas foron Gestión de la contaminación acústica. Análisis de la legislación estatal y propuestas de aplicación para la administración local (786), Pobreza e exclusión social (737), Discapacidade (389), Rutas de carrís para bicicletas no concello de Vigo (352), Percepción social do fenómeno do botellón. Aplicación ao municipio de Vigo (347), Encuesta sobre aparcamientos disuasorios. Análisis de los factores condicionantes para su planificación (289), Indicador común europeo de sustentabilidade A-4. A accesibilidade aos servizos básicos. Aplicación ao municipio de Vigo e comparación con outras cideades europeas (282).*



